

O tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos

A Declaración de Compostela
e o seu cumprimento nas redaccións galegas

Grupo de investigación Ciudadanía e Comunicación
CIDACOM



Luís Álvarez Pousa
Director

Ana Belén Puñal Rama
Iago Martínez Durán
Joam Evans Pim
Tareixa Barberena Fernández
Equipo de investigación

Partiparon tamén na elaboración deste traballo:

Andrea Álvarez Pino
Jorge González Fernández
Iván Cuevas Domínguez

ÍNDICE

Introducción	2
Análise de contido	50
Conclusiones	454
Bibliografía	478
Entrevistas en profundidad	485

INTRODUCCIÓN

Presentación da investigación	3
Punto de partida: a Declaración de Compostela	4
Elaboración do traballo: metodoloxía	10
Os estudos de comunicación e xénero: estado da cuestión	20
O papel dos medios na representación da violencia contra as mulleres	32

Presentación da investigación

O 16 de outubro de 2004 celebráronse en Santiago de Compostela as primeiras xornadas *Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres*, a iniciativa do Observatorio Galego dos Medios, entidade acollida ao Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Nelas aprobouse a Declaración de Compostela, un endecálogo conformado por un conxunto de recomendacións dirixidas aos medios de comunicación que operan en Galicia, que tiña como fin procurar unha mellora da abordaxe informativa da violencia de xénero nos seus contidos. Tres anos despois daquela data, consideramos necesario dar conta dos froitos daquela iniciativa, sabermos en que medida os medios de comunicación aplicaron ou non as pautas recollidas en tal documento. Ese é o obxectivo principal do actual traballo de investigación.

Para iso acometemos o estudo, tanto dos contidos como dos procesos seguidos para a elaboración da información, en todos os xornais galegos de pago (*La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe*, *Faro de Vigo*, *Atlántico Diario*, *La Opinión*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Bergantiños*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Pontevedra*, *El Progreso*, *La Región* e *Diario de Arousa*), nos medios públicos do país (*Radio Galega* e *Televisión de Galicia*) e na principal emisora privada de radio pertencente a unha empresa galega, *Radio Voz*.

Punto de partida: a Declaración de Compostela

En 2004 o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) recibe unha queixa do Centro de Información á Muller (CIM) de Caldas de Reis sobre o tratamento dado en varios medios de comunicación a un xuízo por malos tratos no eido familiar que tivera lugar no mes de abril. A raíz deste feito, o Colexio decide promover a reflexión sobre o tratamento mediático da violencia de xénero entre as e os profesionais, así como fomentar o diálogo interdisciplinar entre xornalistas, expertos e expertas desde distintos ámbitos relacionados coa violencia de xénero e mulleres obxecto deste tipo de agresións. É así como se chega á celebración, o 16 de outubro dese ano, da xornada “Medios de comunicación e violencia contra as mulleres”, organizada polo Observatorio Galego de Medios, na que diversos colectivos, institucións e persoas a título individual subscriben a Declaración de Compostela.

Que foi o que motivou as queixas do CIM? Na carta remitida ao Colexio de Xornalistas dábase conta do impacto que supuxera para unha muller que sufrira duros episodios de maltrato a mans da súa parella, ver a súa vida íntima exposta ao dominio público cun tratamento abondoso en detalles que incidían no morboso, e iso dous anos despois de que se produciran os feitos, unha vez conseguira acadar unha vida

independente, con traballo e digna, fóra desa espiral de violencia. O seu dereito á intimidade quedara violado, non por mencionarse algún dato sobre ela –os medios respectaran o anonimato da vítima– pero si ao publicar tanto o nome como a propia foto do seu agresor. Na comunidade da que formaba parte, delatar a identidade do agresor supoñía automaticamente identificar á vítima. “Nada mais lonxe do noso propósito que censurar ou limitar a liberdade de expresión, de información e de prensa, o noso único obxectivo foi apelar á sensibilidade dos *mass media* no tratamento destas noticias, e en definitiva, compaxinar dun xeito responsábel o dereito á información e o dereito á intimidade das vítimas”, explicaba Yolanda Cobo Pacios, avogada do CIM, na súa intervención na mencionada xornada¹.

A cuestión formulada nesta queixa incidía en dous aspectos de importancia crucial no debate sobre a abordaxe de xénero. Por unha banda, o tratamento morboso co que se reviste a información. Por outra, a violación do dereito á intimidade das mulleres agredidas e das persoas achegadas. Porén, o enfoque dado polo CIM á concepción do dereito á intimidade incidía nun dos puntos máis controvertidos á hora de facer unha reflexión sobre o correcto tratamento informativo dos malos tratos, a identificación do agresor: mentres nuns casos se defende a identificación do asasino ou maltratador, noutros pídese respecto á presunción de inocencia ou mesmo se insiste en que, como é o caso, se manteña o agresor no anonimato cando poida verse violado o dereito das mulleres agredidas á súa intimidade.

O evento organizado polo CPXG partía dunha concepción interdisciplinar. Deste xeito, reuniu a mulleres que sufriron malos tratos, avogadas, xuízas e fiscalas, médicas, representantes da Policía Autonómica e da Garda Civil, redes de apoio, responsábeis de casas de acollida, expertas e expertos na rehabilitacións de maltratadores, xornalistas e especialistas en comunicación e xénero, coa intención de que intercambiaran experiencias e pareceres nun debate aberto. A xornada artellouse en catro partes: a muller maltratada e a información sobre o suceso, a fase de asistencia, a volta á vida diaria e o tratamento mediático dos malos tratos. Cada unha das e dos participantes achegaron, por unha banda, a súa experiencia en relación coa violencia contra as

¹ Actas da xornada “Medios de comunicación e violencia contra as mulleres” (inédita)

mulleres e, por outra, a súa valoración do tratamento mediático desta realidade. Entre os abondosos aspectos alí abordados, destacaron catro:

1.- A incardinación da violencia de xénero como unha violencia estrutural –que asenta na estrutura de dominio dos homes sobre as mulleres na sociedade patriarcal– e simbólica, en canto que se consolida a través das representacións dos xéneros e das relacións entre os xéneros que difunde e nos inculca a sociedade patriarcal a través de distintos axentes de socialización, como a familia, a escola, a relación entre os pares ou os medios de comunicación, considerados o cuarto poder na sociedade da información.

2.- A violencia de xénero como unha realidade de múltiples rostros, moitos dos cales permanecen invisibilizados polos medios, ao igual que aconteceu coa violencia familiar contra as mulleres até hai ben poucos anos. Violencia contra as mulleres non é só a violencia física, senón tamén a violencia estrutural e simbólica. Violencia contra as mulleres non son só os malos tratos senón tamén a prostitución e o tráfico de mulleres, o acoso laboral, o incesto, as agresións sexuais e violacións, o feminicidio, a violencia psicolóxica etc...

3.- Os medios de comunicación tiveron un papel fundamental á hora de visibilizar a violencia de xénero, mais non foron quen de reflectila en todas as súas dimensións. Aínda nos casos nos que si conseguiu formar parte da axenda mediática, a representación que fixeron da mesma está desdebuxada polo tratamento morboso e espectacular, superficial, ou polos prexuízos propios dos valores difundidos pola sociedade patriarcal.

4.- É precisa unha reflexión en profundidade, e máis aló dos lugares comúns, sobre o tratamento que os medios de comunicación están a facer da violencia contra as mulleres, para o cal faise necesario entre aquelas e aqueles que máis coñecen desta problemática –ben porque lles afectou ou afecta directamente, ben pola súa experiencia e formación profesional, ben pola súa loita dende asociacións e organismos diversos– e as e os xornalistas. Deste xeito, as e os profesionais dos medios poderán coñecer máis en profundidade esta problemática e entrar en contacto con fontes expertas que a miúdo obvian no seu tratamento exclusivamente como suceso.

Ao final das xornadas, aprobouse a **Declaración de Compostela**, conformada polos seguintes puntos:

1.- A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

2.- Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.

3.- Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

4.- Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

5.- Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.

6.- Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”, dos programas de sucesos ou das series de ficción.

7.- Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar

sen antes obter o seu consentimento, respectando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.

8.- Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).

9.- Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

10.- Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen –casas de acollida, asesoramento psicolóxico, trámites xudiciais, axudas da administración...– para afrontaren a súa situación con garantías e así conseguir superala.

11.- Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuizos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres: os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito; os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais; a vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice; o agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidade; a linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos.

Á Declaración de Compostela adheríronse un total de 77 persoas, tanto a título individual como en representación de diversos colectivos. Porén, na relación de asinantes bótase en falta o compromiso explícito das persoas con cargos de responsabilidade nos medios de comunicación, o que dá conta da ausencia dun compromiso real por parte das empresas mediáticas na promoción dun cambio no tratamento da violencia de xénero. Tres anos despois, os datos achegados neste estudo tentarán dar conta do grao de coñecemento e tamén do nivel de implicación por parte das e dos xornalistas galegos con respecto á posta en práctica das recomendacións recollidas na Declaración de Compostela.

A elaboración do estudo: metodoloxía

Que entendemos como violencia de xénero?

O estudo parte da mesma concepción de violencia de xénero presente na Declaración de Compostela. É dicir, entende que a violencia de xénero non é só unha violencia física, directa, senón tamén de carácter estrutural e simbólico, baseado nos modelos impostos pola sociedade patriarcal, que supedita o rol feminino ao masculino e que destina aos homes os espazos de poder e a virtude de determinar a ollada predominante e hexemónica na sociedade. Concordamos polo tanto coa definición da ONU cando indica que a violencia de xénero é “unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e a discriminación na súa contra por parte do home e impedindo o avance pleno da muller”. Canto á concreción daquelas manifestacións nas que a violencia de xénero se materializa, botamos man do indicado na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, que sinala que debe entenderse como tal “calquera acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, e de uso xeneralizado da violencia como forma de relación entre as personas, que teña ou poida

ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada”. Faremos polo tanto, especial fincapé en incluír como violencia de xénero non só aqueles casos centrados no ámbito doméstico ou das relacións da parella –que foron os que os medios de comunicación conseguiron visibilizar dende finais dos 90– senón un abano moito máis amplo –xa indicado na propia Declaración de Compostela– do que entran a formar parte a violencia psicolóxica, a violencia sexual, o acoso laboral, a violencia contra as nenas, o incesto, o tráfico de mulleres e a prostitución. Deste xeito, tentaremos ver no presente estudo en que medida os medios de comunicación galegos son quen de visibilizar, non só a punta do iceberg, senón toda a inmensidade do problema que se agocha baixo a superficie.

Cales son os obxectivos da investigación?

O obxecto da investigación xa foi indicado ao comezo: facer seguimento do grao de aplicación da Declaración de Compostela por parte dos medios de comunicación galegos. Esta meta de partida concrétase á súa vez nos seguintes obxectivos:

- Analizar a abordaxe da violencia de xénero nos contidos dos medios de comunicación galegos e o acatamento nos mesmos das pautas propostas na Declaración de Compostela.
- No eido da produción informativa, indagar o grao de coñecemento da Declaración de Compostela por parte daquelas e daqueles profesionais dos medios de comunicación cun trato máis directo e habitual con esta problemática, así como tamén o grao de aceptación conseguido por este documento nas redaccións do país, as actitudes das e dos xornalistas cara ao mesmo, as dificultades que se atopan para a abordaxe da violencia de xénero e as alternativas que propoñen para unha mellora da mesma.

Ademais, pretendemos que os resultados obtidos neste estudo nos permitan ter unha base sólida para vindeiras investigacións e poidan servir de alicerce, por outra banda, a futuras iniciativas de formación en xénero para as e os profesionais dos medios

de comunicación: desde unha perspectiva construtiva, é preciso ter en conta o grao de coñecementos previos para deseñarmos actividades formativas que avancen sobre o edificio de saberes xa asentado e incidan naquelas lagoas máis notábeis.

No referido ao eido investigador, de modo inmediato a equipa de investigación pretende que o presente traballo teña continuidade xa ao longo deste curso. Por unha banda, o grupo quere acometer, ao longo dos vindeiros meses, a ampliación do período estudado de un mes (setembro de 2007, no que se basea o presente traballo) a tres. Por outra, tentará continuar a pescuda no ámbito da produción, ampliando os datos recollidos das entrevistas en profundidade realizadas no presente estudo a aquelas e aqueles xornalistas encargados da abordaxe da violencia de xénero, con datos de carácter cuantitativo extraídos dunha enquisa que se dirixirá a todos os profesionais dos medios de comunicación galegos. Nela indagarase, non só no tratamento realizado polos mesmos da violencia de xénero –obxecto das entrevistas en profundidade que presentamos neste traballo– senón tamén no grao de coñecemento e aplicación da perspectiva de xénero de modo transversal á información.

No referido ao ámbito profesional, tal e como comentamos con anterioridade, o grupo de investigación pretende que os datos recabados sirvan para o deseño de accións formativas máis eficaces que teñan por obxecto a implementación de estratexias que permitan facer da perspectiva de xénero un enfoque que empape de xeito transversal todos os eidos formativos. As accións formativas realizadas até o momento polo grupo de investigación CIDACOM, en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, permitiron facer sondaxe daqueles que poden ser os principais obstáculos persistentes nas redaccións dos medios de comunicación galegos para acometer unha abordaxe non sexista da información. A presente investigación pretende acadar datos sistematizados, recabados daquelas e daqueles xornalistas en contacto directo coa información en violencia de xénero. Coñecendo mellor o perfil das e dos xornalistas, as súas actitudes, os obstáculos aos que se enfrontan nas súas redaccións, o grao de capacidade crítica fronte ao seu traballo e o coñecemento das pautas e estratexias para a elaboración dunha información máis adecuada, poderemos dirixirnos mellor a eles en futuras actividades formativas.

Metodoloxía

As técnicas de investigación nas que se basea o traballo de campo que está na base deste estudo son dúas:

Análise de contido: Foi aplicada a todas as informacións sobre violencia de xénero publicadas ou emitidas polos medios de comunicación galegos ao longo do mes de setembro de 2007. O seu deseño estruturouse a partir dunha serie de variábeis que teñen por obxecto medir o grao en que se teñen en conta nas redaccións dos medios galegos os diferentes puntos que conforman a Declaración de Compostela.

Entrevistas en profundidade: Realizouse unha por medio de comunicación. Escolléronse as persoas entrevistadas entre aquelas e aqueles profesionais dos medios de comunicación que elaboran habitualmente para o seu medio información relacionada coa violencia de xénero.

Canto á análise de contido, concretamos de seguidos as variábeis definidas para cada un dos puntos que conforman a Declaración de Compostela.

PUNTO 1: A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

V1: Presenza ou non na información do concepto “violencia de xénero” ou outros que poidan considerase total ou parcialmente afíns (violencia contra as mulleres, violencia machista, violencia sexista, violencia doméstica...).

V2: Tipo de concepto utilizado.

V3: Explicación ou non do que se ha de entender como violencia de xénero, e a realidade (patriarcal) na que esta asenta.

PUNTO 2: Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.

V4: Tipo de violencia de xénero á que fai referencia a investigación.

PUNTO 3: *Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.*

V5: Identificación ou non da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos, e como atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

PUNTO 4: *Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.*

V6: Actitude da ou do xornalista ante a violencia de xénero na elaboración da información (comprometida ou neutra).

PUNTO 5: *Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.*

V7: Presenza en portada

V8: Sección ou bloque temático no que inclúe a información

V9: Presenza da crónica negra como perspectiva dende a que se elabora a información.

V10: Espazo que ocupa a información, nos medios escritos, ou duración da mesma, nos medios audiovisuais.

V11: Presenza de ilustración.

PUNTO 6: *Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”, dos programas de sucesos ou das series de ficción.*

V11: Enfoque sensacionalista na redacción.

V12: Enfoque sensacionalista nas imaxes.

PUNTO 7: *Respectar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respetando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.*

V13: Identificación do agresor con nome e apelidos.

V14: Identificación social do agresor.

V15: Identificación da vítima.

PUNTO 8: *Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).*

V16: Perspectiva temática dende a que se elabora a información.

V17: Xénero empregado.

V18: Orientación da información ao acontecemento ou ao tema.

V20: Sinatura.

V21: Análise das causas da violencia de xénero.

V22: Análise dos antecedentes do acontecemento sobre o que se informa.

V23: Análise das consecuencias.

V24: Seguimento dos casos de violencia de xénero

PUNTO 9: *Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.*

V20: Número de fontes utilizadas.

V21: Presenza e tipoloxía das fontes oficiais.

V22: Presenza e tipoloxía das fontes expertas.

V23: Presenza e tipoloxía das fontes do movemento asociativo.

V24: Presenza e tipoloxía das fontes testemuñais.

V25: Presenza doutras fontes. Tipoloxía.

PUNTO 10: Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen –casas de acollida, asesoramento psicológico, trámites xudiciais, axudas da administración...– para afrontar a súa situación con garantías e así conseguir superala.

V26: Presenza de información útil e de servizo.

V27: Tipo de información útil e de servizo que se facilita.

PUNTO 11: Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuizos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres: os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito; os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais; a vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice; o agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidade; a linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos

V28: Identificación da violencia como un feito pasional.

V29: Xustificación do agresor.

V30: Culpabilización da vítima.

V31: Aparición de circunstancias xustificadoras da violencia de xénero.

V32: Presenza de axencia feminina.

V33: Uso de linguaxe sexista.

Canto ás entrevistas en profundidade, estas foron estruturadas a partir de seis grandes bloques temáticos:

BLOQUE 1: *Concepción da violencia de xénero, é dicir, que é o que entende a ou o xornalista como violencia de xénero.*

BLOQUE 2: *Grao de coñecemento da Declaración de Compostela.*

BLOQUE 3: *Valoración da Declaración de Compostela e das posibilidades de aplicación na súa redacción.*

BLOQUE 4: *Rutinas de traballo utilizadas para a abordaxe informativa da violencia de xénero.*

BLOQUE 5: *Dificultades no tratamento informativo da violencia de xénero.*

BLOQUE 6: *Proposta de alternativas para un tratamento máis adecuado da violencia de xénero.*

Ditos bloques temáticos foron concretados no cuestionario que segue:

BLOQUE 1: CONCEPTO DE VIOLENCIA

Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo: violencia de xénero, violencia contra as mulleres, violencia machista, violencia sexista, violencia doméstica, violencia familiar?

Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

BLOQUE 2: RUTINAS.

Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

BLOQUE 3: DIFICULTADES

Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA DECLARACIÓN DE COMPOSTELA E GRAO DE APLICACIÓN DAS SÚAS RECOMENDACIÓNS.

Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Publícanse imaxes do agresor?

Publícanse imaxes da vítima?

Que fontes son as máis usadas?

Acódese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Botan man de fontes testimoniais (veciñanza, familiares...)?

Botan man de fontes expertas (avogad@s, xuíces/xuízas, persoal de casas de acollida, psicólogos/as, médicas/os...)?

BLOQUE 5: ATRANCOS

Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

BLOQUE 6: ALTERNATIVAS

Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Os estudos de comunicación e xénero. Estado da cuestión

Os estudos das mulleres, feministas ou de xénero

A presente investigación está enmarcada na liña de investigación coñecida como “comunicación e xénero”, xurdida no seo do amplo campo de traballo marcado polos estudos da muller, das mulleres, feministas ou de xénero² que –baixo enfoques diferentes, dependendo do concepto do que se bote man– se veñen desenvolvendo dende finais dos 70 no Estado español e dende principios dos 90 en Galicia. A investigación feminista chegou tarde a Galicia con respecto ao eido estatal –xa en por si retardado en comparanza co contexto mundial–, e o mesmo aconteceu cos estudos en comunicación e xénero, como desenvolveremos neste apartado.

Os estudos das mulleres –tamén coñecidos como estudos da muller, feministas ou de xénero– xermolan no ámbito estatal na década dos 70, coincidindo coa morte de

² Nos 70 estendeuse a denominación “estudos da muller”, substituída nos 80 pola etiqueta “estudos das mulleres”, que partía do feito de que non existía a muller, como suxeito homoxéneo, senón as mulleres, como suxeito múltiple e diverso. Falar de estudos feministas supón explicitar a posición política e ideolóxica de partida e visibilizar a estreita relación deste ámbito de investigación con dito movemento. Nos 90, a extensión da etiqueta “estudos de xénero” incide no construto social e cultural que a sociedade patriarcal xera a partir da natural diferenciación entre sexos e no que se sustentan as relacións de poder na sociedade patriarcal, así como a construción da identidade de homes e mulleres.

Franco e a eclosión pública do feminismo pouco despois. Os traballos no ámbito da teoría e da investigación abrollan polas mesmas datas en estreita ligazón coa práctica política feminista. A súa emerxencia implicou unha crítica e renovación das ciencias sociais e levou consigo o cuestionamento do presunto obxectivismo científico, criticado de raíz polos estudos feministas dado o seu carácter androcéntrico. Os particulares condicionantes da Universidade española, marcada por anos de estruturas ríxidas e inmovilistas, fará que as investigacións partan practicamente de cero.

Os primeiros grupos de investigación nacen a finais desa década. En 1979 créanse o Seminari d'Estudis de la Dona (SED) en Barcelona e o Seminario de Estudios de la Mujer en Madrid. Un ano despois, nace en Euskadi o Seminario de Estudios de la Mujer. En 1991, segundo recolle o informe *Los estudios de las Mujeres en las Universidades Españolas 1975-1991*, traballan xa no eido estatal 15 grupos de investigación. Nos 80 tamén teñen lugar outros dous acontecementos de relevo que contribuirán a asentar a investigación neste eido. Por unha banda, a creación do Instituto de la Mujer, que permite contar con recursos e apoio oficial para este ámbito de investigación. Por outra, o xurdimento das primeiras iniciativas que pretenden aunar esforzos daquelas persoas vencelladas a este ámbito de estudo. En 1986 créase a primeira coordinación entre profesoras e investigadoras que viñan traballando neste ámbito, a miúdo investindo un tempo e esforzo a maiores da súa xornada laboral (dada a ausencia dos estudos das mulleres nos currículos universitarios). Rede que, co tempo, daría lugar á Asociación Universitaria de Estudios das Mulleres (AUDEM).

Nos 90 avánzase na consolidación e expansión deste ámbito de estudo. Créanse máis grupos de investigación –mostra deste proliferación é o feito de que entre 1991 e 1995 se creen dezaseis máis, segundo se recolle no informe *Los estudios de las Mujeres en las Universidades Españolas 1975-1991*–. Ademais, avánzase na institucionalización de espazos para este ámbito de estudo nas universidades, de modo que nesta década varios dos seminarios xa existentes se consolidan en centros e institutos de investigación. Ao longo desta década refórzanse as redes estatais, amplíase a oferta de formación, elabóranse obras de síntese e poténciase a investigación.

Galicia semella quedar á marxe dese fermentar que foron xa os 80 nas universidades estatais. Na Universidade de Santiago de Compostela (USC) os primeiros

grupos de investigación aparecen no curso 1989-1990. Créase por aquel entón o Grupo de Investigacións Interdisciplinares sobre a Muller e o Grupo de Investigación Filosofía Política e Feminismo.

Naquel momento, principios dos 90, daban os seus primeiros pasos as outras dúas universidades galegas, a da Coruña e a de Vigo, que viñan de segregarse da de Santiago, e nas que, aínda anos despois, comezarían a conformarse núcleos de estudos feministas. No ano 2000, constitúese en Vigo a Cátedra Caixanova de Estudos Feministas que ten como antecedente dous grupos de traballo existentes no campus ourensán e vigués desta universidade: o Feminario “Teorías da Diferencia”, creado en 1996 na facultade de Filoloxía e Traducción polas profesoras Beatriz Suárez Briones, María Xesús Fariña, Belén Martínez e Ana Bringas, e o grupo de traballo do campus ourensán que tiña como núcleo á profesora Puri Mayobre e, posteriormente, tamén a Cristina Caruncho. A inicios da actual década, nace na Universidade da Coruña o Seminario de Estudos Feministas, co obxecto de fomentar este tipo de estudos e promover o debate e o relacionamento, dentro da institución universitaria, das persoas que traballan en cuestións de xénero.

Na actualidade, observamos unha eclosión dos estudos centrados na distinta posición que homes e mulleres ocupan na sociedade –ben enfocados dende unha perspectiva feminista, ben dende o enfoque de xénero, ben como estudos das mulleres– que xorden ao calor do apoio institucional –máis axudas para esta liña de investigación– e tamén ao crecente asentamento das políticas públicas de igualdade –demanda de profesionais formados nas teorías de xénero–.

De xeito parello, as equipas de investigación feminista e de xénero das tres universidades galegas foron asentando o seu espazo nas mesmas. Os grupos de investigación xurdidos inicialmente na década dos 90 consolidáronse en espazos de carácter máis institucionalizado, tal é o caso do Centro de Investigacións Feministas e de Xénero da Universidade de Santiago e a Cátedra de Estudos Feministas da Universidade de Vigo. Así mesmo, os núcleos de estudos feministas das tres universidades están a conseguir a inclusión, ao fin, dos estudos das mulleres, feministas ou de xénero, nos currículos universitarios mediante a organización e posta en marcha, dende os mesmos, de programas oficiais de posgraos (POPs) centrados neste

eido de estudo. Na oferta de POPs –primeiro paso para a implantación dos preceptos de Boloña na universidade– estiveron presentes desde os primeiros momentos os estudos de xénero grazas ao pulo de profesoras e investigadoras comprometidas desde hai anos con esta liña de investigación.

Os estudos de comunicación e xénero

No ámbito dos medios de comunicación, o estudo considerado pioneiro, *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española*, de Concha Fagaoaga e Petra María Secanella, é publicado en 1984. Na segunda metade dos 80, esta liña de investigación enriquecese co traballo doutras investigadoras, como Natividad Abril, Joana Gallego ou Rosa Franquet. Na segunda metade de dita década asístese xa a certa emerxencia deste tipo de estudos, que se produce con retraso respecto ao que viña acontecendo no contexto mundial pois, tal e como indica Vicente Baca Lagos, o Decenio das Nacións Unidas para a Muller –que comprende o período que vai do 1975 até o 1985– xa propiciara un importante desenvolvemento desta liña de investigación fóra do Estado español.

Na década dos 90, as teorías de xénero, que se converten no marco de traballo predominante nos estudos centrados na condición das mulleres –en detrimento daqueles centrados na diferenza sexual– comeza a aplicarse tamén ás investigacións sobre comunicación. A súa introducción virá da man de autoras como Rosa Franquet ou, con posterioridade, Pilar López Díez. Até ese momento, tal e como indica Joana Gallego en *La prensa por dentro*, os estudos que se realizaran non abrangueran o aspecto relacional que achega a visión comparativa co xénero masculino. Pásase dunha perspectiva xinecocéntrica –centrada nas mulleres– a establecer o enfoque de xénero como centro. Nos 90 obsérvase un maior desenvolvemento da investigación neste ámbito, debido sobre todo ao apoio do Instituto de la Mujer e dos gobernos das comunidades autónomas, tal e como indican Sánchez Aranda y García Ortega en *Mujer maltratada, mujer publicada*.

O estudio *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, realizado en 1997 e publicado en 2000 polo Instituto de la Mujer no marco dunha investigación máis ampla a nivel europeo, fai constar as seguintes lagoas de investigación:

- Os contidos son o ámbito máis estudado, case sempre dende unha perspectiva cuantitativa. Bótanse en falta máis estudos de carácter cualitativo.

- O interese polo ámbito da produción é escaso. Os poucos estudos existentes analizan a situación das mulleres dentro da profesión e esquécense do proceso completo de produción. Faltan estudos que investiguen a relación entre o contexto da produción da información e o resultado final manifesto nos contidos –o que é determinante para dilucidar cuestións tales como a maior ou menor influencia da feminización das redaccións na evolución dos contidos–.

- Os estudos sobre a audiencia enfócanse xeralmente como público consumidor, atendendo aos intereses das empresas mediáticas. Son escasas as investigacións que atendan non só ao que senón tamén ao como.

- Falta, así mesmo, unha investigación de carácter lonxitudinal

- Canto aos soportes, destaca o escaso traballo de investigación existente sobre a radio en España.

O mencionado informe apuntaba entón importantes eivas no modo en como se viña realizando a investigación:

- Moitas das investigacións partían de iniciativas individuais e illadas, o que limitaba tanto a dimensión dos resultados obtidos como a consecución de financiamento. Botábase en falta unha maior interrelación entre as e os investigadores que, dende diferentes puntos do Estado, están a traballar neste eido. A proliferación de literatura gris –teses e traballos de investigación que non son publicados– contribuía a esa falta de coñecemento mutuo.

- En relación co anterior, moitos dos traballos parecían partir de cero, sen ter en conta as achegas de estudos anteriores.

- Botábase en falta, así mesmo, un esforzo por definir variábeis, categorías e perspectivas de investigación.

- Moitos dos estudos pretendían abranguer varias fases do proceso comunicativo, o que redundaba nunha menor profundidade da investigación.

Nos últimos anos, diversos estudos intentaron superar varias das lagoas referidas no devandito informe. Deste modo, leváronse a cabo nos últimos anos investigacións que abordan a perspectiva lonxitudinal –nesta liña encádrase o traballo do equipo de dirixido pola profesora da Universitat Autònoma de Barcelona, Amparo Moreno–, a análise del discurso –valla como exemplo a tese de doutoramento da investigadora catalana Natalia Fernández sobre a violencia sexual contra as mulleres, dirixido por Teun A. Van Dijk, nome de referencia neste método de traballo– ou a análise da fase de produción dende unha perspectiva cualitativa –o estudo *La prensa por dentro* aplica as técnicas de observación participación ao estudo do modo de traballo e organización nas redaccións–. Así mesmo, amplíase a investigación en soportes até o momento pouco analizados, tal é o caso do traballo realizado pola profesora Pilar López Díez no eido da radio e da televisión.

En Galicia, os estudos das mulleres, feministas ou de xénero aplicados aos medios de comunicación iniciáronse máis tarde que no contexto estatal e aínda hoxe en día caracterízanse por ser unha liña de investigación apenas explotada. Esta actitude contrasta co carácter pioneiro que as outras nacionalidades históricas do Estado tiveron no traballo neste ámbito. A situación aparece así reflectida no informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*: “Debe sinalarse que a configuración política e histórica do Estado español presenta algunhas diferencias naquelas comunidades que posúen unha historia, unha lingua e unha cultura propias: Cataluña, País Vasco y Galicia. Especialmente as dúas primeiras levaron a cabo unha considerábel actividade no campo da investigación, financiando estudos e publicando as investigacións que afectan ao seu territorio”.

Á hora de analizar o estado da cuestión en Comunicación e Xénero en Galicia é preciso reparar no traballo realizado dende tres ámbitos: o académico, o asociativo e o profesional.

No ámbito académico destaca o traballo realizado polo Grupo de Investigacións Interdisciplinares sobre a Muller xa dende os seus comezos, a principios dos 90. A equipa inicia a súa traxectoria neste eido co estudo *Análise sociolóxica da muller na televisión*, no cal se levou a cabo unha análise dos programas de debate e discusión sociopolítica de TVE centrada na imaxe das mulleres e nos roles transmitidos a través destes formatos. A seguinte investigación do grupo abonda no efecto socializador dos medios nos procesos de desenvolvemento das identidades de xénero. No momento actual, o equipo de investigación está a traballar na análise da violencia simbólica nos medios de comunicación.

Xa a principios dos 2000 emerxe o interese por este ámbito de investigación na Facultade de Ciencias da Comunicación compostelá, cando aínda non tiña unha década de vida. Ten lugar no ámbitos dos cursos de Terceiro Ciclo. En apenas un par de anos, dous estudos –traballos de investigación titelados– abordaron a presenza das mulleres tanto nos contidos como na produción dos medios de comunicación galegos. O traballo de Ana Belén Puñal Rama, elaborado en 2001, *A imaxe das mulleres reflectida por La Voz de Galicia e El Correo Gallego. Unha historia de ausencias e de presencias, (1975-1999)* acometía unha análise lonxitudinal dos contidos destas dúas cabeceiras galegas. Un ano máis tarde, a investigación acometida por outra doutoranda, Silvia López Ben, incidía no papel das mulleres no ámbito da produción informativa nos medios galegos. En 2005, créase no seo do grupo CIDACOM, da Facultade de Ciencias da Comunicación, o Seminario Comunicación e Xénero. O seminario amosa, na súa traxectoria, unha dobre vertente. Por unha parte, a organización de actividades formativas dirixidas ás e aos xornalistas galegos. Por outra, o traballo de investigación en Comunicación e Xénero.

Dende o ámbito asociativo, e máis en concreto dende o movemento feminista, xorden algunhas das primeiras iniciativas de análise e reflexión sobre os medios. A revista Festa da Palabra Silenciada dedícalle, en 1990, un monográfico á representación e presenza das mulleres nos medios de comunicación. Tanto dita publicación, editada pola FIGA (Feministas Independentes Galegas) como Andaina, a outra publicación feminista senlleira en Galicia, son en si experiencias por elaborar unha información e un tipo de contidos alternativos aos dos medios masivos, enchoupados da ollada

androcéntrica hexemónica na sociedade. Xa a finais da década, a asociación MUGACOM (Mulleres Galegas da Comunicación) leva a cabo o primeiro estudo sistemático das representacións de xénero na prensa galega. A investigación, titulada *A presenza das mulleres na información dos diarios galegos*, analiza, ao longo dun mes (setembro de 1998) a información publicada en todos os xornais galegos que daquela se editaban e dá conta da infrarrepresentación das mulleres nos contidos na prensa, protagonizados maioritariamente por homes.

Dende o ámbito profesional, o Colexio Profesional de Xornalista está a traballar de maneira ininterrompida, dende 2004, na promoción de iniciativas de análise, reflexión, divulgación e formación sobre a representación das mulleres nos medios, a ollada androcéntrica dos mesmos e a necesidade de adoptar estratexias que partan da perspectiva de xénero. Celebrou até o momento tres edicións das xornadas “Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres”, promoveu a elaboración da Declaración de Compostela, participou co Seminario Comunicación e Xénero da USC na organización de cursos de formación –en concreto, sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios, o uso da linguaxe sexista nos medios e o uso da perspectiva de xénero como estratexia– e botou a andar, en 2005, a organización do I Foro Internacional Comunicación e Xénero, que reuniu traballos de expertas e expertos en comunicación e xénero de todo o mundo e propiciou un punto de encontro entre investigadoras, profesionais dos medios e o movemento asociativo feminista. As súas actas foron publicadas neste mesmo 2007.

Canto ao ámbito institucional, en 1999, o Servizo Galego de Igualdade celebra o primeiro foro sobre mulleres e medios de comunicación, que ten continuidade nunha segunda edición, ao ano seguinte. En 2000 e 2002 publica, respectivamente, *Linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación* e *Comunica igualdade a través da imaxe*. Así mesmo, creou a comisión de Mulleres e medios de comunicación, conformada por profesionais e membros do SGI.

No 2004, o Servizo Galego de Igualdade financia unha investigación sobre muller e medios de comunicación, baseada na análise do ámbito dos contidos e da produción nos xornais e nos medios públicos galegos. Trátase do estudo *A muller e os medios de comunicación en Galicia. A súa presenza na organización e nos procesos de*

producción informativa das redaccións, realizada por Vanessa Quintanar Cabello. Xa en 2005, ao abeiro do SGI elabórase o estudo *Mujeres expertas*, que analiza a presenza das mulleres en diversos ámbitos profesionais, institucións e organismos. Nunha primeira parte, estuda as relacións das e dos xornalistas con mulleres expertas para a elaboración da información e presenta, así mesmo, varias recomendacións para a ampliación do marco de representación das mulleres. No mesmo ano, o 2005, elabora un decálogo sobre o correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres nos medios.

Na actualidade, a liña de axudas para estudos de xénero que vén de sacar este ano por primeira o Goberno galego a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar inclúe como unha das temáticas subvencionábeis os estudos sobre comunicación, o que por primeira vez introduce unha liña oficial de apoio público, dende a Administración galega, para este ámbito de estudo.

A modo de conclusión, cómpre destacar que:

- A liña de investigación en comunicación e xénero –ao igual que os estudos das mulleres, feministas ou de xénero nos que se enmarca– xorde de maneira tardía en Galicia e son, de momento, escasos os traballos xerados ao seu abeiro. A situación contrasta coa doutras comunidades autónomas, como Euskadi e Catalunya. Falta de momento unha traxectoria académica consolidada nas universidades galegas respecto a este tema, ao contrario do que acontece en Madrid, Catalunya e Euskadi, en cuxas comunidades universitarias traballan aquelas profesoras e profesores que levan investigado os medios de comunicación desde a perspectiva dos estudos das mulleres desde hai máis tempo.

- Parte dos estudos rexistrados responden a iniciativas individuais. Cumpriría o afianzamento dos traballos sobre mulleres e medios de comunicación en grupos de investigación, que permitan aunar e coordinar esforzos, así como manter unha perspectiva de traballo consolidada no tempo.

- Como consecuencia de todo o anterior, quedan aínda numerosas liñas de investigación aínda sen explorar, o que se deduce da falta de análises cuantitativas exhaustivas e tamén cualitativas sobre os contidos dos medios de comunicación, de

estudios concretos que afonden na presenza, as rotinas profesionais e as condicións de traballo das mulleres nas redaccións dos medios de comunicación, de investigacións sobre audiencias, de estudos lonxitudinais e de investigacións que se deteñan nas relacións entre os distintos ámbitos do proceso da comunicación de masas: produción, contidos e audiencia.

- Mais falar de comunicación e xénero non é quedarnos nunha liña de investigación pechada nas paredes do académico. A problemática, canto que os medios son eficaces transmisores de violencia simbólica contra as mulleres, ten un profundo interese social. Nos últimos anos, intentáronse consolidar canles de relación entre as asociacións relacionadas coa defensa dos dereitos das mulleres, o ámbito profesional dos medios de comunicación e a academia. É unha liña, porén, na que cómpre seguir a traballar, sobre todo tendo en conta que é fundamental a concienciación, compromiso e formación daquelas e daqueles profesionais que traballan nos medios e aos que a veces tanto custa chegar. Faise preciso, polo tanto, idear novas fórmulas que nos permitan chegar con éxito ás e aos profesionais dos medios, porque son as pezas clave para conseguir avanzarmos nun tratamento das mulleres menos discriminatorio nos mesmos.

Os estudos sobre a representación da violencia de xénero nos medios

Segundo os datos obtidos na compilación bibliográfica elaborada para este estudo, os primeiros estudos sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación veñen da man da profesora Concha Fagoaga, que en 1994 publica os resultados dunha análise de contido centrada nas informacións sobre violencia no ámbito da parella e violencia sexual (no artigo “Comunicando violencia contra las mujeres”, publicado na revista *Estudios sobre el mensaje periodístico*) e, anos máis tarde, en 1999, dá a coñecer a investigación *La violencia en medios de comunicación. Maltrato en la pareja y agresión sexual*, tamén baseada nunha análise de contido. Os datos obtidos por Fagoaga nestes dous traballos permiten ver a evolución do tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación ao longo de dúas décadas, dende finais dos 70 até finais dos 90. A investigadora establece como principal hipótese no primeiro traballo –e así o demostra– que só cando o movemento feminista establece alianzas coas elites políticas, o discurso sobre a violencia contra as mulleres no ámbito da parella consegue ser lexitimado nos medios. Deste xeito, a finais dos 70, cando o

feminismo aínda se estaba a organizar como movemento no Estado, as informacións sobre malos tratos aparecían como episodios inconexos e descontextualizados —os medios falan de “riñas” ou “disputas” matrimoniais—, non estaban identificadas nos contidos dos medios como manifestacións dunha problemática máis ampla e estaba ausente dos mesmos a macroestrutura “malos tratos”. Nos primeiros anos da democracia, xa asentado o movemento feminista, este consegue incorporar o discurso sobre malos tratos aos medios. A finais dos 80, o acercamento entre o movemento feminista e as institucións explican o salto cuantitativo e cualitativo que, naquela altura, xa se observaba no tratamento da violencia de xénero no ámbito da parella. Unha década despois, finais dos 90, os datos amosan que as informacións sobre violencia de xénero duplican as publicadas dez anos atrás e triplican as de principios dos 80.

A finais dos 90, entre febreiro e novembro de 1998, pouco despois da morte de Ana Orantes, Eulàlia Lledó Cunill elabora o estudo *Como tratar bien a los malos tratos*, que logo aproveitaría a Junta de Andalucía para elaborar unha das primeiras guías para o correcto tratamento informativo dos malos tratos. Lledó elabora unha análise das informacións de carácter cualitativo, na que quedan á luz os estereotipos de carácter sexista sobre os que os medios están a construír o relato da violencia de xénero.

Xa nos 2000, destacan as investigacións de Pilar López Díaz, que participa na elaboración do informe do Instituto Oficial de Radio Televisión Española *Mujer, violencia y medios de comunicación*, que iría parello á realización do *Manual de urgencia para el tratamiento informativo de la violencia doméstica contra las mujeres*. Anos máis tarde, en 2006 elabora un estudo no que, en boa medida, se inspira este que estamos a realizar. En dito traballo, *Representación de la violencia de género en los informativos de TVE*, a investigadora tenta determinar en que grao as recomendacións recollidas no *Manual de Urgencia* foran implementadas ou non nos medios. Por outra banda, baixo a coordinación de dita investigadora elabórase o *Manual de información en género*, no que se dedica un capítulo específico ao tratamento informativo da violencia masculina contra as mulleres.

Tamén na presente década se publica a tese doutoral de Natalia Díaz Fernández, baseada no estudo da representación da violencia sexual na prensa baseada na análise crítica do discurso (*La violencia sexual y su representación en la prensa*, 2003). A

investigación pretende amosar, a través do estudo das novas seleccionadas, os vencellos entre discurso, ideoloxía e poder, as dimensións sociais e cognitivas e o discurso e modelos mentais subxacentes.

Outra das investigadoras en comunicación e xénero que, nos últimos anos, está a abordar a análise da violencia contra as mulleres nos medios, é Isabel Menéndez, que participou, xunto con Pilar López Díaz, nas xornadas Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, organizadas polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, achegando o punto de vista teórico e académico á análise da prensa.

O papel dos medios na representación da violencia contra as mulleres

Medios de comunicación e violencia contra as mulleres: luces e sombras

Os medios de comunicación xogaron un papel fundamental na visibilización da violencia de xénero nos últimos dez anos, a partir sobre todo do auténtico revulsivo social que supuxo o asasinato de Ana Orantes a mans do seu ex cónxuxe, pouco despois de ter denunciado nun *talk show* da televisión pública andaluza as agresións que sufrira a mans do que fora o seu compañeiro durante décadas de matrimonio. Dende aquel caso, que impactou por ter sido o resultado dunha morte anunciada, a violencia de xénero pasou a formar parte da axenda diaria dos medios de comunicación, aínda que a súa atención estivera centrada tan só, polo xeral, nunha das súas manifestacións: aqueles casos máis extremos —é dicir, morte e agresión grave— no ámbito das relacións de parella. Constitúen, é certo, pouco máis que a punta do iceberg dun problema social que cristaliza en múltiples dimensións —abusos e agresións sexuais, acoso laboral, violencia contra as nenas, feminicidio, violencia psicolóxica, prostitución e tráfico de mulleres...— mais a súa visibilización foi un paso cualitativamente moi relevante pois permitiu que se ollara ao fin para un problema que historicamente viñera sendo relegado ao ámbito do

privado. Os medios xogaron un papel destacado, así mesmo, como elemento de presión dos poderes públicos. Deste xeito, activaron a adopción por parte das institucións de sucesivas medidas políticas e legais para tentar atallar o problema. Cómpre recoñecerlle á prensa, pois, o papel que tivo na visibilización da violencia de xénero, no emprazamento da mesma no centro do debate social e público, canto que posibilitou que a sociedade falase e se concienciase sobre esta realidade –os medios, como indica a teoría da *agenda setting*, determinan non tanto como pensar senón sobre que pensar– e, na presión ás Administracións, que se viron impelidas a adoptar medidas para atender a un problema sobre o que a sociedade urxía solucións.

Mais, feito o necesario recoñecemento ao papel xogado polos medios en prol do emprazamento da violencia de xénero no centro do debate público, a análise da abordaxe informativa realizada ao respecto desvela que a súa representación está escurecida por numerosos espazos de sombra –ámbitos da violencia de xénero que non se visibilizan– e deturpada así mesmo nun interesado xogo de espellos deformantes que distorsionan a realidade en base a enfoques baseados no morbo, o sensacionalismo e, en definitiva, no tratamento como crónica negra dun problema social de fondo calado. Caeron os medios na tentación de empregar a violencia de xénero como cebo na intensa loita polas audiencias, sen escatimar o recurso á frivolidade, a espectacularización e a incidencia en elementos morbosos. Actuaron e actúan sen a suficiente reflexión –para a que sería necesaria, por outra parte, unha perspectiva de xénero hoxe inexistente nas redaccións galegas–, abordando a información como unha crónica de sucesos máis, sen poñer de manifesto o problema estrutural de fondo: a incardinación da violencia doméstica no contexto da violencia de xénero, empregada como instrumento de dominio e sometemento das mulleres. Non asumiron, en definitiva, un compromiso a fondo por denunciar e erradicar o problema de raíz, mediante un tratamento que apuntase ás causas da violencia de xénero de maneira radical e que deixase atrás ao fin os estereotipos sexistas que deforman a representación desta realidade –culpabilización da vítima, xustificación do agresor, recurso a circunstancias exculpatorias como os ciúmes, os arrebatos emocionais, o alcohol, os celos...–.

Os medios, que non son un espello neutro da realidade, senón un creador de imaxes cóncavas ou convexas que constrúen e reconstrúen continuamente a realidade segundo determinados padróns e intereses –ideolóxicos, empresariais, persoais...–,

constitúense en axentes activos dun determinado tipo de violencia: a de carácter simbólico. Deste modo, perpetúan os estereotipos, caen na sobrerrepresentación das mulleres como corpo e obxecto para o deleite dos ollos masculinos, e na infrarrepresentación da súa presenza expansiva, nas últimas décadas, nos distintos ámbitos públicos nos que historicamente estiveron vetadas. É así como acaban por representar a imaxe do agresor e da agredida segundo parámetros como os indicados máis arriba, contribuíndo deste xeito a asentar e xustificar o construto ideolóxico patriarcal que alimentou este tipo de violencia ao longo da historia.

Influencia e efectos dos medios

A influencia dos medios reafírmase nunha sociedade cada vez máis mediada, na que boa parte da información que recibe a cidadanía non chega a través da experiencia directa senón mediante os contidos difundidos polos medios de comunicación. “A utilización de todo tipo de medios é especialmente característica para as accións sociais que transcorren nas sociedades modernas. As relacións que fan uso da experiencia e información directa no campo da vida social e da educación vense substituídas paulatinamente por *relacións mediadas*. Isto é, a *información mediática* en tanto que *información mediada* que non permite, ou incluso precisa evitar, que os suxeitos poidan comprobar a información de maneira directa e activa, argumenta Rita Radl, profesora da facultade de Ciencias da Educación da Universidade compostelá, nas actas da xornada *Muller e medios de comunicación*, celebradas en Santiago en outubro de 2004.

O paradigma teórico que fala dos efectos cognitivos dos medios considera que a influencia dos mesmos non se exerce tanto dunha maneira directa –como defendían as teorías que postulaban os efectos dos media no curto prazo– senón paseniñamente no longo prazo, un proceso pois que calla pouco a pouco na percepción que a sociedade ten da realidade. Os medios de comunicación constrúen deste xeito os lentes cos que a cidadanía observa a realidade que a rodea, incluídos os alicerces que sustentan a construción do xénero na sociedade, dado que son activos axentes de socialización na construción das identidades de xénero. Tal e como sintetiza Isabel Menéndez, partindo de Gerbner, “non se trataría dunha influencia directa e inmediata senón de efectos a

longo prazo, paulatinos e acumulativos que, en definitiva, establecen na audiencia pautas de elección e de comportamento”³.

Porén, seguindo a teoría da *agenda-setting*, cómpre ter en conta que os medios de comunicación non inflúen directamente sobre o como pensamos, pero si nos temas sobre os que pensamos, argumentamos e discutimos. Noelle Neumann postula na teoría da *agenda-setting* que os medios definen o que a xente coñece ou ignora, a través do que inclúen ou deixan de incluír na súa grella temática. Aparecer nos medios de comunicación é condición *sine qua non* para existir. Deste xeito, gran parte da realidade social, e da realidade específica das mulleres, permanece á sombra. “As mulleres, os seus intereses e os seus problemas, non aparecen nos medios e, por tanto, non se fala deles, e cando se mencionan se fai de forma marxinal e estereotipada, a partir dun coñecemento empírico moi limitado da realidade”, sinala Ana Sánchez Bello (Sánchez Bello, 2004: 25).

Os medios de comunicación convértense nun elemento transmisor de ideoloxía, neste caso, de ideoloxía patriarcal. Contribúen, xunto con outras institucións como a Familia, a Igrexa, a Escola ou o Estado, a unha estrutura de dominación, o patriarcado, que aparece invisibilizada como natural e ahistórica –tal e como manifesta Bourdieu en *La dominación masculina*– ante os ollos da cidadanía (Bourdieu, 2000: 50).

Un dos mecanismos máis empregados para a consolidación de estruturas de dominación é a violencia, unha violencia que, tal e como indica Galtung, pode ser de tres tipos: directa, estrutural e cultural. A violencia directa –resume Rita Radl⁴– permite a identificación inmediata dun agresor ou agresora e o seu relacionamento cun determinado acto de agresión. A violencia estrutural está en relación coa propia estrutura social, que artella os soportes para o dominio dunhas persoas sobre outras, en función de conceptos como clase social, sexo, etnia ou relixión. A violencia cultural é máis sutil e, tal como indica Rita Radl, “inclúe as lexitimacións, represións culturais e as súas representacións simbólicas respectivas”.

³ Actas da xornada “Medios de comunicación e violencia contra as mulleres” (inéditas).

⁴ Op. cit.

É neste terceiro tipo de violencia, que fai referencia aos mecanismos de lexitimación e represión dunha determinada estrutura, no que debemos situar aos medios de comunicación como xeradores de violencia simbólica, neste caso concreto, contra as mulleres. A violencia simbólica é definida por Bourdieu como “violencia amortiguada, insensíbel e invisíbel para as súas propias vítimas, que se exerce esencialmente a través dos camiños puramente simbólicos da comunicación e do coñecemento... ou, en último termo do sentimento”. A comunicación é, tal como ratifica o propio Bourdieu, instrumento clave para este tipo de violencia. E para combatela, tal e como indica o autor, non basta con iluminar consciencias revelándolles o engano ao que foron suxeitas, cómpre loitar cunha serie de tendencias e inclinacións modeladas por esas estruturas de dominación:

“... a revolución simbólica que reclama o movemento feminista non pode limitarse a unha simple conversión das consciencias e das vontades. Debido a que o fundamento da violencia simbólica non reside nas consciencias enganadas que bastaría iluminar, senón nunhas inclinacións modeladas polas estruturas de dominación que as producen, a ruptura da relación de complicidade que as vítimas da dominación simbólica lle conceden aos dominadores só pode esperarse dunha transformación radical das condicións sociais de produción das inclinacións que levan aos dominados a adoptar sobre os dominadores e sobre eles mesmos un punto de vista idéntico ao dos dominadores” (Bourdieu, 2000: 58).

Como actúa esa violencia simbólica? En primeiro lugar, sobrerrepresentando ao xénero masculino e subrepresentando ao feminino. Os medios non reflicten a amplitude de roles que ocupan as mulleres na sociedade actual e insisten en encasillala en roles tradicionais, como o da muller obxecto e pasiva, a muller-corpo obxecto de deleite para os ollos masculinos ou a muller vítima sufridora das súas iras. Esta situación é evidente nun medio como a televisión, no que predomina o poder da imaxe e no que constantemente se abusa da imaxe da muller-corpo. Pero tamén se manifesta nos medios impresos, se reparamos no tipo de mulleres sobre as que a prensa dá noticia, e do que están ausentes as mulleres economistas, deportistas, expertas, científicas ou empresarias. Ademais, a incorporación das mulleres en papeis destacados do ámbito público –tal é o caso das mulleres políticas ou deportistas– é a miúdo representada nos medios baixo os estereotipos tradicionais –incidindo na súa vestimenta, na súa

apariencia física...-. En relación cos espazos informativos nos que as mulleres están presentes ou ausentes, a situación pouco variou dende que as mulleres comezaron a conquistar o espazo público, máis en concreto en España, dende o final do franquismo, o inicio da era democrática e a eclosión do feminismo. Cando menos, non variou na mesma proporción en que as mulleres se foron incorporando aos distintos espazos públicos. Así o demostra unha investigación de carácter lonxitudinal titulada *A imaxe das mulleres reflectida por La Voz de Galicia e El Correo Gallego. Unha historia de ausencias e de presencias*⁵ que demostra que tanto os sucesos como as temáticas relacionadas con sociedade son os ámbitos nos que as mulleres seguen a ter, igual que hai tres décadas, máis presenza.

En segundo lugar, e indo máis aló de criterios cuantitativos, a violencia simbólica maniféstase na pervivencia dos estereotipos. Tal como define Elvira Altés, “os estereotipos e os prexuizos son procesos psicolóxicos afíns que sustentan a discriminación, o racismo ou o sexismo. Son sesgos, actitudes ou tendencias específicas que utilizamos cando avaliamos a un grupo social ou a un dos seus membros”. (Altés, 2004: 41). Podemos facer referencia a estereotipos de vello: as mulleres como corpo obxecto, as mulleres como eternas menores de idade sen madurez para tomar o rumbo da súa vida, a muller mala que nos lembra ás meigas de antano –desde as “damas de ferro” da política até as “viúvas negras” da crónica de sucesos...-. Estereotipos que perviven xunto con outros novos, tal como indica Elvira Altés, correspondentes a imaxes das mulleres supostamente liberadoras: dende a *superwoman* –perfecta en todo momento, sexa laboral, doméstico ou persoal– até a consumidora narcisista, pasando pola amazona –muller esixente, poderosa, ambiciosa, posibelmente unha nova versión da muller mala–.

Dun ou doutro xeito, os medios cumpren, polo tanto, unha función ideoloxicamente regresiva na configuración dos roles de xénero. “A capacidade que os medios de comunicación masificados teñen para xerar prexuizos colectivos require unha investigación na que se expliquen os aspectos subxacentes que conforman unha iconografía sobre as mulleres que non se corresponde nin coa súa acción social nin, desde logo, co momento histórico que logrou conseguir tras séculos de loitas e avances

⁵ Investigación presentada como traballo de investigación titulado no departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (inédito)

cara a un tempo no que a discriminación sexan un recordo do pasado”, afirma Blanca Muñoz⁶. A autora adianta algún dos aspectos que, dende o seu punto de vista, caracterizan esta regresión, como a institucionalización das mulleres como fetiche de consumo na actual sociedade postindustrial, ou a sobrerepresentación da muller vítima, o que Blanca Muñoz explica polo feito de que as mulleres se convirtan no parachoques dos conflitos que afectan á estrutura social no seu conxunto.

Os medios como transmisores de violencia contra as mulleres

A violencia contra as mulleres foi e segue a ser invisibilizada nos medios de comunicación tralo velo do episódico e da crónica negra. Quedan así ocultas as raíces estruturais da mesma nunha sociedade patriarcal baseada na diferenza de xénero a prol do poder en mans do varón. No caso da violencia doméstica, houbo que agardar aos últimos dez anos para que conseguise formar parte da axenda habitual dos medios. Outra manifestación da violencia contra as mulleres, as violacións, eran até entón os casos máis referidos, aínda que a visibilización mediática que se fixo do problema contribuíu a construír unha representación falsa da realidade baseada na estratexia do medo, en facer sentir ás mulleres en perigo no ámbito público, coartando así a súa liberdade individual. Representación falsa en canto que, tal como sinalou Gerbner e retoma Fagoaga, a figura do agresor foi debuxada como a dun estraño descoñecido, cando en realidade a maioría dos episodios deste tipo de agresións son cometidos por persoas próximas á agredida. A día de hoxe, moitos outros tipos de violencia contra as mulleres seguen sendo invisibilizadas. Pensemos na violencia psicolóxica, o acoso laboral, o tráfico de mulleres e a prostitución, os abusos ás nenas no ámbito familiar...

A invisibilización da violencia doméstica tiña como raíz, por unha banda, a súa constricción ao ámbito privado. Ademais, tal como sinala Concha Fagoaga, o maltratador non necesita de público, ao contrario do que acontece no terrorismo político. Dado que se producía no ámbito privado familiar e sen necesidade de público, o terrorismo doméstico non supuña polo tanto unha ameaza ao Estado. E son precisamente as agresións que supoñen un perigo para o aparello estatal ou aquelas outras, como no caso da delincuencia, que ameazan en xeral a integridade física do individuo e

⁶ Op. cit.

a propiedade privada, as que adoitan ter máis publicidade nos medios de comunicación, e tamén as máis estudadas. O privado non se consideraba político; a violencia doméstica, polo tanto, non existía a ollos do estado nin dos medios.

Non é até os anos setenta cando se comeza a conceptualizar o problema desde a perspectiva de xénero. O persoal descóbrese como político. Esta ecuación formulada por Kate Millet é tomada como propia e amplificada polo movemento feminista. En España, a visibilización mediática da violencia doméstica non chega até os anos 80, nos primeiros anos da democracia, cando o movemento feminista comeza a establecer alianzas coas elites políticas, cando se crea o Instituto da Muller, cando desde as institucións se comezan a ofrecer datos sobre esta realidade. A institucionalización de certas demandas do movemento feminista fai, así mesmo, que estas teñan un oco dentro da axenda dos medios. Até entón, os casos de malos tratos eran abordados de forma episódica, como suceso revestido habitualmente como crime pasional que só conseguía chegar aos medios en caso de morte. Eran tratados como episodios inconexos, sen contexto, de forma ahistórica, sen ser conceptualizados como problema baixo unha etiqueta concreta. “Só cando grupos do movemento feminista establecen alianza coas elites políticas –propón Concha Fagoaga como hipótese que logo confirma–, os significados e os valores do proceso de determinación do discurso sobre violencia contra as mulleres entran en consonancia cos valores noticiais nun pleno proceso de lexitimación”. (Fagoaga, 1994: 70)

Cómpre, porén, agardar até o 1997 para que a violencia contra as mulleres no ámbito doméstico forme parte da axenda habitual dos medios, ocupe primeiras páxinas, *prime-times* e, en definitiva, unha relevancia na grella mediática até entón impensábel. Foi a partir da morte de Ana Orantes a mans do seu ex marido, queimada viva pouco despois de declarar nun *talk show* da televisión autonómica andaluza a situación de violencia á que fora suxeita durante máis de vinte anos de matrimonio por parte do seu home, co que estaba obrigada a compartir vivenda por decisión xudicial unha vez roto o vencello conxugal e quen aínda a seguía a ameazar. O que diferenciaba a Ana Orantes doutras moitas mulleres asasinadas polos seus homes é que ela existía para os medios, en canto que a súa imaxe e a súa historia foran mediaticamente difundidas, en canto que a súa fora a crónica dunha morte anunciada... pola televisión.

A violencia contra as mulleres no ámbito da parella conseguiu asentarse na axenda dos medios, que contribuíron a dar a coñecer un problema e a crear conciencia social sobre o mesmo. Porén, o tratamento que se lle deu a esta información estivo marcado pola pervivencia dos estereotipos amamantados pola sociedade patriarcal, a descontextualización e o tratamento episódico como crónica de sucesos, a non incidencia do carácter estrutural desta realidade, o predominio dos intereses empresariais das corporacións mediáticas fronte a un compromiso real coa violencia contra as mulleres e a súa erradicación. Do traballo de análise de Eulàlia Lledó Cunill, que deu lugar a un dos primeiros manuais sobre o correcto tratamento mediático dos malos tratos, *Como tratar bien a los malos tratos* (publicado pola Junta de Andalucía), podemos extraer exemplos varios dunha abordaxe nesgada e incompleta desta realidade. Porque, tal como indica E. Lledó Cunill:

“Cando se encaran os malos tratos contra as mulleres, cando se quere tratar da violencia sexuada ou de situacións que xeran este tipo de agresións, hai que falar –con toda xustiza– da lingua, dos usos da lingua, buscar os termos que describen dunha maneira máis precisa e axustada o que pasa, as palabras que explican a realidade, e sobre todo, neste momento, de como se dan as noticias sobre os malos tratos. Falar desta forma de agresión e de violencia é necesario e fundamental para combatela”. (Lledó Cunill, 1998: 2).

A autora destaca os seguintes aspectos na análise das representacións que os medios de comunicación fan dos malos tratos:

- A identificación, a miúdo, como causas das agresións, crimes e asasinatos dos que as mulleres son vítimas, de motivos tales como ataques de celos, cuestións de faldas, arrebatos que xustifican implicitamente a enaxenación momentánea do criminal, móbiles pasionais...

- A falta dunha explicación adecuada dos antecedentes. Poucas veces, indica Lledó, se indican as verdadeiras causas da ruptura, que en moitos casos adoitan ser a negativa do home a aceptar o proceso de separación.

- A culpabilización das mulleres agredidas, destacando delas cuestións tales como a súa beleza, as infidelidades amorosas, o feito de que tiveran “bastante éxito cos homes”...

- O uso de mecanismos que contribúen á vitimización do agresor, achacando o seu comportamento á pasión amorosa, aos celos, a un arrebatado, á súa condición de alcohólico ou ao seu venciemento a ambientes marxinais. Ademais, moitas informacións adoitan incluír impresións dos veciños e xente próxima que reflicten a súa concepción dos malos tratos como algo “normal” que se dá de portas adentro, facendo declaracións que arropan ao agresor dicindo del que, por exemplo, non parecía mala persoa ou non era mal veciño.

- A falta dun posicionamento condenatorio da violencia de xénero por parte do/a xornalista. Subliña Eulalia Lledó que, mentres moitas destas informacións inclúen valoracións implícitas (presentes, como xa vimos, na maneira de referirse a agresor e agredida) porén, noutras ocasións inclúense novas que constitúen auténticas apoloxías do terrorismo doméstico sen que se introduza valoración de ningún tipo por parte do ou da xornalista, que adopta un tono neutral, como acontece na noticia “La Unión de Hombres Separados justifica los malos tratos” (*ABC. Sevilla. 20/12/97*). Pódese percibir, polo tanto, unha falsa neutralidade dos medios de comunicación á hora de referirse aos malos tratos.

- A non representación da “axencia feminina”, é dicir, a tendencia dos medios a falar das mulleres agredidas como seres pasivos, sen capacidade de reacción. Cando os agredidos son eles (como ben sinala Eulalia Lledó), os medios adoitan subliñar a reacción masculina (a súa pericia, a súa habilidade, os seus reflexos...). Cando elas son as vítimas, nada se di da súa capacidade de reacción. É máis, cando elas son as que actúan e agreden, mesmo se publican informacións nas que se fai referencia á acción da agresora en ton de chanza ou burla. O que amosa de xeito explícito os esquemas mentais cos que se moven os comunicadores e comunicadoras, nos que as mulleres só encaixan no estereotipo de vítima pasiva e sufridora.

Uns anos despois, o Instituto Oficial de Radio Televisión Española elabora un informe, *Mujer, violencia y medios de comunicación*, no que acomete non só unha

diagnose dos contidos dos medios senón a proposta de estratexias que contribúan a modificalos e a eliminar dos mesmos o sexismo. O estudo destaca aspectos como os que seguen:

- A violencia de xénero non ha de ser entendida como unha correlación de casos illados senón como un problema social e político.

- Ha de amosarse compromiso explícito por parte dos medios na denuncia da violencia contra as mulleres e na ampliación do campo de representación das mesmas.

- Cómpre do medio de comunicación, tanto das e dos seus responsábeis como dos e das xornalistas que traballan nos mesmos, no establecemento dun adecuado control da información, que evite o sensacionalismo e a especulación e garanta un tratamento rigoroso.

- Débese evitar que os medios se convirtan en simples correas de transmisión doutras institucións, como a policía, a xudicatura ou as administracións. É preciso pois, tal e como indica a ética xornalística, contrastar a información e garantir a pluralidade de fontes que ofrezan ópticas diversas.

- Cómpre visibilizar a violencia de xénero en todas as súas dimensións, non só cando o resultado final é a morte ou unha agresión con graves repercusións para a vítima.

- É necesaria unha formación que permita unha especialización na perspectiva de xénero e que vaia dirixida ás e aos xornalistas.

- Cómpre descartar unha linguaxe sexista que abonde en estereotipos que reproducen a orde patriarcal.

Nos medios audiovisuais, e en concreto, nos programas de entretenemento e *talk-shows*, os malos tratos son empregados sen rubor como gancho para atraer audiencia. Bótase man dun tratamento frívolo, morboso e tendente á espectacularización. Este é o envoltorio no que en non poucas ocasións se vende o

testemuño das mulleres maltratadas, que se introduce no programa cando máis convén, por exemplo, cando as outras cadenas pasan a publicidade. Un compartamento que non está exento de poucos riscos, tal como indica Isabel Menéndez⁷:

“Cales son os problemas detectados? En primeiro lugar, a inclusión de testemuños neste tipo de programas expón ás mulleres a un risco potencialmente moi alto. En segundo lugar, a inexistencia dun compromiso coas vítimas, que debería estar orientado á erradicación do problema. Esta última afirmación é tanto máis válida cando hoxe coñecemos prácticas mediáticas reveladas por algunhas xornalistas e que poden resumirse nun tratamento banal e sensacionalista co único obxectivo de conseguir audiencia”.

Refírese Isabel Menéndez, en concreto, ao testemuño deitado por Mariola Cubells no seu libro *¡Mírame, tonto! Las mentiras impunes de la tele*, no que a autora inclúe un exemplo extractado da escaleta dun programa da televisión autonómica valenciana, e que agora referimos. Indicábase na mencionada escaleta: “Los testimonios de malos tratos los colocaremos en cualquier momento, en función de la publicidad de las demás cadenas, y los venderemos como las manías llevadas al extremo, a la patología.” (Cubells, 2003: 126)

Un tratamento irresponsábel da violencia de xénero pode desencadenar, de maneira máis ou menos directa, en gravísimas consecuencias, en canto que se pode estar a expor ás mulleres entrevistadas a unha situación de perigo aínda maior. En 1997, Ana Orantes foi asasinada pouco despois de ser entrevistada nun programa destas características. Dez anos despois, outra muller, Svetlana, tamén foi asasinada a mans da súa ex parella pouco despois de que esta lle pedira de xeonllos noutro talk show que se casase con ela. Quizais este último caso sexa a mellor metáfora de que, mentres non se remate cos roles e cos estereotipos tradicionais de xénero, que levan a homes e a mulleres a interiorizar a desigualdade –mediante a asunción como natural dos espazos de poder por parte deles, e dos ámbitos do privado, do coidado e, en definitiva, da ausencia de poder, por parte delas– non se rematará coa violencia de xénero. Porque, como indica Eulália Lledó, a violencia de xénero é o brazo armado do patriarcado.

⁷ Actas das xornadas “Medios de comunicación e violencia contra as mulleres” (inéditas)

O correcto tratamento informativo dos malos tratos

Pouco despois da irrupción mediática dos malos tratos contra as mulleres comezaron os primeiros traballos de reflexión sobre a cobertura informativa que se lle estaban a dar. O primeiro manual ao respecto foi o publicado pola Junta de Andalucía, *Cómo tratar bien a los malos tratos*, ao que vimos de facer referencia. Recomendábase neste decálogo pioneiro:

- 1.- Enmarcar os malos tratos como unha violación dos dereitos humanos que atenta contra a liberdade e dignidade das mulleres.
- 2.- Presentar cada agresión como parte da violencia patriarcal.
- 3.- Facer un seguimento dos casos publicados e dar informacións positivas sobre aquelas mulleres que lograron saír do círculo da violencia.
- 4.- Presentar os malos tratos como crimes ou asasinatos e non como feitos “paixonais”.
- 5.- Relacionar malos tratos físicos con malos tratos psíquicos.
- 6.- Publicar os datos dos agresores.
- 7.- Explicar a historia de cada vítima de maltrato.
- 8.- Destacar o valor das mulleres que denuncian malos tratos para evitar vitimizacións.
- 9.- Promover o rexeitamento social da violencia contra as mulleres.
- 10.- Informar dos recursos públicos existentes.

En 2002 publícanse dous novos manuais que tratan de orientar sobre como tratar adecuadamente a violencia contra as mulleres, denta vez dende ámbitos máis próximos ás e aos profesionais do xornalismo: *Manual con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica*, publicado pola Unió de Periodistes Valencians e a Generalitat Valenciana, e o manual elaborado polo Instituto Oficial de Radio Televisión Española (IORTV) xunto co Instituto da Muller. No primeiro volvemos a ver reflectidos varios dos aspectos xa enunciados no decálogo elaborado pola Junta de Andalucía. O segundo está enmarcado nun estudo máis amplo *Mujer, violencia y medios de comunicación*, centrado especificamente nos medios audiovisuais. Recollemos de seguido as recomendacións de ámbolos dous:

Decálogo da Unió de Periodistes Valencians:

- 1.- Situar a violencia doméstica no marco dos dereitos humanos.
- 2.- Evitar presentar a noticia desconectada doutras similares

- 3.- Non caer en estereotipos, prexuízos e tópicos para explicar a violencia doméstica.
- 4.- Investigar tamén o que non se ve.
- 5.- Distinguir claramente entre vítima e agresor.
- 6.- Crear opinión e influir na sociedade.
- 7.- Non recrearse no sensacionalismo.
- 8.- Intentar reflectir a complexidade da realidade.
- 9.- Non conformarse só con fontes informativas policiais.
- 10.- Dar información útil e complementaria.

Manual de urxencia elaborado pola IORTV e o Instituto da Muller:

- 1.- Evitar os modelos de muller que lesionen a súa dignidade.
- 2.- Os malos tratos contra as mulleres atentan contra os dereitos humanos.
- 3.- Non confundir o morbo co interese social.
- 4.- A violencia contra as mulleres non é un suceso, nin unha noticia convencional.
- 5.- Non todas as fontes informativas son fiábeis.
- 6.- Dar información útil, asesorarse previamente.
- 7.- Identificar a figura do agresor, respectar a dignidade da vítima.
- 8.- A imaxe non o é todo, non caer no sensacionalismo.
- 9.- As cifras poden referirse a distintas realidades: informarse e explicar.
- 10.- Os estereotipos e os tópicos frivolizan e banalizan..

Dende o ámbito institucional e tamén dende o asociativo, xorden novas propostas, coincidentes na maior parte dos seus puntos, sobre o correcto tratamento dos malos tratos.

Proposta de decálogo do Clube das 25:

- 1.- Usar a expresión violencia de xénero.
- 2.- A violencia de xénero é unha violencia ideolóxica, exercida por aqueles varóns que consideran ás mulleres propiedade súa.
- 3.- Fuxir do sensacionalismo e a frivolidade.
- 4.- Respectar o dereito das persoas individuais ou xurídicas a non facilitar información ou responder preguntas.
- 5.- Destacar o valor das mulleres que denuncian malos tratos para non caer na vitimización, pero sin crear falsas ilusións.
- 6.- Proceder á identificación dos agresores.

- 7.- Non considerar a violencia de xénero privativa dun grupo social, étnico, cultural ou económico.
- 8.- Loitar para que a violencia de xénero ocupe lugares destacados nos nosos medios.
- 9.- Usar os testemuños de terceiras persoas só cando acheguen datos concretos sobre o caso.
- 10.- Renunciar, en debates, seccións e programas de opinión, a invitar a persoas que non rexeiten nidiamente a violencia de xénero.

Decálogo do Concello de Pamplona:

- 1.- A violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos porque atenta contra a súa liberdade e dignidade.
- 2.- A violencia contra as mulleres non é un asunto privado, é un problema social.
- 3.- Os malos tratos psicolóxicos e emocionais tamén son violencia.
- 4.- Os malos tratos son delitos e non “feitos pasionais”.
- 5.- A violencia contra as mulleres está baseada na desigualdade de xénero.
- 6.- Promover a “tolerancia cero” fronte a este tipo de violencia.
- 7.- Tratar esta información de forma rigorosa e exenta de morbos, non incluíla na sección de sucesos e darlle voz ás vítimas e a persoas expertas.
- 8.- Respetar a intimidade das vítimas e evitar a difusión de comentarios despectivos sobre elas ou que xustifiquen aos agresores.
- 9.- Transmitir a existencia de respaldo social ás vítimas e dar información sobre os recursos públicos existentes.
- 10.- Destacar o valor de denunciar os malos tratos, ofrecendo noticias positivas sobre mulleres que logran saír dos mesmos.

Recomendacións do Instituto da Muller Navarro:

- 1.- Informar sobre o problema.
- 2.- Tratar as informacións con reflexión, fuxindo dos lugares comúns para evitar trasladar patróns sociais e culturais.
- 3.- Evitar o morbo e o sensacionalismo.
- 4.- Non tratar as informacións como noticias de sucesos.
- 5.- Non presentar os feitos de forma illada e contextualizalos.
- 6.- Remarcar que a violencia nunca é xustificábel.
- 7.- Buscar as fontes adecuadas. Coidar os testemuños das persoas próximas á vítima e ao agresor.
- 8.- Explicar ben os datos e estadísticas que se refiren.
- 9.- Amosar historias de vida concretas.
- 10.- Ofrecer máis información de servizo.

- 11.- Protexer a intimidade das vítimas e identificar quen é o agresor e como actúa.
12. Coidar o retrato que se fai das vítimas.

No 2004 xorden novas iniciativas, dende o ámbito profesional, en Cataluña e en Mallorca: Estas son as recomendacións sobre o tratamento da violencia de xénero elaboradas polo Col·legi de Periodistes de Catalunya, o Consell de la Informació de Catalunya, o Consell de l'Audiovisual de Catalunya, o Ajuntament de Barcelona e o Institut Català de la Dona:

- 1.- Tratar a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos e como un atentado contra a liberdade e adignidade das persoas.
- 2.- Seleccionar e diversificar as fontes de información.
- 3.- Respetar o dereito á intimidade das persoas agredidas e a presunción de inocencia dos agresores.
- 4.- Respetar a dignidade da persoa agredida e non mostrala nunca sen o seu consentemento previo.
- 5.- Usar conceptos e terminoloxía que se axusten á definición dos feitos, evitando estereotipos e tópicos.
- 6.- Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo, tanto na forma (imaxes) coma no contido (mensaxe verbal).
- 7.- No proceso de montaxe, só se deben achegar aquelas imaxes que acheguen contido. Débese evitar que a atención se concentre nas persoas agredidas.
- 8.- Evitar calquera relación causa-efecto: tanto en referencia á situación sociocultural como ás circunstancias persoais dos implicados e/ou implicadas.
- 9.- Contextualizar a información.
- 10.- Non implicar terceiras persoas relacionadas só circunstancialmente co caso.
- 11.- Garantir o seguimento da información. Débese informar da resolución do caso e, se procede, da recuperación da persoa agredida.
- 12.- Rectificar calquera información errónea que se puidese difundir sobre un caso.

Decálogo para o tratamento informativo dos maltratos no entorno familiar, do Sindicato de Periodistas das Illas Baleares:

- 1.- Non presentar casos de violencia contra a muller como situacións illadas.
- 2.- Investigar o que non se ve.
- 3.- Traballar na divulgación das noticias sobre casos en que a vítima conseguira librarse dos malos tratos.

- 4.- Crear opinión e influír na sociedade mediante reportaxes e artigos, para que as persoas que padeceran experiencias de violencia de xénero e as resolveran favorábelmente se pronucien e expliquen a outras vítimas como actuar.
- 5.- Utilizar os recursos básicos (linguaxe, imaxe e son) para transmitir non só o respecto polas vítimas, senón tamén o apoio social. Evitar difundir comentarios despectivos sobre as mulleres ou que xustifiquen aos agresores. Darlle voz aos e ás expertas.
- 6.- Non crear sensacionalismo.
- 7.- Reflectir a complexidade da realidade.
- 8.- Dar información útil e complementaria.
- 9.- Non amparar ao agresor, aínda que se manteña “a presunta inocencia”. É necesario manter o anonimato das vítimas, coa mínima explicación da súa historia. Distinguir claramente entre vítima e agresor.
- 10.- Deixar de tratar con ambigüidade e neutralidade estes casos.

Das recomendacións da Declaración de Compostela xa falamos con anterioridade neste estudo. Meses máis tarde, o Servicio Galego de Igualdade aproba así mesmo un decálogo para o correcto tratamento informativo da violencia de xénero:

- 1.- Situar a violencia de xénero no marco da violación dos dereitos humanos e o ataque contra a liberdade e a dignidade das persoas: os medios farán fincapé en transmitir esa mensaxe nas informacións relativas a esta materia.
- 2.- Contextualizar o delicto: as informacións non se limitarán ao delicto ou suceso en si mesmo, senón que tratarán a violencia de xénero como un grave problema social e educativo, aportando datos sobre recursos e servizos destinados a atender ás vítimas
- 3.- Respetar o dereito á intimidade: non se utilizarán nunca as imaxes nin a identidade das vítimas, ao igual que se manteñen eses criterios para respectar a presunción de inocencia dos sospeitosos.
- 4.- Non emitir nin publicar imaxes ou textos de carácter vexatorio para a vítima: os medios porán especial énfase en limitar as novas e contidos puramente informativos, procurando obviar os detalles que unicamente serven para alimentar a curiosidade do público.
- 5.- Evitar aportacións non relevantes: os medios evitarán realizar amplificacións da nova con manifestacións de terceiros –familiares, persoas veciñas- non relevantes para o caso.
- 6.- Eludir circunstancias sociais e persoais: os medios procurarán obviar as circunstancias sociais e persoais das persoas implicadas; evitarán sempre a ligazón consciente ou inconsciente que sitúa a violencia de xénero no marco de determinados arquetipos –alcoholismo, drogadicción, situación de risco de exclusión social- situándoo como un problema social.
- 7.- Evitar a localización do caso: as informacións eludirán calquera referencia que permita a identificación e localización concreta dos domicios das persoas implicadas.

8.- Non influír na investigación: os medios respetarán as recomendacións policiais sobre a pertinencia de publicar informacións que poidan influír na boa marcha da investigación, e paralelamente comprometeranse a dar cobertura ás demandas das forzas de seguridade que poidan facilitar a resolución do caso.

9.- Rexeitar a explotación comercial do suceso: non se utilizará ás persoas agredidas para explotar comercialmente o caso ou para rentabilizalo con vistas a mellorar audiencias; en tódolos casos se buscará unicamente o beneficio social derivado da actuación informativa.

10.- Loitar contra a explotación sexual e o tráfico de persoas: os medios enmarcarán esta variante delictiva na violencia de xénero, non presentarán a prostitución e as súas variantes como unha conduta socialmente admisíbel e non emitirán nin publicarán publicidade vexatoria para as mulleres, incluídos os anuncios sobre actividades relacionadas coa explotación sexual das persoas.

A reflexión sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios está pois encetada no contexto galego. O reto agora é pasar do papel á práctica, entrar en diálogo coa profesión e cos responsábeis dos medios e conseguir que as recomendacións que procuren un tratamento mellor da violencia de xénero sexan levadas á práctica.

ANÁLISE DE CONTIDOS

Televisión de Galicia 51

Radio Galega 82

RadioVoz 99

Galicia Hoxe 114

El Correo Gallego 142

El Ideal Gallego 166

Diario de Pontevedra 198

La Región 223

Atlántico Diario 248

Diario de Arousa 269

Diario de Ferrol 301

La Voz de Galicia 331

Faro de Vigo 362

El Progreso 394

La Opinión 425


TVG

Telexornal mediodía

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O emprego do concepto de violencia de xénero nas informacións de TVG incluídas na mostra, isto é, a posta en evidencia de estarmos diante dunha problemática estrutural inserida no modelo de sociedade patriarcal, como consta na Declaración de Compostela, é claramente precario. Só o 12% das pezas estudadas, todas no ámbito da violencia doméstica, precisan esta dimensión do acontecemento, ben dende o punto de vista da crónica de sucesos –*Novo caso de violencia sexista en Madrid*, do 16 de setembro– ou ben dende a perspectiva estatística –*Galicia rexistra o 8% das mortes por violencia machista*, do 1 de setembro, ou *María Pilar é a sétima vítima da violencia machista no que vai de ano en Galicia*, do 20 de setembro–. Ambas as dúas expresións, “violencia sexista” (4%) e “violencia machista” (8%), constan como variábeis válidas do concepto de violencia de xénero no marco desta investigación.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU AFÍNS		
Non se define a problemática	21	88%
Violencia machista	2	8%
Violencia sexista	1	4%
Total	24	100%

Porén, nin sequera no ámbito da violencia doméstica se pode dicir que esteamos diante dunha práctica consolidada na televisión pública galega. Se ben hai un 12% dos contidos que contextualizan axeitadamente os feitos e todos eles pertencen a ese campo, cómpre precisar tamén que ese segmento só representa unha terceira parte do total de informacións (33%) referidas á violencia de xénero exercida dentro da institución da parella, de xeito que non se pode identificar un padrón. Con todo, e aínda que está fóra das extremas metodolóxicas deste traballo comprobalo, é probábel que ao nivel dos receptores se estea a construír unha equiparación, e non soamente semántica, entre “violencia de xénero” –ou expresións afíns– e “violencia doméstica”.


Fóra deste ámbito, e malia a que debера ser preceptivo na construción do relato, o concepto non aparece. Ningún dos casos de prostitución, violencia contra as nenas ou agresión sexual que compoñen o resto da mostra –non hai pegadas de acoso laboral á muller nos trinta programas analizados– é contextualizado consonte a este paradigma. Ben ao contrario, son termos non específicos como “abuso”, “maltrato”, “violación”, “tocamento”, “asasinato”, “malleira”, “enfrentamento” ou “secuestro”, por esmentar só algúns, os únicos que cualifican os feitos e artellan a súa descrición.

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN

A institución da parella é o escenario máis común da violencia de xénero en Galicia segundo a imaxe que dela constrúe cada día o Telexornal Mediodía de TVG. Os fenómenos de violencia doméstica representan o 33% das informacións analizadas, e aínda que as agresións sexuais supoñen unha porcentaxe idéntica, algunhas destas tamén acontecen dentro da familia –*Deteñen un empresario ourensán acusado de abusar da súa filla*, do 19 de setembro– e outras tiveron lugar fóra da Comunidade Autónoma, como as que levaron á cadea ao “violador de Vall d’Hebron”, José Rodríguez Salvador, protagonista de dúas informacións os días 21 e 22 de setembro. Con todo, tamén se informa de abusos sexuais –presuntos ou probados– acontecidos en Galicia.

Excluído o acoso laboral, que non aparece na mostra, o resto das informacións ocúpanse nun 17% de agresións a mulleres prostituídas –*Detido o sospeitoso do*


asasinato dunha prostituta en Sober, do 20 de setembro, por caso— e nun 4% a casos nos que a violencia é exercida sobre as nenas —Catro romaneses detidos por secuestrar dúas nenas británicas, do 21 de setembro—. Por último, un 13% dá conta de asasinatos dos que se descoñecen as causas e que non poden ser incluídos nas categorías anteriores —A Garda Civil busca pegadas da muller asasinada no "crime do bidón" no contorno do presunto agresor, do 1 de setembro, e outras noticias de seguimento do mesmo crime—, isto é, que implican a morte violenta de mulleres adultas e non prostituídas a mans de agresores que non teñen nin tiveron relación familiar nin de parella coa vítima.



VIOLENCIA DE XÉNERO - TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	8	33%
Acoso laboral	0	0%
Prostitución	4	17%
Violencia contra as nenas	1	4%
Violencia doméstica e no ámbito da parella	8	33%
Outras	3	13%
Total	24	100%

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E A DIGNIDADE DAS PERSOAS

Se a identificación da violencia exercida contra a muller como violencia de xénero era escasa (12%) e superficial, porque se limitaba ao emprego de expresións como “violencia sexista” ou “violencia machista” e nunca desenvolvía un discurso crítico ao respecto, o grao de cumprimento do terceiro apartado da Declaración de Compostela é aínda máis preocupante. O gráfico que vén deseguido é abondo elocuente: ningunha das informacións incluídas na mostra identifica esta caste de violencia como “unha violación dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e dignidade das persoas”, como recomenda o documento. Ben ao contrario, todas particularizan ao máximo o relato e entregan a problemática á categoría do estritamente privado. Isto, porén, como veremos máis adiante, non é incompatíbel coa introdución de elementos reprobatorios ou cualificativos como “lacra”, mais é preciso lembrar que esta caste de tópicos ou lugares comúns da información sobre a violencia de xénero non compensan a deficiente valorización e contextualización do fenómeno.




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Non	24	100%
Si	0	0%
Total	24	100%

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

A neutralidade no relato está moi instalada no discurso da TVG cando se trata de dar conta de casos de violencia de xénero. No 71% das ocasións a información evita posicionarse a respecto dos feitos que se describen, e só nos casos nos que a reprobación está “lexitimada” por circunstancias e axentes alleos á produción da noticia se poden detectar elementos condenatorios. Isto acontece, nesoutro 29% dos contidos, cando os feitos veñen avalados por unha sentenza –*As vítimas do violador do Vall d'Hebron sentense inseguras e Sae á rúa o violador do Vall d'Hebron despois de 16 anos na cadea*, do 21 e do 22 de setembro respectivamente–, cando o agresor pasa a disposición xudicial –*Pasa a disposición xudicial o detido polo “crime do bidón”*, do 2 de setembro, mais non na información do día anterior sobre o mesmo caso–, cando se produce unha detención –*Dous axentes que non estaban de servizo detiveron un home cando estaba a mallar na muller en Carballiño*, do 5 de setembro– ou cando as fontes centrais da peza informativa pertencen á Administración xudicial, como acontece coa entrevista ao fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do día 26 de setembro.

Cando estes elementos “lexitimadores” non están presentes no relato, o discurso preténdese neutro e refuga a reprobación, aínda que en ningún caso chega a reunir as características que permitirían cualificalo como “xustificador”. Porén, isto non evita que na construción desa información –responsabilidade que non pode ser atribuída en exclusiva ás ou aos xornalisas que as asinan– aparezan elementos xustificadores, como veremos máis adiante, nomeadamente a través de fontes testemuñais que pertencen á contorna do agresor e/ou da vítima –*Tentativa de malos tratos en Cotobade*, do 5 de setembro– pero tamén a través da propia defensa, neste caso xurídica, do presunto agresor –*O fiscal pide 14 anos para un presunto violador de Ponteareas*, do 13 de setembro–. O consumo excesivo de alcohol ou a presenza de patoloxías psíquicas non diagnosticadas son os recursos máis comúns, aínda que non os únicos.




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Condenatorio	7	29%
Neutro	17	71%
Xustificador	0	0%
Total	24	100%

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada


Tres de cada dez informacións, o 33% da mostra, aparecen nos titulares que abren o Telexornal Mediodía. Todas as que son seleccionadas para ese temario central, agás a que se refire á saída da cadea do “violador de Vall d’Hebron” –22 de setembro– e a que dá conta da detención dun agresor en Madrid –*Detido o home que botou ácido por riba da ex muller nunha rúa madrileña*, do 4 de setembro– relatán casos de violencia de xénero, no eido da parella ou non, con resultado de morte. Como vemos, tamén nestas excepcións a TVG prioriza os acontecementos en función da intensidade da violencia exercida sobre a muller. No caso do 22 de setembro, estamos diante dun suxeito condeado por 40 agresións sexuais. No do día 4, as lesións provocadas pola substancia corrosiva foron moi graves. No resto, as agredidas faleceron.



PRESENZA NOS TITULARES DO INFORMATIVO		
Si	8	33%
Non	16	67%
Total	24	100%

5.2. Sección ou bloco temático no que aparece a información


Os informativos de televisión pública galega non están estruturados en blocos temáticos definidos, polo que resulta complexo determinar en que área é que se insiren as noticias sobre casos de violencia de xénero. Con todo, o emprego da expresión “crónica de sucesos” por parte da conductora ou do conductor do programa a xeito de presentación, o xénero utilizado para a narración e unha primeira análise das relacións de contigüidade –que informacións van antes e cales despois na escaleta do programa– son criterios que nos levan a considerar que o 92% das pezas están enmarcadas na sección de Sucesos. Só dúas escapan a este padrón, unha contextualizada no bloco de Sociedade –*Galicia rexistra o 8% das mortes por violencia machista*, do 1 de setembro– e outra no de Galicia –*O fiscal do TSXG, partidario dun debate sobre os violadores*, do 26 de setembro–. No primeiro caso, é a perspectiva estatística a que determina a consideración temática, cara ao final da edición. No segundo, éo a fonte principal –e única– do relato, o fiscal do Tribunal Superior de Xustiza, aínda que o debate ao que se refire, a castración química dos violadores, excede o ámbito autonómico tanto ao nivel da problemática como ao das competencias lexislativas.



SECCIÓN DO INFORMATIVO		
Galicia	1	4%
Comunicación	0	0%
Sucesos	22	92%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Sociedade	1	4%
Especiais	0	0%
Estatal	0	0%
Internacional	0	0%
Local	0	0%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
Total	24	100%

5.3. Duración

A duración media das informacións estudadas é de 63,8 segundos e a faixa máis frecuente, a que concentra o 71% das pezas, vai dos 30 aos 90 segundos. Esta presenza é a que corresponde basicamente aos contidos secundarios, que están fóra do bloco principal da escaleta, que non son centrais nos titulares e que tampouco abren o temario do programa. Completan a mostra un 13% de menos de medio minuto, un 8% que arrandea entre os 90 e os 120 segundos e outro 8% que vai alén dos dous minutos.



DURACIÓN DA INFORMACIÓN EN SEGUNDOS		
Menos de 30 segundos	3	13%
Entre 30 e 60 segundos	9	38%
Entre 61 e 90 segundos	8	33%
Entre 91 e 120 segundos	2	8%
Máis de 120 segundos	2	8%
Total	24	100%

A duración, fronte ao que podería parecer nunha primeira análise superficial, non está relacionada cos xéneros xornalísticos empregados, isto é, non é posíbel identificar as pezas máis curtas con breves nin as pezas máis longas con reportaxes, entrevistas ou informes. Fóra de dous casos –*Galicia rexistra o 8% das mortes por violencia machista*, do 1 de setembro e *O fiscal do TSXG, partidario dun debate sobre os violadores*, do 26 de setembro–, que analizaremos polo miúdo máis adiante, todos os contidos incluídos na mostra presentan as características propias da noticia.

5.4. Presenza de grafismos e ambientación musical

Canto aos outros criterios establecidos por esta investigación para describir a relevancia das informacións –e non só– sobre violencia de xénero nos informativos de TVG, como son a aparición de ambientación musical e o emprego de grafismos, cómpre

unicamente sinalar que a súa presenza é nula na mostra. Esta última ferramenta, a da elaboración de gráficos, tería permitido unha maior profundidade no tratamento da problemática de xénero e, xaora, unha cota de distanciamento e contextualización que está na base da filosofía que vertebra a *Declaración de Compostela*.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

O recurso ao morbo e ao dramatismo é máis común na selección e edición das imaxes ca na elaboración e dicción dos textos, e como hipótese para explicalo poderíase apuntar que entanto o morbo está claramente instalado nas propias convencións narrativas dos informativos de TVG –nas televisións en xeral–, a produción de textos está máis sometida á cultura deontolóxica da profesión. Con todo, hai excepcións a este padrón, e nos textos que dan conta do chamado “crime do bidón” –1 e 2 de setembro– obsérvase unha insistencia gratuíta nas circunstancias nas que foi atopado o corpo. É así que, unha e outra vez, á parte de “bidón”, case protagonista, reitéranse expresións como “calcinada”, “corpo despedazado” ou “matar, esnaquizar e queimar”. Nun nivel distinto, nunha noticia do día 18 –*Deteñen un presunto violador no Barco de Valdeorras*–, o xornalista menciona que a agresión se “produciu durante as festas locais” e no centro da vila, é dicir, mentres cativos, mozos e maiores festexaban o patrón local, circunstancia que non achega nada á información e só xenera inseguridade e alarma social.

6.2. Recurso ao morbo e ao dramatismo na imaxe

Xa no terreo das imaxes, este vicio no detalle aparece novamente o 5 de setembro –*Dous axentes que non estaban de servizo detiveron un home cando estaba a mallar na muller en Carballiño*–, cando dúas testemuñas, unha axente da Policía Local e unha veciña que estaba presente no momento da agresión, pormenorizan os golpes que recibiu a vítima e reproducen o pranto da muller. O mesmo acontece dúas semanas máis tarde, e na voz dun testemuño innecesario, cando aparece o cadáver dunha muller prostituída nunha vila de Lugo –*Buscan o dono da vivenda de Sober onde apareceu unha muller morta, do 19 de setembro*–. Un dos veciños que atopou o corpo enumera as

feridas da vítima e precisa, nun dos exemplos máis explícitos de linguaxe sexista, que “estaba intacta”. Só un pouco máis tarde o espectador consegue comprender o que este veciño de Sober quería dicir: que a muller asasinada estaba vestida.

Como dicíamos ao comezo deste apartado, o recurso ao morbo está instalado na propia retórica narrativa dos informativos de televisión. Non é doado atopar en TVG unha información que prescinda do que poderíamos chamar o repertorio de convencións coas que se constrúe a ilusión de realidade na violencia de xénero. Á parte da contorna do agresor e da vítima –rúa e vivenda, no mínimo–, cando o resultado é mortal semella preceptivo vermos axentes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou da Policía Local a recoller probas sobre o terreo, precintos da Garda Civil, padiolas, coches fúnebres, soterramentos, prantos e agresores ou presuntos agresores intentado tapar a súa cara coa cazadora, e así se pode constatar na segunda peza da mostra –*A Garda Civil busca pegadas da muller asasinada no “crime do bidón” no contorno do presunto agresor*, do 1 de setembro–. Cando a vítima sofre feridas e non son letais –*Detido o home que botou ácido por riba da ex muller nunha rúa madrileña*, do 4 de setembro–, da listaxe anterior habería que substituír as imaxes directamente vencelladas á morte por ambulancias e persoal sanitario de urxencia. En ningún dos casos esta caste de “ilustracións” achegan nada relevante á información, e moito menos á percepción social ou ao coñecemento colectivo da problemática de fondo.


Fóra deste nivel “convencional” da narración, hai casos nos que o relato acode deliberadamente a certos recursos na procura de dramatismo. Acontece coas marcas de fume no lugar onde foi queimado o cadáver dunha muller –1 de setembro– e tamén cos xoguets estrados polas escaleiras que dan acceso á vivenda dun home acusado de agresión e da súa vítima, imaxes que suliñan a voz do xornalista cando este informa de que a parella ten un fillo de catro anos –*Deteñen un veciño de Xinzo acusado de malos tratos*, do 25 de setembro–. Na mesma información hai outro caso de utilización de mecanismos claramente connotativos, empréstitos ao cabo da narración de ficción: cando a voz en off relata que a vítima tentou fuxir, vemos un plano detalle das pernas dunha muller a correr por unha beirrarúa e afastarse da cámara. Aínda que estas imaxes obviamente non pertencen á vítima, o espectador non dispón de ningún elemento gráfico ou sonoro para saber que se trata dunha dramatización.

Calquera destes casos incumpre as indicacións da Declaración de Compostela no seu apartado número seis, onde se recomenda literalmente “evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo” neste tipo de informacións, tanto na elaboración dos textos como no rexistro, na selección e na edición de imaxes. Alén disto, o documento tamén prevén aos profesionais dos medios de comunicación galegos contra o emprego de recursos “proprios dos ‘reality shows’, dos programas de sucesos ou das series de ficción”, práctica que non está ausente –hai varios exemplos nunha mesma noticia– na produción de contidos informativos do Telexornal Mediodía de TVG.

7. DEREITO Á INTIMIDADE


7.1. Identificación do agresor

En catro de cada dez ocasións (41%), as informacións non identifican ao agresor ou aos agresores, isto é, non fornecen ningún dato que sexa determinante para a súa identificación. Da outra banda, e fóra dese 13% no que non hai un suxeito-agresor implicado, outro 13% amosa o seu rostro no momento de ser detido ou xulgado e outro 13% revela o seu nome e os seus apelidos. Por último, o 8% realiza unha identificación completa, amosando a imaxe e os seus datos persoais detallados. A idade e a nacionalidade están case sempre presentes, aínda que non sexan reveladoras.



IDENTIFICACIÓN DO(S) AGRESOR(ES)		
Non se fai referencia ao(s) agresor(es)	3	13%
Non se identifica	10	41%
Vivenda	4	17%
Rostro	2	8%
Nome e apelidos	3	13%
Completa	2	8%
Total	24	100%

As tres pezas nas que non hai un agresor implicado, e que polo tanto exclúen a posibilidade de identificación, son as que adoptan unha perspectiva estatística sobre o fenómeno da violencia de xénero –O 8% das mortes..., do 1 de setembro, e *María Pilar é a sétima vítima...*, do 20 de setembro– e esoutra na que o fiscal do TSXG reflexiona sobre a as hipotéticas vantaxes da castración química dos agresores –26 de setembro–. Cando si hai agresores individualizados, a identificación é gradual. Partindo das imaxes da vivenda, case omnipresentes na mostra, a identificación avanza parella á intervención das forzas policiais, primeiro, e dos xuíces despois. Un exemplo claro témolo na cobertura do crime de Sober. Na primeira información, do 19 de setembro, vemos a vivenda do agresor e algunhas imaxes de contexto na vila luguesa onde apareceu o corpo. Na segunda, que dá conta da súa detención, amais do seu enderezo sabemos que se chama Xosé Carneiro e ten 51 anos. Por último, cando o 25 de setembro o acusado declara perante o xuíz, tamén coñecemos o seu rostro. En todo este proceso, e isto é importante, o sospeitoso segue a ser o presunto autor do crime.




IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO(S) AGRESOR(ES)		
Clase alta	0	0%
Clase media	1	4%
Clase baixa	1	4%
Non aparece	22	92%
Total	24	100%

Canto á identificación social do agresor ou dos agresores, no 92% das ocasións nin se revela nin se fornecen datos abondo para coñecela. Só en dous casos –“Deteñen un presunto violador no Barco de Valdeorras”, do 18 de setembro, e “Deteñen un empresario ourensán acusado de abusar da súa filla”, do 19 de setembro– se informa da actividade profesional dos presuntos agresores –vendendor ambulante e empresario, respectivamente–, o que permite elaborar unha hipótese da súa posición social.

7.2. Identificación da vítima

Con todo, malia a que cumpriría abrir un debate tamén arredor da identificación dos agresores, é das vítimas de quen se ocupa a Declaración de Compostela. No seu apartado sete insiste no “respecto á intimidade e á dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar”, pero o certo é que estas recomendacións nin sequera se cumpren no caso das cativas. Se ben no caso das dúas nenas británicas secuestradas –*Catro romaneses detidos...*, do 21 de setembro– non se revelan datos persoais, entre outras cousas porque é unha información de axencias e pouco detallada, non se pode dicir o mesmo a respecto da menor que protagoniza unha información do 25 de setembro –*Detido un home en Tui por tocamientos a unha menor*–. A peza amosa imaxes dun bar mentres o locutor revela que se trata do negocio que rexentan os pais da vítima, dato que abonda para identificar a toda a familia nunha vila como Tui, que non chega aos 6.000 habitantes.




IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Imaxe	0	0%
Directa	1	4%
Datos significativos	2	8%
Evítase	21	88%
Total	24	100%

En realidade, a complexidade desta diagnose vén precisamente determinada pola propia dificultade de discriminar qué son e qué non son datos significativos para a identificación dunha vítima, cuestión que ben merecería un debate en profundidade atendendo ás características sociodemográficas galegas. Se consideramos que amosar imaxes da vivenda, da rúa ou do barrio/lugar onde vive supón a inmediata identificación, a práctica totalidade das informacións analizadas estarían a violar a intimidade destas persoas. Se non é así –e este foi o criterio escollido, por razóns de operatividade e para homologar estes resultados cos obtidos nos medios impresos e radiofónicos–, o veredicto é algo máis optimista. Consonte ao dito, ningunha das pezas da mostra contén o rostro da vítima, só unha (4%) revela os datos persoais da muller falecida –*Declara ante o xuíz o sospeitoso do asasinato de Sober*, do 25 de setembro– e outras dúas (8%) fornecen o que consideramos datos significativos –*Pasa a disposición xudicial o detido polo ‘crime do bidón’*, do 2 de setembro, e *María Pilar é a sétima vítima da violencia machista no que vai de ano en Galicia*, do día 20–. Cómpre sinalar que nos tres casos se trata de agresións con resultado de morte.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva dende a que se elabora a información


O 71% das informacións responden ao modelo da crónica negra ou de sucesos e limítanse a describir o acontecido –agresión, detención...– dende o punto de vista da investigación policial –*Tentativa de malos tratos en Cotobade*, por exemplo, do 5 de setembro–, e a miúdo só a partir de fontes policiais, mentres que outro 17% adopta a ollada da crónica xudicial –*Solicitan seis anos de cadea para un médico por abusos a unha paciente*, por exemplo, do día 18–. Por outra banda, na mostra aparecen dous casos (8%) abordados dende a perspectiva social –*Galicia rexistra o 8% das mortes... e María Pilar é a sétima vítima...*, do 1 e o 20 de setembro respectivamente– e un máis (4%) dende a óptica legal, como é o debate que pretendía abrir o fiscal do TSXG.



PERSPECTIVA DENDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	17	71%
Crónica xudicial	4	17%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	1	4%
Política	0	0%
Social	2	8%
Total	24	100%

8.2. Xénero utilizado


É claro que con estes vimbios tan pouco ambiciosos a nivel xornalístico o xénero máis acaído é o da noticia, e como veremos deseguido nos gráficos, así acontece no 92% das ocasións. Só hai dúas excepcións: emprégase a reportaxe como apoio dunha noticia para facer un balance das vítimas da violencia de xénero acumuladas en Galicia no que vai de ano –*María Pilar...*, do 20 de setembro– e acódese á entrevista directa, tirada doutro programa da cadea, para dar voz ao poder xudicial –*O fiscal do TSXG, partidario dun debate sobre os violadores*, do día 26 de setembro–.



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	0	0%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	1	4%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	22	92%
Reportaxe	1	4%
Publiirreportaxe	0	0%
Total	24	100%

8.3 Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

Os dous casos esmentados no apartado anterior –20 e 26 de setembro– son os únicos de toda a mostra nos que o relato, e consonte ao relato tamén o proceso de produción da información, están orientados ao tema e non ao acontecemento. Malia a isto, que é claramente un a priori e non un resultado da combinación de fontes e xéneros, o tratamento é superficial. Estas pezas duran 44 e 30 segundos respectivamente, ambas as dúas por debaixo da media de 63,8 segundos.




ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	21	87,5%
Orientada ao tema	3	12,5%
Total	24	100%


8.4. Análise das causas, antecedentes e consecuencias

A análise de causas, antecedentes e consecuencias, de entrada, vén pexada polo xénero empregado –a noticia– e pola orientación do proceso de produción do relato –o acontecemento–. Iso contribúe a explicar que en ningún dos casos analizados se fornezan causas ou polo menos hipóteses razoábeis para explicar o acontecido, entre outras cousas porque isto implicaría novamente virar o discurso cara a problemática da violencia de xénero, dimensión que como sabemos está fóra da mostra. O único que se indica, no 50%, é cales son os antecedentes dos feitos, e no 62% cales van ser ou cales poderían ser as consecuencias para o agresor, a vítima e/ou o conxunto da sociedade.


Os antecedentes que se sinalan poden ser estatísticos –número de mortes no que vai de ano–, penais –se constaban ou non denuncias contra o agresor– ou referidos a circunstancias persoais do agresor ou da vítima –se os veciños viran ou sentiran xa algunha outra “malleira” ou liorta– que facían “previsíbel” o acontecido, aínda que o 46% das informacións fan un seguimento do que xa se coñece publicamente sobre o mesmo asunto. As consecuencias, pola súa banda, refírense á saúde das vítimas –“a vítima, que non sufriu danos, recupérase do susto na súa casa”, do 6 de setembro– ou á situación legal dos agresores –“o acusado pode ser condeado a 14 anos de prisión por agresión sexual, lesións e detención ilegal”, no 13 de setembro–.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
Si	12	50%
Non	12	50%
Total	24	100%



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
Si	15	62%
Non	9	38%
Total	24	100%



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Si	11	46%
Non	13	54%
Total	24	100%

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes

De media, cada unha das pezas analizadas conta con 2,5 fontes de información, valor semellante ao que imos atopar na Crónica das Dúas de Radio Galega. Dunha banda, hai seis noticias elaboradas a partir dunha soa fonte explícita. Da outra, outras dúas nas que se poden identificar até cinco fontes explícitas diferentes. Son as que se refiren á detención do sospeitoso do crime de Sober –20 de setembro– e ao xuízo a un médico de Caldas acusado de abusar sexualmente dunha paciente –18 de setembro–, aínda que neste último caso as fontes son extraídas das declaracións perante o xuíz e non dos contactos dos profesionais, isto é, vén a ser o resultado do escenario no que se desenvolven os feitos e non dos obxectivos do proceso de produción informativa.


9.2. Fontes oficiais

As fontes oficiais son case omnipresentes na mostra e aparecen no 96% dos casos, mentres que as expertas só figuran no 17%, as testemuñais no 54% e as outras, que non se corresponden con estas categorías, como pode ser a propietaria da finca onde se atopa un cadáver –*Novo caso de violencia sexista en Madrid*, do 16 de setembro–, son convocadas no 8% das pezas. Esta realidade contrasta coas recomendacións da Declaración de Compostela, onde se indica expresamente que as fontes han ser “diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar” o suceso e os procesos aos que se terá que enfrontar a vítima logo de sufrir unha agresión.

As fontes oficiais proceden nun 76% das Forzas e Corps de Seguridade do Estado, nun 20% da xudicatura e só nun caso (4%) do Goberno autonómico, máis concretamente da rede de centros de información e atención á muller que mantén en Galicia –*Deteñen un veciño de Xinzo acusado de malos tratos*, do 25 de setembro–. É claro que esta excesiva dependencia de policía e avogados responde á perspectiva escollida para a construción do relato, a da crónica negra ou de sucesos.




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
Si	23	96%
Non	1	4%
Total	24	100%




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	19	76%
Fontes xudiciais	5	20%
Goberno autonómico	1	4%
Goberno estatal	0	0%
Goberno local	0	0%
Total	25	100%

9.3. Fontes expertas

As expertas e os expertos teñen unha baixa incidencia no discurso informativo do Telexornal Mediodía cando se trata de violencia de xénero. Malia a ser un dos principais mecanismos de contextualización, e contribuír tamén ao distanciamento da ecuación acontecemento-presentismo-morbo, só aparecen no 17% das pezas incluídas na mostra. Estas fontes proceden dos ámbitos sanitario (50%) –informan do estado de saúde da vítima, no 19 de setembro, ou explican cales son os efectos do ácido sobre o corpo da muller e de que maneira se poden minimizar os danos, no 4 de setembro–, legal (25%) –estudan as posibilidades de aplicación da doutrina Parot ao caso do “violador de Vall d’Hebron”– e sociolóxico (25%) –fornecen datos estatísticos sobre mortes por violencia de xénero, no 1 de setembro–. Fican desatendidos, porén, os ámbitos educativo, psicolóxico e o dos medios de comunicación.



PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
Si	4	16,67%
Non	20	83,33%
Total	24	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	1	25%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	2	50%
Ámbito dos medios	0	0%
Ámbito psicológico	0	0%
Ámbito sociolóxico	1	25%
Outros ámbitos	0	0%
Total	4	100%


9.4. Fontes do movemento asociativo de mulleres

A presenza de fontes procedentes do movemento asociativo de mulleres, no sentido estrito, é nula. Iso non quere dicir que non haxa fontes de tipo oficial –avogada das vítimas– ou do eido sociolóxico –observatorio– nos relatos analizados que teñan relación dalgunha caste con este movemento asociativo.


9.5. Fontes testemuñais

Resulta especialmente grave o abuso –en número e tamén na súa cualidade– das fontes testemuñais, que non achegan datos relevantes e mesmo dan entrada á linguaxe sexista e a elementos xustificadores da violencia de xénero –*Deteñen un empresario ourensán...*, do 19 de setembro, ou *Tentativa de malos tratos en Cotobade*, do 5 de setembro–, fenómeno contra o que tamén prevén a Declaración de Compostela. No primeiro dos casos, un amigo do empresario detido por abusar sexualmente da súa filla, discapacitada física e psíquica, confesa que lle resulta “incríbel” que “un señor, un señor” –reitera– como o acusado “se rebaxe” a ter contacto sexual “cunha inútil” física e psíquica. No segundo exemplo, un veciño asegura que “non era a primeira vez” que o presunto agresor agredía á súa parella, e que o excesivo consumo de alcohol podería ser a causa –elemento xustificador– dese comportamento violento. Cómpre lembrar aquí, como vimos no primeiro apartado, que a violencia de xénero nin é un asunto privado nin se pode explicar atendendo ás circunstancias particulares dos seus protagonistas.

Este tipo de fontes aparecen nun 54% das informacións, ás veces de xeito múltiple e case sempre sen ningún valor informativo. Pertencen, no 32% dos casos, á veciñanza, estivesen ou non presentes no momento no que aconteceron os feitos e teñan ou non relación directa cos protagonistas. A continuación, nun 26% das ocasións, son consultados amigos ou familiares dos suxeitos da información, ás veces diante da cámara e outras conservando o seu anonimato. Por último, cun 21% cada un, agresor e vítima. Neste caso, por razóns distintas en cada caso pero obvias igualmente, nunca se trata de entrevistas diante da cámara senón de conversas co xornalista ou de declaracións realizadas perante o xuíz e filtradas aos medios de comunicación.




PRESENZA DE FONTES TESTEMUNHAIS		
Si	13	54%
Non	11	46%
Total	24	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUNHAIS		
Agredida(s)	4	21%
Agresor(es)	4	21%
Familiares e amizades	5	26%
Veciñanza	6	32%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Total	19	100%

9.6. Outras fontes

As outras fontes que aparecen de xeito explícito nas noticias (8%) están relacionadas, nos dous casos, cos escenarios da violencia. Trátase da propietaria da finca onde apareceu un cadáver –*Novo caso de violencia sexista en Madrid*, do 16 de setembro– e a propietaria do bar onde a policía detivo ao ourensán acusado de abusar sexualmente da súa filla –*Deteñen un empresario...*, do 19 de setembro–.



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
Si	2	8%
Non	22	92%
Total	24	100%

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

A información útil para as mulleres afectadas pola violencia de xénero, isto é, os recursos dos que dispoñen para afrontar a súa situación, debera estar presente na mostra de seguírense as indicacións da *Declaración de Compostela*. Porén, ningunha das pezas analizadas inclúe esta caste de datos, nin sequera un número de teléfono de asistencia a mulleres que sofren violencia de xénero.


11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal

A identificación da violencia coma un feito paixonal, consideración que a distancia da percepción social do delicto e a vencella coa esfera do privado, é un dos estereotipos máis arraigados no tratamento informativo da violencia de xénero. Porén, na mostra analizada non se detectou ningún caso.

11.2. Culpabilización da vítima


Non se pode dicir o mesmo da culpabilización da vítima, do que a mostra recolle un caso. Acontece nunha información do 13 de setembro –*O fiscal pide 14 anos para un presunto violador de Pontareas*–, cando o xornalista reproduce a declaración do acusado perante o xuíz e a pasaxe na que aquel responsabiliza á vítima de consumir cocaína, beber alcohol e finalmente aceptar manter relacións sexuais con el. Á presunta agredida, que declara por tras dun biombo, non se lle concede a mesma atención.



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
Si	1	4%
Non	23	96%
Total	24	100%

11.3. Xustificación do agresor


Como sinalabamos no apartado número catro, referido ao compromiso das e dos xornalistas na denuncia da violencia de xénero, ningunha das informacións estudadas reúne as características para ser cualificada de “xustificadora”. Porén, o que si aparecen son “elementos xustificadores” no 17% dos casos, decote introducidos no relato na voz das fontes testemuñais, portadoras tamén de actitudes e léxico sexistas.



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	4	17%
Non	20	83%
Total	24	100%

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras


Agás no caso esmentado do presunto violador de Ponteareas e na declaración no xulgado do médico de Caldas acusado de abusar sexualmente dunha paciente –di que a muller padece depresión e iso lle fixo confundir realidade e ficción–, as circunstancias “xustificadores” insírense no relato da man das fontes testemuñais, que dun xeito máis ou menos consciente e/ou deliberado propoñen o consumo excesivo de alcohol (75%) ou hipotéticas patoloxías psíquicas (25%) –non diagnosticadas, isto é tamén importante– como desencadeantes da violencia de xénero.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS "XUSTIFICADORAS"		
Alcohol e outras drogas	3	75%
Problemas mentais	1	25%
Influencia do ambiente	0	0%
Ciumes	0	0%
Outros	0	0%
Total	4	100%

11.5. Presenza de axencia feminina

A axencia feminina, o reverso da vitimización e a representación do rol feminino como rol pasivo, aparece só no 42% das informacións. Para mellor valorar este índice cómpre suñir que a axencia feminina foi definida, nos criterios marco establecidos para esta investigación, no sentido amplo. Quere isto dicir que consideramos axencia feminina casos tan diferentes entre si como os seguintes: a vítima intenta fuxir –*Dous axentes que non estaban de servizo detiveron un home...*, do 5 de setembro–, a vítima presenta un recurso de casación –*Sae á rúa o violador do Vall d'Hebron despois de 16 anos na cadea*, do 20 de setembro– ou a vítima revela o abuso sexual que está a padecer e desencadea a detención do suposto agresor –*Deteñen un empresario ourensán acusado de abusar da súa filla*, do 19 de setembro–, por citar só tres exemplos.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
Si	10	42%
Non	14	58%
Total	24	100%

11.6. Linguaxe sexista

Alén do uso do masculino xenérico, do que se poden detectar varios casos na mostra, destaca o emprego de expresións explicitamente sexistas nun medio de comunicación público. Así, nunha información do 20 de setembro –*Detido o sospeitoso do asasinato dunha prostituta en Sober*–, un dos veciños entrevistados refírese á vítima como “fulana”. A continuación, o xornalista revela que, “segundo fontes da investigación, o acusado solicitara en reiteradas ocasións os servizos da muller durante os últimos anos”, descrición que encobre de novo, como acontece en xeral coa violencia de xénero, o carácter estrutural da violencia-prostitución. Nin este nin os que foron debullados en apartados anteriores –*Deteñen un empresario ourensán...* e *Buscan o dono da vivenda de Sober...*, ambas as dúas do 19 de setembro– son os únicos casos.

RADIO GALEGA

Crónica das dúas


Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

No mes de setembro, o programa Crónica das Dúas da radio pública galega só emitiu seis informacións relativas a casos de violencia contra a muller –catro veces menos que a TVG–, e ningunha delas foi contextualizada como un fenómeno de violencia de xénero. Nin nos casos de morte por causas descoñecidas –vítimas adultas, non prostituídas e sen relación familiar e/ou de parella co agresor, isto é, casos non incluídos no resto das categorías establecidas para esta investigación–, os máis abondosos, nin nos outros de violencia doméstica, abuso sexual, violencia contra as nenas ou prostitución –non hai acoso laboral na mostra– se cumpre coa recomendación da *Declaración de Compostela* nin se explica a problemática de fondo. Deste xeito, transmítese o acontecido como un problema particular dos suxeitos implicados e non como unha manifestación do sometemento do rol feminino ao masculino.

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN

As mortes violentas, como se dixo máis arriba, son as máis numerosas nas pezas analizadas e representan o 32% do total. Fóra diso, hai un caso de abuso sexual (17%), outro de violencia no ámbito da parella (17%), outro vencellado á prostitución (17%) e por último un (17%) no que a violencia é exercida contra as nenas.



TIPOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Abusos sexuais	1	17%
Acoso laboral	0	0%
Prostitución	1	17%
Violencia contra as nenas	1	17%
Violencia doméstica	1	17%
Outras	2	32%
Total	6	100%

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E A DIGNIDADE DAS PERSOAS

Como acontecía co discurso informativo de TVG, no que porén si había varios casos nos que se empregaba a expresión “violencia de xénero” ou afíns, en Radio Galega tampouco atopamos a valorización do problema que propón a Declaración de Compostela. Ningunha das pezas estudadas lle dá ao fenómeno a consideración de violación dos dereitos humanos e atentado contra a liberdade e dignidade das persoas.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

O posicionamento dos xornalistas de Radio Galega –se é que se pode atribuír exclusivamente aos profesionais o posicionamento das súas informacións– é totalmente neutro nas seis pezas analizadas. Malia a que entran en xogo, como no caso de TVG, circunstancias e axentes “lexitimadores” alleos á produción da noticia –sentenzas, detencións, etc...–, os textos non arriscan valoracións morais ou políticas sobre os feitos, sen que iso signifique que poidan virar xustificadores. En realidade, a presenza de elementos xustificadores na periferia do relato –fontes testemuñais, por exemplo– é exactamente a mesma que no caso de TVG (17%), como veremos máis adiante.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada

Dúas noticias, o 33% das analizadas –*O presunto autor do ‘crime do bidón’ pasou a disposición xudicial...*, do 2 de setembro, e *A Garda Civil busca ao propietario dunha vivenda de Sober...*, do 19 de setembro, foron portada do informativo. O resto


repártense entre os dous grandes blocos de información xeral do programa, que van antes e despois dos titulares das 14.30 horas.



PRESENZA NOS TITULARES		
Si	2	33%
Non	4	67%
Total	6	100%

5.2. Sección ou bloco temático no que aparece a información


Canto á sección, como acontecía con TVG, non é doado diferenciar blocos temáticos no informativo do mediodía de Radio Galega. Porén, atendendo aos mesmos criterios –presentación, xénero e contigüidade– podemos determinar que o 67% leva a consideración de Sucesos, o 16,5% enmárcase en Galicia –“O presunto autor do ‘crime do bidón’...”, do 2 de setembro– e outro 16,5% vai inserido na área de información de ámbito estatal –“Sae da cadea o coñecido como ‘violador de Vall d'Hebron’”, do día 22.



SECCIÓN DO PROGRAMA		
Galicia	1	16,5%
Comunicación	0	0%
Sucesos	4	67%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Sociedade	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	1	16,5%
Internacional	0	0%
Local	0	0%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
Total	6	100%

5.3. Espazo ou duración

A duración media destas informacións é de 43,6 segundos, xa que a inmensa maioría das pezas (67%) dura entre medio minuto e un minuto. Por debaixo, os 18 segundos dedicados á investigación sobre o crime de Sober –19 de setembro–, e por enriba, os 110 segundos que mereceu a xuízo da Radio Galega a saída da cadea do “violador de Vall d’Hebron”, condeado por 40 agresións sexuais, 16 delas probadas.



DURACIÓN DA INFORMACIÓN EN SEGUNDOS		
Menos de 30 segundos	1	16,5%
Entre 30 e 60 segundos	4	67%
Máis de 60 segundos	1	16,5%
Total	6	100%

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO


6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

Excluídas as valoracións e os efectos, o único sinal de morbo ou dramatismo nos textos é o vicio do detalle. No caso das dúas informacións sobre o chamado “crime do bidón”, emitidas os días 1 e 2 de setembro, reitérase que o corpo da vítima foi despezado e logo queimado, e que iso é cualificado pola acusación como un intento de destruír as probas. Algo semellante acontece o día 19 de novembro –*A Garda Civil busca ao propietario dunha vivenda de Sober...*– cando se precisa que o cadáver foi atopado nunha corte e que podía levar varios días alí.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor


Todas as informacións obvian a identificación social do agresor ou dos agresores, e a metade delas tampouco fornece datos sobre a súa identidade persoal. Con todo, hai dous casos nos que se manexan datos significativos –o presunto autor do “crime do bidón”, unha vez que pasa a disposición xudicial, e o presunto autor do crime de Sober, que está a ser buscado pola Garda Civil logo de que aparecese un cadáver na súa casa– e un no que a identificación é completa. Este último suposto resérvase ao “violador de Vall d’Hebron”, que xa cumpriu condena.



IDENTIFICACIÓN DO(S) AGRESOR(ES)		
Evítase	3	50%
Datos significativos	2	33%
Directa	1	17%
Total	6	100%

7.2. Identificación da vítima

No 67% dos casos evítase a identificación da vítima, que só se dá –directa (16,5%) ou a través de datos significativos (16,5%)– nos casos de asasinato.



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	1	16,5%
Directa	1	16,5%
Evítase	4	67%
Total	6	100%

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva dende a que se elabora a información

A maioría das informacións (83%) adoptan o modelo da crónica negra, e só unha (17%), con motivo da saída do cárcere do “violador do Vall d’Hebron”, pódese considerar consonte a un enfoque legal. Isto é así porque a peza, sen saír do xénero da noticia, vén a dar voz ao debate arredor da posibilidade de aplicar a doutrina Parot e analiza, aínda que superficialmente, cales poderían ser as consecuencias desta medida, encamiñada en principio a que este individuo pase máis anos na cadea.



PERSPECTIVA DA INFORMACIÓN		
Crónica negra	5	83%
Crónica xudicial	0	0%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	1	17%
Política	0	0%
Social	0	0%
Total	6	100%


8.2. Xénero utilizado

Como se adiantou no apartado anterior, o único xénero xornalístico empregado é a noticia, aínda que a profundidade con que este código é aplicado varía entre uns casos e outros, sobre todo a través da multiplicación e diversificación das fontes.

8.3. Orientación da información cara ao acontecemento ou cara ao tema

Consonte a todo o anterior, o tratamento gravita sempre (83%) sobre o acontecemento agás no caso do “violador de Vall d’Hebron”, a súa saída do cárcere e as posibilidades legais de demorar a súa posta en liberdade sen lexitimar, de facto, a cadea perpetua. A introdución de fontes expertas, fontes do movemento asociativo de mulleres –Federación de Mulleres Progresistas– e outras fontes do ámbito xudicial –Xuíces para

a Democracia–, no marco da información máis longa da mostra –110 segundos, máis do dobre da duración media– permiten envorcar a perspectiva cara ao tema sen por iso rebordar os límites establecidos para o xénero xornalístico da noticia.




ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	5	83%
Orientada ao tema	1	17%
Total	6	100%

8.4. Análise das causas, os antecedentes e as consecuencias


Obviamente, nun escenario como o debuxado até este momento, onde son hexemónicas a noticia, o acontecemento e a crónica negra ou de sucesos, onde a problemática de xénero non é contextualizada na súa dimensión estrutural, a exploración das causas –sequera hipotéticas– está completamente ausente. Non así, porén, os antecedentes. Este son unhas veces penais –condea ao “violador de Vall d’Hebron–, outras policiais –sinálase se o agresor tiña ou non antecedentes– e outras persoais, é dicir, feitos anteriores relacionados co agresor e/ou coa vítima que podían, aos ollos dunha fonte testemuñal, facer previsíbel o acontecido.

A análise das consecuencias, porén, non é tan exhaustiva. Ben ao contrario, límitase ao caso da hipotética aplicación da doutrina Parot esmentada máis arriba. Ao ocuparse soamente de agresións con resultado de morte –á parte da liberación do “violador do Vall d’Hebron” e da secuestro de dúas nenas británicas–, o informativo

evita ter que informar das secuelas que lle poden quedar ás vítimas. Porén, malia a que podería facelo, non explica cales serían as consecuencias para os agresores.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
Si	4	67%
Non	2	33%
Total	6	100%



ANÁLISE DAS CONSECUENCIAS		
Si	1	17%
Non	5	83%
Total	6	100%


9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes

A media de fontes empregada polas noticias da mostra é de 2,5 fontes de información, aínda que unha terceira parte delas só presentan unha, sempre oficial. Na beira contraria, o debate sobre a doutrina Parot emprega seis, oficiais e non oficiais.

9.2. Fontes oficiais


As fontes oficiais están presentes en todas as pezas analizadas e ás veces como única voz, entre outras cousas porque este tipo de persoas e/ou institucións están na base da crónica negra ou de sucesos, produto decote de filtracións interesadas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou dos funcionarios da Administración de Xustiza.



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	5	83%
Fontes xudiciais	1	17%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	0	0%
Goberno local	0	0%
Total	6	100%

9.2. Fontes expertas

A presenza das fontes expertas é moi escasa. Os xornalistas só acoden a elas para contrastar as consecuencias dunha hipotética aplicación da doutrina Parot no caso do “violador de Vall d’Hebron”. Isto só representa un 17% do total e atende a unha soa das posibilidades da información especializada: a do ámbito legal.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
Si	1	17%
Non	5	83%
Total	6	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	1	100%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	0	0%
Ámbito dos medios	0	0%
Ámbito psicolóxico	0	0%
Ámbito sociolóxico	0	0%
Outros ámbitos	0	0%
Total	1	100%

9.3. Fontes do movemento asociativo de mulleres

O recurso ao movemento asociativo de mulleres tamén é moi precario. Outra volta é o relato da saída da cadea do “violador de Vall d’Hebron”, construído sobre a inseguridade das vítimas e as posibilidades de demorar a súa liberación mediante a aplicación da doutrina Parot, a que dá voz a unha representante da Federación de Mulleres Progresistas. É a única vez (17%) que aparece unha fonte deste tipo.




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO DE MULLERES		
Si	1	17%
Non	5	83%
Total	6	100%


9.4. Fontes testemuñais

A presenza de fontes testemuñais, ás que podemos cualificar como innecesarias para a información logo dunha análise pormenorizada, é sensibelmente maior que a de fontes expertas ou do movemento asociativo. Aparecen no 33% das informacións e

proceden unicamente de dous colectivos, o de familiares e amigos dos implicados (75%) e da súa veciñanza (25%).




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
Si	2	33%
Non	4	67%
Total	6	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agredida(s)	0	0%
Agresor(es)	0	0%
Familiares e amizades	3	75%
Veciñanza	1	25%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Total	4	100%

9.6. Outras fontes

Só hai unha (17%), de novo na información sobre o “violador do Vall d’Hebron”, e pertence á asociación Xuíces para a democracia.



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
Si	1	17%
Non	5	83%
Total	6	100%

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

Como acontece no caso da televisión pública galega, ningunha das informacións analizadas de Radio Galega refire información útil e de servizo –teléfonos de asistencia, centros de axuda, etc...– para as mulleres que son obxecto de violencia de xénero.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal


Non se dá na mostra.

11.2. Culpabilización da vítima

No se dá, explicitamente, nas noticias estudadas.


11.3. Xustificación do agresor

Unha información sobre o crime de Sober, do 19 de setembro, fai referencia a unha hipotética patoloxía psíquica non diagnosticada como un dos elementos que poden explicar o acontecido.



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	1	17%
Non	5	83%
Total	6	100%

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS “XUSTIFICADORAS”		
Alcohol e outras drogas	0	0%
Problemas mentais	1	100%
Influencia do ambiente	0	0%
Ciumes	0	0%
Outros	0	0%
Total	1	100%

11.5. Presenza de axencia feminina

Non existe. A muller sempre aparece como suxeito pasivo e vítima da violencia.

11.6. Linguaxe sexista

Non aparecen casos de utilización explícita de expresións sexistas, aínda que si é o frecuente o uso do masculino xenérico.


RADIOVOZ

RadioVoz Noticias

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Nas pezas analizadas de Radio Voz a palabra violencia sempre vai relacionada coas noticias sobre violencia no ámbito da parella. Non se aplica violencia de xénero nos casos de abusos e agresións sexuais. Non obstante, non en todas as informacións sobre violencia no ámbito da parella aparece a denominación de violencia. As informacións máis curtas adoitan ser meros relatos dun suceso. Das cinco informacións nas que está presente o concepto violencia, catro son noticias e unha reportaxe. Na reportaxe aparece repetidas veces o concepto violencia de xénero, ademais de violencia doméstica e violencia machista.




PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	4	67
NON	2	33
	7	100

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN

A maioría das informacións son sobre violencia no ámbito da parella. Hai unha noticia breve, a modo de suceso, sobre un caso de violacións en A Coruña. Esta información dura menos de 30 segundos. O resto das informacións tratan casos concretos de denuncias de mulleres vítimas de malos tratos. Unha das pezas informativas, a modo de reportaxe, da unha información ampla sobre o fenómeno da

violencia no ámbito da parella en Galicia (mulleres mortas este ano, declaracións de fontes de información).




VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	1	17
Violencia no ámbito da parella	5	83
	6	100,00

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

Ningunha das informacións di directamente que a violencia de xénero sexa unha violación dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e dignidade das persoas. A maioría son novas que contan un suceso. Non obstante, hai que referirse que na reportaxe na que se fai un balance da situación en Galicia hai unha denuncia implícita. Esta idea conséguese con expresións como: “*Denuncia Elisa Balboa cuando enumera alguno de los puntos que hay que seguir trabajando para erradicar esta lacra*

social”, “La pregunta a día de hoy sigue siendo hasta cuando habrá que aguantar esta sin razón”.




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	1	17
NON	5	83
	6	100

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

O apartado sobre o compromiso do/a xornalista vencéllese directamente co anterior. As cinco noticias dan unha información neutra, na que non se albisca nin condena nin xustificación por parte do locutor/a. Ademáis son informacións que non se sabe se fixo o propio locutor/a ou un redactor/a. Todo o contrario pasa coa reportaxe que está asinada e vese un posicionamento por parte da xornalista, condenando a violencia de xénero. Exemplo diso son frases como “*El primer semestre del año se cierra en Galicia negativamente cinco mujeres han sido asesinadas, cinco familias han sido destrozadas y un número imposible de contabilizar siguen sufriendo malos tratos en su propio hogar. Continúan temiendo al hombre del que un día estaban enamoradas*”.

Polo tanto, non hai unha condena da violencia de xénero, se non que se dedican a información sobre casos concretos do feito. Aínda así hai pezas informativas excepcionais que se posicionan contra a violencia machista.



POSICIONAMENTO CARA A VIOLENCIA DE XÉNERO		
XUSTIFICADOR	0	0
NEUTRO	5	83
CONDENATORIO	1	17
	6	100

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada


Os resumos informativos que comezan o boletín informativo en Radio Voz soen ser breves e dedicarse á política. Ningunha das novas analizadas foi anticipada ao principio do noticiario. Polo tanto, a violencia de xénero non se considera coa suficiente relevancia como para abrir os informativos.



PRESENZA EN PORTADA		
SI	0	0
NON	6	100
	6	100,00

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información

No boletín informativo de ‘Radio Voz’ non hai unha delimitación clara en seccións, a excepción do noticiario local. Dentro do noticiario, o locutor/a da paso as informacións introducindoos con retrosos como “e na economía”, “ e na crónica internacional”. Ademais a meirande parte das noticias tratadas son do ámbito galego. As informacións sobre España ou o mundo límitase a unha poucas. Parece que a radio busca dar informacións de proximidade para o/a oínte. Segundo isto, as noticias sobre violencia de xénero son maioritariamente referidas a Galicia.



SECCIÓN		
Estatal	1	17
Galicia	4	66
Local	1	17
	6	100,00

5.3. Espazo ou duración

A duración é tamén limitada destas informacións. Volve a destacar positivamente a reportaxe de balance da situación en setembro. Esta peza ten unha

duración duns 180 segundos. Como se pode ver no cadro, o resto das informacións non chegan a o medio minuto.

DURACIÓN		
Menos 30 s	4	77,42
Menos 60 s	1	11,29
Máis de 100 s	1	11,29
	6	100,00

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO


6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Como se explicou anteriormente a maioría das pezas son breves e informativas polo que non fan descrições. Só dan unha información de casos concretos. Aínda así a reportaxe, á que xa se fixo referencia anteriormente, si que cae no dramatismo ao final da locución. Nesta información utilízanse músicas de fondo para suxerir tristeza. A peza comeza coa frase: *“Rabia, dolor, vergüenza, culpabilidad, son algunos de los sentimientos de las mujeres que sufren malos tratos”*. E nas últimas liñas destacan frases como *“la problemática no es marginal, no se da en malas familias ni en malos barrios. No es propio sólo del rural ni personas mayores”* ou *“continúan temiendo al hombre del que un día estaban enamoradas”*.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1 Identificación do agresor

Na maioría das informacións se identifica ao agresor con nome e apelidos. Nalgún dos casos identifícase con algunha particularidade como o lugar onde vive ou a súa nacionalidade. Así nunha noticia sobre unha agresión na cidade de Vigo, explíciase que foi no barrio de Coia e que o veciño era de nacionalidade australiana. Non obstante, non hai unha identificación do agresor pola súa clase social.




O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	3	50
NON	3	50
	6	100,00

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0
Clase baixa	0	0
Clase media	0	0
Non aparece	6	100
	6	100,00

7.2 Identificación da vítima

Nas informacións nas que hai unha morte identifícase á vítima. En casos de abusos sexuais evítase. E danse datos significativos nas novas sobre agresións como a cidade ou o barrio onde ocorreu.




IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	1	17
Directa	3	50
Evítase	2	33
	6	100,00

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información


A maioría das informacións trátanse como sucesos. Só na reportaxe enfócase como unha problemática social máis ampla que ten que ser analizada.



PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Sucesos	5	83
Social	1	17
	6	100,00

8.2. Xénero utilizado


A maioría das informacións son noticias breves. Só hai un caso de reportaxe que contextualiza a problemática da violencia de xénero.



XÉNERO		
Noticia	5	83
Reportaxe	1	17
	6	100,00

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

Como resultado de todo o dito anteriormente, ocorre que a meirande parte das informacións son noticias que saen a raíz dun acontecemento e só hai unha máis ampla que fai un percorrido polo tema da violencia de xénero.




ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	5	83
Ao tema	1	17
	6	100,00

8.4. Sinatura


Fíxose mención anteriormente que as novas estaban na súa maioría explicadas por un/unha locutora polo que non se coñece se as pezas son súas ou escritas por outro/a redactor/a. Na reportaxe hai a sinatura explícita dunha redactora, xa que se di o seu nome e ela mesma locuta a información.

SINATURA		
Redacción ou similar	5	83
Sinatura do/a autor/a	1	17
	6	100,00



8.5. Análise das causas, os antecedentes e as consecuencias

En ningunha das cinco noticias se fai unha análise das causas porque tratan de casos concretos de violencia de xénero. Na reportaxe hai un intento de acercarse á problemática. Na reportaxe faise tamén un análise dos antecedentes. Así compáranse cifras sobre vítimas de violencia de xénero do presente ano e do anterior, por exemplo. Polo tanto, tamén é esta a única peza que fai referencia ás consecuencias do problema. Non hai ningún seguimento dos casos de violencia de xénero.



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	1	17
NON	5	83
	6	100,00


9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes

Das informacións de Radio Voz só a reportaxe aporta diferentes fontes de información. Por unha parte, unha fonte oficial do Goberno da Xunta. E, por outro, unha fonte do movemento social. Non hai ningunha fonte experta consultada.

9.2. Fontes oficiais

A única fonte oficial consultada é a Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Esta fonte só aparece nunha información.



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	1	17
NON	5	83
	6	100,00

PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Goberno autonómico	1	100,00
	1	100,00

9.3. Fontes expertas

Non hai ningunha fonte experta consultada.

9.4. Fontes do movemento asociativo

Na única información con fontes de información tamén está a voz do movemento asociativo.

PROCEDENCIA DE FONTES ASOCIATIVAS		
SOCIAIS	1	100,00
	1	100,00

9.5. Fontes testemuñais

Non hai ningunha fonte testemuña.

9.6. Outras Fontes

Na única noticia con fontes de información tamén se recolle a voz da oposición mediante Susana López Abella, deputada do Partido Popular.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

Non hai ningunha información de servizo nas noticias analizadas.

INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	0	0
NON	7	100,00
	7	100,00

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

En ningunha das información presentadas hai estereotipos, prexuízos nin tópicos sobre a violencia de xénero. Polo contrario, inténtase na reportaxe desmentir crenzas como que é unha situación só dalgunhas clases sociais.

“La problemática no es marginal, no se da en malas familias ni en malos barrios. No es propio sólo del rural ni personas mayores. La violencia de género es una triste realidad que se encuentra también en clases altas y parejas con estudio”.


Pero tampouco hai ningunha información na que as mulleres aparezan como activas. O normal é que aparezan cualificadas como “víctimas”.

GALICIA HOXE

Setembro de 2007


1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

No 70,59% das informacións, o xornal *Galicia Hoxe* utiliza conceptos aleatorios para referirse a actos de violencia contra as mulleres. Este diario non utiliza nunca o concepto “violencia de xénero”, e tende a xeneralizar o de “violencia doméstica”. Só se constatou un caso no que aparece o concepto “violencia sexista”. Dáse así mesmo un caso encabezado polo xenérico “violencia”, sen expresión explicativa que apunte cara á problemática específica. O medio non explica en que consiste a violencia de xénero, nin contextualiza para subliñar as relacións desiguais entre homes e mulleres.




PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	5	29,41%
NON	12	70,59%
	17	100%

A opción conceptual que fai este xornal exclúe sempre a expresión “violencia de xénero” para substituíla de forma habitual pola de “violencia doméstica”, concepto afin, pero non totalmente equivalente cuxo emprego sistemático conleva unha visión reduccionista da problemática complexa e heteroxénea que nos ocupa.



CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
Violencia doméstica	3	75%
Violencia familiar	0	0%
Violencia de xénero	0	0%
Violencia contra as mulleres	0	0%
Violencia sexista	1	25%
Violencia masculina	0	0%
Outras	0	0%
	4	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	2	11,76%
Acoso laboral	0	0%
Prostitución	0	0%
Violencia contra as nenas	3	17,64%
Violencia doméstica e no ámbito da parella	10	58,82%
Outras	2	11,76%
	17	100%

Das dezasete informacións recollidas e analizadas, dúas focalizan abusos e agresións sexuais (11,76%), tres refiren feitos de violencia contra as nenas (17,64%) e dez teñen que ver coa violencia doméstica e no ámbito da parella (58,82%). O apartado de “Outras”, que representa un 11,76% do total, recolle dúas informacións referidas, respectivamente, ao asesoramento dos xuíces para a toma de medidas de protección e á aprobación por parte do Goberno do Estado de novos xulgados, o que significa que ambas abranguen todo o abano de posibilidades tipolóxicas.


O predominio do tipo da violencia doméstica e no ámbito da parella está en relación directamente proporcional á conceptualización simplificadora que o xornal *Galicia Hoxe* fai da violencia contra as mulleres e que xa foi apuntada máis arriba.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Si	0	0%
Non	17	100%
Total	17	100%

En ningún dos casos rexistrados aparece a identificación da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos e atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas. A ausencia deste tipo de contextualización remarca unha estrutura de suceso ou crónica negra que non vai nunca máis alá do feito violento. Trátase, en definitiva, dun modelo de xornalismo non comprometido.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	0	0%
Neutro	14	82,35%
Condenatorio	3	17,64%
Total	17	100%

A neutralidade na descrición dos actos de violencia (82,35%) é a actitude habitual que amosan os redactores das novas analizadas. Só en tres casos (17,64%) se albisca un posicionamento condenatorio. Casa isto coa maneira meramente fáctica de concebir agresións desta natureza, sen ter en conta que poden e deben ser entendidas como unha violación dos dereitos humanos, como xa quedou reflectido no punto anterior. Non cabe a neutralidade ante este tipo de transgresións, tal e como o expresa o apartado 4 da Declaración de Compostela, esixindo de medios e xornalistas un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN


5.1. Presenza en portada



PRESENZA EN PORTADA		
SI	1	5,88%
NON	16	94,12%
	17	100%

De atérmonos á importancia que se lle dá ao emprazamento da noticia na superficie redaccional do xornal, é preciso subliñar a práctica ausencia de chamadas na portada –unha das dezasete novas seleccionadas–. O 94,12% aparecen en páxinas interiores. Paga a pena facer mención explícita da única información que foi considerada merecedora de ocupar un espazo na portada do diario. Trátase dun informe publicado o 3 de setembro –*1.410 galegos vítimas da violencia doméstica*– que ten no Ministerio do Interior a súa fonte principal e que dictamina que “Galicia é a cuarta comunidade na que se denuncian máis casos de malos tratos no eido familiar contra un home”. Que, pola contra, das dezaseis noticias restantes, todas casos de violencia contra unha ou máis mulleres relegados a espazos e formatos propios da crónica negra, ningunha obteña referencia na primeira páxina do xornal sitúa á problemática real nun segundo plano e contribúe á creación dunha percepción social de falsa normalidade.


5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información



SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	0	0%
Galicia	0	0%
Internacional	0	0%
Local	0	0%
Sociedade	17	100%
Sucesos	0	0%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
	17	100%

Todas as informacións están localizadas nas páxinas que conforman a área ou sección de Sociedade, podendo visualizalas sempre no espazo destinado a Sucesos, para os que non existe unha sección específica neste xornal. Xa que logo, non é tratado este tipo específico de violencia como un problema social, tal e como demanda a Declaración de Compostela. O que se impón no xornal Galicia Hoxe é a crónica negra.


5.3. Espazo ou duración



ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	12	70,59%
De 11 a 25	4	23,53%
De 26 a 50	0	0%
Toda a páxina	1	5,88%
Máis dunha páxina	0	0%
	17	100%


O tamaño medio das informacións sobre violencia de xénero (o 70, 59% están encadradas nun espazo inferior a dez módulos) indica que o diario *Galicia Hoxe* prescinde de darlle carácter amarelista a este tipo de relatos. Só catro das dezasete pezas (23,53%) se achegan aos vintecinco módulos, e só unha ocupa toda a páxina.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	7	41,18%
NON	10	58,82%
	17	100%

É relativamente elevada a porcentaxe de novas que son presentadas con algunha ilustración (41,18%). Nalgúns casos, trátase de fotos de arquivo con sinatura procedente dunha axencia de noticias.



TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	7	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	7	100%

As fotos (sete) que aparecen ilustrando as informacións sobre violencia de xénero ocupan espazos reducidos na maquetación. Son outro indicador máis da ausencia de valores sensacionalistas na presentación deste tipo de noticias. Non hai ningunha infografía, que soe ser máis habitual cando se trata de actos violentos cubertos non por axencia senón polos xornalistas da redacción do diario.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto


O xornal evita o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo no tratamento do texto, tal como recomenda o apartado 6 da Declaración de Compostela.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

O xornal evita o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo no tratamento das imaxes que ilustran as informacións sobre casos de violencia de xénero.


7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	6	35,29%
NON	11	64,71%
	17	100%


O agresor aparece identificado con nome e apelidos nun total de seis informacións, o que supón só o 35,29% dos casos recollidos e analizados. Chama a atención que a información relativa ao único caso que o Galicia Hoxe recolle de violencia exercida por unha muller contra un home –*Entra en prisión unha muller polo asasinato da súa parella en Cee*, do 15 de setembro–, que mesmo vén introducida pola etiqueta “violencia doméstica” (non ocorre cando a situación é a inversa), inclúa nome e apelidos tanto da agresora como do agredido, identificación que non adoita producirse cando se invirten os actores. No 64,71% das informacións apórtanse datos significativos citando aos agresores coas siglas dos seus nomes e apelidos.



IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase media	0	0%
Clase baixa	1	5,88%
Non aparece	16	94,11%
	17	100%

Agás nun caso, non se identifica socialmente ao agresor.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	3	17,65%
Directa	4	23,53%
Imaxe	1	5,88%
Evítase	9	52,94%
	17	100%


Polo xeral, o xornal respeta a intimidade da vítima, e garante o seu anonimato, absténdose de difundir datos que as poidan identificar. Porén, en catro das informacións explícitanse o nome e os apelidos das vítimas, o que vai en contra da recomendación da Declaración de Compostela. É especialmente significativo o caso dunha nena chinesa abandonada polo pai en Australia, da que se publica o seu rostro, pese a tratarse dunha menor de idade –*Tres países buscan aos pais desta cativa*, do 19 de setembro–.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información


A transversalidade de perspectivas é a que garante o tratamento en profundidade de realidades complexas como a da violencia contra as mulleres. Enfocar este problema social desde unha única perspectiva, como se deduce do 70,59% das informacións analizadas, a do suceso, é sometelo a un proceso de simplificación e de baleirado de

sentido. Incúmprese así o apartado 8 da Declaración de Compostela cando subliña a necesidade dun tratamento especializado da violencia de xénero, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontar eses actos de violencia con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).



PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	12	70,59%
Crónica xudicial	0	0%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	1	5,88%
Política	0	0%
Social	0	0%
Legal	3	17,65%
Científica	0	0%
Outras	1	5,88%
	17	100%

8.2. Xénero utilizado




XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	3	17,64%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	14	82,35%
Publirreportaxe	0	0%
Reportaxe	0	0%
Outros	0	0%
	17	100%

Os datos que se observan no gráfico de xéneros gardan relación directa coa reflexión inmediatamente anterior: a complexidade do fenómeno da violencia de xénero precisa ser abordada tanto dende a transversalidade de perspectivas como dende a pluralidade de formatos xenéricos á fin de informar sobre todos os factores que interveñen dunha maneira non simplificadora. Neste sentido, o amplo predominio do formato noticia (82,35%) vai en detrimento dun tratamento global da violencia de

xénero e subliña o recurso habitual á estrutura do formato suceso, que non permite mirar máis aló do feito concreto.

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema




ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	13	76,47%
Orientada ao tema	4	23,53%
	17	100%

En consonancia co reflectido nos dous puntos anteriores, a elaboración da información poucas veces se guía pola intención de afondar na análise do marco contextual no que xorde o feito violento e autolimita as súas posibilidades comunicativas ao centrarse unicamente na descrición do acontecemento concreto. Dos dezasete textos recollidos, só catro (23,53%) están orientados ao tema da violencia contra as mulleres, mentres que os trece restantes (76,47%) están orientados ao acontecemento.

8.4. Sinatura

O 64,71% das pezas recollidas e analizadas aparecen asinadas por axencias, porcentaxe que supera en moito o correspondente á presenza da sinatura do autor ou autora da información, un 11,76% do total. Evidénciase así o distanciamento do/a


xornalista respecto do problema da violencia de xénero, que no *Galicia Hoxe* recibe polo xeral un tratamento aséptico que evita a implicación persoal, activa, de quen escribe.



SINATURA		
Axencias	11	64,71%
Redacción ou similar	1	5,88%
Sen asinar	3	17,65%
Sinatura do/a autor/a	2	11,76%
	17	100%


8.5. Análise das causas

A análise das causas que provocan a violencia de xénero só está presente en dúas das dezasete informacións rexistradas. Non aparece reflexión algunha sobre o contexto no que xorden os casos no 88,24% dos textos, porcentaxe moi elevada que volve subliñar o incumprimento reiterado que o xornal Galicia Hoxe fai das recomendacións da devandita Declaración de Compostela, en concreto do apartado 8, no que se indica que para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que existen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, se fai necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias.



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	2	11,76%
NON	15	88,24%
	17	100%

8.6. Análise dos antecedentes




ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	5	29,41%
NON	12	70,59%
	17	100%

Menciónanse até en cinco ocasións feitos que precederon ao acto agresor: denuncias interpostas con anterioridade pola vítima, o coñecemento dos achegados e veciños de pelexas frecuentes na parella, detencións previas do agresor por malos tratos, e mesmo unha orde de afastamento solicitada pola nai dun dos asasinados. Porén, só nun

caso se produce unha análise real –‘O violador’ saíu á rúa, do 23 de setembro–, e isto debido a que a información en cuestión está orientada ao tratamento da polémica xurdida a raíz do encarceramento do violador de Vall d’Hebron, agresor non rehabilitado, polo que a análise dos antecedentes se amosa imprescindible á hora de describir os termos en que está a darse o debate.


8.7. Análise das consecuencias



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	1	5,88%
NON	16	94,12%
	17	100%

É especialmente preocupante a estatística que se extrae neste apartado. Só unha das dezasete informacións recollidas reflicte unha análise das consecuencias, o que representa un 5,88% do total. Non se produce referencia algunha do mesmo tipo no 94,12% restante. Ese único caso, que refire de novo a polémica da reinserción de agresores non rehabilitados –23 de setembro–, é moi significativo: recolle as declaracións dunha das vítimas do violador de Vall d’Hebron, que denuncia a incoherencia do sistema legal vixente ao tempo que expresa o seu sentimento de dobre vexación, polo violador e pola xustiza. No mesmo texto recóllese tamén como consecuencia a alarma veciñal causada pola decisión xudicial.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	0	0%
NON	17	100%
	17	100%


Non se atopou ningunha información que fixera seguimento dos casos de violencia de xénero.

9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes


Se ben en dezaseis do total de dezasete informacións recollidas e analizadas a cantidade máxima de fontes de información é de dúas, sorprende a presenza de até cinco fontes na noticia xa antes referida que ten por titular '*O violador*' saíu á rúa. A elaboración desta información destaca non só por ser a única que dispón dunha páxina enteira, senón tamén por ofrecer unha análise transversal dos feitos que relata.

9.2. Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	13	76,47%
NON	4	23,53%
	17	100%


A presenza maioritaria de fontes oficiais nas informacións sobre violencia de xénero (76,47%) remarca a dependencia que das mesmas ten o xornal Galicia Hoxe, o que vai en demérito da súa credibilidade. Neste sentido, desoe as recomendacións da Declaración de Compostela que subliñan a esixencia de utilizar fontes diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente ás oficiais. Esa dependencia exclúe a participación de fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o acto de violencia en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar a vítima con posterioridade.




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	7	53,84%
Fontes xudiciais	0	0%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	4	30,76%
Goberno local	2	15,38%
Outras	0	0%
	13	100%

Como é habitual nos medios xornalísticos, a dependencia das fontes policiais marca a pauta nas trece informacións sobre violencia de xénero que ofrece o Galicia Hoxe, cun total de sete pezas que representan un elevado 53,84% do total. Pese a representar un 46,14% do total, os seis textos nos que se sinalan fontes do Goberno, estatal e local, en xeral refiren novas que teñen que ver co anuncio de medidas legais de prevención contra a violencia de xénero e non reflicten datos significativos sobre o tratamento informativo dos casos concretos deste tipo de violencia.

9.3. Fontes expertas




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	3	17,65%
NON	14	82,35%
	17	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	1	33,33%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	1	33,33%
Ámbito dos medios	0	0%
Ámbito psicológico	0	0%
Ámbito sociolóxico	0	0%
Outros ámbitos	1	33,33%
	3	100%

Constátase a escaseza das fontes expertas (só tres das pezas analizadas citan fontes expertas, representando un 17,65%), o que subliña aínda máis a dependencia das fontes oficiais. Confírmase así o baixo nivel de especialización (a posta en relación de coñecementos interdisciplinares) nas informacións recollidas.


9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	1	5,88%
NON	16	94,12%
	17	100%

En xeral, non é doado atopar nos medios informacións elaboradas contando co recurso a fontes do movemento asociativo de mulleres. O xornal Galicia Hoxe non é unha excepción, polo que é preocupante comprobar que só un dos dezasete rexistros inclúe a perspectiva dun grupo que realice un traballo específico no eido da violencia de xénero, a Federación de Asistencia a Mulleres Violadas. Fican excluídas dese 5,88% das informacións que citan fontes expertas desta procedencia as asociacións feministas de mulleres que actúan diariamente a pé de rúa polo desmantelamento a todos os niveis do androcentrismo radical que está na raíces da violencia machista e que constitúen un núcleo valioso de información.

9.5. Fontes testemuñais




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	3	17,65%
NON	14	82,35%
	17	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	0	0%
Agredida(s)	1	33,33%
Familiares e amigos	0	0%
Veciñanza	2	66,66%
Outras fontes	0	0%
	3	100%

O predominio da veciñanza (66,66%) como fonte de maior peso das consideradas como testemuñais é un dato preocupante. Obsérvase un apoio significativo nos testemuños de fontes espontáneas que non achegan datos relevantes para a información, o que incumpe as recomendacións do apartado 9 da Declaración de Compostela. Destaca a inclusión como fonte dunha das mulleres agredidas sexualmente polo violador de Vall d'Hebron. Como xa foi indicado con anterioridade, a noticia titulada '*O violador*' *saíu á rúa* caracterízase por un especial coidado das súas fontes, que son plurais e aparecen combinadas entre si.


9.6. Outras fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	3	17,65%
NON	14	82,35%
	17	100%

Tres (17,65%) das dezasete informacións analizadas citan outras fontes tales como a acusación particular dun caso xudicial ou medios locais que non aparecen especificados.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO



INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	0	0%
NON	17	100%
	17	100%

En claro incumprimento do apartado 10 da Declaración de Compostela, o xornal Galicia Hoxe non inclúe información útil e de servizo ás mulleres afectadas en ningunha das dezasete informacións sobre violencia de xénero que foron rexistradas. Fica así sen cobertura un dos obxectivos que deberan artellar todo exercicio xornalístico que trate esta problemática específica, isto é, explicar os recursos dos que dispoñen as agredidas –casas de acollida, asesoramento psicolóxico e xurídico, trámites xudiciais, axudas da administración...– para afrontar a súa situación con garantías e así conseguir superala.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal

Non se rexistra ningún caso de identificación da violencia de xénero como un feito paixonal.


11.2. Culpabilización da vítima

Non se rexistra ningún caso de culpabilización da vítima.

11.3. Xustificación do agresor

Non se rexistra ningún caso de xustificación do agresor.


11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	2	11,76%
Problemas mentais	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Ciúmes	0	0%
Outras	0	0%
Non aparecen	15	88,24%
	17	100%

O consumo de alcohol introdúcese informativamente como atenuante do acto violento en dúas (11,76%) das dezasete pezas analizadas, producíndose a naturalización falaz da asociación malos tratos-alcoholemia. A este respecto, cómpre atender ao artigo 11 da Declaración de Compostela, que sinala que medios e xornalistas deben evitar os estereotipos, prexuízos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres.

11.5. Presenza de axencia feminina




PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	4	23,53%
NON	13	76,47%
	17	100%

É alentador comprobar que un 23,53% das informacións ofrecidas polo Galicia Hoxe presentan á muller cun carácter activo e afrontando a situación como é o caso xa referido en máis ocasións da inclusión da visión persoal do conflito dunha das vítimas do violador de Vall d'Hebron, de quen mesmo se dan nome e apelidos debido a que

compareceu públicamente e sen tapuxos para denunciar o sentimento de maltrato institucional ao que se sentía sometida.

11.6. Aparición de linguaxe sexista



APARICIÓN DE LINGUAXE SEXISTA		
SI	3	17,65%
NON	14	82,35%
	17	100%

Advírtese a presenza de linguaxe sexista en polo menos tres (17,65%) das informacións do total rexistrado. En incumprimento reiterado da segunda parte do apartado 12 da Declaración de Compostela, os casos aquí existentes reforzan a dominación simbólica contra as mulleres. Obsérvanse usos sexistas como o emprego frecuente do masculino xenérico, presente en, por exemplo, “Os violadores de nenos condenados pola xustiza colombiana...”, onde “nenos” substitúe o termo real “nenas”, ou a substitución sistemática da palabra “muller” por “persoa”. É imperativo desbotar a linguaxe sexista dos relatos xornalísticos.


EL CORREO GALLEGO

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO



PRESENZA DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	9	39%
NON	14	61%
	23	100%




TERMOS USADOS PARA DEFINIR A VIOLENCIA DE XÉNERO		
Violencia de xénero	5	56%
Violencia doméstica	2	22%
Violencia masculina contra as mulleres	2	22%
	9	100%

Case nun 40% das informacións se lle dá nome á problemática –“violencia de xénero”– da que beben as diversas manifestacións da violencia masculina contra as mulleres. Aínda que “violencia de xénero” é o concepto máis usado para conceptualizar esta realidade social, tamén se bota man doutros, aínda que en menor medida –en concreto, “violencia doméstica” e “violencia masculina contra as mulleres”–.

O concepto “violencia de xénero” é empregado por *El Correo Gallego* na maior parte das ocasións para denominar a violencia masculina contra as mulleres que se produce no ámbito da parella. O xornal non contempla o uso deste termo ou dalgún equivalente para o caso das restantes manifestacións da violencia de xénero. Só se saen desta norma as informacións nas que se lles concede a verba á algunha asociación relacionada co apoio ou prevención deste tipo de violencia, e unicamente porque o redactor ou a redactora reflicte fidedignamente as súas declaracións –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de setembro–. Porén, non en todas as información referidas a violencia no ámbito da parella se emprega o termo violencia de xénero.

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	5	22%
Acoso laboral	0	0%
Violencia no ámbito da parella	11	48%
Prostitución	1	4%
Violencia contra as nenas	1	4%
Outras	5	22%
	23	100%

Como adoita ser habitual na meirande parte dos medios, a maioría das informacións sobre violencia de xénero visibilizan tan só unha manifestación moi concreta da mesma, a violencia no ámbito da parella (que centra o 48% das pezas estudadas), seguida dos abusos e agresións sexuais (o 22%). Contados son os casos nos que se fala das outras caras da violencia de xénero, como a prostitución ou a violencia contra as nenas. En ningunha información se aborda o acoso laboral ás mulleres. Os que categorizamos como Outros (que supoñen o 22% da información), son agresións de


homes contra mulleres nas que non queda claro a relación sentimental entre ambos os dous –*Un cadáver de mujer en un bidón*, do día 2 de setembro, por exemplo–.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Si	0	0%
Non	23	100%
	23	100%

Nas pezas analizadas nunca se identifica a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	3	13%
Neutro	14	61%
Condenatorio	6	26%
	23	100

A porcentaxe que predomina é a neutralidade. As pezas que, en certa medida, xustifican ao agresor, son a titulada *El Supremo rechaza absolver a un violador con trastorno antisocial* –do día 10 de setembro–, que ao noso entender xa toma partido desde a cabeceira; outra noticia na que se dá conta de como unha menor acusa a un

home de violala pero afirma que estivo tomando drogas con el –*Un rumano niega haber violado a una menor*, do día 14 de setembro– e, por último, unha información sobre un médico acusado de abusar dunha paciente, e na que se concede importante espazo ás declaracións do imputado nas que afirma que a muller padecía algún tipo de problemas psicolóxicos –*Una mujer afirma que su médico abusó de ella en el centro de salud*, do día 19 de setembro–.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada




PRESENZA EN PORTADA		
Si	1	4%
Non	22	96%
	23	100%

A única información que aparece en portada é a dunha muller que matou á súa parella, que foi incluída como violencia de xénero dado que ela denunciara con anterioridade malos tratos por parte do seu cónxuxe –*Una mujer mata en Cee a su compañero con un cuchillo*, do día 15 de setembro–. Obsérvase un afán de sensacionalismo canto que o merecente de destaque é o raro e o estraño –as agresións de homes a mans de mulleres, segundo amosan os datos estatísticos, prodúcense en porcentaxes moi baixas–. Isto, unido ao feito de que nas páxinas do xornal non se detecta unha vontade de explicar as causas reais da problemática da violencia de xénero, contribúe, ao noso entender, a xerar máis confusión entre os lectores e as lectoras. Deste xeito, difícultase a comprensión do que significa en si a violencia de xénero, como manifestación das relacións de poder desiguais na sociedade patriarcal, que sitúan á

muller no ámbito da discriminación e que perpetúan o recurso á violencia por parte dos homes como instrumento de dominio.

5.2. Sección




SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	0	0%
Galicia	0	0%
Internacional	0	0%
Local	1	4%
Sociedade	9	39%
Sucesos	13	57%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
	23	100%

El Correo Gallego agrupa a maioría das informacións sobre violencia de xénero na sección Sucesos (57%), o que concorda coa perspectiva maioritaria dende a que elaboran os textos. Non obstante, moitas das novas que se sitúan na sección de Sociedade –case a totalidade das pezas restantes, o 39%– poderían ter sido publicadas sen problema na anterior, xa que non se diferencian nin en contido nin en estrutura e a

orientación segue sendo a da crónica negra –*Fallece una mujer en Zaragoza tras ser apuñalada por su marido*, do 9 de setembro, por exemplo–.


5.3. Espazo



ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	12	52%
De 11 a 25	4	17%
De 26 a 50	5	22%
Máis dunha páxina	0	0%
Toda a páxina	2	9%
	23	100%

Predominan, como no resto dos xornais analizados, as pezas de pequeno tamaño –máis da metade, de feito, teñen unha extensión comprendida entre 1 e 10 módulos, o que adoita corresponderse con breves ou notas dunha columna de extensión como máximo–. Entre as informacións ás que se lles concede maior espazo, destacan dous casos que o xornal seguiu ao longo do tempo. Un deles é a liberación de José Rodríguez Salvador, violador múltiple, que xerou unha grande alarma social en todo o Estado –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de setembro, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do día 23 de setembro–. O outro é o denominado crime de Sober, que o xornal trata de xeito sensacionalista –*Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20 de setembro, e *El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, do día 26 de setembro–.

5.4. Presenza de ilustracións e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓNS		
Si	9	39%
Non	14	61%
	23	100%

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía/Retrato	9	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	9	100%

O acompañamento gráfico componse unicamente de fotografías –ás que o xornal adoita destinar, ademais, un espazo considerábel– ben do agresor, ben do lugar da agresión.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

O tratamento que *El Correo Gallego* lle dá á violencia de xénero tende ao emprego do morbo nas informacións. Ademais de enfocalas dende a perspectiva do suceso e do acontecemento luctuoso, o estilo empregado é por momentos moi sensacionalista. Reseñamos aquí encabezamentos como *Prisión para el descuartizador* –do día 3 de setembro–, o relato en detalle das feridas sufridas por unha muller agredida –*Detienen en Vigo a un australiano por presunta agresión a su esposa*, do día 12 de setembro, por exemplo– ou os comentarios lascivos denunciados, noutra información,


tamén por unha muller –*Una mujer afirma que su médico abusó de ella en el centro de salud*, do día 19 de setembro–.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

A única imaxe que sorprende pola súa crueza é aquela na que o elemento protagónico é un charco de sangue no lugar do asasinato dunha muller –*Fallece una mujer en Zaragoza tras ser apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro–.

7. DEREITO Á INTIMIDADE


7.1. Identificación do agresor



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
Si	4	17%
Non	19	83%
	23	100%

Nunca aparecen referencias á clase social do agresor. A súa identificación directa, con nomes e apelidos, dase en tres casos: José Rodríguez Salvador, o violador múltiple de Vall d'Hebron (en dúas ocasións) –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de setembro, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do día 23 de setembro–; Costal Stolan, acusado de abusar dunha menor –*Un rumano niega haber violado a una menor*, do día 14 de setembro–; e José Carnero, acusado polo asasinato dunha muller –*El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, do día 26 de setembro–. Os dous últimos destacan porque, noutras circunstancias similares, observamos que os agresores non son identificados de xeito directo. Percíbese, polo tanto, certa arbitrariedade a este respecto.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	5	22%
Directa	3	13%
Imaxe	0	0%
Evítase	15	65%
	23	100%

As identificacións directas das vítimas adoitan introducirse cando estas proveñen de ambientes marxinais (como no caso da muller asasinada en Sober que, ao parecer, se dedicaba á práctica da prostitución –nas xa citadas pezas dos días 20 e 26 de setembro–). Noutros casos, aparecen datos significativos, como as iniciais ou mesmo o nome completo e as iniciais dos apelidos, o que unido aos detalles sobre a rúa na que vivía a muller agredida pode levar a unha identificiación clara –*Fallece una mujer en Zaragoza...*, do día 9 de setembro, por exemplo–. Non obstante, polo xeral evítase este tipo de identificación. Isto cúmprese sempre no caso de mulleres menores de idade.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

Non se atoparon pezas interdisciplinares. Tres cuartas partes toman como perspectiva a crónica negra, o cal coincide co que vimos expondo ata o de agora. As dúas que se enfocan dende o ámbito legal refírense ao aumento das penas para agresores sexuais, e veñen dadas pola liberación de José Rodríguez Salvador –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de setembro, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do día 23 de setembro–. Só unha a categorizamos como política,

xa que trata sobre unha iniciativa do Concello de Santiago para proporcionar asistencia a mulleres que sofren maltrato ou ameazas –*Catorce mujeres maltratadas llevan telealarmas para casos de alto riesgo*, do día 11 de setembro–.




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Científica	0	0%
Crónica negra	17	74%
Crónica xudicial	3	13%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	2	9%
Política	1	4%
Outras	0	0%
Social	0	0%
	23	100%

8.2. Xénero utilizado


O xénero predominante é a noticia, presente no 78% dos textos analizados, o que, unido aos casos nos que se bota man de breves, fai que en case o 90% da información se utilicen formatos estritamente informativos, que se limitan a dar conta dos elementos básicos que conforman o acontecemento noticioso. As reportaxes veñen motivadas pola alarma social que causou a posta en liberdade de José Rodríguez Salvador –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de

setembro, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do día 23 de setembro– e o impacto do asasinato de Sober (ao que se lle dedican dúas reportaxes, con relato da vida do agresor incluído) –*Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20 de setembro, e *El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, do día 26 de setembro–. Así pois, non aparecen pezas que aproveiten os xéneros de análise ou opinión, senón aqueles máis próximos ao acontecemento de actualidade.



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	2	9%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	18	78%
Outros	0	0%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	3	13%
	23	100%


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	22	96%
Ao tema	1	4%
	23	100%

Só detectamos unha peza orientada ao tratamento da violencia de xénero como tema. Nela faise referencia a unha medida adoptada polo Concello de Santiago para protexer ás mulleres ameazadas. Porén, cómpre reseñar que a iniciativa de levar o tema á axenda mediática non parte do xornal, senón dunha rolda de prensa da concelleira de Benestar Social desa cidade –*Catorce mujeres maltratadas llevan telealarmas para casos de alto riesgo*, do día 11 de setembro–.


8.4. Sinatura



SINATURA		
Axencias	12	54%
Redacción ou similar	8	32%
Sen asinar	1	5%
Sinatura do/a autor/a	2	9%
	23	100%

A información sobre violencia de xénero de *El Correo Gallego* nítrese principalmente das axencias de prensa –dela beben directamente máis da metade das informacións–. O resto das pezas aparecen na súa meirande parte asinadas como redacción ou non asinadas. As informacións asinadas son aquelas nas que o traballo da ou do xornalista require unha maior elaboración, neste caso as reportaxes sobre o crime de Sober, coa sinatura A.A. –*Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20 de setembro, e *El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, do día 26 de setembro–.

8.5. Análise das causas




O único caso no que se apuntan as causas da problemática da violencia de xénero vén dado polas declaracións de Florentina Alarcón, presidenta da Asociación de Asistencia a Víctimas de Abusos Sexuais, cando di, ao respecto da liberación de José Rodríguez Salvador, que o móvil dos violadores múltiples “non é exclusivamente sexual, porque hai un desexo de humillación, unha relación de poder e unha necesidade de machacar” –*Las víctimas de abusos sexuales...*, do día 19 de setembro–.

8.6. Análise dos antecedentes


Na meirande parte das informacións, os antecedentes sinalados fan referencia á existencia ou non de malos tratos previos por parte do agresor. Porén, nalgúns pezas indícanse outro tipo de informacións que dalgún xeito tamén podemos considerar

como antecedentes, tal é o caso da muller asasinada en Sober, na que se di que o acusado gustaba dos bares de alterne –*Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20 de setembro–.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	10	43%
NON	13	57%
	23	100%


8.7. Análise das consecuencias



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
Si	1	6%
Non	22	94%
	23	100%

O único caso no que aparece reflectida a preocupación polas consecuencias fai referencia á inserción das declaracións dun veciño do detido polo crime de Sober que afirma literalmente “síntoo pola súa familia, pero se a fixo que a pague”, referíndose ao agresor –*Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20 de setembro–. En ningún caso se incide nas consecuencias para as mulleres agredidas ou o seu entorno.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero




SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Si	6	26%
Non	17	74%
	23	100%

Ao longo do mes de setembro, *El Correo* segue os casos do asasinato de Sober e da liberación de José Rodríguez Salvador –pezas xa citadas, dos días 19, 20, 23 e 26 de setembro–. Ademais, en dúas pezas sobre dous acontecementos puntuais –*Detenido un hombre cuando iba a secuestrar a una niña de 15 años*, do día 1 de setembro, e *Fallece una mujer en Zaragoza tras ser apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro– revisa as estatísticas de violencia de xénero e os casos sen resolver até ese momento.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes




NÚMERO TOTAL DE FONTES POR PEZA		
1	15	66%
2	4	17%
3	3	13%
4	1	4%
	23	100%

Como se pode apreciar na táboa, predominan amplamente as informacións nas que se menciona unha soa fonte, que case sempre é oficial (policial ou xudicial).

9.2. Fontes oficiais




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
Si	22	96%
Non	1	4%
	23	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	15	67%
Fontes xudiciais	5	23%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	1	5%
Goberno local	1	5%
Outras	0	0%
	22	100%

A procedencia das fontes atende á orientación maioritaria da información: cara ao suceso e a crónica negra. Polo tanto as fontes policiais e xudiciais son as predominantes. A concelleira de Santiago, que anuncia un sistema de apoio a mulleres maltratadas, é a fonte do goberno local á que se fai referencia na táboa –*Catorce mujeres maltratadas llevan telealarmas para casos de alto riesgo*, do día 11 de setembro– e o ministro de Xustiza, que comenta a liberación de José Rodríguez Salvador, correspóndese coa referencia na táboa ao goberno estatal –*Las víctimas de abusos sexuales...*, do día 11 de setembro–.

9.3. Fontes expertas




A única fonte categorizada como experta trátase do comun hospital que informan do estado dunha muller agredida con ácido por un home. É, polo tanto, unha fonte médica –*Pronóstico reservado para la mujer rociada con ácido por su marido*, do día 5 de setembro–

9.4. Fontes do movemento asociativo


O movemento asociativo só aparece nas informacións referidas á liberación de José Rodríguez Salvador, e en ambos casos encarnado na figura de Florentina Alarcón, quen nunha delas se referencia como presidenta da Asociación de Asistencia a Víctimas de Abusos Sexuales e na outra como presidenta da Federación Nacional de Asociaciones de Asistencia a Mujeres Violadas –*Las víctimas de abusos sexuales piden que se siga a Salvador*, do día 19 de setembro, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do

día 23 de setembro—. O dito é indicio da falta de fluidez entre o movemento asociativo de mulleres e os medios de comunicación. Só se acode ás asociacións en casos puntuais, mais non existe con elas un contacto máis ou menos habitual do que, sen dúbida, se poderían tirar outro tipo de perspectivas informativas que permitiran visibilizar ámbitos que a actual abordaxe da violencia de xénero imposibilita acometer.



PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
Si	2	9%
Non	21	91%
	23	100%


9.5. Fontes testemuñais



PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
Si	6	26%
Non	17	74%
	23	100%

As fontes testemuñais recorrentes nas páxinas de *El Correo Gallego* son a veciñanza –*Fallece una mujer en Zaragoza tras ser apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro, *Fue detenido el asesino de Sober*, do día 20, e *El violador de Vall d'Hebron, libre*, do día 23– e as e os familiares –*Detenido un hombre cuando iba a secuestrar a una niña de 15 años*, do día 1 de setembro, *Una mujer mata en Cee a su*

compañero con un cuchillo, do día 15, e El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta, do día 26—, persoas que na maior parte dos casos deitan opinións que non achegan nada novo para a comprensión da problemática. Aínda así, no seu conxunto as fontes testemuñais non revisten unha gran importancia, e serven como apoio ou contrapunto ás fontes oficiais.




PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agredida(s)	0	0%
Agresor(es)	0	0%
Familiares e amizades	3	50%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Veciñanza	3	50%
	6	100%

9.6. Outras fontes

Non hai presenza de fontes distintas ás xa citadas.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVICIO

A única información que incluímos nesta categoría trata da posta en marcha do servizo de axuda a distancia a mulleres en Santiago de Compostela –*Catorce mujeres...*, do día 11 de setembro–.



PRESENZA DE INFORMACIÓN DE SERVICIOS PARA AS VÍTIMAS		
Si	1	4%
Non	22	96%
	23	100%


11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal

Ningunha peza identifica a violencia como un feito paixonal.


11.2. Culpabilización da vítima

En dous textos podemos detectar elementos de culpabilización indirecta da vítima. Nun deles, insístease en que a moza agredida estivera tomando drogas co seu agresor –*Un rumano niega haber violado a una menor*, do día 14 de setembro–. No outro, o asasinato dunha muller en Sober, incídese no feito de que a vítima exercía a prostitución –*El asesino de Sober...*, do día 26 de setembro–. En ambos casos, o medio revela certo ánimo censurador da actitude das vítimas.



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
Si	2	9%
Non	21	91%
	23	100%


11.3. Xustificación do agresor



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	3	13%
Non	20	87%
	23	100%

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras


O caso máis claro de xustificación do agresor é o dunha nova titulada *El Supremo rechaza absolver a un violador con trastorno antisocial* –do día 10 de setembro–, xa que mesmo no titular se da a entender que o xornal considera os problemas mentais como unha circunstancia xustificadora das agresións. No caso do asasinato de Sober, recóllense valoracións dos veciños nas que insisten en que o agresor tiña problemas mentais desde facía tempo. Noutro caso, alúdese a que o acusado tomara alcohol e drogas antes de cometer a agresión –*Un rumano...*, do día 14–.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	1	33%
Ciumes	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Non aparecen	0	0%
Outros	0	0%
Problemas mentais	2	67%
	3	100%

11.5. Presenza de axencia feminina

En máis dun 40% das informacións preséntase unha actitude activa das mulleres que entran a formar parte do relato noticioso. Nalgúns casos, fan referencia a mulleres que tratan de ou conseguen defenderse –*Detenido en Vigo tras quebrantar una orden de alejamiento de su ex pareja*, do día 22 de setembro, por exemplo–. Noutros, cítanse a mulleres que, dende cargos de responsabilidade (concelleiras, movemento asociativo...) –*Catorce mujeres...*, do día 11 de setembro, e *Las víctimas de abusos sexuales*, do día 20– ou dende unha posición de implicación máis próxima aos casos de violencia de xénero (nais de nenas agredidas, veciñas que axudan ás vítimas) –*Detenido un hombre...*, do día 1 de setembro ou *Detienen en Vigo a un australiano por presunta agresión a su esposa*, do día 12 de setembro–, se enfrontan a esta problemática.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
Si	10	43%
Non	13	57%
	23	100%

12. LINGUAXE SEXISTA

Emprégase de modo recorrente o masculino xenérico, o que amosa a perspectiva androcéntrica dende a que o medio emprega a linguaxe. Tamén destaca o escaso respecto que se amosa nalgunha das informacións á hora de referirse ás mulleres vítimas da violencia de xénero. Facemos referencia en concreto ao titular *El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, a muller asasinada semella ser prostituta antes ca persoa, dado o modo en que se elabora o titular.


EL IDEAL GALLEGO

Setembro de 2007


1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Das cincuenta e dúas informacións do xornal *El Ideal Gallego* analizadas durante o mes de setembro de 2007, só 20 empregan o termo ‘violencia de xénero’ ou afíns, o que representa un 38,46% do total, porcentaxe que non se axusta á especificidade dos casos que recolle o medio, todos eles susceptibles de seren contextualizados no marco da problemática concreta, que recibe un etiquetado irregular: os termos ‘violencia de xénero’, ‘violencia doméstica’ ou o simplista ‘maltrato’ aparecen indistintamente encabezando algunhas das informacións relativas á violencia no ámbito da parella, mentres que se reserva a expresión ‘abusos sexuais’ como antetítulo de informacións que refiren casos de agresións a nenas e violacións.

A distribución entre os distintos termos parece aleatoria e non se aprecia ningún criterio firme que explicite os matices significativos que hai entre eles. Apréciase ademais o uso frecuente de expresións non equivalentes ou falaces tales como ‘violencia sobre a muller’ no canto de ‘violencia contra as mulleres’ que aínda non sendo considerados como afíns aos de ‘violencia de xénero’ foron finalmente incluídos no apartado “Outros” e representan o 27,27% do total.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS			
SI	20	38,46%	
NON	32	61,54%	
	52	100%	




CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
Violencia doméstica	4	18,18%
Violencia familiar	0	0%
Violencia de xénero	12	54,55%
Violencia contra as mulleres	0	0%
Violencia sexista	0	0%
Violencia masculina	0	0%
Outros	6	27,27%
	22	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN.

Pese a que o mes estivo marcado informativamente polo seguimento de dous casos de violación, o da posta en liberdade do violador de Vall d’Hebron e o do “adicto ao chat”, este último contra unha menor, das cincuenta e dúas pezas analizadas, vinte refiren casos de violencia doméstica (un 38’46% do total) fronte ás trece que refiren abusos e agresións sexuais (un 25%) e as seis que tratan casos de violencia contra as nenas (un 6%).

Como vén sendo habitual nos medios, El Ideal presta unha especial atención aos casos de violencia de xénero dentro do ámbito da parella. Aínda que o reparto desigual non é extremo, o maior peso desta tipoloxía está en correlación directa cunha conceptualización reduccionista da violencia de xénero que contribúe negativamente á súa identificación cos malos tratos que se producen no entorno privado das relacións sentimentais.

É salientable a presenza de informacións relativas á violencia de xénero no eido da prostitución (un 3,84%) por ser este un colectivo especialmente vulnerable debido á súa invisibilidade social e mediática. Chama a atención, ademais, que o apartado de ‘acoso laboral’ non teña ningunha ocorrencia.



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	13	25%
Acoso laboral	0	0%
Prostitución	2	3,84%
Violencia contra as nenas	6	11,53%
Violencia doméstica e no ámbito da parella	20	38,46%
Outras	11	21,15%
	52	100%

3. VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

Non existe, en ningunha das 52 informacións analizadas, unha identificación explícita da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos e como un atentado contra a liberdade e a dignidade de mulleres e homes, polo que El Ideal

Gallego incumpre de maneira reiterada as recomendacións da Declaración de Compostela, que promove a implicación dos medios na condena activa, global, da violencia de xénero.



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	0	0%
NON	52	100%
	52	100%


4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

Predomina a actitude neutral, presente nun 84,62% das informacións analizadas fronte ao 11,54% onde existe un posicionamento máis ou menos explícito de condena da violencia de xénero. Aprecíase así mesmo unha alarmante porcentaxe de enfoques xustificadores, que representan o 3,85% do total.

Dos seis casos de posicionamento condenatorio, un é un informe estatístico dos delitos de agresión sexual cometidos entre os meses de xaneiro e setembro de 2007 en Galicia. A pertinencia ou non desta información establécese a partir da mención ao debate sobre a reinserción social de agresores non rehabilitados que vén de abrir a excarcelación do violador do Vall d'Hebron. A peza configúrase sobre unha intencionalidade de alarma que podería entenderse como condenatoria do feito, pero a falta de análise contextual real limita o alcance de tal posicionamento.

É preciso salientar a postura ambigua da que con frecuencia botan man os e as xornalistas. Se ben si se aprecia un enfoque condenatorio no titular *Absuelto por estar ebrio al maltratar a su pareja y a la pequeña de ésta*, do 19 de setembro, a denuncia do atenuante non é rotunda e fica suavizada por unha sintaxe simple (obsérvase o uso de preposicións e formas verbais de infinitivo).

Pero os datos máis preocupantes ofrécenos as dúas informacións nas que o ou a xornalista asume un posicionamento de tipo xustificador. Unha delas, do 16 de setembro, aparece titulada da seguinte maneira: *Un hombre rocía con gasolina a su esposa sin prenderle fuego y huye*. Cal é realmente o titular? O que covirte en noticia a información non é o caso de violencia de xénero, senón a sorpresa que provoca o feito de que o violador non chegara a prenderlle lume á vítima. O segmento *sin prenderle fuego* introduce unha circunstancia atenuante e borra dun plumazo a intencionalidade homicida do agresor. Casos semellantes aprécianse nas outras dúas informacións en parágrafos eufemísticos do tipo “Según el testimonio de la víctima, que ha sido dado por bueno por los juzgadores, el acusado la persiguió cuando ella continuó caminando hacia su finca, y volvió a repetirle su intención de mantener relaciones sexuales con ella y de hacerle daño”, cando as expresións citadas polo xornalista con anterioridade foron “agora escapas pero desta non te libras” ou “voute violar”.



POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Condenatorio	6	11,54%
Neutro	44	84,62%
Xustificador	2	3,85%
	52	100%

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada




PRESENZA EN PORTADA		
SI	2	3,85%
NON	50	96,15%
	52	100%

Só dúas das 52 informacións obtiveron un espazo na portada do xornal –*Ingresar en prisión a muller que matou a súa compañeira tras unha discusión en Cee*, do 15 de setembro, e *Una de las ocho víctimas identifica al violador del chándal como su agresor*, do día 6. A porcentaxe (3,85%) reflicte a escasa importancia que o medio concede á problemática da violencia de xénero. Os factores que animan a decisión de presentar a información na primeira páxina son, por unha banda, o seguimento dun dos casos estrela do mes (e con meirande expectación mediática xeral) en materia de violencia contra a muller, o do violador do Vall d’Hebron (tamén coñecido como “el violador del chándal”), e por outra, a singularidade que ofrece un caso de detención por asasinato da parella presuntamente cometido por unha muller.

É altamente significativo que se considere que unha información de violencia dunha muller contra o seu home mereza ir en portada cando cincuenta das cincuenta e dúas pezas analizadas, todas elas informacións de violencia sexista, fican relegadas a páxinas interiores pese a que a súa cuantía total é un claro indicador da existencia dun problema social grave que ten como vítimas indiscutibles ás mulleres e que como tal precisa do destaque por parte dos medios como fenómeno e non como un compendio de

casos aillados. Os criterios segundo os que se toma a decisión apostan polo impacto mediático e non pola información responsable sobre unha realidade que aínda que heteroxénea e suxeita a variables, afecta de maneira específica á muller.

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información




SECCIÓN		
Comunicación	1	1,92%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	2	3,85%
Galicia	7	13,46%
Internacional	0	0%
Local	7	13,46%
Sociedade	35	67,31%
Sucesos	0	0%
Suplementos	0	0%
	52	100%

A sección maioritaria na que aparecen as informacións sobre a violencia de xénero no *El Ideal Gallego* é a de Sociedade. Trinta e cinco das cincuenta e dúas informacións seleccionadas están incluídas nesta sección, o que representa un 67,31%

do total. Séguenlle as áreas de información local (13,46%) e a de Galicia (13,46%), con sete informacións enmarcadas en cada unha e, por último, o bloque de información estatal, que recolle dúas pezas (3,85%).

Á luz destes datos, é clara a tendencia a emprazar informativamente os casos de violencia de xénero nun bloque informativo no que caben tanto o tratamento rigoroso de problemáticas sociais como o de sucesos sen contextualizar. Tendo en conta que, como vimos no primeiro apartado, o El Ideal non define ou explica como tales as situacións de violencia de xénero das que informa nun flagrante 61,54% dos casos, a inclusión maioritaria das novas na sección de Sociedade indica que esta área funciona como “caixón de sastre” para as informacións de violencia contra as mulleres, onde soen recibir tratamento de casos aillados.

5.3. Espazo ou duración




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	35	67,31%
De 11 a 25	15	28,85%
De 26 a 50	2	3,85%
Toda a páxina	0	0%
Máis dunha páxina	0	0%
	52	100%

Das cincuenta e dúas novas estudadas, trinta e cinco (o 67,31%) obteñen un espazo reducido que comprende de un a dez módulos. En consecuencia, compróbase que a profusión de informacións relativas á violencia de xénero presentes no El Ideal é inversamente proporcional ao espazo en módulos ocupado polas mesmas. Quince das pezas analizadas corresponden a informacións de menos de vinte e cinco módulos e só dous ocupan entre vinte e seis e cincuenta. Non se produciron informacións dunha ou máis dunha páxina.


O espazo reducido que se lle adica á problemática impide que as novas inclúan unha análise pormenorizada dos factores relevantes que interveñen e provoca que as informacións sexan meramente testemuñais ou mesmo anecdóticas.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración.



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	12	23,08%
NON	40	76,92%
	52	100%

Só doce das cincuenta e dúas informacións aparecen acompañadas dunha imaxe ilustrativa, significando un 23,08% do total. É probable que a razón sexa que a meirande parte das informacións están emprazadas en espazos de menos de 10 módulos, aínda que se atopa o caso dun breve con imaxe.



TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	12	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	12	100%

Todas as imaxes son fotografías. Obvianse ás posibilidades informativas que ofrecen os diversos formatos de imaxe e non se inclúen infografías ou mapas gráficos en ningunha ocasión pese a haber novas (algunha das que ofrecen datos estatísticos, por exemplo) nas que serían pertinentes.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Debido en parte á escaseza de liñas que se lles adica, as informacións soen ser sucintas e opacas. Se ben é certo que na meirande parte dos casos o/a xornalista ten que adaptar os contidos a unha columna de menos de dez módulos, un espazo reducido non debería evitar unha información de calidade. Porén, é frecuente que tal aproveitamento non se produza, destinando o espazo á narración de pormenores prescindibles e obviando a responsabilidade de ofrecer explicacións contextuais e de servizo. O/a xornalista acostuma centrarse no relato da sucesión de acontecementos e recrearse en detalles tales como a procedencia idustrial do líquido co que o agresor rociou á muller, a

quen salferiu ao caer ou o esguince de tobillo que fixo o fillo da vítima cando tentou socorrerla –*Una mujer, en estado grave tras ser rociada con un producto corrosivo por su marido*, do 4 de setembro–, e outros aínda máis escabrosos como o regueiro de sangue que deixou a vítima ao tentar fuxir –*Ingresa en prisión la mujer que mató a su compañero tras una discusión en Cee*, do día 15– que, e isto é aínda máis preocupante, agochan unha intención coaccionadora que predispón ao lector non contra a realidade da violencia de xénero, senón contra unha das partes implicadas cando, como é o caso, as circunstancias foron escuras e segue vixente a presunción de inocencia. O recurso ao morbo está presente en canda menos oito informacións.

Advírtese, así mesmo, a presenza de informacións cuxa inclusión resulta en si mesma sensacionalista, como é o caso de *El asesino de las dos niñas británicas intenta matarse por tercera vez consecutiva*, do 30 de setembro.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

Das doce fotografías incluídas, unha recorre ao morbo e o dramatismo. Recolle o momento do levantamento do cadáver dunha muller asasinada polo seu ex compañeiro sentimental. É especialmente chamativo que a imaxe apareza ilustrando un breve que non ocupa máis de sete liñas –*Detenido el compañero sentimental de la mujer degollada en una finca de Madrid*, do 17 de setembro– e que está encabezado polo rótulo ‘violencia de xénero’ dando lugar a unha asociación de imaxe e texto que favorece pouco ou nada a concienciación social sobre a complexidade do concepto.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor

Existe identificación do agresor en vinte e tres das cuarenta e sete informacións susceptibles de ser analizadas baixo ese parámetro. As identificacións parciais prodúcense de tres maneiras distintas: 1) iniciais de nome e apelidos, 2) alcume e 3) nome + iniciais dos apelidos. Esta última fórmula é a segunda máis empregada cun total


de sete rexistros, algúns dos cales acompañan outros datos significativos como o nome da rúa do domicilio ou localidade pequena, polo que implican unha revelación efectiva da identidade do agresor en casos nos que aínda non foi procesado pola xustiza e segue vixente a presunción de inocencia, incumplíndose así co artigo 7 da Declaración de Compostela.

O nome completo do agresor só se dá en dúas das informacións, as que fan seguimento das consecuencias da posta en liberdade do violador do Vall d'Hebron, agresor xa condenado pola xustiza.



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	23	48,94%
NON	24	51,06%
	47	100%

O agresor non aparece identificado socialmente no 96,15% das informacións. Nas dúas ocasións en que si se produce adscripción a un nivel social determinado é sempre á clase baixa e de maneira indirecta, mediante a mención da profesión do agresor (un é ex bedel dun centro escolar británico e o outro pertencía ao servizo de limpeza dun colexo alemán). Debido a que a identificación social só se dá en dúas das cincuenta e dúas informacións analizadas –*Un homosexual confiesa el asesinato de una escolar de catorce años*, do 14 de setembro, e *El asesino de las dos niñas británicas intenta matarse por tercera vez consecutiva*, do día 30– significando só un 3,84% do total, non pode afirmarse que en El Ideal se produza asociación da violencia de xénero cunha realidade social de clase.




IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase media	0	0%
Clase baixa	2	3,84%
Non aparece	50	96,15%
	52	100%

7.2. Identificación da vítima

Aínda que en liñas xerais se respeta o dereito á intimidade da vítima evitando a revelación da súa identidade, o 9,62% das informacións presentan datos significativos que facilitan a identificación das agredidas, vulnerando así un dos principios básicos que deberían rexer o manexo da información sobre violencia de xénero. Tales datos soen recollerse nas seguintes fórmulas: 1) iniciais de nome e apelidos e 2) nome + iniciais dos apelidos, que con frecuencia aparecen acompañados da idade, a rúa onde teñen situado o domicilio ou a nacionalidade.

A preocupación aumenta ao comprobar que ate un cuarto do total das informacións identifican á vítima de forma directa explicitando nome e apelidos completos, con frecuencia canda idade, nacionalidade ou localidade do domicilio. En dez das ocasións trátase de mulleres asasinadas. Nas tres restantes, relativas a feitos acontecidos no contexto internacional, repítese o nome completo dunha menor, a nena china que foi abandonada en Nova Zelandia polo seu pai, presunto asasino da nai, que apareceu morta poucos días despois e de quen tamén se apuntan os datos completos.



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	5	9,62%
Directa	13	25%
Evítase	34	65,38%
	52	100%

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

Como se desprende da lectura do gráfico, El Ideal presenta unha clara dependencia do enfoque da crónica negra, perspectiva desde a que se elaboran o 61,54% das informacións sobre violencia de xénero. Aínda que con moita menor presenza, a crónica xudicial é tamén moi recorrida (15,38%) debido ao interese pola inclusión da información provinte dos xulgados, que se reparte fundamentalmente entre as seccións de Galicia e Sociedade. A presenza das perspectivas humana (7,69%), social (5,77%), política (3,85%), legal (3,85%) e cultural (1,92%) é testemuñal.

O predominio absoluto da perspectiva da crónica negra constata, por un lado a falta de transversalidade e de tratamento interdisciplinar da información, e polo outro, a tendencia do diario El Ideal Gallego a tratar os casos de violencia de xénero como simples sucesos aillados e non como un problema social de envergadura. Todo isto contravén a demanda que recolle o apartado 8 da Declaración de Compostela, onde se subliña a necesidade dun tratamento especializado da violencia contra as mulleres.




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	32	61,54%
Crónica xudicial	8	15,38%
Cultural	1	1,92%
Económica	0	0%
Humana	4	7,69%
Política	2	3,85%
Social	3	5,77%
Legal	2	3,85%
Científica	0	0%
Outras	0	0%
	52	100%

8.2. Xénero

Como pode observarse no gráfico, existe un predominio claro do xénero da noticia, que conta con cuarenta e un rexistros fronte aos dez do xénero da crónica. A presenza de outros formatos é nula agás no caso do breve, que se emprega nunha ocasión. Como se apuntaba con respecto á perspectiva da información, El Ideal non


diversifica fórmulas e evita o tratamento xenérico heteroxéneo que sería necesario para abranguer a complexidade da realidade da violencia de xénero.



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	1	1,92%
Crónica	10	19,23%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	41	78,84%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	0	0%
Outros	0	0%
	52	100%

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

En coherencia coa análise feita ate o de agora, máis dun 80% das informacións están orientadas ao acontecemento concreto do que xorde a nova, pois prescinden da análise crítica contextual que permitiría obter unha percepción global do fenómeno violento específico no que se enmarca.




ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	45	86,54%
Orientada ao tema	7	13,46%
	52	100%

8.4. Sinatura


A partir da constatación da ampla presenza de informacións asinadas como procedentes de axencias, que representan un 80,77% do total, e á luz das conclusións obtidas máis arriba sobre a primacía dun posicionamento ético neutral do/a xornalista respecto da problemática, a tendencia xeral a non incluír sinatura que vencelle á persoa física que escribe co tratamento dado á información confirma a falta de compromiso real do xornal El Ideal coa denuncia responsable da violencia de xénero.

De cincuenta e dúas pezas só en catro aparece a sinatura do redactor ou redactora, repetíndose en tres das mesmas a de A. Barbadillo.

SINATURA		
Axencias	42	80,77%
Redacción ou similar	4	7,69%
Sen asinar	2	3,85%
Sinatura do/a autor/a	4	7,69%
	52	100%



8.5. Análise das causas




ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	6	11,54%
NON	46	88,46%
	52	100%

Como xa se veu sinalando en diferentes ocasións, a falta de análise contextual é característica de case o 90% do total de informacións. Esta falla é das que maior gravidade revisten debido a que implica a renuncia do medio a contemplar a violencia contra as mulleres na súa dimensión real, posicionamento que ten como consecuencia inmediata a negación da complexidade dunha realidade violencia que debería tratarse

informativamente como estrutural e a invisibilización dos desencadenantes ideolóxicos ou psicolóxicos que subxacen en todos os feitos aillados aos que remiten as cincuenta e dúas informacións analizadas.

8.6. Análise dos antecedentes




ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	5	9,62%
NON	47	90,38%
	52	100%

Atópanse novamente porcentaxes alarmantes. Só un 9,52% das pezas mencionan antecedentes tales como a existencia de denuncias previas ou ordes de afastamento, fronte a un 90,38% que non o fan.

8.7. Análise das consecuencias


O esquema repítese. A práctica totalidade das informacións evita a análise pertinente das consecuencias da violencia de xénero. As dúas únicas pezas que si inclúen referencias – ambas tratan diferentes momentos do seguimento da polémica xurdida en torno á excarcelación do violador de Vall d’Hebron– fano porque os feitos que orixinan ambas crónicas e que se atopan tematizados nas mesmas son precisamente consecuencias do funcionamento certamente incoherente do sistema legal vixente, que permite a posta en liberdade de presos non rehabilitados como este, o tamén coñecido como “violador del chándal”. Apúntanse, pois, como consecuencias o sentimento de desprotección institucional das vítimas ou a necesidade de adoptar medidas legais

alternativas como a vixiancia non invasiva. Nos dous textos, a análise das consecuencias é un imperativo e sen ela non existiría a noticia. As cincuenta informacións restantes non inclúen mención algunha das posibles consecuencias.



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	2	3,85%
NON	50	96,15%
	52	100%

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	12	23,08%
NON	40	76,92%
	52	100%

Só doce das cincuenta e dúas informacións fan un seguimento efectivo dos casos de violencia de xénero, ben porque retoman un caso xa tratado informativamente no medio en días anteriores (ate un total de cinco textos seguen o caso do violador de Vall d'Hebron e o debate en torno á reinserción de agresores sexuais non rehabilitados e


outros cinco informan da evolución da situación da nena china abandonada), ben porque se trata dunha información estatística dos casos de agresión sexual acontecidos nun espazo de tempo determinado. Por último, inclúese na relación a única peza que fai mención do número de asasinadas existente no momento de producirse a noticia.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1 Número total de fontes

O número total de fontes presente por información analizada en ningún caso excede a combinación de dúas. En consecuencia, obsérvase unha falta de heteroxeneidade dos puntos de achega de información significativa que ten como resultado a dependencia excesiva dunha ou dúas perspectivas e a simplificación da pluralidade de puntos de vista que deberan configurar a narración xornalística de calquera feito. O resultado é unha análise superficial da violencia de xénero.

9.2 Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	31	59,62%
NON	21	40,38%
	52	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	18	60%
Fontes xudiciais	9	30%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	1	3,33%
Goberno local	2	6,66%
Outras	0	0%
	30	100%


As fontes oficiais están presentes nun 59,62% do total de cincuenta e dúas informacións. Como é habitual, as fontes policiais son as máis recorridas e supoñen un 60% do total fronte ás de procedencia xudicial, que representan o 30%. As porcentaxes reflicten a dependencia dos enfoques maioritarios, o da crónica negra e o da crónica xudicial.

9.3. Fontes expertas

A presenza de fontes expertas é escasa. Só aparecen en oito das cincuenta e dúas informacións. A frecuencia coa que se recorre ás fontes de ámbito sanitario é significativa, xa que funciona como indicador do tipo de contidos que se destacan nas novas, a miúdo centrados en detallar a maior ou menor gravidade das lesións da vítima. Igual importancia reviste a presenza de fontes procedentes de outros ámbitos expertos do tipo da Federación de Asociaciones de Asistencia a Mujeres Violadas ou a Comisión para la Investigación de Malos Tratos a Mujeres.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	7	13,46%
NON	45	86,54%
	52	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	0	0%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	3	37,50%
Ámbito dos medios	2	25%
Ámbito psicolóxico	0	0%
Ámbito sociolóxico	0	0%
Outros ámbitos	3	37,50%
	8	100%

9.1. Fontes do movemento asociativo

Atópanse dous casos de recurso a fontes do movemento asociativo, á Federación de Asociaciones de Asistencia a Mujeres Violadas e á Comisión para la Investigación de Malos Tratos a Mujeres. Ambas fontes foron rexistradas como expertas.




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	2	3,85%
NON	50	96,15%
	52	100%

O 3,85% de presenza deste tipo de fontes é unha porcentaxe pouco máis que anecdótica. É unha conta pendente que teñen os medios dálle entrada ás voces das propias mulleres, sobre todo tendo en conta a habitual exclusión dos grupos de cidadanas (e cidadáns) que actúan a pé de rúa, con métodos de concienciación e


denuncia non convencionais pero fundamentais na loita. A súa ausencia implica negarlle a entrada a unha perspectiva sobre a violencia de xénero fundamental e necesaria que está a ter unha función política e social de enorme importancia e sen a que sería imposible entender tanto os avances máis significativos das últimas décadas en materia de conceptualización dos dereitos e as liberdades da muller como a influencia determinante das axendas políticas feministas no cuestionamento do poder establecido e na mellora do sistema social, o que inclúe a ampliación do concepto de violencia e a loita polo recoñecemento da violencia de xénero como violencia que se exerce contra as mulleres.

9.2. Fontes testemuñais




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	5	9,62%
NON	47	90,38%
	52	100%

PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	0	0%
Agredidas	0	0%
Familiares e amizades	1	20%
Veciñanza	3	60%
Outras fontes espontáneas	1	20%
	5	100%



As fontes testemuñais están presentes nun 9,62% das informacións resultando un total de cinco das cales tres, o 60% do total, son viciños da vítima que non achegan datos concretos e de proveito para o contido da información, polo que deberían terse evitado.


9.3. Outras fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	3	5,77%
NON	49	94,23%
	52	100%

Neste apartado inclúense fontes identificadas como “da investigación”, etiqueta coa que se elude mencionar a procedencia concreta da información, e fontes penitenciarias, que non foron consideradas no apartado de fontes expertas porque a información facilitada polas mesmas é de tipo anecdótico.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO



INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	0	0%
NON	52	100%
	52	100%

Dáse en El Ideal un incumprimento total das recomendacións da declaración de Compostela no referente á aparición de información útil e de servizo para as mulleres vítimas da violencia de xénero.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS.


11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal.

Existe só un caso de identificación da violencia de xénero como un feito paixonal, en concreto na crónica titulada *Despiden con aplausos a la joven apuñalada cuando paseaba a su perro*, do 1 de setembro, pero atópase contida nas declaracións dunha testemuña, polo que non pode afirmarse que a información se estructure en base a un emprego estereotipado do concepto.



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PAIXONAL		
SI	1	1,92%
NON	51	98,08%
	52	100%

11.2. Culpabilización da vítima




CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	1	1,92%
NON	51	98,08%
	52	100%

Maioritariamente (en cincuenta e unha das cincuenta e dúas pezas analizadas, o que representa un 98,08 %), as informacións non culpabilizan á vítima, o que indica un tratamento axustado ao que no artigo 11 da Declaración de Compostela se alude respecto da necesidade de evitar os estereotipos, prexuízos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres. Non obstante, na información que ten por titular *El juez falla que la denuncia de una carballesa contra su novio por maltrato fue falsa*, do 30 de setembro, o

autor da noticia non só recolle o veredicto de culpabilidade da muller, senón que apela á súa suposta toxicomanía, que non aparece na contextualización da decisión do xuíz, o que comporta pola súa parte introducir un elemento de culpa á marxe do feito que se xuzgaba. De aí que se considerase pertinente a inclusión do caso neste apartado.

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	1	1,90%
NON	51	98,08%
	52	100%

Só nunha das 52 pezas informativas recollidas (98,08%) se aprecia con claridade unha xustificación do agresor. Trátase da titulada *Un hombre rocía con gasolina a su esposa sin prenderle fuego y huye*, do 16 de setembro, onde o emprego da circunstancia atenuante que introduce o segmento explicativo *sin prenderle fuego* réstalle intencionalidade a unha acción delictiva ou homicida.

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras

A redacción inclúe circunstancias xustificadoras nun 11,50% das informacións. O recurso a un suposto problema de alcoholemia como factor atenuante ou xustificador prodúcese nunha ocasión. Nos outros casos a circunstancia xustificadora está relacionada con factores diversos. Entre eles, o feito de que a muller asasinada traballara nun local de alterne – *Buscan al principal sospechoso de la muerte de una mujer en*


Sober, do 20 de setembro–, que ademais de lexitimar en certa medida o acto violento, provoca unha dobre victimización da muller ao botar man da mención dunha profesión fortemente estigmatizada no imaxinario social.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	1	1,92
Problemas mentais	0	0
Influencia do ambiente	0	0
Ciúmes	0	0
Outros	5	9,61
Non aparecen	46	88,46
	52	100,00


11.5. Presenza de axencia feminina

En tres das cincuenta e dúas informacións (5,77%), advírtese un posicionamento activo das vítimas. En concreto, a noticia da detención dun xoven por inducir á prostitución á súa parella de dezaioito anos, publicada o 6 de setembro, foi levada a cabo pola policía a partir da denuncia interposta contra el pola muller. No caso do violador de Vall d'Hebron, a súa excarceración provocou que as vítimas recurriran a decisión do xuíz e esixiran unha vixilancia férrea sobre o agresor – *El violador del Vall d'Hebron abre el debate sobre como prevenir la posible reincidencia*, do día 23.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	3	5,77%
NON	49	94,23%
	52	100%

11.6. Aparición de linguaxe sexista



APARICIÓN DE LINGUAXE SEXISTA		
SI	0	0%
NON	52	100%
	52	100%


Sempre tendo en conta que o androcentrismo lingüístico é inherente á pragmática ou uso da linguaxe que todos empregamos habitualmente e que ten o seu reflexo tamén na linguaxe rutinaria do xornalismo e polo tanto nas novas aquí analizadas, non se detectan casos significativos ou relevantes de uso dunha linguaxe sexista.

DIARIO DE PONTEVEDRA


Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

En contados casos (só o 23%) se conceptualiza en *Diario de Pontevedra* a problemática social –a violencia de xénero– na que se contextualizan os casos de agresións de mulleres a mans de homes. Naquelas ocasións nas que se lle dá nome ao problema, o termo máis utilizado é “violencia doméstica”, que só fai referencia a unha manifestación concreta da violencia de xénero. É máis, o concepto “violencia de xénero”, de utilizarse, acostuma a ser usado como sinónimo de violencia no ámbito da parella. No caso doutras manifestacións da violencia de xénero, o xornal non contempla a utilización deste termo ou dalgún equivalente. O termo “violencia de xénero”, ademais, é utilizado fundamentalmente na reseña de actividades promovidas con gobernos locais ou asociacións para previr ou loitar contra este tipo de feitos –*Fiesta musical contra la violencia de género*, do día 22 de setembro, e *Concurso de carteles contra la violencia de género*, do día 23–.




PRESENZA DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
Si	8	23%
Non	27	77%
	35	100%



TERMOS USADOS PARA DEFINIR A VIOLENCIA DE XÉNERO		
Violencia de xénero	3	38%
Violencia doméstica	5	62%
	8	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	15	43%
Acoso laboral	0	0%
Violencia no ámbito da parella	13	37%
Prostitución	0	0%
Violencia contra as nenas	1	3%
Outras	6	17%
	35	100%

No *Diario de Pontevedra*, ao contrario do que acontece noutros medios, son os abusos e agresións sexuais os que copan a maioría da información sobre violencia de xénero (o 43%). O segundo ámbito máis representado (co 37% sobre o total) é a violencia no ámbito da parella. As outras facetas da violencia de xénero están por completo ausentes. Tanto no caso dos abusos e agresións sexuais, coma no da violencia no ámbito da parella, infórmase con profusión dos casos que se dan a nivel local (sexa

maior ou menor a magnitude da agresión). No ámbito estatal só se dan noticias daqueles máis relevantes ou dramáticos.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Si	1	3%
Non	34	97%
	35	100%

Só nun caso se identifica a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos, na cita do Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, que se insire na información *Dos guardias civiles vigilan al presunto asesino de la mujer de Sober*, do día 21 de setembro. É dicir, a violencia de xénero só é identificada como violación dos dereitos humanos cando así se establece nos discursos das fontes que o xornal recolle. En ningún momento forma parte, pois, do discurso da ou do xornalista que elabora o relato.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

O enfoque predominante é o neutral (presente nun 49% das informacións estudadas). Malia a tamén existir unha importante porcentaxe de informacións cun posicionamento condenatorio (o 40%), preocupante é a presenza de informacións cunha importante carga xustificadora (no 11% sobre o total). Hai que dicir a este respecto que case todas están referidas ao caso dun médico acusado de abusar dunha muller na

consulta, que recibiu apoio por parte do persoal do centro de saúde e, segundo o xornal, da veciñanza. No periodo analizado non se dictara aínda sentenza. O xornal presta atención durante varios días ás mobilizacións de apoio ao médico, o que se interpreta como unha vontade de toma de partido por parte do medio –*El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19 de setembro, *Recogen firmas en apoyo al médico de Caldas procesado*, do día 26, e *Más de 100 personas se concentran en Caldas en apoyo al doctor Lueiro*, do día 28–.




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	4	11%
Neutro	17	49%
Condenatorio	14	40%
	35	100

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN


5.1. Presenza en portada

Case o 10% das informacións son destacadas na primeira páxina do xornal. En portada aparecen as noticias sobre o médico de Caldas acusado de abusar dunha paciente –*La Fiscalía pide 6 años de cárcel para un doctor por abuso sexual*, do día 15 de setembro–, un estudo sobre menores e violencia de xénero –*Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales*, do día 14 de setembro– e a posta en liberdade dun acusado por malos tratos –*Puesto en libertad el hombre detenido por presuntos malos tratos*, do día 26–. Como se ve, ningunha das mulleres mortas durante este mes mereceu unha primeira plana.



PRESENZA EN PORTADA		
Si	3	9%
Non	32	91%
	35	100%


5.2. Sección



SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	8	23%
Galicia	6	17%
Internacional	0	0%
Local	16	46%
Sociedade	0	0%
Sucesos	5	14%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
	35	100%

Como xornal local que é, *Diario de Pontevedra* presta especial atención ao seu ámbito de influencia xeográfica á hora de informar sobre violencia de xénero. Deste xeito, a sección Local reúne o 46% do total de informacións sobre esta problemática. Destaca o feito de que a sección “España” acumule máis noticias que Galicia, o que se debe á recollida por parte do xornal de sucesos impactantes que chegan a través de axencias estatais. As noticias que cualificamos como “crónica negra” repártense por todas as seccións referenciadas, ao non haber unha sección específica de sucesos.

5.3. Espazo




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	15	42%
De 11 a 25	10	29%
De 26 a 50	9	26%
Máis dunha páxina	0	0%
Toda a páxina	1	3%
	35	100%

A maior parte das pezas (o 42%) teñen unha extensión comprendida entre 1 e 10 módulos, un espazo moi reducido no que a información só pode ser abordada, na maioría dos casos, como un breve ou como unha nota dunha dunha extensión máxima dunha columna. As novas que tratan a violencia de xénero cando a vítima é o home

reciben sempre espazos considerábeis –*Más de 1.400 hombres sufren violencia doméstica en Galicia*, do día 3 de setembro, e *Ingresa en prisión una mujer de 39 años acusada de matar a su pareja*, do día 15–. A única páxina enteira dedícase a relatar o xuízo contra o médico de Caldas –*El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19 de setembro–. Non obstante, titulares como *Cárcel para el joven acusado de matar a una mujer en Elda* –do día 22 de setembro–, non merecen máis que un breve. O xornal, en virtude do seu carácter intrinsecamente local, privilexia a proximidade dos feitos á gravidade dos mesmos.

5.4. Presenza de ilustracións e tipo de ilustración

O acompañamento gráfico (presente en unha de cada tres informacións) componse unicamente de fotografías, ben do agresor ou do lugar da agresión.



PRESENZA DE ILUSTRACIONES		
Si	12	34%
Non	23	66%
	35	100%

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía/Retrato	12	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	12	100%

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

O recurso máis empregado para atraer a atención do público é o relato pormenorizado das agresións e dos seus resultados. Así, nalgunhas informacións cítanse as partes do corpo da muller afectadas polo agresor ou o estado no que se encontrou un cadáver –*Detenido el presunto asesino de la mujer de Coles*, do día 1 de setembro, por exemplo–. Tamén se recorre a un relato pormenorizado das detencións dos agresores –*Detenido el hombre que roció a su mujer con el ácido*, do día 5 de setembro, por exemplo–.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe


Tamén en *Diario de Pontevedra* detectamos exemplos de cómo o recurso ao dramatismo é ao sensacionalismo pode ser elemento determinante para a escolla dunha foto. Bo exemplo é a imaxe, publicada a toda cor, coa que se ilustra o asasinato dunha muller: na fotografía aparece o coche da vítima e unha gran mancha de sangue no chan –*Una mujer de 64 años muere en Zaragoza apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro–.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor

O agresor aparece identificado nun 17% das informacións, naqueles casos en que xa foi xulgado e condeado –*Seis años de prisión por abusar sexualmente de una deficiente*, do día 11 de setembro–, como acontece con José Rodríguez Salvador, o violador do Vall d'Hebron –*El violador del Vall d'Hebron sale hoy de la cárcel*, do día 22 de setembro, e *El violador de la Vall d'Hebrón' sale de la cárcel*, do día 23– ou naqueloutros nos que, segundo a nosa interpretación, o xornal cre que non é culpábel do delicto que se lle imputa, como acontece con Víctor Félix Lueiro, o médico de Caldas –*El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19

de setembro, e *Recogen firmas en apoio al médico de Caldas procesado*, do día 26 de setembro—. En ningún caso se produce a adscripción do agresor á súa clase social.




O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
Si	6	17%
Non	29	83%
	35	100%

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase baixa	0	0%
Clase media	0	0%
Non aparece	0	0%
	0	

7.2. Identificación da vítima

A identificación da vítima evítase no 77% das informacións. Detectamos dous casos nos que se revela con nome e apelidos a identidade da muller, práctica que debe erradicarse por completo, tal e como se indica na Declaración de Compostela, mesmo naqueles casos nos que a vítima xa está morta, en prol do dereito á intimidade das persoas próximas a ela –*Una mujer de 64 años muere en Zaragoza apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro e *Ingresa en prisión una mujer de 39 años acusada de matar a su pareja*, do día 15 de setembro—. A identificación mediante datos significativos ten lugar no 17% das ocasións –*Detenido el hombre que roció a su mujer con el ácido*, do día 5 de setembro, por exemplo—, práctica esta coa que a ou o xornalista tamén debera ter especial coidado, pois é preciso dotar de absolutas garantías o dereito á intimidade das mulleres agredidas e das persoas próximas a elas, e máis tendo en conta que o feito de aparecer identificadas nos medios, e ser postas no punto de mira da súa comunidade, implica para elas unha segunda vitimización. En ningún caso dos analizados, a identidade das mulleres é desvelada a través das fotografías, o que debemos aplaudir como unha boa práctica, dado que as imaxes, tanto da vítima, como

do seu entorno (xente próxima, vivenda...), son un dos recursos a través dos que se se está a vulnerar habitualmente o seu anonimato.



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	6	17%
Directa	2	6%
Imaxe	0	0%
Evítase	27	77%
	35	100%

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

Predominan como enfoques a crónica negra e a xudicial (que xuntas supoñen o 73% do total de pezas analizadas). As informacións categorizadas como legais refírense a noticias sobre reclamacións de cambios na lexislación, como as que se produciron ante a saída de prisión de José Rodríguez Salvador –*La Audiencia rechaza alargar la pena del violador de Vall d'Hebron*, do día 18 de setembro, *El violador del Vall d'Hebron sale hoy de la cárcel*, do día 22, e *El violador de la 'Vall d'Hebrón' sale de la cárcel*, do día 23–. Só en cinco noticias (precisamente as que máis inciden no factor prevención) se aborda a información dende un enfoque social ou cultural –*Más de 1.400 hombres sufren violencia doméstica en Galicia*, do día 3 de setembro, *Galicia contabilizó 154 delitos sexuales en lo que va de año*, do día 10, *Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales*, do día 14, *Concurso de carteles contra la violencia de género*, do día 23 e *Fiesta musical contra la violencia de género*, do día 22. Non se atoparon pezas nas que a información sexa abordada dende unha perspectiva interdisciplinar.




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	15	46%
Crónica xudicial	9	27%
Cultural	1	3%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	4	12%
Política	0	0%
Outras	0	0%
Social	4	12%
	35	100%

8.2. Xénero utilizado

O xénero predominante é a noticia que, xunto cos breves, supón o 91 por cento das informacións. Só en tres casos se acode a outro xénero (reportaxes en todos eles) – *Más de 1.400 homes sufren violencia doméstica en Galicia*, do día 3 de setembro, *El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19, e *Recogen firmas en apoyo al médico de Caldas procesado*, do día 26–. Coidamos que é de relevo o feito de que aqueles casos nos que a información é merecente dun trato máis profundo que o que permite a noticia fagan referencia a violencia cara a homes a mans de mulleres ou amosen, dalgún modo, un compromiso implícito do xornal na defensa da inocencia do presunto agresor. En ningún caso se bota man de formatos como a entrevista –que permitiría afondar na abordaxe da violencia de xénero mediante as informacións, valoracións e interpretacións da realidade que puideran achegar determinadas persoas coñecedoras da problemática de primeira man (implicadas,

comprometidas no movemento asociativo ou expertas) –, ou mediante os formatos de opinión, nos que o propio medio (nos editoriais), as e os xornalistas ou as persoas colaboradoras do xornal valoran aquelas cuestións de actualidade que consideran de relevo.




XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	5	14%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	
Noticia	27	77%
Outros	0	0%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	3	9
	35	100%

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

Só catro das noticias tratan a violencia de xénero sen vinculala a un feito puntual. Os temas abordados son a violencia cometida por menores, delitos sexuais en Galicia, malos tratos sufridos por homes (as referencias no corpo do texto á violencia contra as mulleres motiva a súa inclusión neste estudo) e as necesidades dun xulgado específico en Pontevedra –*Más de 1.400 homes sufren violencia doméstica en Galicia*, do día 3


de setembro, Galicia contabilizou 154 delitos sexuais en lo que va de ano, do día 10, Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales, do día 14, e Retos pendientes para el nuevo curso, do día 18—.



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	31	89%
Ao tema	4	11%
	35	100%

8.4. Sinatura

As axencias nutren a maioría de espazo dedicado á violencia de xénero (o 57%). Isto dáse tamén no caso de novas galegas que exceden o ámbito local do xornal. As novas e reportaxes asinadas por un autor ou autora individual (o 31% do total, o que amosa unha asunción elevada, en comparación co que acontece noutros medios, da responsabilidade do que se publica) son, na súa meirande parte, casos sonados ou noticias de carácter social ou cultural que teñen lugar no ámbito próximo. Son escasas as pezas que en *Diario de Pontevedra* son rubricadas por unha sinatura colectiva (Redacción) ou nas que non se indica o autor ou autora.




SINATURA		
Axencias	20	57%
Redacción ou similar	2	6%
Sen asinar	2	6%
Sinatura do/a autor/a	11	31%
	35	100%

8.5. Análise das causas

En ningunha das noticias analizadas se apunta ás causas da violencia de xénero como problemática subxacente á propia estrutura patriarcal da sociedade.


8.6. Análise dos antecedentes



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
Si	10	29%
Non	25	71%
	35	100%

A maioría das informacións non fan referencia aos antecedentes do episodio concreto de violencia de xénero sobre o que se informa. Estes son recollidos no 29% do total de informacións analizadas, na maior parte dos casos para indicar que o agresor era reincidente ou amosaba un comportamento pouco social –*Una juez le ordena alejarse de su mujer pero le da la casa y la tutela de los hijos*, do día 8 de setembro, por exemplo–. Porén, en tres informacións apúntase que a relación entre a parella semellaba normal –*Detenido el hombre que roció a su mujer con el ácido*, do día 5 de setembro, por exemplo–, o que denota unha falta de coñecemento e análise do modo en que a violencia de xénero no ámbito da parella se xesta (precisamente por ser unha violencia de portas para adentro do fogar, é invisíbel en numerosas ocasións no entorno próximo).


8.7. Análise das consecuencias



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
Si	3	9%
Non	32	91%
	35	100%

Só en tres casos se indican as consecuencias da violencia de xénero, mais sempre en relación cos efectos directos e máis inmediatos dun episodio concreto de agresión (por exemplo, ao sinalar o dano físico sufrido por unha muller violentada) –*La Fiscalía pide 6 años de cárcel para un doctor por abuso sexual*, do día 15 de setembro, por exemplo–. Non se abonda, polo tanto, na análise das consecuencias da violencia de xénero como a problemática social de extrema gravidade que é.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero




Só en 5 casos (o 14% sobre o total) se fai seguimento dos casos de violencia de xénero. O máis destacado é o do médico de Caldas acusado de abusar dunha paciente, merecente, como xa vimos con anterioridade, dun amplo e continuado tratamento nas

páxinas de *Diario de Pontevedra* –*El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19 de setembro, *Recogen firmas en apoio al médico de Caldas procesado*, do día 26, e *Más de 100 personas se concentran en Caldas en apoio al doctor Lueiro*, do día 28–.

SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Si	5	14%
Non	30	86%
	35	100%

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes




NÚMERO TOTAL DE FONTES POR PEZA		
1	24	68%
2	7	20%
3	2	6%
4	2	6%
	35	100%

9.2. Fontes oficiais

O 94% das fontes analizadas son oficiais, a maior parte delas provintes de ámbitos policiais e xudiciais, o que está en íntima relación co enfoque predominante da información: cara á cobertura do suceso e a crónica negra.



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
Si	33	94%
Non	2	6%
	35	100



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	14	42,5%
Fontes xudiciais	14	42,5%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	2	6%
Goberno local	3	9%
Outras	0	0%
	33	100%

9.3 Fontes expertas

Só se acode a fontes expertas nunha ocasión, nunha información sobre o violador de Vall d'Hebron na que se recollen voces de psicólogos recomendando que José Rodríguez Salvador non saia do cárcere –*El violador de la 'Vall d'Hebrón' sale de*

la cárcel, do día 23 de setembro—. O medio non amosa unha procura activa de fontes expertas para explicar os feitos relacionados coa violencia de xénero.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
Si	1	3%
Non	34	97%
	35	100%

9.4. Fontes do movemento asociativo

Só en dúas informacións se acode a fontes do movemento asociativo de mulleres. Nestes casos, as voces consultadas proveñen da Federación de Mulleres Violadas e a Federación de Axuda ás Mulleres Violadas. Un está en relación co caso do violador de la Vall D'Hebron –*El violador de la 'Vall d'Hebrón' sale de la cárcel*, do día 23 de setembro—. O recurso ás fontes do movemento asociativo de mulleres vén da man dun episodio de intenso tirón mediático, mais a súa escasa presenza e o feito de que só se acuda a elas nesta ocasión fai pensar, unha vez máis, na escasa relación entre medios e o movemento de mulleres no día a día, máis aló do recurso puntual á base asociativa que fan os medios en episodios puntuais de gran impacto ou en días sinalados (8 de marzo e 25 de novembro).


A outra información na que se bota man de fontes asociativas constitúe unha das poucas pezas analizadas nas que o movemento de mulleres accede aos medios por si mesmo, aínda que tamén a conta dunha nova en certa medida espectacular –*Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales*, do día 14 de setembro—



PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
Si	2	3%
Non	33	97%
	35	100%


9.5. Fontes testemuñais

Os datos amosan que as fontes testemuñais (inseridas nun 17% das informacións) están presentes na información en maior medida cás fontes expertas e as procedentes do movemento asociativo. As fontes testemuñais ás que se adoita acudir son fundamentalmente as veciñas e os veciños –*Una mujer de 64 años muere en Zaragoza apuñalada por su marido*, do día 9 de setembro, por exemplo–, aínda que nun caso se recolle tamén o testemuño do presunto agresor (Víctor Lueiro, o médico de Caldas acusado de abusos sexuais) –*El médico acusado de abusos achaca la denuncia a una mala interpretación*, do día 19 de setembro–.




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
Si	6	3%
Non	29	97%
	35	100%

PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS




PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agredida(s)	0	0%
Agresor(es)	1	17%
Familiares e amizades	0	0%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Veciñanza	5	83%
	6	100%

9.6. Outras fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
Si	4	3%
Non	31	97%
	35	100%



PROCEDENCIA DAS OUTRAS FONTES		
Compañeiros do médico	3	75%
“Fontes coñecedoras do caso”	1	25%
	4	100%

Este apartado inclúe fundamentalmente aos compañeiros de traballo médico acusado, que aparecen na prensa defendéndoo. Ademais, nunha ocasión a ou o xornalista bota man de fontes oficiosas, é dicir, fontes que non son identificadas e das que só se nos di que coñecen de primeira man o acontecemento.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

Ningunha peza inclúe informacións útil ou de servizo, o que vai en contra das recomendacións recollidas ao respecto pola Declaración de Compostela.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS


11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal

Ningunha peza identifica a violencia como un feito paixonal.

11.2. Culpabilización da vítima

Ningunha peza culpabiliza a vítima, de xeito directo ou indirecto.

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	7	20%
Non	28	80%
	35	100%

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras

Aínda que en porcentaxe reducida, aínda seguen a incluírse nalgúnhas informacións circunstancias “atenuantes” para co agresor, como a dependencia do alcohol ou o padecemento de problemas mentais –*Un rumano se enfrenta a una pena de 12 años por violar a una menor*, do día 14 de setembro, *Cuatro personas pierden la vida tras ser degolladas*, do día 17, *Absuelto por estar ebrio cuando maltrató a su pareja y a su hija*, do día 19, e *El trastorno antisocial no libra a un violador de su responsabilidad*, do día 10 de setembro–. Nalgúns casos, a xustificación do agresor forma parte do propio feito sobre o que se informa –*Absuelto por estar ebrio cuando maltrató a su pareja y a su hija*–. Nestas ocasións, sería desexábel que a ou o xornalista


tivera capacidade de reacción fronte a estes casos nos que a presenza de elementos considerados atenuantes serven para aminorar ou diluir a responsabilidade do agresor.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS	DE	CIRCUNSTANCIAS
Alcohol e outras drogas	3	43%
Ciumes	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Non aparecen	0	0%
Outros	3	43%
Problemas mentais	1	14%
	7	100%

11.5. Presenza de axencia feminina

Nun 40% das informacións inclúense elementos que visibilizan a axencia feminina, é dicir un papel activo das mulleres no relato, cuxa presenza por outra banda é fundamental para romper o patrón da muller como vítima que adoita ser habitual nas informacións que as mulleres protagonizan nos medios. Na maior parte dos casos, trátase de informacións nas que se fai referencia nalgún momento a como as mulleres agredidas se defenderon do seu agresor –*Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales*, do día 14 de setembro, e *Un rumano se enfrente a una pena de 12 años por violar a una menor*, do mesmo día, por citar dous exemplos–.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
Si	14	40%
Non	21	60%
	35	100%

12. LINGUAXE SEXISTA


Está xeralizado o emprego do masculino xenérico (reflexo do androcentrismo lingüístico subxacente á redacción dos textos).

LA REGIÓN


Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O concepto violencia de xénero resérvase en *La Región* para denominar a violencia doméstica ou no ámbito da parella, e sempre no caso de agresións entre cónxuxes. No que respecta a agresións que se saen desta definición, o xornal non contempla a utilización deste termo ou algún equivalente. En ningún caso as agresións cara as mulleres, mesmo aquelas cun claro compoñente sexual, como son as violacións ou abusos, se identifican como violencia de xénero. Mesmo non todas as informacións sobre violencia contra as mulleres no ámbito doméstico son identificadas como violencia de xénero –*Un agresor se queda con el piso de la maltratada*, do día 6 de setembro, por exemplo–.




PRESENZA DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
Si	9	19%
Non	39	81%
	48	100%



TERMOS USADOS PARA DEFINIR A VIOLENCIA DE XÉNERO		
Violencia de xénero	5	56%
Violencia doméstica	3	33%
Outros	1	11%
	9	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN

A metade das informacións publicadas sobre violencia de xénero en *La Región* abordan a violencia no ámbito da parella. Os abusos e agresións sexuais, así como a violencia contra as nenas, son os seguintes aspectos máis abordados (representan o 15% sobre o total de novas estudadas cadás un). A penas se trata a prostitución como materia informativa e en ningún caso se fala de acoso laboral ás mulleres. As novas clasificadas como Outros fan referencia na práctica totalidade dos casos a informacións sobre agresións de homes contra mulleres, nas que non queda claro a existencia dunha relación sentimental entre agresor e vítima. Tamén incluimos en Outros unha nova que fai referencia a un curso de autodefensa específico para mulleres, como medida de prevención contra malos tratos. A información é inusual, canto que non se adoita destacar a axencia feminina na información dos medios. Entendemos, porén, que a súa inclusión vén motivada polo feito de tratarse dunha iniciativa institucional, dado o peso das fontes oficiais na información sobre violencia de xénero nos medios.




VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	7	15%
Acoso laboral	0	0%
Violencia no ámbito da parella	25	51%
Prostitución	1	2%
Violencia contra as nenas	7	15%
Outras	8	17%
	48	100%

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Si	0	0%
Non	48	100%
	48	100%

Nas pezas analizadas nunca se identifica a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos, o que contravén de raíz as indicacións da Declaración de Compostela, doutros manuais sobre o correcto tratamento informativo da violencia de xénero, e da propia ONU, que dende 1993, na Conferencia de Viena, recoñece de maneira explícita que a violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	0	0%
Neutro	35	73%
Condenatorio	13	27%
	48	100

A porcentaxe que predomina é a neutralidade. O posicionamento condenatorio cara á violencia de xénero por parte da ou do xornalista prodúcese en aproximadamente nunha de cada catro noticias. Convén destacar nun senso positivo que non haxa pezas que xustifiquen coa súa argumentación a violencia de xénero.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN


5.1. Presenza en portada



PRESENZA EN PORTADA		
Si	6	13%
Non	42	87%
	48	100%

A violencia de xénero é levada a portada no 13% dos casos, sempre en relación con sentenzas xudiciais ou crimes que poidan sorprender ao público lector polo seu carácter impactante, o que denota, unha vez máis, o recurso ao sensacionalismo como gancho por parte da prensa –*Nueve meses de cárcel para un hombre que pegó a su hija de siete años con un cinturón*, do día 12 de setembro ou *Una juez retira a una vecina de la ciudad la custodia de su hijo por huir de un maltratador*, do día 17, dous exemplos–.

5.2. Sección




SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatat	18	38%
Galicia	8	17%
Internacional	3	6%
Local	17	35%
Sociedade	2	4%
Sucesos	0	0%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
	48	100%

A cobertura de información sobre violencia de xénero realízase sempre en seccións xeográficas, nunca en Sucesos, pois carece de tal sección. Destacamos en principio como positivo este dato (e sempre que non se introduzan as informacións de violencia de xénero en páxinas que, aínda que non leven a etiqueta de sucesos, estean centradas en exclusiva na crónica negra, tal e como acontece nalgúns casos). Esta

práctica permite sacar á violencia de xénero do contexto informativo da crónica negra e concederlle, ademais, unha relevancia informativa maior (téñase en conta que as seccións xeográficas están protagonizadas en boa medida polas informacións duras, é dicir, aquelas que, na escala valorativa dos medios, son consideradas como máis importantes na axenda do día a día). Aínda que *La Región* ten un carácter moi local na súa configuración, é de destacar a atención que presta a acontecementos relacionados coa violencia de xénero no resto do Estado español. O número destas pezas supera mesmo ás que se encontran na sección Local. Tamén se observa unha presenza maior de novas internacionais que noutros xornais estudados.

5.3. Espazo



ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	33	68%
De 11 a 25	6	13%
De 26 a 50	9	19%
Máis dunha páxina	0	0%
Toda a páxina	0	0%
	48	100%

As noticias ás que máis espazo se lles concede son as referidas a crimes impactantes e acontecidos no ámbito local –*Ingresar en prisión el vecino de Sober en cuya casa fue hallada muerta la vecina de O Couto*, do día 26 de setembro, por exemplo–, así como aquelas referidas a sentenzas que provoquen grande alarma social en todo o Estado, como a liberación dun violador múltiple –*El "violador de la Vall d'Hebron" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia*, do día 23 de setembro–. Nalgúns casos aparecen noticias sen titular que se incorporan baixo a cabeceira doutro acontecemento, malia que este non teña relación coa violencia de xénero.

5.4. Presenza de ilustracións e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓNS		
Si	12	25%
Non	36	75%
	48	100%

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía/Retrato	12	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	12	100%

O acompañamento gráfico compónse unicamente de fotografías, que adoitan estar protagonizadas na maioría dos casos polo agresor ou polo lugar da agresión. Nalgunha ocasión se fotografía á vítima, no momento en que está a ser atendida, mais sen que poida ser identificada –*Herida grave al ser rociada con un líquido tóxico por su marido*, do día 4 de setembro–. A inclusión ou non de fotografía non depende tanto da

importancia que se lle conceda á información ou do espazo que se lle destine, senón que máis ben está en relación coa disponibilidad por parte do medio de imaxes con impacto (a vítima sendo trasladada ou atendida ou o retrato de agresores condenados, os únicos que aparecen).

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

Os textos de *La Región* non adoitan recurrir a este tipo de elementos para atraer a atención do público lector. Aínda así, danse casos nos que se seleccionan novas polo morbo –*Un homosexual que "quería probar a una mujer" confiesa la muerte de una menor*, do día 14 de setembro– ou se tenta revestir de sensacionalismo a redacción da información, ben mediante a linguaxe (a morte dunha muller é definida como “macabro suceso”) –*La Guardia Civil busca pruebas del homicidio de O Rodicio en las viviendas del detenido*, do día 1 de setembro–, ben mediante a incorporación de datos como a descrición en detalle das feridas sufridas polas vítimas –*Dada de alta la mujer abrasada por su marido con un líquido corrosivo en una calle de Madrid*, do día 8 de setembro–.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe


As imaxes coas que *La Región* acompaña as súas noticias non adoitan botar man do morbo ou ao dramatismo, mais si se detecta algún caso –*Herida grave al ser rociada con un líquido tóxico por su marido*, do día 4 de setembro– no que se acode a este recurso.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor

O agresor aparece identificado nos casos en que xa foi xulgado e condeado, como é o de José Rodríguez Salvador –*Un peligroso violador saldrá de la cárcel pese a no estar rehabilitado*, do día 18 de setembro, *El violador del Vall d'Hebrón sale hoy de prisión tras cumplir 16 años de condena*, do día 22, *El "violador de la Vall d'Hebrón"*


sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia, do día 23, e *El violador de la Vall d'Hebrón podría estar en Andalucía con familiares*, do día 24-. En ningún caso se adscribe ao agresor a clase social algunha. Evítase deste xeito a tendencia doutros medios a identificar a violencia de xénero con determinados ámbitos sociais, polo xeral, aqueles vencellados a cidadanía que dispón de menos recursos.



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
Si	2	4%
Non	46	96%
	48	100%

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase baixa	0	0%
Clase media	0	0%
Non aparece	0	0%
	0	

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	9	19%
Directa	4	8%
Imaxe	0	0%
Evítase	35	73%
	48	100%

Na maioría das información (o 73%) a identificación das vítimas evítase. Mais, aínda así, detectamos unha identificación directa das mesmas nun 8% dos casos, e a referencia a datos significativos no 18% das pezas analizadas.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

Predominan como enfoques a crónica negra e a xudicial (en conxunto supoñen máis do 80% da información), que en moitas ocasións reúnen condicións similares no tratamento da información. As categorizadas como legais refírense a noticias sobre reclamacións de cambios na lexislación, como por exemplo as que se deron ante a saída de prisión de José Rodríguez Salvador, coñecido como o violador do Vall d'Hebron – *Un peligroso violador saldrá de la cárcel pese a no estar rehabilitado*, do día 18 de setembro, *El violador del Vall d'Hebrón sale hoy de prisión tras cumplir 16 años de condena*, do día 22, e *El "violador de la Vall d'Hebron" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia*, do día 23–. As novas que foron abordadas dende unha perspectiva política e social refírense a medidas institucionais de carácter local –*El Concello ayuda a 25 mujeres maltratadas*, do día 25 de setembro, e *Las mujeres de Verín aprenden a defenderse con "Taishindó"*, do día 5–. A noticia que non se axusta a ningunha das categorías citadas é unha na que se explica o paradoiro de Rodríguez Salvador logo da súa liberación –*El violador de la Vall d'Hebrón podría estar en Andalucía con familiares*, do día 24 de setembro–. Non se atoparon pezas interdisciplinares.




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Científica	3	6%
Crónica negra	29	61%
Crónica xudicial	10	21%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	3	6%
Política	1	2%
Outras	1	2%
Social	1	2%
	48	100%

8.2. Xénero utilizado


O xénero predominante é a noticia, dado que non implica análise senón simplemente a resposta ás 5 Ws clásicas (que, quen, cando, onde e como), que son os elementos que adoitan estruturar a información na cobertura habitual da violencia de xénero como suceso. En canto ás reportaxes, unha delas refírese a un crime cometido na cidade de Ourense (o factor proximidade actúa como determinante á hora de utilizar un xénero que implica unha abordaxe máis ampla da información) –*El novio de la mujer quemada en O Rodicio quedó en libertad tras declarar en el Juzgado*, do día 29 de setembro– e a outra é a elaborada a raíz da saída da cárcere de José Rodríguez Salvador –*El "violador de la Vall d'Hebron" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia*,

do día 23 de setembro—. Neste caso, é o factor de alarma social o que leva ao medio a tratar o acontecido cun formato que implique un enfoque máis pausado do acontecido).



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	10	21%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	36	75%
Outros	0	0%
Publireportaxe	0	0%
Reportaxe	2	4%
	48	100%


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	47	98%
Ao tema	1	2%
	48	100%

Só nunha das informacións, na que se explican as consecuencias psíquicas que conleva a práctica da prostitución para a muller que a exerce –*Las prostitutas sufren un estrés mayor que el de los veteranos de la Guerra del Vietnam*, do día 30 de setembro–, o medio enfoca a súa atención máis aló da cobertura de acontecementos de actualidade.


8.4. Sinatura



SINATURA		
Axencias	19	41%
Redacción ou similar	16	35%
Sen asinar	10	22%
Sinatura do/a autor/a	1	2%
	35	100%

A maioría das informacións (máis do 50%) están asinadas por axencias, o que está en relación, por unha banda, coa elevada presenza no medio de información de ámbito estatal e internacional –que as e os profesionais non poden cubrir de maneira directa–, mais tamén cunha ausencia de iniciativa por parte do medio á hora de abordar con persoal propio este problema social. A porcentaxe de informacións sen asinar é moi elevada (o 22% do total), o que unido a unha presenza tamén alta da sinatura colectiva (Redacción) e ao feito de que tan só nunha ocasión a ou o xornalista decida explicitar o seu nome –*Las mujeres de Verín aprenden a defenderse con "Taishindó"*, do día 5 de setembro–, amosa que, na práctica totalidade dos casos, as e os profesionais dos medios deciden non responsabilizarse daquilo que publican.


8.5. Análise das causas



ANÁLISE DAS CAUSAS		
Si	2	4%
Non	46	96%
	48	100%

Só en dous casos se analizan as causas da problemática da violencia de xénero. En ambos, a fonte experta consultada provén do ámbito psicolóxico. Unha das informacións fai referencia á práctica da prostitución –*Las prostitutas sufren un estrés mayor que el de los veteranos de la Guerra del Vietnam*, do día 30 de setembro–. A outra aborda a incidencia do maltrato na comunidade inmigrante –*La violencia contra la mujer, uno de los temas que tratará el Congreso de Psiquiatría*, do día 26 de setembro–.

8.6. Análise dos antecedentes




Nas cinco ocasións nas que se citan antecedentes do caso de violencia de xénero sobre o que se informa (o 10 por cento do total das informacións) aprovéitase para sinalar que o home xa fora denunciado ou condenado, ou que amosaba conductas

agresivas cara á muller –*Detenido en Bergondo acusado de retener a una mujer contra su voluntad*, do 6 de setembro, por exemplo–.

ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
Si	5	10%
Non	43	90%
	48	100%

8.7. Análise das consecuencias




ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
Si	3	6%
Non	45	94%
	48	100%

Só en tres casos se abordan as consecuencias da violencia de xénero, ben para referir a morte dos agresores –*Las autoridades iraníes ejecutan en público a tres acusados de haber violado a 12 mujeres*, do día 28 de setembro– ben para amosar a preocupante situación na que se atopa o fillo dunha muller vítima da violencia de xénero –*Detenido en Forcarei el dueño de la casa en la que apareció muerta una vecina de O Couto*, do día 20 de setembro–, ben para abondar nas consecuencias psíquicas da práctica da prostitución nas mulleres que a exercen –*Las prostitutas sufren un estrés mayor que el de los veteranos de la Guerra del Vietnam*, do día 30 de setembro–.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero

O xornal segue a evolución dos casos máis impactantes do seu ámbito local –*La Guardia Civil busca pruebas del homicidio de O Rodicio en las viviendas del detenido*, do día 1 de setembro, *El hombre detenido por matar a una mujer en O Rodico comparece hoy ante el juez*, do día 2, *El acusado de matar a la mujer de O Rodicio*


declara que participou en el traslado del cuerpo, do día 3 e El juez llamará a declarar al novio de la mujer quemada en O Rodicio para aclarar su muerte, do día 4. Mais tamén ofrece información continuada dalgúns casos que suceden no resto do Estado español, como a liberación de José Rodríguez Salvador –Un peligroso violador saldrá de la cárcel pese a no estar rehabilitado, do día 18 de setembro, El violador del Vall d'Hebrón sale hoy de prisión tras cumplir 16 años de condena, do día 22, El "violador de la Vall d'Hebrón" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia, do día 23, e El violador de la Vall d'Hebrón podría estar en Andalucía con familiares, do día 24– ou a positiva recuperación da muller atacada cun líquido corrosivo en Madrid –Herida grave al ser rociada con un líquido tóxico por su marido, do día 4 de setembro, Detenido por rociar con ácido a su mujer, do día 5 e Dada de alta la mujer abrasada por su marido con un líquido corrosivo en una calle de Madrid, do día 8–.



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Si	11	14%
Non	37	86%
	48	100%


9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes




NÚMERO TOTAL DE FONTES POR PEZA		
0	3	6%
1	38	79%
2	6	13%
3	1	2%
	48	100%

9.2. Fontes oficiais




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
Si	43	90%
Non	5	10%
	48	100

O medio amosa unha gran dependencia das fontes oficiais, presentes no 90% das informacións. A súa procedencia correspóndese coa orientación maioritaria da información: cara o suceso e a crónica negra. Polo tanto as fontes policiais e xudiciais son as predominantes.



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	25	58%
Fontes xudiciais	11	26%
Goberno autonómico	1	2%
Goberno estatal	3	7%
Goberno local	3	7%
Outras	0	0%
	43	100%

9.3. Fontes expertas




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
Si	4	8%
Non	44	92%
	48	100%

Só un 8 por cento das informacións (en total catro) inclúen fontes expertas, todas elas procedentes neste caso do ámbito psicolóxico. En dous casos, ambos referentes ao violador de la Vall D'Hebron, cítase a expertos forenses que valoraron se José Rodríguez Salvador se podía considerar ou non rehabilitado no momento de saír da cadea –*El violador del Vall d'Hebrón sale hoy de prisión tras cumplir 16 años de condena*, do día 22 de setembro, e *El "violador de la Vall d'Hebron" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia*, do día 23–. Podemos observar como as voces expertas son utilizadas ao fío dos acontecementos de actualidade máis impactantes. Non se aproveitan pois para abondar nun tratamento máis profundo e repousado, orientado ao tratamento da problemática, que permita un mellor coñecemento dos diversos factores que interaccionan na realidade sobre a que se informa.


9.4. Fontes do movemento asociativo

Non aparecen fontes do movemento asociativo feminista e de mulleres, o que amosa unha vez máis a escasa relación dos medios de comunicación co tecido cívico ligado á reivindicación dos dereitos das mulleres.

9.5. Fontes testemuñais




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
Si	2	4%
Non	46	96%
	48	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agredida(s)	1	50%
Agresor(es)	0	0%
Familiares e amizades	1	50%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Veciñanza	0	0%
	2	100%


Só en dous casos, o 4% do total, se acode a fontes testemuñais. Un refírese ás queixas de mulleres vítimas de José Rodríguez Salvador pola súa posta en liberdade –*El "violador de la Vall d'Hebron" sale de la cárcel con un alto riesgo de reincidencia*, do día 23 de setembro–. O outro recolle as declaración da familia dunha muller asasinada –*Detenido en Forcarei el dueño de la casa en la que apareció muerta una vecina de O Couto*, do día 20 de setembro–

9.6. Outras fontes




PRESENZA DOUTRAS FONTES		
Si	4	8%
Non	44	92%
	48	100%

Neste apartado, e como exemplo de mala práctica, podemos destacar a información na que se recolle a opinión de traballadores e traballadoras empregados na empresa dun agresor, que manifestan que “non se acaban de crer os feitos” –*Un empresario ingresó en prisión acusado de abusar sexualmente de su hija menor de edad*, do día 19 de setembro–. De novo podemos constatar como a recollida de voces próximas ao entorno do agresor e da agredida, que en moitos casos só coñecen os feitos dunha maneira indirecta, que non contan con outro valor como fonte máis que o de coincidir dalgún modo no entorno vital do agresor ou da vítima, actúan de correa para a transmisión de estereotipos ou mesmo para a xustificación agresor.



PROCEDENCIA DAS OUTRAS FONTES		
Defensa da agredida	1	25%
Defensa do agresor	2	50%
Persoal da empresa dun agresor	1	25%
	4	100%

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO



PRESENZA DE INFORMACIÓN DE SERVIZOS PARA AS VÍTIMAS		
Si	1	2%
Non	47	98%
	48	100%

A única peza que categorizamos como información de servizo é a que anuncia un curso de autodefensa contra maltratos que se celebra en Verín –*Las mujeres de Verín aprenden a defenderse con "Taishindó"*, do día 5 de setembro—. Ao igual que podemos constatar noutros medios, a información sobre servizos só se inclúe se estes protagonizan a información, mais en ningún caso se observa unha intención da ou do xornalista de complementar as novas sobre violencia de xénero con información de servizos que puidera ser de utilidade ás mulleres que queiran saír da espiral da violencia (indicándolles a onde acudir, como proceder, en que centros e institucións asesorarse, a que teléfonos chamar...).

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal

Ningunha peza identifica a violencia como un feito pasional, o que supón un dato alentador e un avance con respecto á superación de estereotipos nos que tradicionalmente viñan incorrendo os medios na representación da violencia de xénero.

11.2. Culpabilización da vítima

Ningunha peza culpabiliza a vítima.


11.3. Xustificación do agresor



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	3	6%
Non	45	94%
	48	100%

En tres pezas atopamos aínda elementos que, de maneira directa ou indirecta, xustifican ao agresor. Ás veces esta xustificación, como veremos no apartado que segue, está implícita no propio acontecemento sobre o que se informa.

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras




APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	3	100%
Ciumes	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Non aparecen	0	0%
Outros	0	0%
Problemas mentais	0	0%
	3	100%

Aínda que nunha porcentaxe moi reducida, seguen a botarse man de circunstancias “atenuantes” como o alcohol –*Detenido en Vigo un sexagenario tras agredir e insultar a su mujer en su domicilio*, do día 8 de setembro, *Un hombre degüella a su mujer en Madrid y simula un robo para ocultar el crimen*, do día 17, e *Absuelto por estar ebrio cuando maltrató a su pareja y a una hija de ésta*, do día 19–.

Nalgúns casos, a xustificación do agresor está implícita no mesmo feito sobre o que se dá noticia, tal é o caso dun asasino absolto por estar borracho cando cometeu o crime.

11.5. Presenza de axencia feminina



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
Si	16	33%
Non	32	67%
	48	100%

Detectamos presenza de axencia feminina nun 33% das informacións. En varios destes casos, no relato faise referencia a como as mulleres agredidas se defenderon – *Una discusión de pareja en el centro de Ourense movilizó a las fuerzas policiales*, do día 22 de setembro, por exemplo–, cuestión importante canto que implica a construción da imaxe das mulleres non só como vítimas senón tamén como axentes activos con capacidade de iniciativa para facerlle fronte a unha situación de risco. Tamén incluímos nesta categoría aquelas informacións nas que se fai referencia a mulleres con cargos de responsabilidade política que desenvolven accións contra a violencia de xénero –*El Concello ayuda a 25 mujeres maltratadas*, do día 25 de setembro, por exemplo–.

12. LINGUAXE SEXISTA


O androcentrismo lingüístico é a ollada que impera na redacción (manifesto no emprego xeral do masculino xenérico). Non se atoparon, porén, casos extremos de emprego (a través de determinados conceptos, estereotipos ou descrições) dunha linguaxe, non só discriminatoria, senón tamén denigratoria para coas mulleres.

ATLÁNTICO DIARIO


Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Só nun 24% das informacións se fai alusión ao termo violencia de xénero ou outros que poidan considerarse afíns. O termo “violencia doméstica”, utilizado nunha de cada dúas das informacións nas que se define a problemática dalgún xeito, é o máis empregado en *Atlántico Diario*. A definición da problemática, realizada fundamentalmente baixo os termos “violencia de xénero” e “violencia doméstica” resérvase en *Atlántico Diario* a aqueles casos de violencia no ámbito da parella. Por iso, no caso de agresións que se saen desta definición, o xornal non contempla a utilización deste termo ou algún equivalente. En ningún caso, as outras agresións cara ás mulleres, mesmo aquelas cun claro compoñente sexual, como son as violacións ou abusos, se identifican como violencia de xénero.




PRESENZA DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
Si	4	24%
Non	13	76%
	17	100%



TERMOS USADOS PARA DEFINIR A VIOLENCIA DE XÉNERO		
Violencia de xénero	1	25%
Violencia doméstica	2	50%
Outros	1	25%
	4	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA NA INFORMACIÓN

A violencia no ámbito da parella é o tema que centra preto do 60% das pezas analizadas. As outras manifestacións da violencia de xénero non só non se consideran como tal violencia de xénero, tal e como vimos de ver, senón que, ademais, apenas son visibilizadas.




VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	2	12%
Acoso laboral	0	0%
Violencia no ámbito da parella	10	58%
Prostitución	2	12%
Violencia contra as nenas	3	18%
Outras	0	0%
	17	100%

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
Si	0	0%
Non	17	100%
	17	100%

Ningunha peza analizada segue a recomendación do apartado 3 da Declaración de Compostela. En ningún caso, tal e como amosan os datos recabados, a información de xénero é identificada como unha violación dos dereitos humanos.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	1	6%
Neutro	10	59%
Condenatorio	6	35%
	17	100

O posicionamento predominante cara á violencia de xénero na información é o neutral. Detectamos nunha información a introducción de elementos xustificadores cara ao agresor. Trátase dunha nova referida ao rapto dunha muller por un home. Dado que non houbo agresión física, e o raptor é descrito pola veciñanza como un home tranquilo, o redactor ou redactora asume a tese de que se tratou dun “arrebato” –*Un lucense rapta a su ex novia y la retiene en el monte*, do día 7 de setembro–.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN


5.1. Presenza en portada



PRESENZA EN PORTADA		
Si	1	6%
Non	16	94%
	17	100%

A única noticia que aparece en portada relacionada coa violencia de xénero é a morte dun home acoitelado pola muller coa que convivía –*Un hombre muere en Cee desangrado tras ser acuchillado por su compañera*, do día 15 de setembro–, o cal resulta bastante indicativo do enfoque de espectacularidade que se busca dar ás novas deste ámbito temático. Incluímos esta información na análise como violencia de xénero –malia entendermos a violencia de xénero como aquela que sofre unha muller polo feito de nacer como tal– dado que nos antecedentes que a noticia reporta tamén se dá conta de presuntos maltratos previos do home cara á súa muller (ámbolos dous cónxuxes denunciáranse mutuamente por agresións). O feito de que esta información sexa levada a portada é un bo reflexo dunha das primeiras leccións que se aprende nas facultades de xornalismo: “Non é noticia que un can morda a unha persoa, senón que unha persoa morda a un can”. É dicir, o extraordinario, o merecente de levar a portada para o xornal, non é xa a agresión dun home cara a unha muller (é dicir, a manifestación extrema da violencia de xénero), senón xustamente o contrario. A situación deturpa por completo a realidade, xa que as estatísticas existentes amosan que son minoritarios aqueles casos nas que é a muller, e non o home, o agresor.

5.2. Sección




SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	4	24%
Galicia	0	0%
Internacional	1	6%
Local	0	0%
Sociedade	0	0%
Sucesos	12	70%
Suplementos	0	0%
Outros	0	0%
	17	100%

Atlántico Diario conta cunha sección de sucesos, na que se concentran a gran maioría das información sobre xénero. Só no caso de agresións noutros puntos do Estado ou mesmo fóra do Estado, que son introducidas –aínda que non sempre– na sección España ou Internacional, as informacións poden atopar oco fóra de Sucesos. Cremos que este feito indica pouca atención cara a esta temática, xa que a súa inclusión

virá determinada por circunstancias alleas a criterios de selección xornalística (falta de espazo nunha sección ou necesidade de encher outra). Destaca a única nova que aparece en Internacional, e que foi recollida polo morbo e a espectacularidade implícita á mesma—*Un homosexual que "quería probar a una mujer" confiesa la muerte de una menor*, do día 14 de setembro—.

5.3. Espazo




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	11	64%
De 11 a 25	3	18%
De 26 a 50	3	18%
Máis dunha páxina	0	0%
Toda a páxina	0	0%
	17	100%

As novas ás que se lles dedica máis espazo son aquelas nas que a vítima da agresión é asasinada. En ocasións, baixo un titular no que se destaca un caso concreto de violencia de xénero, recóllense no corpo da noticia informacións sobre outros casos, mesmo aínda que non sexan de violencia de xénero —*Un vigués agredió a su mujer tras llegar ebrio al domicilio conyugal*, do día 8 de setembro, por exemplo—. É dicir, aprovéitase no titular o gancho que poida ter un caso concreto de violencia de xénero para recoller logo na noticia unha relación de episodios diversións de agresión —con ou

sen compoñente xenérica– que, no fondo, redundan aínda máis na inserción da violencia de xénero como crónica negra. Deste xeito, aínda que nun primeiro momento poida parecer que dita información sobre violencia de xénero é merecente dun tratamento de relevo canto a espazo, a extensión dedicada á información destacada no titular é moito menor.

5.4. Presenza de ilustracións e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓNS		
Si	6	35%
Non	11	65%
	17	100%

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía/Retrato	17	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	17	100%

O acompañamento gráfico compónse unicamente de fotografías, ben do agresor ou do lugar da agresión. Estas inclúense nas noticias que máis espazo ocupan, e nas que a foto ten un lugar predominante na composición, o que, xa de por si indica un forte compoñente de sensacionalismo –*Un hombre mata a su mujer en el garaje de su casa en Zaragoza y luego llama a la Policía*, do día 9 de setembro, por exemplo–.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e ao dramatismo no texto

O recurso máis empregado para atraer a atención do público é o relato pormenorizado das agresións e dos seus resultados. Así, nalgunhas informacións cítanse as partes do corpo da muller afectadas polo agresor ou o estado no que se encontrou un cadáver. Por exemplo, na morte dunha muller sen aclarar, cítase que “tiña feridas na cara, pescozo e peito e a roupa desgarrada”, o cal non é moi relevante para a comprensión da nova – *Apuñala a una mujer en Elda y avisa a la Policía diciendo que la halló herida*, do día 21 de setembro–.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

O recurso ao dramatismo destaca nunha fotografía –referida a unha noticia na que se informa do asasinato dunha muller– na que se amosa o seu coche e unha gran mancha de sangue no chan –*Un hombre mata a su mujer en el garaje de su casa en Zaragoza y luego llama a la Policía*, do día 9 de setembro–.

7. DEREITO Á INTIMIDADE


7.1. Identificación do agresor

O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
Si	0	0%
Non	17	100%
	17	100%

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase baixa	0	0%
Clase media	0	0%
Non aparece	0	0%
	0	

O agresor nunca aparece identificado de maneira directa. Non obstante, nalgúha ocasións si se inclúen datos significativos, que adoitan consistir na inclusión do nome e as iniciais dos apelidos.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	5	29%
Directa	0	6%
Imaxe	0	0%
Evítase	12	71%
	17	100%

As vítimas nunca aparecen identificadas directamente ou a través da imaxe. Quizais sexa este o apartado da Declaración de Compostela que mellor cumpre este xornal. Porén, en preto dun 30% das ocasións identifícase a vítima con datos significativos, que adoitan consistir no nome e as dúas iniciais dos apelidos.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

A crónica negra é a perspectiva maioritariamente elixida por *Atlántico Diario* para a abordaxe das informacións sobre violencia de xénero. Como xa vimos, isto reflíctese en varios dos aspectos analizados, como a sección na que se inclúen as noticias ou os xéneros empregados. A consecuencia máis directa é a xa sinalada falta de análise e


interdisciplinariedade. O único que interesa é o feito en si, non as súas consecuencias nin a proposta de accións para combater a violencia de xénero.



PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	15	88%
Crónica xudicial	2	12%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Legal	0	0%
Política	0	0%
Outras	0	0%
Social	0	0%
	17	100%

8.2. Xénero utilizado

Os únicos xéneros empregados son a noticia (no 82% das informacións) e o breve (no 12% restante), o que indica que son os acontecementos de máis estrita actualidade –e ademais, como xa vimos– marcados polo enfoque determinado pola crónica negra, os únicos que teñen oportunidade de entrar na axenda do medio, da que queda desbotada un tratamento que permita unha abordaxe máis profunda da información.



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	3	18%
Crónica	0	0%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	14	82%
Outros	0	0%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	0	0%
	17	100%


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	17	100%
Ao tema	0	0%
	17	100%

Ningunha das pezas analizadas trata a violencia de xénero dende unha orientación que non sexa a información sobre os acontecementos de actualidade. Isto redunda na abordaxe en exclusiva daqueles casos de actualidade que conseguen ter

espazo na axenda dos medios –polo xeral, aqueles acontecementos con resultado de morte ou de agresión grave para as mulleres, que só constitúen en realidade a punta do iceberg da violencia de xénero–.

8.4. Sinatura




SINATURA		
Axencias	10	59%
Redacción ou similar	5	29%
Sen asinar	2	12%
Sinatura do/a autor/a	0	0%
	17	100%

A pouca participación dos redactores do *Atlántico Diario* na elaboración de novas sobre violencia de xénero reflíctese na sinatura das pezas. Máis da metade están asinadas como “axencias” (sen indicar nin sequera de que axencia se aproveitou a información), o cal indica que se trata de informacións externas ao xornal e pegadas á realidade. É preciso destacar que ningunha está asinada. A sinatura individual significa traballo na información e búsqueda de fontes, que é o que falta nos textos analizados.

8.5. Análise das causas

En ningunha das noticias estudadas aparecen analizadas as causas nas que arraiga a violencia de xénero.


8.6. Análise dos antecedentes



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
Si	8	47%
Non	9	53%
	17	100%

Na meirande parte dos casos en que se citan antecedentes, faise para indicar que o agresor era reincidente ou amosaba un comportamento pouco social –*Piden 25 años para un joven que mató en Utrera a su mujer de 21 puñaladas*, do 17 de setembro, por exemplo–. As fontes das que se recaba esta información son, ben a veciñanza, ben a policía.

8.7. Análise das consecuencias




ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
Si	1	6%
Non	16	94%
	17	100%

Só nun caso se incide nas consecuencias da violencia de xénero para as mulleres. Acontece nunha nova na que se informa sobre un home que acosaba ás mulleres da súa

familia con chamadas telefónicas. A persoa que elabora a información abonda nas consecuencias que a actitude do agresor tiña na vida das mulleres, o modo en que as condicionaba e o medo co que tiñan que convivir no día a día –*Un lucense hacía llamadas vejatorias a las mujeres de su propia familia, do 1 de setembro*–.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero




SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
Si	3	14
Non	14	86
	17	100

Como se pode comprobar, a meirande parte dos casos non merecen un seguimento por parte do xornal. Como moito, o caso retómase no xuízo contra o agresor se se dá algunha circunstancia pouco usual.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes



NÚMERO TOTAL DE FONTES POR PEZA		
NINGUNHA	1	6%
1	13	76%
2	3	18%
	17	100%


Non se realiza contraste de fontes. A maioría (o 76%) só explicita unha fonte e mesmo nunha información non se cita ningunha –*Brasileñas detenidas en un club de Ponteareas*, do día 7 de setembro–. A pobreza das fontes condiciona a información, pon en cuestión o propio proceso de elaboración informativo (dado que se obvian regras xornalísticas tan elementares como o contraste da información) e merma a calidade do resultado (dado que exclúe a pluralidade de voces e perspectivas diversas que son necesarias á hora de abordar unha información en toda a súa complexidade) .

9.2. Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
Si	16	94%
Non	1	6%
	35	100

A procedencia das fontes correspóndese coa orientación maioritaria da información: cara ao suceso e a crónica negra. Polo tanto as fontes policiais e xudiciais son as predominantes (só unha única fonte non provén do ámbito policial ou xurídico – *Apuñala a una mujer en Elda y avisa a la Policía diciendo que la halló herida*, do día 21 de setembro–).



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	13	81%
Fontes xudiciais	2	13%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	0	0%
Goberno local	1	6%
Outras	0	0%
	16	100%

9.3. Fontes expertas

PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
Si	0	0%
Non	17	100%
	17	100%


En ningún caso a ou o xornalista que elabora a información acode a fontes expertas para a incorporación de datos ou análises, de modo que se rexeitan as posibilidades de profundización na información, contextualización como tema máis aló do suceso, análise de causas e consecuencias, e abordaxe interdisciplinar que permitiría a incorporación deste tipo de fontes.

9.4. Fontes do movemento asociativo

Non aparecen fontes do movemento asociativo, o que evidencia máis unha vez a falta de relación dos medios galegos co movemento asociativo feminista e de mulleres.


PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
Si	0	0%
Non	17	100%
	17	100%

9.5. Fontes testemuñais



PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
Si	4	24%
Non	13	76%
	17	100%

As veciñas e os veciños son as únicas fontes testemuñais que aparecen. Nunca se conta directamente a versión do agresor, a agredida ou os familiares.



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agredida(s)	0	0%
Agresor(es)	0	0%
Familiares e amizades	0	0%
Outras fontes espontáneas	0	0%
Veciñanza	4	100%
	4	100%

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

Ningunha peza inclúe informacións útiles ou de servizo que poidan axudar ás mulleres que sofren violencia de xénero á hora de saír desa situación.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal


Ningunha peza identifica a violencia como un feito pasional, tal e como se recomenda na Declaración de Compostela.

11.2. Culpabilización da vítima


Non atopamos, tampouco, culpabilización da vítima en ningunha das pezas analizadas, o que debemos destacar como positivo, canto que é un dos preceptos recollidos na Declaración de Compostela.

11.3. Xustificación do agresor

XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
Si	3	18%
Non	14	82%
	17	100%



11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras




APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	2	43%
Ciumes	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Non aparecen	0	0%
Outros	1	43%
Problemas mentais	0	14%
	3	100%

Aínda que nunha porcentaxe reducida, seguen a aparecer circunstancias “atenuantes”, como o alcohol ou a alusión a “arrebatos” do agresor –*Un vigués agredió a su mujer tras llegar ebrio al domicilio conyugal*, do día 8 de setembro, *Un hombre degüella a su mujer en Madrid y simula un robo para ocultar el crimen*, do 17 de setembro, e *Un lucense rapta a su ex novia y la retiene en el monte*, do 7 de setembro–.

Porén, a persoa que redacta a información non indica directamente que considere estas circunstancias como atenuantes, senón que as cita como elementos contextualizadores da información. A alusións a estas circunstancias non engade elementos de análise para comprender as causas reais dos feitos, e si deturpa a percepción por parte do público da problemática de fondo –as relacións desiguais de poder entre os xéneros–.

11.5. Presenza de axencia feminina



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
Si	3	18%
Non	14	82%
	17	100%

A muller represéntase maioritariamente como vítima, nun papel pasivo. Na maior parte das pezas analizadas non se sinalan intentos das mulleres por defenderse ou cambiar as relacións de dominación ás que están sometidas. Nunha delas é a moderadora dun chat a que dá o aviso sobre as actividades dun home que abusaba da filla da súa compañeira e logo distribuía as imaxes en internet –*El pederasta arrestado en Cantabria llevaba un año abusando de la hija de su compañera*, do día 4 de setembro–. As outras refírense a mulleres que denunciaron aos seus agresores –*El Fiscal pide seis años para un médico acusado de agresión sexual* e *Un hombre muere en Cee desangrado tras ser acuchillado por su compañera*, ambas do día 15 de setembro–.

12. LINGUAXE SEXISTA


Destaca o emprego xeralizado do androcentrismo lingüístico (emprego do masculino plural, como). É común, por exemplo, referirse aos “veciños”, cando seguramente as testemuñas estaban compostas tanto por homes como por mulleres.

DIARIO DE AROUSA

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO


Como se pode apreciar nos gráficos, existe en *Diario de Arousa* unha presenza considerábel do concepto “violencia de xénero” e afíns. As expresións “violencia de xénero” ou “violencia doméstica” aparecen en algo máis dunha de cada dúas informacións relativas a este ámbito, concretamente en 15 das 28 pezas analizadas, un 53,6% sobre o total. Porén, unha análise cualitativa hanos mostrar unha desigualdade no uso deste concepto, que se entende dunha maneira reduccionista. Das quince pezas informativas que inclúen conceptos empregados para designar, dun ou doutro xénero, a violencia de xénero, doce son referidas á violencia producida no ámbito da parella, dúas abordan proxectos de cooperación e provisión de servizos sociais, que redundan unha vez máis na violencia no ámbito da parella, e só unha se refire a agresións sexuais. Por outra banda, outras oito novas referidas a agresións sexuais, así como todas as novas referidas á prostitución e á violencia contra as nenas, non son categorizadas polo medio como “violencia de xénero” ou outro concepto que dea nome á problemática na que se contextualiza.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	15	53,6
NON	13	46,4
	28	100


Por outra banda, o feito de que a aparición do concepto non vaia nunca en relación cunha profundización na estrutura na que asentan as relacións desiguais entre homes e mulleres amosa que o termo está a ser utilizado como un simple sinónimo da violencia no ámbito da parella. Isto é así malia a ser máis frecuente no *Diario de Arousa* a aparición da expresión “violencia de xénero” (en doce casos) fronte a “violencia doméstica” (en tres).

Deste xeito, non se detecta, nese 54% das pezas analizadas con presenza de expresións afíns a “violencia de xénero”, ningún interese por situar os episodios de violencia no contexto da sociedade patriarcal da que parten, senón que apenas se está a usar un termo que, a partir da súa repetición descontextualizada nos medios de comunicación, se volve un significante practicamente baleiro en relación coas súas orixes, que beben da teoría de xénero.



CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
VIOLENCIA DOMÉSTICA	3	20
VIOLENCIA FAMILIAR	0	0
VIOLENCIA DE XÉNERO	12	80
VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	0	0
VIOLENCIA SEXISTA	0	0
VIOLENCIA MASCULINA	0	0
OUTROS	0	0
	28	100

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	9	32,14
Acoso laboral	0	0
Violencia no ámbito da parella	12	42,86
Prostitución	4	14,29
Violencia contra as nenas	1	3,57
Outras	2	7,14
	28	100,00

No *Diario de Arousa* obsérvase un claro predominio das informacións relacionadas coa violencia no ámbito da parella (que ocupan un total de doce, case o 43%, das pezas analizadas) e cos abusos e agresións sexuais (nove das pezas estudadas, o 32%). Estas dúas manifestacións da violencia de xénero ocupan un total do 75% das informacións que foron obxecto da nosa análise. Son, polo tanto, as dúas caras da violencia de xénero máis visíbeis para as lectoras e lectores deste xornal que, por outra banda, apenas dedica espazo a dar a coñecer as outras manifestacións das agresións que sofren as mulleres polo feito de selo.

Entre estas tipoloxías menos visibilizadas, cómpre destacar a presenza de catro pezas relativas á prostitución que, se ben adoita estar afastada da axenda dos medios, no *Diario de Arousa*, no período que estamos a analizar, supón o 14,29% das pezas sobre violencia de xénero. Non existe ningunha peza informativa relativa ao acoso laboral, mentres que a violencia dirixida ás nenas apenas ten unha presenza testemuñal. No apartado Outras inclúese neste caso unha información que fai referencia á problemática do feminicidio, abordada nunha nova sobre un proxecto de cooperación, así como unha nota sobre o Centro de Información á Muller que non se centra en ningunha manifestación concreta de violencia para alén do termo “violencia de xénero” (que aquí entendemos, por falta de datos, no seu sentido máis amplo).

Unha das causas da maior visibilización da violencia no ámbito da parella e das agresións e abusos sexuais está na súa presenza habitual nas axendas xudiciais e policiais, de cuxas fontes beben en boa medida as informacións analizadas no *Diario de Arousa*.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	1	3,57
NON	27	96,43
	28	100

Só unha das informacións analizadas no *Diario de Arousa* fai unha identificación explícita da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos – *España presenta en Europa un plan contra la trata de seres humanos*, publicada o mércores 12 de setembro de 2007–. Nesta peza, que informa dun plan da OSCE contra a trata de seres humanos (na que se explicita que é un fenómeno que afecta sobre todo a mulleres e nenas), tal identificación vén obrigada pola presenza de Silvia Escobar, embaixadora española en misión especial para os Dereitos Humanos, a persoa encargada de realizar a presentación da iniciativa ao público.

É obvio que este punto da Declaración de Compostela é reiteradamente incumprido e que cómpre unha especial implicación do medio de cara a unha maior identificación na sociedade da violencia de xénero como violación dos dereitos do individuo.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA A VIOLENCIA DE XÉNERO		
XUSTIFICADOR	2	7,14
NEUTRO	16	57,14
CONDENATORIO	10	35,71
	28	100,00

En dúas das informacións analizadas no *Diario de Arousa*, o posicionamento fronte á violencia de xénero pode ser caracterizado como xustificador. Trátase dunha nova na que os compañeiros de traballo dun médico acusado de abusos defenden ao presunto agresor, e outra na que se dá como principal a versión dun acusado de matar a súa compañeira. Malia a seren só dous casos, a súa simple presenza xa é preocupante, máis aínda se temos en conta o seu peso no total (un 7,14%).

Por outra banda, malia a que as informacións cun posicionamento condenatorio cara á violencia de xénero teñan un certo peso (10 pezas, significando un 35,71%), o posicionamento neutro, con 16 aparicións (o 57,14% do total) continúa a ser o máis habitual nas informacións deste xornal.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada




PRESENZA EN PORTADA		
SI	3	10,71
NON	25	89,29
	28	100,00

Unicamente tres noticias das analizadas acadaron espazo na portada do *Diario de Arousa*. Trátase de dúas informacións relativas ao caso do doutor Lueiro, un médico de Caldas acusado de abusos sexuais, e dun detido en Cambados acusado de violencia contra a súa parella. Parece claro que o factor da proximidade xeográfica é esencial para a aparición na portada neste xornal. Por outra parte, cómpre destacar que, no caso do doutor Lueiro, só chegan á capa novas relacionadas coa resposta á acusación del e dos e das persoas que o apoian, mais non ocupa ningún lugar na portada o posicionamento da propia acusación, é dicir, a defensa da muller que denuncia a agresión.

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información

Obsérvase no *Diario de Arousa* unha intención de relegar as noticias relacionadas coa violencia de xénero a seccións moi contadas. Quince das pezas analizadas, que representan o 53,57% do total, aparecen na sección de Sociedade, apartado no que o xornal publica a información de crónica negra (dado que non conta con sección en exclusiva dedicada a Sucesos). A seguinte sección con maior aparición de novas relacionadas con violencia de xénero é Local (con dez pezas, un 35,71%), o que nun xornal de marcada tendencia localista amosa que a entrada ou non na axenda do medio dunha determinada información está relacionada coa distancia quilométrica á que ten lugar o acontecemento.

Fóra destas dúas seccións, inclúense novas dun xeito case testemuñal nas seccións de Galicia (dúas pezas, un 7,14%) e Comunicacion (só unha nova, o que representa un 3,57% do total). Os datos revelan que o tratamento da violencia de xénero dista de ser transversal, como sería necesario para ofrecer unha visión acorde coa complexidade do problema.




SECCIÓN		
Comunicación	1	3,57
Cultura	0	0
Deportes	0	0
Economía	0	0
Especiais	0	0
Estatal	0	0
Galicia	2	7,14
Internacional	0	0
Local	10	35,71
Sociedade	15	53,57
Sucesos	0	0
Suplementos	0	0
Outros	0	0
	28	100,00

5.3. Espazo ou duración


A maioría das novas analizadas (en concreto, dezaioito, o 64,29% do total) contan cun espazo moi reducido no xornal, de entre 1 a 10 módulos. Só catro noticias ocupan entre 11 e 25 módulos e outras catro entre 26 e 50. As novas a toda páxina, só dúas, están relacionadas co caso do doutor Lueiro e son coincidentes coas que tamén apareceron na portada (vid. *supra*), o que incide nas observacións antes referidas con respecto á desigualdade de tratamento do suposto agresor e da suposta agredida. De feito, mesmo aínda cando a denuncia da muller ocupa un lugar importante na información, esta queda nos parámetros comprendidos entre os 26 e os 50 módulos, sen

chegar a acadar a páxina completa en ningunha ocasión. Ademais, non existe ningunha información que consiga ocupar máis dunha páxina.



ESPACIO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	18	64,29
De 11 a 25	4	14,29
De 26 a 50	4	14,29
Toda a páxina	2	7,14
Máis dunha páxina	0	0
	28	100,00

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	7	75
NON	21	25
	28	100,00

Un cuarto das informacións relacionadas coa violencia de xénero en *Diario de Arousa* van acompañadas dunha imaxe ilustrativa. Na meirande parte dos casos, a aparición da ilustración vai requirida polo espazo dedicado á información, pois adoita ter lugar en pezas cun espazo superior aos 25 módulos. Porén, nun dos casos a peza informativa ocupa menos de 10 módulos e a aparición da imaxe só pode estar provocada polo carácter morboso da mesma, ao tratarse ademais, como veremos máis adiante, da fotografía do levantamento dun cadáver.

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	7	100
Infografía	0	0
Mapa gráfico	0	0
	7	100,00

O total das ilustracións que acompañan as pezas informativas son fotografías, o que significa unha total dependencia deste tipo de imaxes e un desaproveitamento das posibilidades que ofrecen outro tipo de ilustracións.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

En dúas das pezas analizadas atopamos recursos ao morbo e o sensacionalismo no texto que consideramos necesario salientar –*Juzgan a un ciudadano rumano por golpear y violar a una menor en Ponteareas*, aparecida o 14 de setembro, e *Detenido un joven de 18 años y otros ocho acusados de cuatro violaciones y robos*, do 28 de setembro–. En ámbalas dúas introdúcese unha detallada descrición dos abusos e os golpes recibidos polas mulleres agredidas, situación que é especialmente preocupante


no primeiro caso, por tratarse dunha menor. Ademais, na segunda información utilízanse recursos propios da literatura que deberían estar fóra dunha correcta redacción xornalística. Referimonos a descrições do tipo de “vida desordenada, comportamento frío y mirada muy profunda” (en referencia neste caso ao agresor).

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

Como referíamos antes, unha das ilustracións que acompaña as informacións parece fóra de lugar ao estar nunha das pezas máis reducidas, con menos de 10 módulos. O caso –*Detenido el compañero sentimental de la mujer degollada en una finca de Madrid*, do 20 de setembro–, é aínda máis preocupante porque esta imaxe reflicte o levantamento dun cadáver, unha ilustración que sen dúbida non pode estar xustificada por outra razón que pola simple busca do sensacionalismo e o morbo.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor




O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	7	25
NON	21	75
	28	100

Das pezas analizadas no *Diario de Arousa*, realizase unha identificación efectiva do agresor (é dicir, con nomes e apelidos) en sete informacións (un cuarto do total), tamén en casos nos que os supostos agresores aínda non foron xulgados polos feitos aos que se refire a información.

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0
Clase baixa	0	0
Clase media	0	0
Non aparece	28	100
	28	100,00

En todas as informacións analizadas, a identificación social do agresor é esquivada. Non se produce pois unha vinculación explícita da violencia de xénero cunha determinada clase social. Non obstante, cómpre matizar estes datos xa que, en catro pezas relacionadas co caso do médico acusado de abusos, ao que nos referimos xa en varias ocasións, aínda que non se produce unha clara identificación clasista, o seu posto de traballo imposibilita a súa adscripción dentro da clase baixa. Aínda así, entendemos que non existe nestas información ningún intento de relacionar a aparición dos abusos cunha certa clase social.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	6	21,43
Directa	1	3,57
Imaxe	0	0
Evítase	21	75
	28	100,00

A identificación da vítima evítase por completo en vinte e unha informacións, o que significa tres de cada catro. Porén, resulta preocupante a aparición en seis dos casos (un 21,43% do total) de datos significativos que poden levar á identificación total da vítima, coa repercusión prexudicial que isto tería para o dereito á intimidade da mesma. A única peza na que se produce unha identificación directa fai referencia a unha información na que a muller é ao tempo vítima e agresora, pois mata ao seu compañeiro ao que con anterioridade denunciara por maltrato (tamén el tivera posto denuncias polo mesmo motivo contra ela).

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	9	32,14
Crónica xudicial	10	35,71
Cultural	0	0
Económica	0	0
Humana	1	3,57
Legal	0	0
Política	2	7,14
Social	6	21,43
Científica	0	0
Outras	0	0
	28	100,00

Observamos nas pezas informativas relativas á violencia de xénero do *Diario de Arousa* unha gran dependencia das perspectivas da crónica xudicial e a crónica negra. Estas dúas perspectivas, con dez e nove aparicións respectivamente, copan o 67,85% das informacións analizadas, o que unha vez máis amosa a visibilización da violencia de xénero só nos casos máis extremos, merecentes da intervención xudicial ou policial. Dáse así unha visión parcial da violencia de xénero, na que se desbota a análise dos múltiples aspectos que interaccionan nesta problemática. As outras perspectivas que están presentes nas informacións analizadas son a social (con seis aparicións, o 21,43%) e, a un nivel que xa poderíamos cualificar de meramente testemuñal, a política e a humana. Podemos observar así como o tipo de informacións adoita estar enfocada a temáticas de sociedade ou sucesos, quedando obvidados outros ámbitos relacionados con esta problemática de necesario tratamento interdisciplinar.

8.2. Xénero utilizado

A práctica totalidade das pezas analizadas en *Diario de Arousa* (un total de vinte e cinco, o que significa o 89,29%) son noticias. Esta dependencia dun único xénero reduce as posibilidades que ofertarían outros formatos para unha análise máis fonda. Ademais das noticias, os únicos xéneros presentes no período analizado son o breve (con dúas aparicións) e a crónica (con unha), sen aparecer en ningún caso xéneros máis proclives á contextualización e a interpretación (como a reportaxe, a entrevista ou o informe) ou á valoración (como os xéneros de opinión).




XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0
Breve	2	7,14
Crónica	1	3,57
Entrevista directa	0	0
Entrevista indirecta	0	0
Información de servizos	0	0
Noticia	25	89,29
Outros	0	0
Publiirreportaxe	0	0
Reportaxe	0	0
	28	100,00

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema


Detéctase unha abondosa presenza de pezas orientadas ao acontecemento (un total de vinte e tres, o que representa o 82,14%), acorde coa preponderancia da noticia como xénero. A escasa aparición de informacións orientadas ao tema, só cinco (un 17,86%), resulta preocupante pois amosa que a cobertura da violencia de xénero depende case en exclusiva da irrupción na axenda do medio de acontecementos

noticiosos de última actualidade. Realízase en moi poucas ocasións un tratamento que aborde os diferentes factores implicados nesta problemática desde unha perspectiva que escape da cobertura da máis estricta actualidade.



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	23	82,14
Ao tema	5	17,86
	28	100,00


8.4. Sinatura



SINATURA		
Axencias	15	53,57
Redacción ou similar	9	32,14
Sen asinar	2	7,14
Sinatura do/a autor/a	2	7,14
	28	100,00

Unha gran cantidade das informacións analizadas, o 53,57% (un total de 15) son asinadas por axencias. Sumadas ás informacións rubricadas como Redacción ou termos similares de carácter colectivo (nove, o 32,14%) ou as que non inclúen sinatura (dúas, o 7,14%), os datos amosan un preocupante 92,85% de pezas nas que o autor ou a autora non se responsabilizan directamente da súa elaboración. Dita práctica reflicte unha falta de asunción de responsabilidades ante o tratamento da violencia de xénero neste xornal.


8.5. Análise das causas, os antecedentes e as consecuencias



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	1	3,57
NON	27	96,43
	28	100,00

Bótase en falta na información publicada por *Diario de Arousa* unha análise das causas nas que arraiga a violencia de xénero. Só nunha das pezas –*Mujeres progresistas piden que se retiren los anuncios de contactos*, publicada o 1 de setembro–, se apunta a unha das causas que explican a presenza deste tipo de publicidade nos medios, en

concreto o interese económico que está detrás da aparición dos anuncios de contactos. A falta de análise das causas incide nunha visión superficial da violencia de xénero.




ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	7	25
NON	21	75
	28	100,00

É tamén preocupante a escasa inclusión dos antecedentes concretos do caso. Só en sete das pezas analizadas (un cuarto do total) existe algunha referencia a episodios previos de violencia ou antecedentes da mesma. Destas referencias case a metade (un total de tres) realízanse para destacar precisamente a ausencia de antecedentes violentos ou denuncias previas do agresor. As outras catro destacan os casos previos de agresións ou o aumento da espiral de violencia nos meses previos. Porén, as referencias aos antecedentes adoitan facerse de maneira xeralizada e non concreta.

ANÁLISE DAS CONSECUENCIAS		
SI	0	0
NON	28	100
	28	100

Observamos unha falta total de análise das consecuencias da violencia. Esta situación provoca un pronto esquecemento dos casos de violencia de xénero, rápidamente diluídos perante a obsesión informativa pola actualidade máis cercana.

8.6. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	6	21,43
NON	22	78,57
	28	100,00

Como nos casos anteriores, son moi poucos os casos de violencia de xénero nos que se produce un seguimento dos mesmos. Só ten lugar en 6 pezas, unicamente un 21,43% do total analizado, o que leva a unha preocupante simplificación desta realidade. A través da análise, podemos comprobar que este seguimento tende a darse cando se trata de casos que producen ou produciron unha certa conmoción social, ben sexa a nivel local (como no caso devandito do doutor Lueiro), ben a un nivel xeográfico máis amplo (como no referido á saída da cadea do chamado “violador de La Vall d’Hebron”). Nun fenómeno tan problemático para a sociedade como este, cómpre ampliar este seguimento ao resto dos casos, de cara a ofrecer unha abordaxe máis completa da violencia de xénero.


9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes


As noticias analizadas en *Diario de Arousa* amosan unha escasa variedade de fontes nas pezas informativas. Cun intervalo que vai de unha a tres fontes por peza, o que supón

unha media de 1,21 fontes, a información revélase deste xeito escasamente plural. Esta circunstancia repercute negativamente nunha parcialidade excesiva no tratamento da información e, así mesmo, nunha escasa profundización nas distintas perspectivas dende as que se pode e debe analizar a violencia de xénero.

9.2. Fontes oficiais




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	23	82,14
NON	5	17,86
	28	100



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0
Fontes policiais	13	56,52
Fontes xudiciais	7	30,43
Goberno autonómico	0	0
Goberno estatal	0	0
Goberno local	2	8,70
Outras	1	4,35
	23	100,00

En vinte e tres das pezas analizadas (o 82,14% do total) inclúense fontes oficiais, das que máis da metade (trece) son procedentes do ámbito policial. O dato revela unha considerábel dependencia das fontes policiais, provocada pola abordaxe como crónica de gran parte das informacións. Ademais das fontes policiais, as máis presentes son as xudiciais (que se introducen en sete ocasións, o 30,43% do total). A presenza de fontes de goberno local (con dúas aparicións, o 8,7%), e da diplomacia (só nun caso) non son, por outra banda, máis que testemuñais.

9.3. Fontes expertas




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	1	3,57
NON	27	96,43
	28	100



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	0	0
Ámbito educativo	0	0
Ámbito sanitario	0	0
Ámbito dos medios	0	0
Ámbito psicológico	1	100
Ámbito sociolóxico	0	0
Outros ámbitos	0	0
	1	100,00

Fronte á ampla presenza de fontes oficiais, a inclusión de fontes expertas nas informacións analizadas é moi reducida. Só nun caso aparece unha fonte experta, procedente do ámbito psicológico, incluída ademais nunha información complementaria ao corpo principal da noticia como despece –*Ingresas en prisión la mujer que mató a su compañero tras una discusión en Cee*, publicada o 15 de setembro–. Esta situación leva unha vez máis á falta de análise a fondo no tratamento informativo deste tipo de casos, unha situación que cómpre solucionar para acadar un tratamento axeitado da violencia de xénero.

9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	2	7,14
NON	26	92,86
	28	100

Tal e como acontecía coas fontes expertas, tamén se observa unha escaseza de fontes procedentes do movemento asociativo, o que temos que por en relación unha vez máis coa ausencia dun tratamento amplo e contextualizado das informacións relativas á violencia de xénero. Só dúas pezas –*Mujeres progresistas piden que se retiren los anuncios de contactos*, do 1 de setembro, e *Descartada la castración química para el violador del Vall d'Hebrón*, do día 19) introducen como fonte a persoas do movemento asociativo de mulleres, e nun destes casos é a asociación a propia protagonista da noticia, polo que non se ve no tratamento informativo un interese por acudir ao movemento asociativo coa fin de contextualizar os casos de violencia de xénero.


9.5. Fontes testemuñais

Malia á dependencia, que levamos observada ao longo de todo a análise, da crónica negra e xudicial nas informacións de violencia de xénero no *Diario de Arousa*, é escasa a presenza de fontes testemuñais que, con cinco aparicións, conta cunha incidencia pouco maior á de fontes expertas ou do movemento asociativo de mulleres. Isto reflicte como a miúdo estas informacións serven a cotío unicamente de conducto de saída para a información producida polas fontes policiais e xudiciais, que non son

contrastradas con outras fontes nin contrarrestadas cun abano máis amplo de voces de distintas procedencias.




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	5	17,86
NON	23	82,14
	28	100



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	2	40
Agredidas	1	20
Familiares e amigos	0	0
Veciñanza	1	20
Outras fontes testemuñais	1	20
	5	100,00

9.6. Outras Fontes




PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	2	7,14
NON	26	92,86
	28	100

A presenza doutro tipo de fontes nas informacións analizadas no *Diario de Arousa* non é salientábel. Neste caso, os dous únicos casos detectados refírense a unha ONGD, Solidariedade Internacional, que presenta un proxecto para loitar contra o feminicidio, e a uns datos “estatísticos” que son referidos pola autora ou autor da información sen aclarar en ningún momento a súa procedencia.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO

Ao contrario do recomendado pola declaración de Compostela, a información útil e de servizo para as mulleres vítimas da violencia de xénero é practicamente inexistente nas pezas analizadas. Os dous únicos casos (un 7,14% do total) nos que esta aparece son informacións relativas a oficinas prestadoras destes servizos –*El Centro de Información a la Mujer inicia una campaña divulgativa de sus servicios*, do 22 de setembro, e *Vilagarcía está á cabeza dos servizos sociais coa apertura da Oficina Territorial*, do 27 de setembro—. Mesmo nestes casos a información de servizos semella estar máis enfocada á propia existencia do centro que aos servizos concretos que poida


ofrecer. Nas pezas relativas a casos individuais de violencia non se introduce en ningún caso información que poida ser de utilidade para as vítimas.



INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	2	7,14
NON	26	92,86
	28	100

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS


11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PASIONAL		
SI	3	10,71
NON	25	89,29
	28	100

Malia non seren especialmente abundantes, é preocupante observar como tres das informacións analizadas (o 10,71% do total) continúan a identificar o episodio de violencia como un feito pasional. Nos tres casos –*La Guardia Civil detiene al presunto agresor de una meañesa y de su padre*, do 13 de setembro, *Ingresa en prisión la mujer que mató a su compañero tras una discusión en Cee*, do día 15, e *Un acusado de matar a su compañera asegura que se apuñaló ella sola*, do día 25–, a relación é definida como tormentuosa e faise referencia á existencia de múltiples discusións xa antes da agresión, polo que esta se presenta de forma implícita como provocada por aquelas. Cómpre dicir que estas informacións non eluden a categoría de delito para os actos de violencia que están a tratar, mais mesmo así a simple suxestión dunha compoñente “pasional” no acto desvía ou matiza a enérxica condena que os medios deben manter ante este tipo de casos.


11.2. Culpabilización da vítima



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	2	7,14
NON	26	92,86
	28	100

En dúas pezas (un 7,14% do total) inclúense, dun ou doutro modo, elementos que culpabilizan á vítima. No caso de *Diario de Arousa*, esta culpabilización lévase a cabo mediante dous modelos ben distintos: nun caso de abusos sexuais, por estar centrada a información na declaración do agresor, que sitúa a vítima como incapaz de discernir entre realidade e ficción; e nun caso de prostitución, pola propia detención dalgunhas das mulleres implicadas. A este respecto cómpre indicar que, nas escasas ocasións nas que os medios informan deste tema, é frecuente que falen de mulleres que exercen a prostitución detidas, non por traballar neste ámbito (no Estado español non se penaliza ás mulleres que exercen a prostitución, só ao proxeneta) senón por tratárense de inmigrantes ilegais. Porén, este tipo de informacións e a maneira en que son presentadas contribúen a crear unha imaxe errónea nos lectores e nas lectoras, que poden acabar quedándose coa percepción de que están a ser detidas por traballar na prostitución.

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	3	10,71
NON	25	89,29
	28	100

Como nos casos anteriores, a simple aparición dalgún caso de xustificación do agresor é en extremo preocupante. Nos tres casos de xustificación que detectamos no seguimento de *Diario de Arousa* (un 10,71% do total de pezas analizadas), dous deles débense a unha presentación parcial das versións, de modo que a ou o xornalista concede unha maior importancia ás declaracións do presunto agresor ou de grupos que o

apoian. O terceiro caso –o correspondente á información *Absuelto por estar ebrio al maltratar a su pareja y a la pequeña de esta*– é o propio feito informativo (a decisión xudicial) o que introduce a xustificación do agresor.


11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
ALCOHOL E OUTRAS DROGAS	2	7,14
PROBLEMAS MENTAIS	1	3,57
INFLUENCIA DO AMBIENTE	0	0
CIUMES	0	0
OUTRAS	1	3,57
NON APARECEN	24	85,71
	28	100

Do total de pezas analizadas, só se introducen circunstancias que poderíamos chamar “xustificadoras” en catro (o 14,29%), polo que podemos afirmar que existe un intento xeralizado por evitar a súa aparición. Porén, observamos que a referencia ao alcohol e outras drogas aparece en dúas ocasións –sendo ademais nunha delas unha das cuestións centrais da noticia (ao absolver un xuíz a un agresor por estar ebrio)– e os problemas mentais noutra. A información incluída no apartado Outras refírese, máis unha vez, ao caso do médico acusado de abusos sexuais, xa que se trata dunha noticia na que os seus compañeiros de traballo identifican como unha práctica médica correcta e protocolaria os supostos abusos.

11.5. Presenza de axencia feminina



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA			
SI	9	32,14	
NON	19	67,86	
	28	100	

Resulta preocupante tamén a escaseza de pezas informativas nas que se presenta á muller como un axente activo, máis alá do seu papel de vítima. A axencia feminina está presente no 32,14% do total analizado. Coa difusión desta visión parcial e truncada da muller, está a ofrecerse unha visibilización reductora do seu papel na sociedade. É limitada pois a súa representación a un rol pasivo, o que é un dos factores que asenta nas bases da estrutura patriarcal da que se alimenta a violencia de xénero.

11.6. Aparición de linguaxe sexista


Non detectamos, nas pezas analizadas no *Diario de Arousa*, ningún uso da linguaxe que resulte agresivo de maneira directa para coa dignidade das mulleres. Si se produce, porén, un uso xeralizado do masculino xenérico que é importante desbotar por todo o que significa de androcentrismo lingüístico e ocultación da visibilidade das mulleres.

DIARIO DE FERROL

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Das trinta e sete informacións do xornal *Diario de Ferrol* analizadas durante o mes de setembro de 2007, só dez empregan o termo ‘violencia de xénero’ ou semellantes, o que representa un 27,03% do total, porcentaxe que non se axusta á especificidade dos casos que recolle o medio, todos eles susceptibles de seren contextualizados no marco da problemática concreta, que recibe unha identificación irregular: as expresións ‘violencia de xénero’ (16,22%) e ‘violencia doméstica’ (2%) aparecen indistintamente encabezando algunhas das informacións relativas á violencia no ámbito da parella, tipoloxía que nunha ocasión aparece definida no antetítulo como ‘maltrato’ (Outras, 2,70%), enfatizando a habitual ecuación minimizadora “violencia contra as mulleres = malos tratos físicos no eido privado das relacións sentimentais”. A distribución entre os distintos termos é aleatoria e non se aprecia criterio firme que explicita os matices significativos que hai entre eles.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	10	27,03%
NON	27	72,97%
	37	100%

O xornal reserva a expresión ‘abusos sexuais’ como antetítulo de informacións que refiren casos de agresións a nenas e violacións – *Arrestan en Mijas a un británico acusado de violar a una menor*, do 8 de setembro–, termo que non foi contemplado como afín na variable “Outras” por non considerarse que do seu uso se desprenda

intención algunha de relacionar o contido da noticia coa realidade global da violencia de xénero. Parece necesaria unha revisión responsable da dimensión pragmática da linguaxe xornalística que se emprega para tratar este tipo de violencia : a soa presenza dos termos non basta por si mesma e, ademais de introducir a contextualización oportuna, cómpre evitar estruturas asociativas vagas (simbólicas pero tamén sintácticas) que vaian en detrimento da transmisión real do problema.



CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
Non se define a problemática	27	72,97%
Violencia de xénero	6	16,22%
Violencia doméstica	2	5,41%
Violencia contra as mulleres	1	2,70%
Outras	1	2,70%
	37	100%


2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN

Das trinta e sete pezas analizadas, trece refiren casos de violencia doméstica (un 35'14% do total), nove refiren abusos e agresións sexuais (un 24,32%), seis tratan casos de violencia contra as nenas (un 16,22%) e dúas teñen que ver coa prostitución (5,41%). Os sete textos que non atopan oco na clasificación e entran no apartado “Outras” (18,92%) ou ben refiren casos concretos de asasinatos de mulleres dos que non

se dá información contextual suficiente como para establecer unha tipoloxía definida – ocorre en cinco das sete pezas, exemplo das cales son *Aparece una joven muerta con signos de violencia en un garaje*, do 8 de setembro, ou *El detenido por la muerte de una mujer avisó antes del hallazgo del cuerpo*, do día 21–, ou ben recollen informacións sobre a toma de medidas de tipo legal e administrativo – hai dúas novas deste tipo: *Un estudio ayudará a los jueces a tomar medidas en la protección de mujeres* e *La ciudad de Ferrol contará con un consejo de mujeres sabias*, as dúas do 16 de setembro.


Como vén sendo habitual nos medios, *Diario de Ferrol* presta unha especial atención aos casos de violencia de xénero dentro do ámbito da parella. Aínda que o reparto desigual non é extremo, o maior peso desta tipoloxía está en correlación directa cunha conceptualización simplificadora da violencia contra as mulleres que, como xa se sinalou no punto anterior, contribúe negativamente á súa identificación cos malos tratos que se producen no entorno das relacións íntimas.

É salientable a presenza de informacións relativas á violencia de xénero no eido da prostitución (un 5,41%) por ser este un colectivo habitualmente relegado á invisibilidade social e mediática. Polo demais, o mes estivo máis ou menos marcado polo seguimento dun caso ligado ás agresións de tipo sexual, o da excarcelación do violador de Vall d’Hebron.



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	9	24,32%
Outras	7	18,92%
Prostitución	2	5,41%
Violencia contra as nenas	6	16,22%
Violencia doméstica e no ámbito da parella	13	35,14%
	37	100%


3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	0	0%
NON	37	100%
	37	100%

Incumprindo co apartado 3 da Declaración de Compostela, ningunha das trinta e sete informacións recollidas e analizadas identifica de maneira explícita a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos e atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA




POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Condenatorio	1	2,70%
Neutro	35	97,30%
Xustificador	0	0%
	37	100%

O amplo predominio do posicionamento neutral, presente nun alarmante 94,59% das informacións analizadas, contrasta coa práctica inexistencia de pezas nas que o autor adopta unha actitude de denuncia máis ou menos explícita contra a violencia de xénero (2,70%). Os datos extraídos son preocupantes, sobre todo se temos en conta que o único caso existente – *Constan 154 delitos de agresión sexual en lo que va de año en Galicia*, do 10 de setembro– non é ilustrativo do que debiera ser un posicionamento condenatorio rotundo. Trátase dun informe estatístico orientado ao tema que por si mesmo constitúe unha denuncia sobre a que o/ a xornalista non ten que facer fincapé para que esta se entenda como tal, polo que se limita a facer un seguimento meramente numérico. Debido en parte a que a meirande parte das noticias sobre violencia de xénero reciben espazos reducidos (as máis das veces de menos de dez módulos), pero tamén a unha falta de implicación da persoa física que escribe, a redacción soe centrarse no relato conciso do feito concreto, o que en informacións de tipo estatístico como a que nos ocupa tradúcese nun fluxo de datos sen máis contextualización ca a que ofrecen as cifras. Deste xeito, aínda sendo clasificada como de enfoque condenatorio, podería dicirse que, como as demais, esta noticia non asume os contidos do apartado 4 da Declaración de Compostela, que sinala que medios e xornalistas deben adoptar un

compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN.

5.1. Presenza en portada.




PRESENZA EN PORTADA		
SI	1	2,70%
NON	36	97,30%
	37	100%

Dáse só un caso – *La ciudad de Ferrol contará con un “consejo de mujeres sabias”*, do 16 de setembro– o que significa que só un 2,70% das novas relacionadas coa violencia de xénero recollidas e analizadas contan con referencia na primeira páxina do xornal. Trátase dunha entrevista indirecta á Concelleira de Muller, emprazada na sección de Local e asinada por C. R. C., onde se informa dun proxecto de mellora da Casa de Acollida e do CIM. A baixa porcentaxe constata a escasa importancia que *Diario de Ferrol* lle concede ao tema, que só aparece reflectido (de xeito indirecto) na portada do xornal cando, como é o caso, a información trata un asunto de política local.

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información.

A sección maioritaria na que aparecen as informacións sobre a violencia de xénero no *Diario de Ferrol* é a de Sociedade. Vintecinco das trinta e sete informacións analizadas están incluídas neste bloque, o que supón un 67,57% do total. Séguenlle as seccións de Galicia (18,92%) e de información Local (8,11%), con sete e tres

informacións respectivamente. Por último, as seccións de información Estatal, que recolle unha información (2,70%) e Internacional, que tamén recolle un só caso (2,70%).




SECCIÓN		
Estatal	1	2,70%
Galicia	7	18,92%
Internacional	1	2,70%
Local	3	8,11%
Sociedade	25	67,57%
Sucesos	0	0%
Suplementos	0	0%
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
	37	100%

Á luz destes datos, conséntase a tendencia de *Diario de Ferrol* a emprazar informativamente os casos de violencia contra as mulleres nunha área que, aínda que destinada ao tratamento complexo de problemáticas sociais, recolle tamén aquelas informacións clasificadas como “sucesos”, que non contan cunha sección específica no

medio e que son a fórmula de tratamento máis frecuente das novas analizadas sobre violencia de xénero. Conclúese que o xornal non cumpre coa Declaración de Compostela, que recomenda enmarcar a nova no seu contexto, e non abordala exclusivamente como un caso aillado de crónica negra, isto é, o tratamento deste tipo específico de violencia como un problema social.


5.3. Espazo ou duración



ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	27	72,97%
De 11 a 25	9	24,32%
De 26 a 50	1	2,70%
Toda a páxina	0	0%
Máis dunha páxina	0	0%
	37	100%


O tamaño medio das informacións sobre violencia de xénero (o 72,97% están encadradas nun espazo inferior a dez módulos) indica que no tocante ao volume espacial adicado, o xornal *Diario de Ferrol* prescinde de darlle carácter amarelista a este tipo de relatos. Nove das trinta e sete pezas (24,32%) teñen entre once e vintecinco módulos, e só unha se achega aos cincuenta (2,7%). Non hai ningún texto que ocupe toda a páxina ou máis dunha páxina.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración.



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	8	21,62%
NON	29	78,38%
	37	100%

Un 21,62% das informacións aparecen acompañadas dunha imaxe ilustrativa. É probable que a escaseza se deba a que a meirande parte das informacións contan con espazos de menos de dez módulos.



TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	8	100%
Infografía	0	0%
Mapa gráfico	0	0%
	37	100%

Todas as imaxes son fotografías. Obvianse ás posibilidades informativas que ofrecen os diversos formatos de imaxe e non se inclúen infografías ou mapas gráficos en ningunha ocasión pese a haber novas (por exemplo a que ofrece datos estatísticos) nas que serían pertinentes.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1 Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Predominan as informacións que tratan os casos de violencia de xénero como sucesos aillados da crónica negra, o que unido á habitual brevidade dos textos ten como resultado unha información simplificadora que en ocasións desaproveita parágrafos enteiros de información útil para seren adicados á recreación morbosa dos detalles máis escabrosos como a enumeración das partes do corpo atopadas no interior dunha bolsa – *En prisión el hombre reaccionado con los restos de la mujer quemada*, do 3 de setembro– ou a descrición das características do ácido co que o agresor rociou á súa muller – *Una mujer, en estado grave tras ser rociada con un producto corrosivo por su marido*, do 4 de setembro.


O recurso ao morbo está presente en canda menos once informacións. A noticia que ten por título *El asesino de las dos niñas británicas intenta matarse por tercera vez en prisión*, do 30 de setembro, é a única que aparece identificada como “Suceso” de forma explícita e a súa soa inclusión é indicadora da visión global, non amarelista, pero si inmadura e simplificadora, que *Diario de Ferrol* ten da violencia de xénero.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

Polo xeral, o xornal evita o morbo e o dramatismo no tratamento das imaxes que ilustran as informacións sobre casos de violencia de xénero, pero advírtese un uso sensacionalista da imaxe nunha ocasión coa plasmación do traslado do cadáver dunha muller asasinada acompañando un breve– *Detenido el compañero sentimental de la mujer degollada en una finca de Madrid*, do 17 de setembro.

7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor




O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	29	78,38%
NON	8	21,62%
	37	100%

Existe identificación completa ou parcial do agresor en vintenove (78,38%) das trinta e sete informacións recollidas e analizadas.

Considéranse identificacións parciais as que aportan datos significativos e prodúcense de tres maneiras distintas: 1) iniciais de nome e apelidos, 2) alcume e 3) nome + iniciais dos apelidos. En ocasións, estas fórmulas aparecen acompañadas doutros datos significativos como o nome da rúa de domicilio ou localidade pequena, polo que implican unha revelación efectiva da identidade do agresor en casos nos que aínda non foi procesado pola xustiza e segue vixente a presunción de inocencia.


A identificación é completa en oito dos casos cando só estaría xustificada en dous deles por tratarse de agresores xa xulgados.



IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase media	0	0%
Clase baixa	3	8,10%
Non aparece	34	91,89%
	37	100%

O agresor non aparece identificado socialmente no 91,89% das informacións. Nas dúas ocasións en que si se produce adscripción a un nivel social determinado é sempre á clase baixa e de maneira indirecta, mediante a mención da profesión do agresor. Debido a que a identificación social só se dá en tres das trinta e sete informacións analizadas, representando un pouco significativo 3,84% do total, non pode afirmarse que o xornal *Diario de Ferrol* reproduza esquemas clasistas en relación á violencia de xénero.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Directa	9	24,32%
Imaxe	0	0%
Datos significativos	3	8,11%
Evítase	25	67,57%
	37	100%

Polo xeral, o xornal respecta a intimidade das vítimas e garante o seu anonimato, absténdose de difundir datos que as poidan identificar. Non é así en nove das informacións (24,32%), que explicitan o nome e os apelidos das vítimas, o que vai en contra da recomendación do apartado 7 da Declaración de Compostela.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	15	40,54%
Crónica xudicial	2	5,41%
Cultural	0	0%
Ecnómica	0	0%
Humana	1	2,70%
Política	1	2,70%
Social	15	40,54%
Legal	3	8,11%
Científica	0	0%
Outras	0	0%
	37	100%

A transversalidade de perspectivas é o garante do tratamento en profundidade da realidade complexa da violencia de xénero. Tratar informativamente un problema social complexo desde unha perspectiva única, a do suceso, cando debería abordarse como un fenómeno de múltiples dimensións, é reducir a pluralidade de factores que o provocan (ideolóxicos, simbólicos, políticos, culturais, etc) ao feito violento aillado, e, polo tanto, a un proceso de grave simplificación. En ausencia de combinación con outros enfoques imprescindibles, a forte presenza das perspectivas social e de crónica negra, ámbalas dúas con porcentaxes de uso dun 40,54%, revela que o xornal *Diario de Ferrol* incumple co apartado 8 da Declaración de Compostela, que indica a necesidade dun tratamento especializado da violencia de xénero, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que conleva afrontar eses actos de violencia cunha perspectiva interdisciplinar.

8.2. Xénero utilizado

A abordaxe da problemática dende as diversas fórmulas de tratamento da información inherentes ás distintas tipoloxías xenéricas sería o complemento lóxico dunha visión pluriperspectivista que tivera como obxectivo último a consecución dunha análise coherente coa complexidade do problema da violencia de xénero. Sin embargo, *Diario de Ferrol* acomoda os contidos na intersección entre a focalización propia da crónica negra e o xénero noticia, adscribíndolle á casuística da violencia contra as mulleres esquemas estruturais reiterativos e opacos que redundan na simplificación temática e formal do conflito. A alta porcentaxe de uso do formato noticia (83,78%) é


indicadora de tal desequilibrio e subliña unha vez máis o tratamento tanxencial, non comprometido, que este xornal lle dá á violencia de xénero.



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	3	8,10%
Crónica	2	5,40%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	1	2,70%
Información de servizos	0	0%
Noticia	31	83,78%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	0	0%
Outros	0	0%
	37	100%

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema


Un 89,19% das informacións están orientadas ao acontecemento concreto. Agás en catro ocasións, falta a posta en contexto que permitiría a construción dunha rede de sentido que afondara máis aló do feito aillado.



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	33	89,19%
Orientada ao tema	4	10,81%
	37	100%


8.4. Sinatura

Unha ampla maioría das informacións (83,78%) están asinadas como procedentes de axencias e das pezas restantes só unha (5,41%) aparece asinada polo autor ou autora, a que responde ás iniciais C. R. C. e que casualmente é a única noticia do mes sobre violencia de xénero que conta con chamada na portada do xornal.



SINATURA		
Axencias	31	83,78%
Redacción ou similar	1	2,70%
Sen asinar	3	8,11%
Sinatura do/a autor/a	2	5,41%
	37	100%


8.5. Análise das causas



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	4	10,81%
NON	33	89,19%
	37	100%

A falta de análise contextual é característica de case o 90% do total de informacións. A porcentaxe é definitoria da actitude xeral neutra, pasiva, que o medio mantén cara á violencia de xénero. Como xa foi apuntado en reiteradas ocasións, esta ausencia de marcos descritivos e explicativos supón a renuncia do medio a cartografar informativamente o problema, posicionamento que ten como consecuencias inmediatas a negación da complexidade dunha realidade violenta que debería tratarse como estrutural e a invisibilización dos desencadeantes non só materiais, senón tamén ideolóxicos e simbólicos que subxacen en todos os feitos aillados aos que remiten os trinta e sete rexistros analizados.


8.6. Análise dos antecedentes



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	2	5,41%
NON	35	94,59%
	37	100%

De trinta e sete informacións, só dúas mencionan algun tipo de antecedente, o que significa un baixo 5,41% do total.

8.7. Análise das consecuencias




ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	4	10,81%
NON	33	89,19%
	37	100%

Os números repítense. Igual que no caso da análise de causas e antecedentes, a porcentaxe de pezas que analizan as consecuencias da violencia de xénero non chega ao 11%.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero

Só dez das trinta e sete informacións fan un seguimento máis ou menos efectivo dos casos de violencia de xénero, o que representa un 27,03% do total de novas analizadas. Dos seguimentos existentes, o máis funcional é o que artellan o conxunto de catro textos que ao longo do mes tratan o caso do violador de Vall d'Hebrón e o debate en torno á reinserción de agresores sexuais non rehabilitados que xorde tras a súa excarceración. Aínda que moito máis timidamente, tamén hai seguimento nas dúas pezas de principios de mes que falan do caso do violador “adicto ao chat” e nas dúas

novas de finais que informan da evolución da situación da nena china abandonada en Australia. Así mesmo, consideráronse casos de seguimento da violencia de xénero o informe estatístico do día 10 sobre as agresións sexuais acontecidas en Galicia entre os meses de xaneiro e setembro de 2007 e a única peza que fai mención do número de asasinadas existente no momento de producirse a noticia (eran xa cincuenta e sete) –*Un hombre mata a su mujer a puñaladas en Zaragoza y luego se entrega a la policía*–, que data do 9 de setembro.



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	10	27,03%
NON	27	72,97%
	37	100%


9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes


O número total de fontes presente por información analizada en ningún caso excede a combinación de dúas e as máis das veces aparecen citadas unha ou ningunha. En consecuencia, obsérvase unha falta de heteroxeneidade dos puntos de achega de información significativa que ten como resultado a dependencia excesiva dunha ou dúas perspectivas e a simplificación da pluralidade de puntos de vista que deberan configurar a narración xornalística de calquera feito. Neste sentido, o xornal *Diario de Ferrol* desoe as recomendacións do apartado 9 da Declaración de Compostela que subliñan a esixencia de utilizar fontes diversas e plurais.

9.2. Fontes oficiais

As fontes oficiais están presentes nun 54,05% do total de trinta e sete informacións. Como vén sendo a tendencia xeneralizada nos medios, as fontes policiais son as máis recorridas e supoñen un 65% do total fronte ás de procedencia xudicial, que representan o 20%. As porcentaxes, previsibles, responden á frecuencia de uso dos enfoques maioritarios, o social e de crónica negra, fortemente dependente das fontes de procedencia policial, e o da crónica xudicial, suxeita ás informacións procedentes dos xulgados.




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	20	54,05%
NON	17	45,94%
	37	100%




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAS		
Deputación	0	0%
Fontes policiais	13	65%
Fontes xudiciais	4	20%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	0	0%
Goberno local	3	15%
Outras	0	0%
	20	100%

9.3. Fontes expertas



PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	5	13,51%
NON	32	86,49%
	37	100%

A presenza de fontes expertas é escasa. Só aparecen en cinco das trinta e sete informacións, o que supón un 13,51% do total. A frecuencia coa que se recorre ás fontes de ámbito sanitario constitúe unha nova marca indicadora do tipo de contidos que se destacan nas novas, a miúdo centrados en detallar o alcance das lesións da vítima. O xornal evita unha diversificación de fontes expertas que contribúa a contextualizar informativamente non só o acto de violencia en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar a vítima con posterioridade.




PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	0	0%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	3	60%
Ámbito dos medios	0	0%
Ámbito psicológico	0	0%
Ámbito sociolóxico	0	0%
Outros ámbitos	2	40%
	5	100%

9.4. Fontes do movemento asociativo

Só dúas das trinta e sete pezas recollidas citan fontes do movemento asociativo, nomeadamente, a Asociación de Asistencia a Víctimas de Abusos Sexuales e a Federación Nacional de Asociaciones de Asistencia a Mujeres Violadas. Ambas foron rexistradas tamén como de procedencia experta. Extráese da análise que só o 5,41% das informacións analizadas recorren ao asesoramento deste tipo de fontes, porcentaxe que revela unha presenza anecdótica das voces procedentes de organismos asociativos que traballan no eido específico da violencia contra as mulleres e da que quedan totalmente excluídas as perspectivas dos grupos de mulleres activistas de signo feminista que loitan


diariamente a pé de rúa pola ruptura e o desmantelamento do androcentrismo radical que estrutura a sociedade. Os xornais seguen a evitar a incomodidade que supón introducir este cuestionamento da autoridade nos seus discursos mediáticos.




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	2	5,41%
NON	35	94,59%
	37	100%

9.5. Fontes testemuñais

As fontes testemuñais están presentes nun 5,41% das informacións, resultando un total de dúas das cales unha procede da veciñanza e outra do entorno familiar da vítima. O recurso ás mesmas contravén unha vez máis as recomendacións sobre o coidado das fontes recollidas no apartado 9 da Declaración de Compostela, xa que ningún dos testemuños achega datos concretos e de proveito para o contido da información.




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	2	5,41%
NON	35	94,59%
	37	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	0	0%
Agredidas	0	0%
Familiares e amizades	1	50%
Veciñanza	1	50%
Outras fontes	0	0%
	2	100%


9.6. Outras Fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	3	8,11%
NON	34	91,89%
	37	100%

Neste apartado inclúense fontes penitenciarias, que non foron consideradas no apartado de fontes expertas porque a información facilitada polas mesmas só aporta datos contextuais irrelevantes. Tamén se contabilizan aquí os recursos ao portal de noticias news.com.au e á BBC, fontes mediáticas que non foron rexistradas como oficiais por tratarse informativamente de xeito meramente anecdótico.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO




INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	1	2,70%
NON	36	97,30%
	37	100%

A entrevista indirecta a Sari Albau, Concelleira de Muller en Ferrol – *La ciudad de Ferrol contará con un “consejo de mujeres sabias”*, do 16 de setembro– aporta información relativamente útil, aínda que de alcance local, na medida en que fai público o proxecto de mellora da casa de acollida da cidade e polo tanto visibiliza mediaticamente un recurso de axuda fundamental para as mulleres afectadas. Fóra deste caso, o 97,30% das informacións analizadas non presentan alusión algunha á existencia de recursos de servizo para as vítimas de violencia de xénero, incumplindo co apartado 10 da Declaración de Compostela, que indica a conveniencia da súa inclusión.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS


11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PAIXONAL		
SI	1	2,70%
NON	36	97,30%
	37	100%

Rexístrase só un caso de identificación da violencia de xénero como un feito paixonal, en concreto na crónica titulada *Despiden con aplausos a la joven apuñalada cuando paseaba a su perro*, do 1 de setembro, pero a asociación atópase contida nas declaracións dun testemuño, polo que non pode afirmarse que o/ a xornalista estructure a información en base a un emprego estereotipado do concepto de violencia de xénero, o que se fai extensible ao xornal, pois o 97,30% das informacións analizadas evitan o uso deste tópico.


11.2. Culpabilización da vítima



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	1	2,70%
NON	36	97,30%
	37	100%

Maioritariamente (en trinta e seis das trinta e sete novas analizadas, o que representa un 97,30 %), as informacións non culpabilizan á vítima, o que indica un tratamento axustado ao que no artigo 11 da Declaración de Compostela se alude respecto da necesidade de evitar os estereotipos, prexuizos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres. Non obstante, na información que ten por titular *Buscan al principal sospechoso de la muerte de una mujer en Sober*, do 20 de setembro, o/ a xornalista pecha a noticia cunha explicitación do lugar de traballo da muller asasinada, un local de alterne, que condiciona a interpretación dos feitos relatados en favor do agresor e impón a lectura da condición de prostituta como circunstancia atenuante dos feitos homicidas. Prodúcese a culpabilización implícita da muller cando a vítima non é nunca responsable do feito violento.

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	1	2,70%
NON	36	97,30%
	37	100%

Só nunha das trinta e sete pezas informativas recollidas (97,30%) se aprecia con claridade unha xustificación do agresor. Trátase da mesma noticia reseñada no apartado anterior – *Buscan al principal sospechoso de la muerte de una mujer en Sober*, do 20 de setembro–. O autor pecha a información coa seguinte afirmación como última liña do

texto: "Natural de Madrid, pero con residencia en Ourense, María del Pilar P. C. trabaja en un local de alterne". A explicitación innecesaria do lugar de traballo da muller asasinada produce a devandita culpabilización implícita da vítima ao tempo que introduce un factor atenuante que actúa lexitimando sutilmente o acto homicida. Lonxe de poder afirmar que o feito sexa consciente, o certo é que o/ a xornalista está a xustificar ao agresor cando non debería facelo.


11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	2	5,41%
Problemas mentais	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
ciúmes	0	0%
Outros	1	2,70%
Non aparecen	34	91,89%
	37	100%

A redacción non inclúe circunstancias xustificadoras en trinta e catro das trinta e sete informacións analizadas (91,89%). Si ocorre nun 8,11% das mesmas onde ademais do uso como atenuante do feito de que unha muller traballe nun local de alterne presente na noticia reseñada nos dous apartados anteriores, o recurso aos problemas co alcohol está presente ate en dúas ocasións.

11.5. Presenza de axencia feminina



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	4	10,81%
NON	33	89,19%
	37	100%

Só un 10,81% das informacións ofrecidas polo *Diario de Ferrol* presentan á muller cun carácter activo e afrontando a situación. As noticias que compoñen o seguimento do caso do violador de Vall d’Hebrón amosan a unión do grupo de mulleres agredidas, que expresan publicamente as súas esixencias e denuncias. Cabe salientar en concreto a correspondente ao 23 de setembro – *El violador del Vall d’Hebron abre el debate sobre cómo prevenir la posible reincidencia*–, onde se pon de manifesto que as mulleres afectadas son as principais impulsoras do debate, como queda plasmado no breve que aparece inserto no corpo da noticia, que comeza dicindo que “las mujeres afectadas exigen una vigilancia férrea”. Nos outros tres casos rexistrados, a presenza de axencia feminina evidénciase fundamentalmente a través da inclusión de formas verbais que expresan acción: (a muller agredida) *denuncia, se personó, reconoció...*

11.6. Aparición de linguaxe sexista

Aínda tendo en conta que o androcentrismo lingüístico é inherente á pragmática ou uso da linguaxe que todos empregamos habitualmente e que ten o seu reflexo tamén na linguaxe rutinaria do xornalismo e polo tanto nas novas aquí analizadas, non se detectan casos significativos ou relevantes de uso dunha linguaxe sexista nas informacións sobre violencia de xénero recollidas no xornal *Diario de Ferrol* durante o mes de setembro de 2007.


LA VOZ DE GALICIA

Setembro de 2007


1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

É escasa a utilización en *La Voz de Galicia* do termo “violencia de xénero” ou outros afíns. Tan só se introducen en catro das informacións analizadas durante o mes de setembro (o 8,33% do total). Este abano de conceptos utilízanse sempre en informacións relativas á violencia dentro do ámbito da parella. Bótase man deles, por outra banda, sen introducir explicación algunha sobre a súa dimensión (a violencia producida polas relacións de dominio que lle outorgan aos homes unha posición de poder na sociedade patriarcal). Son, pois, termos pouco utilizados na información e baleirados en boa medida de significado.

Por outra banda, non observamos preferencia algunha ou algún tipo de adscripción terminolóxica específica aos conceptos utilizados, xa que nos 4 casos nos que se define a problemática cun concepto concreto chegan a usarse tres expresións distintas: violencia doméstica (en dúas pezas) e violencia de xénero e violencia contra as mulleres (nunha cada unha), sen que pareza existir ningún matiz de uso entre elas.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	4	8,33
NON	44	91,67
	48	100




CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
VIOLENCIA DOMÉSTICA	2	50
VIOLENCIA FAMILIAR	0	0
VIOLENCIA DE XÉNERO	1	25
VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	1	25
VIOLENCIA SEXISTA	0	0
VIOLENCIA MASCULINA	0	0
OUTRAS	0	0
	4	100

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN

Fronte á primacía que noutros medios ten a violencia no ámbito da parella, en *La Voz de Galicia* son os abusos e agresións sexuais os que contan cun maior protagonismo informativo, cun total de 18 pezas, que representan un 37,5% do total. A violencia no ámbito da parella é, porén, a segunda manifestación da violencia de xénero máis abordada no xornal (supón o 33% do total de informacións analizadas). Cómpre en calquera caso matizar que algunha das sete informacións que incluímos no apartado de “Outras” se sitúa no límite do que categorizamos como violencia na parella xa que, aínda que non se explicita unha relación entre agresor e agredida, esta parece por momentos estar implícita, sen que nos atrevamos en calquera caso a incluíla naquel apartado.

En calquera caso, neste xornal prodúcese un dos repartos máis igualitarios entre as distintas tipoloxías de violencia de xénero. Alén da violencia dentro da parella, que ocupa 16 pezas (un terzo do total), a violencia contra as nenas e a prostitución teñen tamén unha presenza considerábel, con sete e catro informacións respectivamente. O acoso laboral, pola súa parte, non é abordado en ningunha ocasión.



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	18	37,5
Acoso laboral	0	0
Violencia no ámbito da parella	16	33,33
Prostitución	4	8,33
Violencia contra as nenas	7	14,58
Outras	7	14,58
	48	100,00

Probabelmente se pode ver unha correlación entre a presenza de máis ou menos pezas informativas sobre cada tipoloxía e a posibilidade que estas teñen de acabar provocando actuacións das autoridades policiais ou xudiciais, o que, en definitiva, ten

que ver co seu nivel de visibilización social e o grao en que sexa considerado non só un problema persoal, senón tamén público.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS.


IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	0	0
NON	48	100
	48	100

Non se produce, en ningunha das 48 informacións analizadas en *La Voz de Galicia*, unha identificación da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos ou da persoa. Polo tanto, este xornal está a incumprir reiteradamente as recomendacións neste sentido da Declaración de Compostela, que busca a colaboración dos medios de cara a provocar unha condena global da violencia de xénero.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA

Observamos na gran maioría das informacións analizadas (nun total de trinta, o que representa o 62,5% do total) o enfoque condenatorio que é preciso no posicionamento dun xornalismo responsábel contra a violencia de xénero. Porén, continúa a ser preocupante que, mesmo que se produza unicamente en dúas ocasións (o que representa o 4,17%), siga aparecendo un enfoque xustificador nalgunhas das pezas. Nestas dúas informacións –*Un joven de Alfoz secuestra a su ex novia amenazando con un cuchillo a la hermana*, do 7 de setembro, e *Absuelto porque estaba ebrio un joven acusado de malos tratos*, do 19 de setembro– introdúcense elementos que se presentan como xustificadores da agresión, ben sexa polas declaracións sobre o agresor, no primeiro dos casos, ben polo propio feito que provoca a aparición da peza, no segundo. Coa fin de evitar ningunha lectura errada da violencia de xénero, cómpre que este

enfoque desapareza totalmente da información sobre este fenómeno e que o ou a xornalista evite que determinados feitos ou declaracións poidan verse como un enfoque xustificador.




POSICIONAMENTO CARA A VIOLENCIA DE XÉNERO		
XUSTIFICADOR	2	4,17
NEUTRO	16	33,33
CONDENATORIO	30	62,5
	48	100,00

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada

Unha parte considerábel das informacións sobre violencia de xénero (até oito, o 16,67%) acadaron un espazo na capa de *La Voz de Galicia*. Nestas non se aprecia ningunha tendencia marcada que asegure a inclusión na portada, ao seren catro noticias de ámbito estatal e catro de toda Galicia, e ao incluírse entre elas noticias sobre violencia no ámbito da parella, abusos e agresións sexuais e outros tipos de violencia de xénero.




PRESENZA EN PORTADA		
SI	8	16,67
NON	40	83,33
	48	100,00

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información

A distribución das informacións sobre violencia de xénero faise en *La Voz de Galicia* dun xeito principalmente xeográfico. Dúas seccións atraen a meirande parte das pezas, sen dúbida por causa da maior proximidade: a Estatal, con 19 pezas (o que representa un 39,58%) e Galicia, con 17 (o 35,41%). As outras seccións xeográficas (Local e Internacional) reciben moitas menos pezas sobre violencia de xénero (só rexistramos tres en cada unha).


Na axenda das seccións temáticas teñen moi difícil a entrada as noticias relacionadas coa violencia de xénero. Só nunha ocasión se aborda esta problemática fóra das seccións xeográficas. Neste caso, a información é publicada na sección Cultura, na que se introduce a nova titulada *La explotación de la mujer: un asunto todavía vigente*. A ausencia de informacións incluídas noutras seccións temáticas xa apunta a que existe unha falta de tratamento da violencia de xénero a través dos prismas temáticos desas seccións, e pon de manifesto o necesario trato interdisciplinar que sería preciso para abordar en toda a súa complexidade unha problemática como esta (o que incumple, unha vez máis, os preceptos recollidos na Declaración de Compostela).

Mención aparte merecen as cinco pezas incluídas no epígrafe Outros, xa que se trata de artigos publicados dentro da sección Opinión, que teñen un peso importante dentro das informacións analizadas en *La Voz de Galicia*, ben ao contrario do que acontece noutros medios analizados neste estudo, nos que a abordaxe da violencia de xénero queda cinguido en exclusiva ao relato informativo limitado á resposta ás cinco Ws xornalísticas (que, quen, cando, onde e como), sen posibilidade algunha de explicación, interpretación ou valoración do sucedido.



SECCIÓN		
Comunicación	0	0
Cultura	1	2,08
Deportes	0	0
Economía	0	0
Especiais	0	0
Estatal	19	39,58
Galicia	17	35,41
Internacional	3	6,25
Local	3	6,25
Sociedade	0	0
Sucesos	0	0
Suplementos	0	0
Outros	5	10,41
	48	100

5.3. Espazo




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	21	43,75
De 11 a 25	22	45,83
De 26 a 50	4	8,33
Toda a páxina	1	2,08
Máis dunha páxina	0	0
	48	100,00

Mesmo producíndose en *La Voz de Galicia*, de igual modo que noutros medios, unha primacía das informacións de menor tamaño, observamos que non son as mínimas as que teñen a maior presenza, senón as que van de 11 a 25 módulos. Aínda que a diferenza coas de menos de 10 módulos sexa moi pequena (22 fronte a 21 pezas), esta significa unha posibilidade sensibelmente maior de utilizar o espazo para aumentar a pluralidade das fontes e a análise da violencia de xénero.

Pola contra, é de lamentar que a partir dos vinte e cinco módulos exista unha especie de “teito de cristal” que aínda resulta difícil de traspasar para as informacións sobre violencia de xénero. Só catro das pezas analizadas ten un tamaño de entre 26 e 50 módulos, mentres que unicamente unha chegou a ocupar toda a páxina, co prexuízo que iso significa para as posibilidades dun tratamento máis amplo.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	16	33,33
NON	32	66,67
	48	100,00

Observamos que as informacións de *La Voz de Galicia* contan cunha ampla presenza de ilustracións, xa que nun terzo das analizadas se detectaron este tipo de imaxes. A presenza ou non de ilustración vai condicionada directamente polo espazo dedicado á peza, xa que son todas as menores de dez módulos e parte das de menos de vinte e cinco aquelas nas que non aparece ningunha imaxe.

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	16	100
Infografía	0	0
Mapa gráfico	0	0
	16	100,00

O único tipo de imaxe utilizado é a fotografía. Non se introducen infografías ou mapas gráficos en ningún caso, polo que se desaproveitan as posibilidades destas ilustracións, máis acaídas cando se pretende ofrecer unha presentación atractiva, e a miúdo máis reflexiva, sobre os datos ou feitos sobre os que se informa.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Existe un preocupante recurso ao morbo e ao dramatismo no texto das pezas informativas analizadas, xa que até en trece casos atopamos recursos que salientan dentro desta categoría. Entre estes, o máis recorrente é a inclusión dunha profusión innecesaria de detalles, tanto morbosos no relativo aos danos infrinxidos ou mesmo á descrición do grao de putrefacción dun cadáver, como humillantes na descrición dunha agresión. Este tipo de recursos úsase nun total de nove casos. As outras estratexias efectistas das que se bota man no tratamento da información son o dramatismo ao acudir como fonte informativa ás familias das vítimas ou o emprego de recursos literarios para enfatizar de maneira innecesaria a narración (presentes en dúas informacións cada unha delas).

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe


Na banda das imaxes tamén se bota man de recursos efectistas, que podemos atopar en catro ilustracións, o que significa un cuarto do total. Nun dos casos, consideramos un recurso ao dramatismo a aparición dunha imaxe que é máis grande que o propio texto da información, na peza titulada *Rocía a su pareja con un líquido tóxico en Madrid*, publicada o 4 de setembro. Nos outros tres casos repítese o mesmo recurso efectista, a inclusión na imaxe do precinto colocado na vivenda pola policía como elemento protagonista da ilustración, intentando dar un toque dramático á peza.

7. DEREITO Á INTIMIDADE


7.1. Identificación do agresor

Refírese o nome e apelidos do agresor nun total de 13 pezas, o que representa un 30,95% das analizadas. Só en cinco casos a identificación se está a referir a un

agresor convicto polo delito de violencia de xénero, mentres que nas outras oito informacións se están a identificar persoas sobre as que non hai unha condena en firme.



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	13	30,95
NON	29	69,05
	42	100




IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0
Clase baixa	4	9,52
Clase media	0	0
Non aparece	38	90,48
	42	100,00

A identificación social do agresor só acada espazo nas informacións analizadas en *La Voz de Galicia* en catro ocasións. Mesmo aínda que sexan escasas, trátase dunha

cuestión preocupante, xa que non parece ser casualidade que se produza sempre unha identificación do agresor coa clase baixa. Se ben nunha das pezas –*Un juez de Cádiz obliga a una maltratada a ceder la casa conyugal a su agresor*, do 6 de setembro) – a adscripción social pode estar xustificada ao ser a causa esgrimida polo xuíz para realizar o fallo que se converte en noticia, nas outras tres, referidas todas a un crime acontecido en Sober, a identificación cunha certa clase social parece ser usada unicamente como resultado do recurso efectista e dramático.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	9	21,43
Directa	8	19,05
Imaxe	1	2,38
Evítase	24	57,14
	42	100,00

Máis grave se cabe que a identificación do agresor é a identificación da vítima, que se produce até en dezaioito informacións, o que representa un 43,86% do total. Na meirande parte dos casos (en sete das pezas con identificación directa e na peza con identificación por imaxe), o falecemento da agredida é a excusa utilizada para realizar a identificación. Porén, esta circunstancia non xustifica un acto que non só pode vulnerar

o dereito á intimidade da falecida, senón tamén o da súa familia e das súas amizades. En nove pezas, o 21,43% do total, a identificación que se realiza é indirecta, mediante datos significativos que poden levar ao recoñecemento da vítima. Nestes casos actúase decote cun coidado moito menor, quizais por non seren conscientes as e os xornalistas de que, aínda que sexa de maneira indirecta, os datos que proporcionan na información están a revelar a identidade das vítimas no seu entorno próximo.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS


8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información



PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	22	45,83
Crónica xudicial	14	29,17
Cultural	1	2,08
Económica	0	0
Humana	0	0
Legal	6	12,5
Política	1	2,08
Social	3	6,25
Científica	1	2,08
Outras	0	0
	48	100,00

En *La Voz de Galicia*, do mesmo xeito que noutros xornais, establécese un claro predominio da crónica negra (con 29 informacións, o 45,83%) e a crónica xudicial (con 14, o 29,17%). Non obstante, malia a existir unha gran dependencia deste tipo de perspectiva, o que sitúa o resto en niveis moito máis baixos, pódese salientar que si existe polo menos unha presenza testemuñal de distintas perspectivas, o que demostra unha certa variedade, aínda que sexa producida en ámbitos moi reducidos. Especialmente destacábel nos parece a presenza dunha perspectiva legal, que se produce en 6 pezas (un 12,5% do total). Mesmo malia estar dirixida na meirande parte a un único caso, o da saída da cadea do chamado “violador de la Vall d’Hebron” –o que motiva a reflexión sobre as medidas penais adoptadas contra os violadores– consideramos importante esta abordaxe dado que se trata dunha perspectiva que non adoita ter moita presenza nos medios de comunicación.

8.2. Xénero utilizado



Aparte do predominio da noticia nas pezas sobre violencia de xénero (utilizado en 37 pezas, o 77,08% do total), cómpre destacar a aparición de cinco artigos de opinión (o 10,42% do total das pezas analizadas). A opinión completa a abordaxe do acontecemento ou da problemática dende outros tratamentos que enriquecen o seu tratamento (o carácter valorativo que implica a Opinión permite en ocasións unha


abordaxe do contexto, das causas ou das consecuencias que adoita estar ausente na información) e é ademais um xénero que conta con gran consideración dentro dos xornais (o que implica revestir dese mesmo recoñecemento e importancia aos temas abordados como tal). Por outro lado, non hai entre as pezas analizadas ningunha que poida caracterizarse como breve, e si unha reportaxe, un xénero que se utiliza para tratamentos informativos complexos. A peza incluída en “Outros” é unha información que podería cualificarse como fotonoticia.

XÉNERO		
Artigo de opinión	5	10,42
Breve	0	0
Crónica	4	8,33
Entrevista directa	0	0
Entrevista indirecta	0	0
Información de servizos	0	0
Noticia	37	77,08
Outros	1	2,08
Publirreportaxe	0	0
Reportaxe	1	2,08
	48	100,00


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

Aparecen na análise de *La Voz de Galicia* moi poucas informacións que estean orientadas ao tratamento do tema (un total de cinco, o que representa o 10,42% do total). Destas, tres corresponden a artigos de opinión, polo que é aínda menor a presenza de noticias nas que se trate o tema de fondo e non directamente o acontecemento. Nisto pode verse unha clara dependencia da actualidade máis inmediata, na que as temáticas de fondo son reducidas unicamente a xéneros complementarios.

ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	43	89,58
Ao tema	5	10,42
	48	100,00



8.4. Sinatura




SINATURA		
Axencias	12	25
Redacción ou similar	9	18,75
Sen asinar	0	0
Sinatura do/a autor/a	27	56,25
	48	100,00

Máis da metade das informacións analizadas (en concreto, o 56,25%, con 27 casos) contan coa sinatura explícita do autor ou autora. Isto denota un axeitado tratamento da información, xa que ao aparecer acreditada a autoría, o ou a xornalista

está a aceptar a responsabilidade da información que produce. A isto hai que sumar o feito de que non apareza ningunha información sen asinar. O resto de informacións ten unha sinatura colectiva, repartida entre as noticias de axencias (con 12 pezas, o 25% do total) e as que contan cunha sinatura colectiva como “Redacción”, “La Voz” ou similares (nove informacións, o 18,75%).

8.5. Análise das causas




ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	4	8,33
NON	44	91,67
	48	100,00

Apenas catro informacións (un 8,33% do total) inclúen unha análise das causas últimas que levan á aparición da violencia de xénero, o que denota unha preocupante falta de profundidade de análise nas pezas relativas á violencia de xénero. Porén, cómpre destacar que en tres destes casos se produce unha análise de causas que, máis ou menos acertadas, tentan claramente situarse no cerne mesmo do problema, a discriminación das mulleres na estrutura social patriarcal (reséñanse, por exemplo, elementos como a visión limitada da muller como beleza ou causas psicolóxicas). Esta análise prodúcese precisamente en dous artigos de opinión –*Sen solución*, do 2 de setembro, e *Mujer abrasada*, do 5 de setembro– e unha reportaxe –*Unos 2.400 agresores sexuales están cumpliendo condena actualmente en España*, do 23 de setembro–. Evidénciase deste xeito a importancia da abordaxe da información dende

xéneros diferentes á noticia que propicien unha maior profundidade no tratamento informativo.

8.6. Análise dos antecedentes




ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	14	29,17
NON	34	70,83
	48	100,00

Sen conseguir aínda a relevancia que deberían ter nun tratamento axeitado da violencia de xénero, a análise dos antecedentes ten un considerábel peso no xornal *La Voz de Galicia*, en contraste co que acontece noutros medios. Catorce pezas informativas (o que representa o 29,17% do total) inclúen unha referencia á existencia ou non de antecedentes ao feito de violencia de xénero. Mesmo que só se refiran aos casos denunciados ou xudicializados, e non realicen unha análise xornalística máis fonda, cómpre destacar tamén o feito de estas análises realizarense dun xeito específico e non simplemente con referencias xeralizadas.

8.7. Análise das consecuencias


Apenas en cinco ocasións se está a realizar unha análise das consecuencias da violencia de xénero para alén do feito que orixinou a aparición da noticia. Ademais de escasa, esta análise está referida na meirande parte dos casos (en concreto, en cinco) a medidas punitivas, policiais ou legais contra o agresor, e só nunha ás consecuencias

para a agredida. Isto reflicte unha considerábel desigualdade e unha discriminación para as mulleres, cuxa situación posterior á violencia acada un menor espazo na axenda dos medios.



ANÁLISE DAS CONSECUENCIAS		
SI	5	10,42
NON	43	89,58
	48	100

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	9	18,75
NON	39	81,25
	48	100,00


No período analizado, tamén é escasa a presenza de informacións nas que se produza un seguimento dos casos de violencia de xénero (só se produce en nove pezas, que representan o 18,75% do total). En tres ocasións, o seguimento establécese lembrando o número de vítimas que teñen sufrido ese tipo de violencia durante un relativo período.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes

As informacións obxecto de análise en *La Voz de Galicia* teñen unha media de 2,19 fontes, o que denota un considerábel esforzo por procurar a pluralidade nas voces consultadas e un tratamento máis a fondo da información. Efectivamente—e mesmo que en sete pezas das analizadas non faga referencia explícita a ningunha— catorce informacións con dúas ou máis fontes equilibran en certo modo a balanza marcando unha busca pola variedade, mesmo cunha reportaxe na que aparecen até seis fontes distintas

9.2. Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	38	79,17
NON	10	20,83
	48	100




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0
Fontes policiais	18	47,36
Fontes xudiciais	15	39,47
Goberno autonómico	2	5,26
Goberno estatal	2	5,26
Goberno local	1	2,63
Outras	0	0
	38	100,00

Como é previsíbel ante a dependencia da crónica negra e da crónica xudicial como perspectivas maioritarias, existe en *La Voz de Galicia* un gran predominio das fontes oficiais, presentes en 38 das pezas (o 79,17% do total analizado). Entre estas, por outro lado, as máis presentes son as policiais, con dezaioito ocorrencias, e as xudiciais, con quince, deixando as fontes políticas nunha simple presenza de testemuña, con apenas cinco ocorrencias. Polo tanto, é a perspectiva que deitan estas fontes (forzas de seguridade e xudiciais) a que se converte case en hexemónica na información.


9.3. Fontes expertas

Extremadamente escasa é a presenza de fontes expertas dentro das informacións analizadas. Apenas en tres delas, o que representa o 6,25% do total, se produce unha

busca de expertos ou expertas que contextualicen e axuden a comprender a información. Ademais, o feito de que todas as fontes expertas que aparecen pertencen a un mesmo ámbito, o sanitario, significa que se están a desaproveitar as amplas posibilidades de perspectiva sobre a violencia de xénero que as fontes expertas poden aportar.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	3	6,25
NON	45	93,75
	48	100



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	0	0
Ámbito educativo	0	0
Ámbito sanitario	3	100
Ámbito dos medios	0	0
Ámbito psicológico	0	0
Ámbito sociolóxico	0	0
Outros ámbitos	0	0
	3	100,00

9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	3	6,25
NON	45	93,75
	48	100


De igual modo, as fontes do movemento asociativo tamén teñen unha presenza moi minoritaria entre as pezas analizadas no xornal *La Voz de Galicia*. Ademais de apareceren só en tres ocasións (o 6,25% do total), cómpre ter en conta que as fontes do movemento asociativo só están presentes en informacións relativas ao ámbito estatal, o que significa que os e as xornalistas do cadro de persoal de *La Voz* teñen unha falta de comunicación co amplo movemento asociativo de mulleres que se desenvolve en

Galicia. É necesario rachar con eses problemas de comunicación para artellar unha colaboración entre este movemento e os medios no combate contra a violencia de xénero.

9.5. Fontes testemuñais




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	11	22,92
NON	37	17,86
	48	100



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	0	0
Agredidas	2	1,82
Familiares e amigos	4	36,36
Veciñanza	5	45,45
Outras fontes testemuñais	0	0
	11	100,00

Ben máis presentes que as voces expertas ou do movemento asociativo, as fontes testemuñais aparecen en 11 das pezas que foron obxecto de análise, o 22,92% do total. Na súa distribución destaca a ampla presenza da veciñanza, con cinco aparicións, e de familiares e persoas amigas, con catro. Porén, cómpre ser coidados co recurso a este tipo de fontes pois a miúdo non achegan ningunha información de relevo e só contribúen á reprodución do acontecido baixo os estereotipos cos que o patriarcado tradicionalmente representou a violencia de xénero. Por outra banda, entre as e os protagonistas do feito non se produce ningún uso do agresor ou agresores como fonte, o que pode significar unha actitude de preucación do medio para non caer na súa xustificación. As mulleres agredidas, porén, aparecen como fonte en dúas ocasións.


9.6. Outras fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	2	4,17
NON	46	95,83
	48	100

A presenza de dúas fontes non susceptíbeis de adscrición ás categorías anteriores non é, pola súa banda, especialmente salientábel. Refírense neste caso ao comisario dunha exposición na que se aborda a violencia de xénero e mais unha asociación de veciños. Non existe trala súa presenza ningún tipo de pauta ou sistematización.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO




INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	1	2,08
NON	47	97,92
	48	100

Só unha das pezas analizadas inclúe información de servizos e útil para as vítimas de violencia de xénero. Trátase da noticia *Vicepresidencia ocupará todo el edificio de la casa de acogida*, publicada o 5 de setembro, e na que o propio feito noticioso é a ubicación do centro prestador de servizos. Non se produce unha tentativa real da inclusión da información de servizos nas pezas realizadas arredor da violencia de xénero de modo transversal, en contra do recomendado pola Declaración de Compostela

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito pasional




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PASIONAL		
SI	3	6,25
NON	45	93,75
	48	100

Non abundan en *La Voz de Galicia* as información onde se produza unha identificación da violencia como un feito pasional. Porén, a simple existencia de tres casos nos que, de maneira mais ou menos explícita, si que se realiza esta conexión, non pode menos que resultar extremadamente preocupante. A violencia de xénero ten que ser vista como un delito sen máis e non como un suposto “feito pasional”, tras da cal se agocha unha xustificación, consciente ou inconsciente, do agresor.

11.2. Culpabilización da vítima

Só nunha peza (2,08% do total) se inclúen elementos de culpabilización da vítima. Cómpre matizar, porén, que o particular caso no que esta se produce –o da información *Un juez de Cádiz obliga a una maltratada a ceder la casa conyugal a su agresor*, publicada a día 6 de setembro– provoca que esta culpabilización vaia máis da man da propia sentenza do xuíz que da redacción do autor ou autora. Non obstante, as e


os xornalistas teñen que ter a suficiente capacidade crítica como para lograr darlle a volta a un feito no que se agocha unha culpabilización da vítima.



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	1	2,08
NON	47	97,92
	48	100

11.3. Xustificación do agresor


En tres casos prodúcese unha preocupante xustificación, dunha outra doutra maneira, do agresor dun caso de violencia de xénero. Destes, é especialmente preocupante o da noticia titulada *Un joven de Alfoz secuestra a su ex novia amenazando con un cuchillo a la hermana*, do 7 de setembro. Nesta información, a inclusión dunha testemuña que realiza declaracións xustificadoras do agresor (e que, curiosamente, é un familiar da agredida) agrávase aínda máis pola elección dunha das frases máis xustificadoras desta testemuña para titular o despece da información: “El non é un mal rapaz, pero é un venado e está moi só na vida”. É esencial evitar caer neste tipo de erros para evitar a perpetuación dos tópicos que perpetúan a violencia de xénero.



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	3	6,25
NON	45	93,75
	48	100


11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras

En trinta e sete informacións das analizadas abórdanse casos concretos de violencia de xénero ou informacións sobre a problemática nos que sería posíbel a aparición de circunstancias que poidan dar unha imaxe “xustificadora” dos mesmos. Cómpre dicir que *La Voz de Galicia*, de maneira bastante xeral, evita que estas fagan a súa aparición, xa que son pouco menos que testemuñais os casos de referencias a problemas mentais ou alcohol e outras drogas (cunha peza cada unha) ou incluídos en Outros (dúas informacións). Deste xeito, córtase desde a base a posibilidade de que sexan esgrimidas estas circunstancias para xustificar, dunha maneira ou outra, a agresión producida.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
ALCOHOL E OUTRAS DROGAS	1	2,08
PROBLEMAS MENTAIS	1	2,08
INFLUENCIA DO AMBIENTE	0	0
CIUMES	0	0
OUTRAS	2	4,17
NON APARECEN	44	91,67
	48	100

11.5. Presenza de axencia feminina



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	5	10,42
NON	43	89,58
	48	100

En contraste co caso anterior, a presenza de axencia feminina, esencial para rachar coa imaxe da muller como obxecto, o que perpetúa a violencia de xénero, é tremendamente escasa. Unicamente en cinco das pezas analizadas en *La Voz de Galicia* pode atoparse unha verdadeira presenza da muller como axente ante a violencia de xénero. Lonxe de tratarse dun problema menor, é necesario que esta se xeneralice até acadar a maioría das noticias, pois a ausencia de axencia feminina na construción que

da imaxe das mulleres fan os medios é manifestación da violencia simbólica contra as mulleres que perpetúa roles e estereotipos.

11.6. Aparición de linguaxe sexista

No período analizado non apareceu no *La Voz de Galicia* ningún uso de linguaxe sexista manifestamente denigratorio para as mulleres do que consideremos que pague a pena realizar unha análise pormenorizada. Porén, si cómpre denunciar o uso xeralizado que do masculino xenérico realiza este xornal, que é preciso evitar en canto que invisibiliza e discrimina ás mulleres na linguaxe.

FARO DE VIGO

Setembro de 2007


1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO

As informacións analizadas no *Faro de Vigo* tenden a evitar a presenza de conceptos como “violencia de xénero” ou similares, canto que no seu significado fagan referencia á violencia alimentada nas relacións de poder afianzadas pola sociedade patriarcal. Só en catro pezas, un oito por cento das estudadas, aparecen termos que poidamos encadrar dentro deste tipo de conceptos, o que representa unha porcentaxe especialmente baixa. Nos catro casos trátase de informacións relativas ao que denominamos “violencia doméstica e no ámbito da parella”, o que denota, por outra banda, unha estreita comprensión do que significa a violencia de xénero.

En canto á análise pormenorizada dos termos utilizados, obsérvase un predominio do vocábulo “violencia de xénero”, que conta con tres aparicións fronte a unha única de “violencia doméstica”. Ningún destes dous termos aparece definido nin contextualizado.


PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	4	8
NON	46	92
	50	100





CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
VIOLENCIA DOMÉSTICA	1	25
VIOLENCIA FAMILIAR	0	0
VIOLENCIA DE XÉNERO	3	75
VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	0	0
VIOLENCIA SEXISTA	0	0
VIOLENCIA MASCULINA	0	0
OUTRAS	0	0
	4	100

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE SE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	11	22
Acoso laboral	0	0
Violencia no ámbito da parella	22	44
Prostitución	2	4
Violencia contra as nenas	7	14
Outras	8	16
	50	100,00


En canto á tipoloxía da violencia de xénero presente no *Faro de Vigo*, podemos comprobar que, malia a existir un claro predominio das informacións referidas á violencia no ámbito da parella, que contan con vinte e dúas pezas (un 44% do total), nas categorías restantes amósase unha distribución de informacións máis equitativa que a presente noutros medios, onde os abusos e agresións sexuais destacan decote sobre o resto das manifestacións da violencia de xénero que, ou ben adoitan estar ausentes, ou quedan relegadas a un papel testemuñal. Fálase de abusos sexuais en once pezas, da violencia contra as nenas en sete, da prostitución en dous e doutros tipos de violencia de xénero en oito. Especialmente salientábel nos parece a aparición de sete pezas informativas sobre violencia contra as nenas que, co 14% do total das informacións, gozan no *Faro de Vigo* dunha presenza considerabelmente maior do que noutros medios galegos. En ningún caso se fai referencia ao acoso laboral contra as mulleres.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS.

IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	0	0
NON	50	100
	50	100

Non existe en *Faro de Vigo* ningunha información que inclúa unha identificación explícita da violencia de xénero como violación dos dereitos humanos. Está a ser ignorada de maneira total, polo tanto, a recomendación da Declaración de Compostela, que insta a realizar a condena da violencia de xénero nestes termos, de cara a unha maior identificación na sociedade da mesma como violación dos dereitos da persoa.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA



POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
XUSTIFICADOR	0	0
NEUTRO	32	64
CONDENATORIO	18	32
	50	100,00


Como elemento salientábel, cómpre destacar que non detectamos en *Faro de Vigo* ningunha información que presente fronte á violencia de xénero unha perspectiva xustificadora, un enfoque que, se ben é por completo condenábel, adoita colarse con maior ou menor forza nalgunhas pezas dos medios.

Por outra banda, existe un predominio do enfoque neutro cara a esta violencia, xa que este aparece en trinta e dúas das pezas analizadas, o que representa un 64% do

total. Por tanto, a perspectiva condenatoria que habería de ser preceptiva, seguindo as recomendacións da Declaración de Compostela, no tratamento informativo das temáticas de violencia de xénero só aparece en dezaioito casos, o 18% das informacións analizadas.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1 Presenza en portada



PRESENZA EN PORTADA		
SI	1	2
NON	49	98
	50	100,00


Só unha das informacións sobre violencia de xénero foi considerada meritoria de aparecer na portada do diario –*Prisión para el acusado del crimen de Ourense al admitir que movió el cuerpo*, do 3 de setembro) –. Non parece haber ningunha razón especial para a inclusión na capa desta información –fóra da distribución importante que poida ter o xornal na provincia de Ourense e a carga de morbo que encerra– xa que por outro lado noticias anteriores relacionadas co mesmo acontecemento non foron quen de acadar o mesmo lugar de relevancia que esta.

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información

Como se pode observar no gráfico, hai unha sección do xornal que copa no *Faro de Vigo* a aparición da meirande parte das pezas informativas relacionadas coa violencia


de xénero. O feito de que esta sección sexa Sucesos, con 33 das informacións analizadas, que representan un 66% do total, di xa bastante do tratamento que este xornal ofrece desta problemática. O emprazamento da violencia de xénero nas páxinas de Sucesos, para alén de incumplir as recomendacións efectuadas pola Declaración de Compostela, conduce a un tratamento superficial baseado na crónica negra e xudicial, principais perspectivas utilizadas nesta sección, así como a unha redacción que facilmente acaba caendo no morbo e no sensacionalismo. Por outra banda, que este tipo de informacións aparezan maioritariamente nunha sección considerada como menor en ámbitos xornalísticos reflicte un posicionamento de menosprezo por parte do xornal cara esta temática.

Este feito, ademais, vese agravado se temos en conta que as oito pezas que aparecen incluídas en “Outros” proveñen da páxina de esquelas e peche, onde decote se inclúen informacións relativas tamén á crónica de sucesos por consideralas máis acaídas para acompañar os anuncios mortuorios. Sumadas ás anteriores, representarían un total dun 82% de pezas informativas con esta perspectiva. A meirande parte do 18% restante repártese entre varias seccións xeográficas (Local con 5, Estatal con 2 e Internacional con 1) nas que, por unha ou outra razón, se inclúen informacións que nalgúns casos nin tan sequera abandonan un tratamento similar ao da sección Sucesos. Só unha peza informativa –*Las prostitutas tienen más estrés que los veteranos de Vietnam*, publicada o 30 de setembro– foi incluída na sección de Sociedade.



SECCIÓN		
Comunicación	0	0
Cultura	0	0
Deportes	0	0
Economía	0	0
Especiais	0	0
Estatat	2	4
Galicia	0	0
Internacional	1	2
Local	5	10
Sociedade	1	2
Sucesos	33	66
Suplementos	0	0
Outros	8	16
	50	100,00

5.3. Espazo ou duración




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	31	62
De 11 a 25	17	34
De 26 a 50	2	4
Toda a páxina	0	0
Máis dunha páxina	0	0
	50	100,00

Outra cuestión preocupante das informacións analizadas no *Faro de Vigo* é o predominio case absoluto das pezas de menor espazo. Non foi atopada na análise ningunha información que chegase a ocupar unha páxina completa, e case dous terzos tiñan unha extensión inferior ou igual a 10 módulos da maqueta (en concreto, 31 pezas, o que representa o 62% do total). As pezas que ocupan entre 11 e 25 módulos son, en total 17, un 34%, o que deixa ás de máis de 26 módulos nunha presenza case testemuñal, con só dúas pezas analizadas –*Prisión para el acusado del crimen de Ourense al admitir que movió el cuerpo*, de 2 de setembro, e *La presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas*, do día seguinte–.

Resulta evidente que esta primacía das informacións de menor tamaño repercutirá nunha menor capacidade para a profundización e a análise nas mesmas xa que, ao reducirse a cantidade de información que pode ter cabida no espazo, este adoita estar copado polos feitos considerados como “noticiosos” en si, ademais de nalgúns casos polos elementos morbosos que se utilizan para darlle unha suposta maior relevancia á información. Así, a posibilidade de realizar unha análise máis fonda vese dificultada polo reducido do espazo.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	9	18
NON	41	82
	50	100,00

Relacionado co predominio das informacións de menor tamaño ao que nos referíamos no apartado anterior encóntrase a presenza de imaxes ilustrativas que acompañen ao texto. Neste caso, e mesmo que detectemos unha menor profusión de ilustracións que noutros medios, estas están presentes, porén, en nove das pezas analizadas, o que representa un 18 por cento do total. Cruzando estes datos cos do espazo ocupado, podemos apreciar que existe unha correlación bastante exacta, xa que as ilustracións aparecen nas dúas pezas de máis de 26 módulos, así como en sete das que ocupaban entre 11 e 25. Non existe, pois, un predominio da imaxe sobre o texto en ningunha das pezas analizadas no *Faro de Vigo*.

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	9	100
Infografía	0	0
Mapa gráfico	0	0
	9	100,00

Canto ao tipo de ilustracións que acompaña as pezas informativas, o total das encontradas durante a análise son fotografías. Deste xeito, non se aproveitan as posibilidades gráficas que poden ofrecer outro tipo de ilustracións, senón que se limita unicamente ás imaxes fotográficas a capacidade para acompañar as informacións sobre violencia de xénero.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Atopamos, en catro das informacións analizadas, un uso grave de recursos ao morbo ou ao sensacionalismo á hora de encetar a redacción. En dous dos casos –*La Guardia Civil busca pruebas del crimen de Ourense en las viviendas del detenido*”, do 1 de setembro, e *Hallan muerta a la niña desaparecida en julio en Suiza*, do 16 de setembro–, o morbo vén provocado pola profusión de detalles innecesarios sobre os danos infrinxidos ás vítimas. Nos outros dous –*Detenido por intentar raptar a un menor*


en el pueblo donde desapareció Yeremy, do 3 de setembro, (malia o que poida parecer polo titular, “un menor” refírese a unha nena, como explicaremos máis adiante) e *Arrestan en Murcia a un británico buscado por 30 violaciones a niñas*, do 21 de setembro— establécense referencias a casos anteriores que non están directamente relacionados e que parecen unicamente incluídos para aumentaren o morbo das informacións. Nun dos casos, mesmo aínda que a conexión co caso anterior fose descartada pola policía, a referencia a este é recorrente, aparecendo mesmo no titular. É especialmente preocupante o feito de que tres dos catro casos nos que atopamos recurso ao sensacionalismo estean relacionados con violencia contra menores, tendo en conta que estas informacións haberían de ter un especial coidado na súa redacción.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

Por outra parte, só unha das imaxes pode ser cualificada como morbosa. Trátase da fotografía que acompaña a información *La Guardia Civil busca pruebas del crimen de Ourense en las viviendas del detenido*, onde a ilustración incluída é a da nai da vítima chorando, unha fotografía sensacionalista que non está xustificada (é máis, que nin sequera ten boa cualidade, ao estar sacada da televisión). Un recurso aínda máis grave se cabe ao ser esta unha peza na que tamén atopamos recurso ao morbo no texto.


7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	13	26
NON	47	74
	50	100


Prodúcese en trece das pezas informativas unha identificación directa do agresor. En varios dos casos desvélese a identidade de supostos agresores que aínda non foron xulgados polos delitos que se lles imputan.



IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	3	6
Clase baixa	1	2
Clase media	0	0
Non aparece	46	92
	50	100,00

A identificación efectiva do agresor como pertencente a unha clase social determinada só se produce en catro casos (8% do total analizado), nos que na meirande parte, nomeadamente tres, se adscribe a unha clase social baixa e só nun deles á clase alta. Non parece haber nestes casos ningunha vontade de relacionar unha clase determinada coa aparición de episodios de violencia de xénero, xa que a adscripción social parece estar incluída como pouco máis que unha anécdota. Porén, en dúas das pezas parece destacado o oficio do agresor (nomeadamente, médico e policía) como un posíbel elemento de sensacionalismo.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	8	16
Directa	7	14
Imaxe	1	2
Evítase	34	68
	50	100,00

Aínda máis preocupante que a identificación do agresor é a vulneración do dereito á intimidade da vítima mediante a súa identificación, sexa directamente ou por medio de elementos que poidan permitir que esta se realice. Do total de cincuenta informacións, só é evitada en 34 delas (o 68% do total). Do resto, resulta especialmente grave os casos nos que se produce unha identificación directa, con nomes e apelidos. Destas sete pezas, en seis aproveítase o feito de a agredida ter falecido para identificala, mentres que na sétima é a propia vítima a que se presenta para realizar declaracións. Semellante é o caso da identificación por imaxe –na información *Hallan muerta a la niña desaparecida en julio en Suiza*, de 16 de setembro– na que se publica unha foto da nena que se utilizara para intentar localizala. Mesmo nestes casos referidos a mulleres e nenas falecidas, cómpre evitar que se produza esta identificación de cara a respectar a súa intimidade e a das súas familias. Non é mellor tampouco a situación das vítimas identificadas pola inclusión de datos significativos (8 casos, o 17,78% do total). Ao ser esta menos evidente, prodúcese con máis frecuencia ca nos casos de mulleres asasinadas e nalgúns deles pode ter consecuencias máis graves precisamente por estar menos prevista.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	27	54
Crónica xudicial	14	28
Cultural	0	0
Económica	0	0
Humana	0	0
Legal	3	6
Política	1	2
Social	5	10
Científica	0	0
Outras	0	0
	50	100,00

En correspondencia coa elevada presenza das informacións de violencia de xénero na sección Sucesos, as perspectivas dende as que, com máis frecuencia se elabora a información, son a crónica negra e a xudicial. Xuntas representan, de feito, o 82% do total analizado. A pobreza de enfoques informativos deriva nunha abordaxe da violencia de xénero moi parcial, da que só se visibilizan determinados aspectos: os

picos máis extremos da mesma, que son obxecto da atención das forzas de seguridade e do aparello legal.

8.2. Xénero utilizado




XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0
Breve	11	22
Crónica	1	2
Entrevista directa	0	0
Entrevista indirecta	0	0
Información de servizos	0	0
Noticia	37	74
Outros	0	0
Publireportaxe	0	0
Reportaxe	1	0
	50	100,00

Ademais da elevada presenza de noticias (en 37 dos casos, o que representa practicamente tres cuartos das informacións sobre violencia de xénero), destaca en *Faro*

de Vigo a elevada porcentaxe de breves. A alta taxa de utilización das informacións de menor tamaño reflicte a falta dun tratamento en profundidade da información e supón ademais que –dado que nos breves está ausente calquera tipo de sinatura- a responsabilidade pola elaboración da información fica en boa medida diluída. Só nun caso se introduce unha reportaxe, un xénero que permite unha maior variedade de fontes e un tratamento máis a fondo da información. Trátase da información titulada *La presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas*, do 2 de setembro, na que se fai unha panorámica da situación da prostitución e se inciden en determinados factores que inflúen nesta problemática.


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	46	92
Ao tema	4	8
	50	100,00

A práctica totalidade das informacións diríxense ao acontecemento, nun predominio do feito inmediato que dificulta unha vez máis a necesaria análise que permita comprender en toda a súa complexidade a violencia de xénero. Só catro das informacións (un 8% do total) están orientadas ao tema. Destas, unha delas é a reportaxe á que nos referiamos antes, dada a maior posibilidade de análise que implica o xénero. É preciso que unha porcentaxe considerábelmente maior das informacións estea orientada ao tema, de xeito que os medios tomen o papel que lles corresponde como ferramenta para a diagnose e comprensión das problemáticas da sociedade na que se insiren.

8.4. Sinatura




SINATURA		
Axencias	22	44
Redacción ou similar	10	20
Sen asinar	11	22
Sinatura do/a autor/a	7	14
	50	100,00

Once pezas, un 22 por cento do total, non contan con ningún tipo de sinatura en *Faro de Vigo*. Estas informacións correspóndense cos once breves que, sobre violencia de xénero, publica o xornal no período analizado. Por outra parte, das sinaturas que aparecen nas informacións a meirande parte son colectivas. Obsérvase unha considerábel dependencia da información de axencias (con 22 casos, un 44 por cento do total). Só en sete das pezas, o 14 por cento do total, existe unha sinatura explícita do autor ou a autora, o que significa que no 86% restante a responsabilidade da información preséntase ante o público lector de maneira difusa.

8.5. Análise das causas

Son moi escasas as pezas informativas do *Faro de Vigo* nas que se realiza unha análise das causas que están por tras da violencia de xénero. En tres informacións (un 6% do total analizado) cítase algunha posíbel causa. En dúas delas –as tituladas *La*


presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas, do 2 de setembro e *El violador de Vall d'Hebron, en la calle entre la polémica sobre su reincidencia*, do día 23— as causas vólcanse principalmente sobre o acontecemento, e non son extrapolábeis á problemática na que este se insire. Só na terceira información —*Las prostitutas tienen más estrés que los veteranos de Vietnam*, publicada o 30 de setembro— se apuntan causas. En concreto, faise referencia a cuestións como as presións que sofren as mulleres que exercen a prostitución ou a factores de ámbito psicolóxico, como a suposta personalidade desestruturada que a psicóloga protagonista da información atribúe ás mulleres que se prostitúen *motu proprio*.



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	3	6
NON	47	94
	50	100,00


8.6. Análise dos antecedentes

De igual modo, non é frecuente a inserción nas pezas analizadas de referencias aos antecedentes que preceden o episodio de violencia que protagoniza a información. Apenas en sete casos, un 14% do total, se produce unha referencia a algún antecedente de violencia, fose esta física ou verbal e implicase ou non medidas legais. Ademais, estas referencias son sempre xerais e moitas veces non van máis alá da simple cita de discusións previas. Cómpre que se xeralice unha análise máis profunda dos antecedentes de cara a comprender mellor os episodios que preceden a violencia de xénero.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	7	14
NON	43	86
	50	100,00

8.7. Análise das consecuencias




ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	2	4
NON	48	96
	50	100

A referencia ás consecuencias só se produce en dous casos, un 4% do total. Trátase das informacións tituladas *La presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas*, do 2 de setembro, e *La Fiscalía de Vigo mantiene la acusación de abusos contra el padrino de una menor*, do 19 de setembro, mais nos dous casos

trátase de referencias feitas de maneira xeral. A segunda información, porén, ofrece un enfoque interesante ao falar das consecuencias psíquicas para a menor. Mesmo que non se refira a estas polo miúdo, a inclusión deste tipo de consecuencias é un elemento que cómpre destacar, dado que a violencia psíquica en raras ocasións é abordada polos medios de comunicación.

8.8. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	3	6
NON	47	94
	50	100,00

Malia a producírense algunhas series de novas relacionadas cun só acontecemento ou tema, estas desenvólvense arredor da emerxencia do feito como noticioso. Esmorecen, polo tanto, ao pouco tempo sen que se poida falar de certo dun seguimento dos casos de violencia de xénero. Este tipo de cobertura dase de maneira efectiva só en tres ocasións, que representan o 6% do total, referidas todas elas ao caso do “violador de la Vall d’Hebron”, que causou gran conmoción a nivel estatal. Tamén se fai seguimento, no período analizado, doutro caso, mais que non se pode incluír dentro da violencia de xénero, a desaparición do neno Yeremi, que se retoma en relación coa desaparición dunha nena na mesma localidade. O exerzo dun xornalismo


responsábel esixe que se rache con esta dependencia dos casos de maior repercusión – que semellan ser os únicos merecentes de seguimento- e implica que se faga un seguimento continuado dos feitos sobre os que se informa de maneira máis habitual, pois axudará ao público lector a observar as consecuencias da violencia de xénero, a situación e as problemáticas ás que se enfrontan as persoas que a viviron en carne propia.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes

As noticias obxecto de análise no *Faro de Vigo* teñen unha media de 1,3 fontes por peza. Non obstante, esta media está condicionada por un reparto de fontes bastante variado entre todas as informacións. Malia non aparecer ningunha fonte citada en cinco informacións, tamén hai unha considerábel cantidade (en comparación con outros medios) de informacións nas que se acode a varias fontes informativas (unha peza con catro fontes e cinco con tres).

9.2. Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	40	80
NON	10	20
	50	100




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0
Fontes policiais	22	44
Fontes xudiciais	14	28
Goberno autonómico	0	0
Goberno estatal	1	2
Goberno local	1	2
Outras	2	4
	50	100,00

Existe no *Faro de Vigo*, do mesmo xeito que acontece nos outros medios analizados, unha forte dependencia das fontes oficiais. Catro de cada cinco informacións acoden a este tipo de fontes, entre as que destacan as policiais (con 22 aparicións) e as xudiciais (con 14). Esta dependencia, unha vez máis, é ao tempo consecuencia e causa directa, nun círculo vicioso, do tratamento hexemónico da información como crónica negra e xudicial, e impón unha presenza case monolítica da visión da violencia de xénero dende este tipo de fontes.


9.3. Fontes expertas

Pola súa banda, as fontes expertas están practicamente ausentes de todas as informacións sobre violencia de xénero analizadas no xornal *Faro de Vigo*. A presenza dunha fonte experta nunha única peza (que representa un 2% do total) non pode

cualificarse máis que, no mellor dos casos, de testemuñal. Inclúese na información *La liberación de reclusos peligrosos aviva el debate entre los juristas*, publicada o 19 de setembro, que pola súa propia idiosincrasia xa require deste tipo de fonte, que é de feito é a única que se introduce. Resulta esencial para mellorar o tratamento da violencia de xénero que as e os xornalistas fagan un esforzo por contextualizar as súas informacións acudindo ás fontes expertas.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	1	2
NON	49	98
	50	100



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	1	100
Ámbito educativo	0	0
Ámbito sanitario	0	0
Ámbito dos medios	0	0
Ámbito psicológico	0	0
Ámbito sociolóxico	0	0
Outros ámbitos	0	0
	1	100,00

9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	4	8
NON	46	92
	50	100


Aínda que algo maior, a presenza de fontes procedentes do movemento asociativo de mulleres é tamén testemuñal. Só en catro ocasións, un 8% do total analizado, se acode ao ámbito asociativo como fonte. A máis destacábel delas é a titulada *La presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas*, onde se recorre ao colectivo Alecrín para contextualizar a información. Por ser a única das

novas con presenza deste tipo de fontes que se realiza desde Galicia e por contar ademais cunha considerábel pluralidade de voces, consideramos que é un exemplo do tipo de información que debería primar no tratamento das noticias de xénero.

9.5. Fontes testemuñais




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	11	22
NON	39	78
	50	100



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	2	18,18
Agredidas	3	27,27
Familiares e amigos	3	27,27
Veciñanza	2	18,18
Outras fontes testemuñais	1	9,09
	11	100,00

Non é casualidade que a presenza das fontes testemuñais (familiares, amizades e veciñanza) sexa a máis importante despois das oficiais, con once ocorrencias (un 22% do total). A primacía, á que xa nos temos referido ao longo da análise, da crónica negra e xudicial, provoca en moitas ocasións a busca de testemuñas entre as persoas cercanas aos episodios de violencia. O uso dos agresores como fonte é semellante ao recurso ás voces das mulleres agredidas (dúas fronte á tres), de modo que o medio semella situar ao mesmo nivel uns e outros testemuños.


9.6. Outras Fontes



PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	1	2
NON	49	98
	50	100

Apenas nunha ocasión aparece no *Faro de Vigo* unha fonte que non se pode incluír no resto de categorías. Trátase da peza *Un médico de Caldas acusado de abusos alega que la paciente lo "malinterpretó"*, onde as compañeiras de traballo e os e as pacientes do médico non poden considerarse explicitamente testemuñas, xa que non exercen como tales. En calquera caso, a súa escasa presenza converte en non relevante a aparición doutras fontes.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO



INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	2	4
NON	48	96
	50	100


A información de servizos só ten presenza en dúas das pezas analizadas, un 4% do total. Destas, unha é a titulada *Nuevo local para la Red de Mujeres contra malos tratos*. A apertura do propio servizo é o acontecemento noticioso (é dicir, o local é mencionado porque é noticia), polo que non pode cualificarse como un verdadeiro esforzo por incluír datos que poidan ser de utilidade ás mulleres que poidan ser vítimas de violencia de xénero de xeito habitual no corpo da información. O outro caso é o da reportaxe “La presión de Gallardón en Madrid trae a Vigo a decenas de prostitutas”, que xa temos citado en varias ocasións como un exemplo de boas prácticas en varios dos sentidos que aparecen na análise. É preciso que, como recomenda a declaración de Compostela, na procura dunha maior difusión da información útil para as vítimas da violencia de xénero, esta se introduza paulatinamente en todas as pezas que poidan estar relacionadas con esta problemática.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito pasional

Denótase nas informacións do *Faro de Vigo* unha preocupación por evitar, na meirande parte dos casos, que se identifique a violencia de xénero como un feito

pasional. Mesmo así, en dous casos prodúcese esta perigosa identificación, o que pode provocar no lector ou leitora unha análise errada das verdadeiras causas da violencia de xénero. Trátase das novas *Detenido por el secuestro de su ex pareja durante varias horas*, do 7 de setembro, e *Aparece el cadáver de una mujer española asesinada a balazos en su casa de Argentina*, do día 15. En ambas as dúas informacións, a agresión sitúase, de maneira máis ou menos implícita, como unha consecuencia dunha desavenencia de parella. É preciso que este tipo de identificacións, por tanto, sexa por completo erradicada dos medios de comunicación, de cara a establecer unha correcta abordaxe da violencia de xénero.



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PASIONAL		
SI	2	4
NON	48	96
	50	100


11.2. Culpabilización da vítima

CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	0	0
NON	50	100
	50	100

En ningún caso detectamos mecanismos que, de forma explícita ou implícita, leven á culpabilización da vítima. É importante que esta situación se extenda a outros

medios, pois a culpabilización das vítimas, aínda que sexa de maneira velada, é un dos erros máis graves nos que se pode caer ao tratar a violencia de xénero.

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	4	8
NON	46	92
	50	100

Malia a evitar a culpabilización da vítima, *Faro de Vigo* incorre, porén, na xustificación do agresor. Esta prodúcese en catro casos, o que representa un 8% do total, que han ser vistos con especial preocupación, pois esta xustificación impide que se poida realizar a enérxica condena que é necesaria contra a violencia de xénero. Esta xustificación non se fai de maneira explícita, senón dun xeito indirecto, mediante a introdución de circunstancias que, da maneira na que están inseridas, poden ser consideradas como “xustificadoras” do acto de violencia (ver apartado seguinte, no que se fai unha descrición detallada destas).

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras


En cinco pezas aparecen circunstancias xustificadoras, das cales catro coinciden con aquelas nas que se amosa, en certo modo, unha actitude comprensiva co agresor. O alcohol e os problemas mentais son as circunstancias que aparecen referidas como “atenuantes” do factor culpa no agresor, con dúas e tres ocorrencias respectivamente.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
ALCOHOL E OUTRAS DROGAS	2	4
PROBLEMAS MENTAIS	3	6
INFLUENCIA DO AMBIENTE	0	0
CIUMES	0	0
OUTRAS	0	0
NON APARECEN	45	90
	50	100

11.5. Presenza de axencia feminina

Un dos tópicos nos que con frecuencia incorren os medios de comunicación é a presentación das mulleres como axentes pasivos, como vítimas. Esta imaxe perpetúa a dominación masculina sobre as mulleres, a forza de convertelas en mero obxecto mediante a negación da súa existencia como axente. *Faro de Vigo* cae con frecuencia neste estereotipo, pois apenas en catro informacións se amosa unha posición activa das mulleres no relato que se fai dos feitos. Sitúase ás mulleres no resto dos casos (o 92%) só como receptoras da agresión, o que ha de ser claramente evitado.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	4	8
NON	46	92
	50	100

11.6. Aparición de linguaxe sexista

Na información *Detenido por intentar raptar a un menor en el pueblo donde desapareció Yeremy*, publicada o 1 de setembro, escóndese baixo o uso do masculino no titular o xénero real da vítima, unha rapaza. Porén, tamén podería tratarse neste caso dunha gralla, xa que nalgúns xornais non é a mesma persoa a que redacta a información e a que a titula. Máis común por xeralizado na sociedade, aínda que non por iso menos grave, é o caso do xenérico masculino plural, cuxo uso está completamente xeralizado no *Faro de Vigo*.

EL PROGRESO


Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO


Nas pezas analizadas no diario *El Progreso* observamos unha utilización moi reducida de termos semellantes a “violencia de xénero”. Apenas en seis das trinta e cinco informacións analizadas (o 17,14%) aparecen termos que poidamos encadrar nesta categoría. Tampouco se detecta predominancia de ningún deles (“violencia doméstica” aparece dúas veces, fronte a unha aparición de “violencia de xénero”, “violencia sexista”, “violencia contra as mulleres” e “violencia sexual”).

Por outra banda, das seis pezas informativas nas que se inclúen categorías que definen a problemática da violencia de xénero, cinco poden adscribirse no que denominamos “violencia doméstica e no ámbito da parella”. Bótase en falta, por parte do medio, unha concepción de violencia de xénero que visibilice, de xeito efectivo, todas as súas manifestacións. Só nunha ocasión se fai referencia a un termo como “violencia sexual”, e está posto en boca da representante do movemento asociativo ao que se cita, non do autor ou autora da información.

Por último, a aparición deste abano de conceptos non está acompañada de ningún tipo de definición nin explicación, polo que non repercute nunha mellor contextualización da problemática da violencia de xénero, xa que o termo se utiliza sen ningunha acotación clara do seu significado.



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	6	17,14%
NON	29	82,86%
	35	100%




CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
VIOLENCIA DOMÉSTICA	2	40%
VIOLENCIA FAMILIAR	0	0%
VIOLENCIA DE XÉNERO	1	20%
VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	1	20%
VIOLENCIA SEXISTA	1	20%
VIOLENCIA MASCULINA	0	0%
OUTRAS	1	20%
	6	100%

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN

Tal e como acontece noutros medios, existe en *El Progreso* un amplo predominio das novas referidas á violencia que se produce no ámbito da parella. Case unha de cada dúas informacións analizadas neste xornal están incluídas nesta categoría, en concreto o 48,57% (17 pezas). Xunto co segundo grupo máis representado, o das agresións e abusos sexuais, con nove pezas, ocupa máis das tres cuartas partes da información sobre violencia de xénero.

A presenza doutras manifestacións de violencia de xénero, polo tanto, fica reducida a un valor practicamente testemuñal. Mostra disto é que a prostitución e a violencia específica contra as nenas só merecen tres informacións cada unha e que en ningún caso se fai referencia ao acoso laboral.

Semella que o maior acceso aos xulgados da violencia de xénero relacionada co ámbito da parella e coas agresións sexuais (maioritarias en *El Progreso*) condicionan o incremento na visibilización desta cara da violencia nun xornal no que, como veremos, existe unha dependencia case total das crónicas xudiciais. Esta redución das pezas informativas sobre violencia de xénero unicamente aos casos máis xudicializados impide unha verdadeira profundización que poida chegar ás raíces do problema.



VIOLENCIA DE XÉNERO - TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	9	25,71%
Acoso laboral	0	0%
Violencia no ámbito da parella	17	48,57%
Prostitución	3	8,57%
Violencia contra as nenas	3	8,57%
Outras	6	17,14%
	35	100,00%

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS		
SI	1	2,86
NON	34	97,14
	35	100

Só nunha das trinta e cinco pezas analizadas no diario *El Progreso* (o que representa un 2,86%) se recolle unha identificación explícita da violencia de xénero como unha violación dos dereitos humanos e individuais das persoas –*El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*, publicada o 21 de setembro–. Cómpre aclarar que esta identificación vai incluída na declaración institucional que se reproduce na información, e polo tanto non é da autoría directa do ou da xornalista.

É preciso que, de cara a conseguir unha condena global da violencia de xénero como calquera outra violación dos dereitos da persoa, os medios realicen un esforzo por incluír na redacción das informacións unha condena explícita deste fenómeno como violación dos dereitos humanos, algo que como vemos aínda está lonxe de ser cumprido por *El Progreso*.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA



POSICIONAMENTO CARA A VIOLENCIA DE XÉNERO		
XUSTIFICADOR	3	8,57
NEUTRO	15	42,86
CONDENATORIO	17	48,57
	35	100,00


O enfoque maioritario das informacións é o condenatorio, presente nun total de dezasete pezas (o 48,57%), que sumadas ás que teñen un enfoque neutro (quinze pezas, o 42,86%) cobren a práctica totalidade das pezas analizadas. Na meirande parte das informacións que consideramos “condenatorias”, prodúcese unha condena implícita cara ao agresor, presunto ou condenado, como responsábel duns feitos que ademais son presentados como detestábeis (a prevalencia da información de xulgados en *El Progreso* ten moito a ver nunha información na que, moitas veces mesmo previamente á sentenza, se condena mediaticamente ao acusado).

Porén, é extremadamente preocupante o simple feito de que aparezan tres novas nas que o posicionamento cara á violencia de xénero é, dun ou doutro xeito, xustificador. Se ben nun destes casos, a xustificación vén do propio feito noticioso, no que un xuíz absolve un maltratador por estar ebrio, nos outros dous é a propia redacción

da autora ou autor a que provoca a xustificación, ben sexa por dar a voz principal ao suposto agresor, ben por sublimar supostas “circunstancias xustificadoras”. Ambas as dúas prácticas han de ser eliminadas dun tratamento xornalístico responsábel da violencia de xénero, de cara a evitar a súa xustificación e perpetuación.

5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN


5.1. Presenza en portada



PRESENZA EN PORTADA		
SI	7	20
NON	28	80
	35	100,00

Sete das noticias sobre violencia de xénero aparecidas en *El Progreso* durante o mes de setembro obtiveron un espazo na portada do xornal, o que supón un quinto do total. En seis dos sete casos, é a proximidade xeográfica o factor que determina o destaque da nova en primeira páxina, xa que se trata de informacións producidas dentro da cidade ou da provincia de Lugo. Unicamente unha destas informacións ten lugar noutro ámbito xeográfico –*Detenido por abusar de la hija de su pareja y difundirlo vía internet*, publicada o 2 de setembro–. Neste caso, é posíbel que sexa o carácter morboso desta peza o que motive a súa inclusión en portada.

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información




SECCIÓN		
Comunicación	0	0
Cultura	1	2,86
Deportes	0	0
Economía	0	0
Especiais	0	0
Estatal	14	40
Galicia	3	8,57
Internacional	0	0
Local	16	45,71
Sociedade	1	2,86
Sucesos	0	0
Suplementos	0	0
Outros	0	0
	35	100,00

En relación coa importancia dada á proximidade xeográfica á que nos referiamos anteriormente, a maior parte das informacións sobre violencia de xénero en *El Progreso* son publicadas nas seccións locais, tanto a referida á cidade de Lugo como as centradas nas outras localidades da provincia. Dezaseis das trinta e cinco informacións analizadas, o 45,71%, están incluídas nestas seccións. De seguido, é a sección de información estatal a segunda que recibe o maior peso deste tipo de pezas, con catorce (o 40% do total). Tendo en conta que a presenza nas outras seccións ten un papel meramente testemuñal, con tres pezas na sección de Galicia e só unha nas seccións de Cultura ou

Sociedade, podemos concluír que existe unha clara distribución xeográfica da información. Destaca, porén, o escaso protagonismo da sección Galicia na introdución de información sobre violencia de xénero en comparanza co peso das seccións referidas aos ámbitos local e estatal.

5.3. Espazo ou duración




ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	19	54,29
De 11 a 25	10	28,57
De 26 a 50	4	11,43
Toda a páxina	2	5,71
Máis dunha páxina	0	0
	35	100,00

Detectamos en *El Progreso* unha profusión de novas inversamente proporcional ao espazo en módulos ocupado por estas. Se máis da metade das pezas analizadas (en concreto 19, o 54,29%) corresponden a informacións de menos de dez módulos, este número redúcese a dez nas informacións que ocupan un tamaño comprendido entre 11 e 25 módulos, a catro nas de 26 a 25, e a dúas naquelas publicadas a toda páxina.

Esta utilización recorrente dos formatos máis reducidos para informar sobre a violencia de xénero redunda nun tratamento excesivamente sintético, parco en datos, limitado canto a contextualización e análise, e incide na abordaxe desta problemática social como unha mera relación de sucesos.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	13	37,14
NON	22	62,86
	35	100,00

Unha gran parte das informacións analizadas en *El Progreso* (trece pezas, o 37,14% do total) van acompañadas dunha imaxe ilustrativa. A utilización de fotografía para acompañar o texto é, pois, un recurso frecuente no xornal, empregado ademais en informacións de todos os tamaños, agás naquelas máis reducidas (aquelas de menos de 25 módulos e, nos máis dos casos, de menos de 10).

TIPO DE ILUSTRACIÓN		
Fotografía / Retrato	13	100
Infografía	0	0
Mapa gráfico	0	0
	13	100,00

Canto ao tipo de ilustración utilizada polo xornal, todas as que acompañan as pezas informativas son fotografías. Non se inclúen en ningún caso infografías ou mapas gráficos. Isto reflicte un desaproveitamento das posibilidades que abre o uso de computadores, que permiten aproveitar o grafismo para presentar de maneira rápida e visual relacións de datos, e completar a comprensión da información a través dos mesmos. Un aspecto que redunda, unha vez máis, na ausencia de capacidade de análise na abordaxe da información. Prefírese o impacto que ocasiona a fotografía á lectura máis repousada que propician infográficos e mapas gráficos.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Existen cando menos seis informacións entre as analizadas nas que se produce un uso do morbo e o sensacionalismo que cremos importante salientar, o 17,14% do total. En cinco delas pezas o sensacionalismo vén provocado pola profusión de detalles, ben sexa referentes a datos da vida privada de vítimas ou dos agresores, ben relativos a descrições pormenorizadas sobre os danos ou as lesións das vítimas (referímonos a descrições do tipo “la cara de la víctima estaba comida por los roedores”, que aparece na peza titulada *Ingresa en prisión el sospechoso de asesinar a una prostituta en Sober*, de 26 de setembro. Noutro dos casos, unha peza referida á liberación do coñecido como “violador de Vall d’Hebron”, recórdase o acontecido cun caso anterior referido tamén a un violador reincidente, para aumentar o temor na poboación.


6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

No caso das imaxes, detectamos en dúas delas un uso sensacionalista de elementos que poidan provocar unha implicación sentimental dos lectores e lectoras fronte á información. No primeiro, na información *Desmantelado un edificio en la Rúa Tui dedicado en exclusiva a la prostitución*, publicada o primeiro de setembro, ilústrase o feito cunha fotografía da familia no Brasil que sostén unha das detidas por prostitución. No segundo, na noticia *Un sobrino sospechoso de matar a una chica de*

alterne se accidenta en Forcarei, publicada o 20 do mesmo mes, é o precinto que a policía colocou arredor da casa o principal elemento da fotografía, nun encadre que busca unha clara intención sensacionalista.

7. DEREITO Á INTIMIDADE


7.1. Identificación do agresor



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	7	20
NON	28	80
	35	100

En sete pezas prodúcese unha identificación efectiva do agresor (é dicir, con nome e apelidos), o que representa un quinto do total. Todas estas informacións están centradas só en dous agresores distintos. Un deles foi xa condenado pola xusticia, o chamado “violador de la Vall d’Hebron”. O outro, o suposto asasino dunha muller en Sober, é identificado con abondosos detalles malia non haber unha sentenza en firme nin un xuízo próximo.

IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0
Clase baixa	1	2,86
Clase media	0	0
Non aparece	34	97,14
	35	100,00




A identificación social do agresor é evitada en practicamente todos os casos no diario *El Progreso*. Só acontece nunha ocasión, na que o agresor é adscrito á clase social con menos recursos económicos. É un caso preocupante porque se utiliza esta identificación como elemento co que se dá “cor” á información e, ao mesmo tempo, unha ambientación, case que propia dunha novela realista do XIX, na que se acocha unha especie de xustificación implícita do agresor.

Nas 26 pezas nas que podería ser aplicábel unha identificación social do agresor, esta é esquivada. Non obstante, cómpre matizar estes datos, xa que, en catro informacións relacionadas co caso do médico acusado de abusos, aínda que non se produce unha clara identificación clasista, é obvio que o seu posto de traballo imposibilita a súa adscripción dentro da clase baixa. Aínda así, entendemos que non existe nestas información ningún intento de relacionar a aparición dos abusos cunha certa clase social, senón apenas unha certa identificación de clase de maneira transversal.

7.2. Identificación da vítima

Existen vinte e nove pezas subceptíbeis de caer nunha identificación da vítima. Esta identificación evítase en 24. Porén, en 11 casos segue a producirse unha identificación das mulleres agredidas, co que isto conleva de violación da súa intimidade, ben sexa pola publicación de datos significativos que poidan levar á súa

identificación, ben por medio dunha identificación directa. Especialmente grave é este último caso, que se produce en catro ocasións. Tres destas informacións son referidas ao crime de Sober, onde se dan datos exhaustivos da vítima e da súa familia, nunha violación clara da intimidade desas persoas. O cuarto caso refírese a unha antiga vítima de violación, onde non se produce unha vulneración do dereito á intimidade ao ser ela mesma quen se presenta para declarar.



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	7	20
Directa	4	11,43
Imaxe	0	0
Evítase	24	68,57
	35	100,00

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS.

8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información

Como se pode observar no gráfico, existe na información sobre violencia de xénero de *El Progreso* unha gran dependencia da crónica xudicial, que representa o 60 por cento do total de informacións publicadas. Este predominio da crónica xudicial prodúcese en gran medida nas seccións locais, cunha presenza moi ampla da información producida nos xulgados da zona. En calquera caso, tamén é repetida noutras seccións do xornal e, sumada ás pezas informativas provintes da crónica negra,

representa 82,6% do total. Con vistas a desenvolver unha produción informativa que poida oporse á violencia de xénero, cómpre realizar un tratamento desta que rache co monopolio informativo destes enfoques.




PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	8	22,86
Crónica xudicial	21	60
Cultural	1	2,86
Económica	0	0
Humana	0	0
Legal	1	2,86
Política	1	2,86
Social	3	8,57
Científica	0	0
Outras	0	0
	35	100,00

8.2. Xénero utilizado

De igual modo que no enfoque da información, existe tamén en *El Progreso* un predominio claro do xénero da noticia. Apenas catro das trinta e cinco informacións analizadas responden a outro tipo de xéneros, representando o breve tres casos (8,57% do total) e a crónica un só caso (o 2,85% do total). Esta dependencia dun único xénero

dificulta a formulación de análises arredor do feito, pois a noticia é un xénero que adoita ficar unicamente na enunciación do feito informativo.




XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0
Breve	3	8,57
Crónica	1	2,85
Entrevista directa	0	0
Entrevista indirecta	0	0
Información de servizos	0	0
Noticia	31	88,57
Outros	0	0
Publiirreportaxe	0	0
Reportaxe	0	0
	35	100,00

8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema


A inmensa maioría das informacións producidas están orientadas ao acontecemento, clara consecuencia da presenza maioritaria do xénero da noticia, así como das tendencias do xornalismo moderno cara á unha primacía case absoluta do

feito inmediato. Pola contra, só catro das pezas analizadas (que representan un 11,43 por cento do total) están orientadas ao tema, precisamente o enfoque que permitiría a abordaxe a fondo das circunstancias (contexto, causas e consecuencias) que rodean ao feito, ausente na maior parte dos casos das informacións analizadas.



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Ao acontecemento	31	88,57
Ao tema	4	11,43
	35	100,00

8.4. Sinatura




SINATURA		
Axencias	16	45,71
Redacción ou similar	4	11,43
Sen asinar	3	8,57
Sinatura do/a autor/a	12	34,29
	35	100,00

Ao contrario do que acontece noutros xornais, existe un amplo número de pezas informativas rubricadas co nome do autor ou autora (doce casos, o 34,29% do total), o que implica unha aceptación da responsabilidade que exerce quen se encarga da redacción. Así, danse poucos exemplos de sinaturas colectivas do tipo “Redacción” (catro casos, o 11,43%) e aínda menos de informacións sen asinar (tres pezas, breves en todos os casos, o 8,57% do total).

Cómpre salientar o feito de que, do total de doce informacións con sinatura persoal, once delas corresponden á mesma redactora, Miriam Quiroga, que asina co seu nome ou coas súas iniciais, o que resulta positivo canto que o feito de que sexa unha mesma persoa a que aborde un tema posibilita que vaia adquirindo unha certa especialización sobre o mesmo.


8.5. Análise das causas, antecedentes e consecuencias



ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	2	5,41
NON	33	94,59
	35	100,00


A análise das causas últimas polas que se produce a violencia de xénero está ausente da inmensa maioría das informacións de *El Progreso*. Apenas se realiza en dúas pezas, ambas referidas á prostitución. Nunha delas –*Las prostitutas padecen un estrés superior al de los ex combatientes*, publicada o 30 de setembro–, a análise realízase a

investigadora que é protagonista da noticia (que intervén nunha conferencia, recollida nunha información orientada ao tema). Non obstante, no outro caso –*Desmantelado un edificio en la Rúa Tui dedicado en exclusiva a la prostitución*, do 1 de setembro–, a análise das causas vén da man do propio traballo da xornalista, a devandita Miriam Quiroga. Casos como este último teñen que ser máis habituais nos medios de cara a visibilizar as verdadeiras causas da violencia de xénero.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	9	25,71
NON	26	74,29
	35	100,00


En nove das informacións analizadas (pouco máis dun cuarto do total) faise referencia á existencia de episodios previos de violencia ou antecedentes da mesma. Estas referencias repártense, de maneira case igualitaria, entre as que falan da existencia de antecedentes graves de violencia, as que destacan a ausencia destes ou as que explicitan cuestións como a existencia de discusións previas. Os datos recollidos amosan unha escasa sistematización do medio á hora de analizar os antecedentes.



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	3	8,57
NON	32	91,43
	35	100

Só tres pezas realizan unha análise das consecuencias máis alá dos feitos que producen a propia aparición da información. Esta situación agrávase aínda máis se temos en conta que, destas tres pezas, a análise dunha delas –*Piden cárcel para un policía jubilado por exhibicionismo*, do 21 de setembro– vai referida ás consecuencias para o presunto agresor, e só as outras dúas ás repercusións para as vítimas. Cómpre insistir na falta de análise das consecuencias como loita contra o esquecemento dos casos de violencia de xénero.

8.6. Seguimento dos casos de violencia de xénero



SEGUIMIENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	2	5,71
NON	33	94,29
	35	100,00

O seguimento dos casos de violencia de xénero atópase tamén en situación precaria na información sobre violencia de xénero do xornal *El Progreso*. Unicamente en dúas informacións se abordan con continuidade as informacións, ambas referidas ao mesmo caso xudicial, o protagonizado polo coñecido como “violador de la Vall


d'Hebron", que volve saltar á primeira plana informativa dada a conmoción social que ocasionou en todo o estado a súa saída en liberdade no mes de setembro. Porén, é preciso, de cara a un axeitado tratamento informativo da violencia de xénero, que este seguimento se faga extensivo a máis casos, alén dos que xeren un impacto tan xeralizado.

9. RELACIÓN COAS FONTES


9.1. Número total de fontes

Detéctase unha escasa variedade de fontes por información nas pezas que foron obxecto de análise. A inmensa maioría, 29 pezas, non dispoñen de máis dunha fonte informativa, co que isto significa de perda de pluralidade. Por outra parte, o resto contan unicamente con dúas fontes, coa excepción da información *Un soberino sospechoso de matar a una chica de alterne se accidenta en Forcarei*, do 20 de setembro, na que aparecen catro fontes informativas distintas. A reducida variedade de fontes pode levar a unha dependencia dalgunha destas, así como a unha escasa profundización na análise da violencia de xénero, polo que se trata dun elemento que cómpre mellorar no medio que estamos a estudar.

9.2. Fontes oficiais



PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	28	80
NON	7	20
	35	100




PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	0	0
Fontes policiais	13	46,43
Fontes xudiciais	11	39,29
Goberno autonómico	1	3,57
Goberno estatal	2	7,14
Goberno local	0	0
Outras	1	3,57
	28	100,00

Nos contidos de *El Progreso* prodúcese un predominio das fontes oficiais, que son abordadas en 28 pezas das analizadas, o 80% do total. Esta circunstancia, combinada coa falta de contraste e inserción plural de fontes, repercute nunha gran dependencia da información oficial. Por outra banda, o reparto destas reflicte a dependencia dos enfoques de crónica negra e de xulgado, dado que as fontes policiais e xudiciais, en conxunto, representan máis dun 85% do total (46,43 e 39,29%, respectivamente). A presenza de fontes políticas ou outras (neste caso, fontes penitenciarias) é pouco máis que testemuñal (están presentes só en dúas pezas).


9.3. Fontes expertas

Contrasta coa profusión de fontes oficiais a falta de fontes expertas nas pezas analizadas. Este tipo de fontes, que son as que mellor poden contextualizar e explicar a

problemática subxacente á violencia de xénero, só aparecen en dúas das informacións obxecto de análise en *El Progreso*, un 5,71% do total. Destas dúas informacións, só nunha –*El 'violador del Vall d'Hebrón' consigue la libertad definitiva, do 22 de setembro*– se observa unha iniciativa clara da ou do xornalista na procura dunha fonte experta para alén das súas fontes habituais, xa que na outra peza –*Las prostitutas padecen un estrés superior al de los ex combatientes, do 30*– a ou o autor da información limítase á cobertura dunha conferencia na que é a propia fonte experta a protagonista, sen acudir a ela para contextualizar ningún feito noticioso independente. É en extremo importante que as e os xornalistas encargados de cubrir este tipo de información adquiran un maior interese e responsabilidade para acudir ás fontes expertas na procura dunha mellora da abordaxe informativa desta problemática.




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	2	5,71
NON	33	94,29
	35	100



PROCEDENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	1	50
Ámbito educativo	0	0
Ámbito sanitario	0	0
Ámbito dos medios	0	0
Ámbito psicológico	1	50
Ámbito sociolóxico	0	0
Outros ámbitos	0	0
	2	100,00

9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	2	5,71
NON	33	94,29
	35	100


Ao igual que acontecía coas fontes expertas, moi poucas das informacións publicadas por *El Progreso* teñen en conta ao movemento asociativo de mulleres. En concreto, a busca de fontes nas organizacións só acontece en dúas pezas (un 5,71% do total). Esta escaseza está relacionada máis unha vez coa superficialidade do tratamento informativo da violencia de xénero. Tamén reflicte unha preocupante falta de

comunicación entre as asociacións de mulleres e os medios. En calquera caso, é preciso potenciar e mellorar esta relación comunicativa entre organizacións e xornalistas.

9.5. Fontes testemuñais



PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	9	25,71
NON	26	74,29
	35	100



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	2	22,22
Agredidas	2	22,22
Familiares e persoas amigas	2	22,22
Veciñanza	2	22,22
Outras fontes testemuñais	1	11,11
	9	100,00


O tratamento xeralizado da violencia de xénero en *El Progreso* dende unha perspectiva de sucesos (crónica negra ou xudicial) redunda nunha presenza maior de fontes testemuñais que de voces procedentes de ámbitos expertos ou do movemento asociativo. Introdúcense fontes testemuñais nun total de nove informacións, o que representa pouco máis dunha de cada catro. Agresor e agredida teñen o mesmo peso como fontes testemuñais (aparecen en dúas informacións cada unha delas). Tamén noutras dúas ocasións se acode á veciñanza ou a familiares e persoas amigas como fonte.

9.6. Outras fontes

PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	0	0
NON	35	100
	35	100

Non existe, nas informacións analizadas en *El Progreso*, ningunha fonte informativa que non poida ser incluída nos apartados anteriores.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO




INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	3	8,57
NON	32	91,43
	35	100

Como puidemos observar noutros dos medios analizados, existe un incumprimento continuado das recomendacións da Declaración de Compostela no referente á inclusión de información útil e de servizo para as mulleres que sofren violencia de xénero. Só en tres casos (un 8,57 do total) aparece algunha información que se poida incluír dentro desta categoría. En dous deles –*El Ejecutivo crea 18 juzgados más de violencia sobre la mujer*, do 1 de setembro, e *Justicia estudia crear un órgano para vigilar a agresores sexuales*, publicada o 27 de setembro–, as propias informacións fan referencia á creación de novas sedes ou organismos nas que é o propio cerne da noticia o que xa implica información que poderíamos denominar de servizos. No terceiro caso, malia o seu título –*Los menores cometen el 38% de las agresiones sexuales*– fálase da publicación dunha guía orientada a previr as agresións sexuais a raparigas novas, polo que algúns dos consellos presentes nesta inclúense tamén na información. Non existe, pois, ningunha peza informativa na que se recorra á información de servizos como complemento ou contextualización doutro tipo de información

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS


11.1. Identificación da violencia como un feito pasional



IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PASIONAL		
SI	2	5,71
NON	33	94,29
	35	100

En *El Progreso* evítase polo xeral a identificación da violencia como un feito pasional. Aínda así, detectamos dúas pezas que poden ser clasificadas nesta categoría, o que representa un 5,71% do total analizado. Nestas informacións, contextualízase o caso de agresión facendo referencia a discusións ou pelexas anteriores da parella, co que, por defecto, a ou xornalista está a identificar o sucedido como feito pasional e, deste xeito, a xustificar a propia violencia.

11.2. Culpabilización da vítima




CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	3	8,57
NON	32	91,43
	35	100

Igualmente preocupante é a presenza de informacións nas que se produce unha culpabilización da vítima, mesmo se, como no caso que nos ocupa, só están representadas por tres pezas informativas (un 8,57% do total). Nun dos casos – *Desmantelado un edificio en la Rúa Tui dedicado en exclusiva a la prostitución*, do 1 de setembro– o propio feito de que as mulleres que realizaban a prostitución sexan detidas, preséntaas dalgún xeito como “culpábeis” perante os ollos do público da información. Como podemos ver neste estudo, son moi escasas as informacións sobre prostitución non só en *El Progreso* senón na práctica totalidade dos medios galegos. O feito de que, de xeito habitual, gran parte das novas sobre prostitución fagan referencia a detencións pode provocar no público lector unha percepción errónea desta realidade, e facer que se entenda erroneamente por parte das e dos receptores que o exercizo da prostitución está

penado, cando non é así, e a maioría das detencións a mulleres que exercen a prostitución débese ao feito de que sexan inmigrantes e non contan cos papeis preceptivos. Porén, nos outros dous casos –*Un médico acusado de abusos dice que fue un malentendido*, do 19 de setembro e *Piden cárcel para un policía jubilado por exhibicionismo*, do día 21– toda a responsabilidade é estritamente da autora ou o autor da información, xa que se dá un maior ou exclusivo protagonismo ás declaracións do presunto agresor (no caso do médico, cómpre dicir que a resposta do acusado entra na axenda do *El Progreso* mais, pese ao que poida apuntar o titular, a acusación previa non deu entrada, co que isto reflicte de desigualdade no trato informativo).


11.3. Xustificación do agresor



XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	7	20
NON	28	80
	35	100

A xustificación do agresor ten lugar no 20% das informacións estudadas. En xeral, nestas pezas prodúcese unha xustificación máis velada que explícita da agresión, ben pola aparición de circunstancias que se presentan como xustificadoras con máis ou menos forza (alcohol ou problemas mentais), ben pola presentación do acto de violencia de xénero como un feito pasional (*vid. supra*). Por mínima que sexa a xustificación, trátase dunha práctica que ten que ser erradicada dos xornais no que se refire á abordaxe informativa da violencia de xénero.

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras




APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
ALCOHOL E OUTRAS DROGAS	2	5,71
PROBLEMAS MENTAIS	2	5,71
INFLUENCIA DO AMBIENTE	0	0
CIUMES	0	0
OUTRAS	0	0
NON APARECEN	31	88,57
	35	100

En vinte e seis informacións que poderían ser susceptibles de conter circunstancias presentadas como xustificadoras do acto de violencia, só se fai referencia ás mesmas en catro, polo que podemos concluír que existe un intento por evitar que estas aparezan. Non obstante, vemos con preocupación a presenza significativa de dúas destas circunstancias: o alcohol, que está presente en dúas das informacións analizadas, e os problemas mentais, que aparecen noutras dúas pezas.

11.5. Presenza de axencia feminina

As informacións sobre violencia de xénero publicadas en *El Progreso* adoecen dunha perpetuación da imaxe da muller como elemento pasivo. Apenas en nove casos, que representan o 25,71% do total analizado, as mulleres son representadas como axentes activos. Esta falta de axencia feminina na información, lonxe de ser un problema menor, dificulta en moitos casos a emancipación como suxeitos axentes das mulleres, o que serve de caldo de cultivo para a aparición da violencia de xénero.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	9	25,71
NON	26	74,29
	35	100


11.6. Aparición de linguaxe sexista

En tres casos podemos observar en *El Progreso* un uso inadecuado da linguaxe, que reforza a dominación simbólica das mulleres. En dous deles, a reprodución das palabras literais do agresor provoca a aparición de termos como “filla de puta” que certamente non deberan ter cabida nunha información nin como cita literal. Na outra, sen ser estritamente un caso de linguaxe sexista, preocúpanos a denominación da vítima como “chica de alterne”, o que consideramos mostra do tratamento frívolo co que os medios ocultan a grave situación de boa parte das mulleres que exercen a prostitución. A parte destes casos, é xeral neste diario o uso do masculino xenérico, o que denota un considerábel androcentrismo lingüístico.

LA OPINIÓN

Setembro de 2007

1. PRESENZA E EXPLICACIÓN DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO



PRESENZA DO CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU OUTROS AFÍNS		
SI	5	15,15%
NON	28	84,85%
	33	100%

O estudo do tratamento específico que a problemática da violencia de xénero recibe no xornal *La Opinión* realizouse sobre un corpus de trinta e tres informacións que foron recollidas entre os días 1 e 30 de setembro de 2007.


Das trinta e tres novas analizadas, só un total de cinco empregan o termo ‘violencia de xénero’ ou os afíns existentes para se referir á realidade específica da violencia contra as mulleres. Consecuentemente, o concepto “violencia de xénero” está presente de maneira implícita nun 84,85% de textos nos que sin embargo se elude definir a realidade da que se está a informar ao prescindir das etiquetas que lle dan nome. Óbvias así a recomendación do apartado 1 da Declaración de Compostela, que subliña a necesidade de explicar o conflito como realidade que ten a súa base no modelo patriarcal de sociedade, no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino. Xa que logo, queda por ver se se ofrece ou non a información contextual pertinente que axude a paliar esta falla.



CONCEPTO EXACTO QUE APARECE		
Violencia doméstica	3	60%
Violencia familiar	0	0%
Violencia de xénero	2	40%
Violencia contra as mulleres	0	0%
Violencia sexista	0	0%
Violencia masculina	0	0%
Outras	0	0%
	5	100%

Das cinco ocasións nas que si se fai mención explícita dos termos, só se emprega a fórmula ‘violencia de xénero’ dúas veces (40%) fronte ás tres ocorrencias coas que conta o afín pero non equivalente ‘violencia doméstica’. Ningunha das dúas etiquetas aparece como antetítulo das novas, sendo ese o lugar onde outros medios acostuman xustificar un tratamento da violencia contra as mulleres que despois non atopa desenvolvemento real no corpo da noticia. Malia a todo, apréciase en *La Opinión* unha vontade de rigor informativo e tratamento serio da información que pode que explique en parte as reservas do medio á hora de evidenciar que é e que non é violencia de xénero, quizáis debido ao afán de non caer no amarelismo. De todos os xeitos, considérase que esta falta de concreción contribúe á invisibilización mediática do problema.

2. TIPO DE VIOLENCIA Á QUE FAI REFERENCIA A INFORMACIÓN.



VIOLENCIA DE XÉNERO. TIPOLOXÍA		
Abusos e agresións sexuais	6	18,18%
Acoso laboral	0	0%
Prostitución	2	6,06%
Violencia contra as nenas	4	12,12%
Violencia doméstica e no ámbito da parella	18	54,55%
Outras	3	9,09%
	33	100%


O xornal centra a súa atención nos casos de violencia de xénero que se producen no entorno privado das relacións sentimentais, cuxo tratamento é o tema do 54,55% das informacións, superando con moito o 18,18% das novas que refiren casos de agresións sexuais ou o 12,12% das que teñen que ver con violencia exercida contra as nenas. É testemuñal (aínda que alentadora) a inclusión de dúas informacións sobre violencia de xénero contra mulleres que exercen a prostitución, colectivo especialmente vulnerable debido á súa invisibilidade social.

A maior frecuencia de uso da etiqueta ‘violencia doméstica’ aventura unha identificación carente de matices da devandita tipoloxía coa de ‘violencia de xénero’, que non só refire as agresións que se producen no seo da parella, senón que abrangue o amplo abano formal no que se manifesta a violencia que se exerce especificamente contra as mulleres.

3. IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO COMO VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E ATENTADO CONTRA A LIBERDADE E DIGNIDADE DAS PERSOAS

En contra do que recomenda o apartado 3 da Declaración de Compostela, o diario *La Opinión* elude enfocar informativamente a violencia de xénero como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas no 100% das novas recollidas e analizadas.

4. COMPROMISO DA/O XORNALISTA



POSICIONAMENTO CARA Á VIOLENCIA DE XÉNERO		
Xustificador	0	0%
Neutro	27	81,81%
Condenatorio	6	18,18%
	33	100%

A neutralidade na descrición dos actos de violencia (81,81%) é a actitude predominante dos autores das informacións analizadas. Só en seis casos (18,18%) se

albisca un posicionamento condenatorio. Como é tendencia nos medios escritos, isto entronca coa maneira meramente fáctica de concebir agresións desta natureza, sen ter en conta que poden e deben ser entendidas como unha violación dos dereitos humanos, como xa quedou reflectado no punto anterior. Tal e como o expresa o apartado 4 da Declaración de Compostela, fronte a este tipo de agresións non cabe a neutralidade e medios e xornalistas deben adoptar un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

As seis informacións nas que o/a xornalista deixa entrever de maneira máis ou menos manifesta unha postura de tipo condenatorio –*Un juez obliga a una maltratada a irse del domicilio familiar*, do 6 de setembro; *Un hombre rapta a su hijo en un centro para parejas separadas*, do 7 de setembro; *La policía sospecha que el violador del chándal abusó de más mujeres*, do 8 de setembro; *Ingresa en el hospital una mujer a la que su pareja roció con ácido*, do 16; *La audiencia absuelve a un acusado de intentar una agresión sexual*, do 22; *El violador de Vall d’Hebron sale de la cárcel sin rehabilitarse*, do 23- elabóranse rigorosamente dende a intención informativa de denunciar os actos agresores. Nalgúns casos, isto pode constatare dende o mesmo titular, cando a sintaxe e a selección de termos focalizan os elementos que funcionan como marca do posicionamento de condena (como exemplos, obsérvese o uso da preposición *sin* na nova do día 23, a forma verbal *obliga* –que non ‘dictamina’ ou ‘decide’- como acción do xuíz –a autoridade- na do día 6, ou o enunciado completo da información do día 22, que contrasta fortemente cos titulares ambiguos que a mesma nova recibiu noutros medios – *Un año de cárcel por golpear a su vecina y amenazar con violarla*, aparecida en *El Ideal Gallego*).


5. EMPRAZAMENTO E RELEVANCIA DA INFORMACIÓN

5.1. Presenza en portada

A presenza de chamadas na portada é practicamente inexistente. Só dúas das trinta e tres novas analizadas contan con referencia na primeira páxina do xornal mentres que o 93,94% aparecen só en páxinas interiores.


A primeira das noticias - *La policía sospecha que el violador del chándal abusó de más mujeres*, do 8 de setembro - recupera para a escena mediática un caso de impacto, o do violador de Vall d'Hebron, tristemente coñecido tamén como “el violador del chándal”. A polémica aberta a raíz da súa excarcelación sobre a posibilidade legal da reinserción social de presos non rehabilitados marca informativamente o mes en materia de violencia de xénero, polo que non sorprende a presenza en portada dunha das novas que constrúen o seguimento que *La Opinión* fai da mesma.

Non obstante, de atérmonos á importancia que se lle dá ao emprazamento da noticia na superficie redaccional do xornal, si sorprende a presenza na mesma da nova que ten por titular *Un vecino de Cee muere apuñalado por su compañera tras una discusión*, aparecida o día 15. É preocupante comprobar como un xornal que non acostuma definir nin explicar a problemática da violencia de xénero empraza na primeira páxina o asasinato dun home pola súa parella, unha muller, cando ningún outro día do mes, plagado de agresións de homes a mulleres, houbo lugar en portada para o asasinato dunha muller a mans do seu compañeiro. Por un lado estase a dar un recoñecemento implícito da existencia dunha realidade violenta que afecta especificamente á muller, pero faise en negativo, visibilizando o caso que marca a excepción á regra e relegando a un segundo plano aqueles que marcan o acontecer diario, que quedan automaticamente definidos como sucesos da crónica negra e non reciben o tratamento informativo que merecen como parte dun problema social xeneralizado.



PRESENZA EN PORTADA		
SI	2	6,06%
NON	31	93,94%
	33	100%

5.2. Sección ou bloque temático no que aparece a información.




SECCIÓN		
Comunicación	0	0%
Cultura	0	0%
Deportes	0	0%
Economía	0	0%
Especiais	0	0%
Estatal	0	0%
Galicia	0	0%
Internacional	0	0%
Local	4	12,12%
Sociedade	23	69,69%
Sucesos	4	12,12%
Suplementos	0	0%
Outros	2	6,06%
	33	100%

Ten moito que ver co exposto no punto inmediatamente anterior que a sección ou área maioritaria na que se ven emprazadas as informacións sobre violencia de xénero sexa a de Sociedade. Pese a que *La Opinión* conta cunha sección específica para as

informacións da crónica negra, onde aparecen catro (12,12%) das trinta e tres pezas – días 1, 3, 20 e 21 de setembro –, salvo excepcións, o resto das novas emprazadas no bloque de Sociedade (un amplo 69,69%) non reciben un tratamento distinto do que se lles dá ás directamente situadas na sección da crónica negra. Por conseguinte, os criterios de emprazamento parecen ser aleatorios e, o que é máis preocupante, cabe pensar que se produce o aproveitamento da casuística da violencia de xénero para encher ou completar a sección de Sucesos.

Por outra banda, das catro informacións que aparecen na área Local (12,12%) só dúas teñen que ver coa provincia de A Coruña (as outras dúas refiren o caso xa apuntado do violador de Vall d’Hebron), o que non fai máis que subliñar o carácter aleatorio do emprazamento no diario *La Opinión* das novas relacionadas coa violencia de xénero.


5.3. Espazo ou duración



ESPAZO EN MÓDULOS		
De 1 a 10	20	60,61%
De 11 a 25	10	30,30%
De 26 a 50	3	9,09%
Toda a páxina	0	0%
Máis dunha páxina	0	0%
	33	100%

Aínda que se rexistran informacións de ate vintecinco módulos (30,30%) e de entre vinteseis e cincuenta módulos (9,09%), o número de noticias de tamaño inferior a dez módulos representa o 60,61% do total. Xa que logo, enténdese que *La Opinión* prescinde de darlle carácter amarelista ás informacións sobre violencia de xénero, pero tamén que as destina a ocupar espazos reducidos propios da noticia con perspectiva de crónica negra, que é o xénero que predomina, o que non permite unha análise ampla e en profundidade da problemática ao estar suxeita aos imperativos que marca a distribución espacial de contidos.

5.4. Presenza de ilustración e tipo de ilustración.



PRESENZA DE ILUSTRACIÓN		
SI	8	24,24%
NON	25	75,76%
	33	100%

Oito das trinta e tres informacións recollidas e analizadas aparecen acompañadas dunha imaxe ilustrativa, o que representa o 24,24% do total de informacións.

As oito imaxes son fotografías. *La Opinión* desaproveita as posibilidades informativas doutro tipo de imaxes tales como a infografía ou o mapa gráfico.

6. RECURSO AO SENSACIONALISMO

6.1. Recurso ao morbo e o dramatismo no texto

Non hai nas informacións sobre violencia de xénero presentes en *La Opinión* un recurso significativo ao morbo e ao dramatismo agás en casos aillados que, iso si, revisten gravidade. O máis chamativo é o da nova que ten por titular *Un vecino de Cee muere apuñalado por su compañera tras una discusión*, do 15 de setembro: o/ a xornalista concédelle unha fiabilidade excesiva a fontes que non a teñen *a priori* como son os veciños e mesmo inclúe o alcume que lle dan á muller, “la loca”, co que a información predispón á condea inmediata da muller, que aínda dispón da presunción de inocencia.

Noutros dous casos, advírtese recurso ao morbo ben porque a información se centra en relatar como foi descuberto o feito e non nas súas implicacións e porque se destacan apartados diferenciados do corpo da noticia que aparecen encabezados coas etiquetas “Claves”, “Sorpresa”, “Confesión” ou “Pruebas”, ben porque se facilitan detalles da vida do presunto asasino, reaccións de compañeiros traballo ou declaracións da súa muller que en realidade son informativamente irrelevantes.

6.2. Recurso ao morbo e o dramatismo na imaxe

Detéctase un uso morboso da imaxe na nova que ten por titular *Encuentran el cuerpo de la niña suiza de cinco años desaparecida en julio*, do 1 de setembro, que está acompañada da imaxe da nena, sorrinte, o mes anterior a ser asasinada. O caso reviste especial gravidade por tratarse dunha menor de idade.


7. DEREITO Á INTIMIDADE

7.1. Identificación do agresor



O AGRESOR APARECE IDENTIFICADO		
SI	22	66,67%
NON	11	33,33%
	33	100%


O agresor aparece identificado parcial ou totalmente en vintedúas das trinta e tres informacións seleccionadas, o que supón un 66,7% do total. En dezaseis das pezas a identificación prodúcese a través de datos significativos que ben son as siglas de nome e apelidos ou ben o nome de pila seguido das iniciais dos apelidos. As outras seis informacións facilitan o nome completo do agresor, estando só xustificada a identificación en dúas por tratarse dun agresor xa xulgado pola xustiza, polo que o xornal non sempre respeta a presunción de inocencia dos agresores.



IDENTIFICACIÓN SOCIAL DO AGRESOR		
Clase alta	0	0%
Clase media	2	6,06%
Clase baixa	2	6,06%
Non aparece	29	87,87%
	33	100%

Aínda que non pode dicirse que haxa en *La Opinión* unha tendencia clara a reproducir esquemas clasistas en relación á violencia de xénero (así o demostran o 87,87% das informacións analizadas), rexístranse catro pezas nas que o agresor é identificado socialmente e sempre de maneira indirecta –mención da profesión-, en dúas (6,06%) á clase baixa e en dúas (6,06%) á media.

7.2. Identificación da vítima



IDENTIFICACIÓN DA VÍTIMA		
Datos significativos	5	15,15%
Directa	7	21,21%
Imaxe	0	0%
Evítase	21	63,64%
	33	100%

Como demostran as porcentaxes de identificación directa (nome completo), presente nun 7% das informacións, e de datos significativos (iniciais), presente nun 5%, o xornal identifica con excesiva frecuencia á vítima, vulnerando así a recomendación do artigo 7 da Declaración de Compostela, que sinala a obriga de respectar a intimidade da

vítima, e garantir o seu anonimato, absténdose de difundir datos que as poidan identificar. É especialmente significativo o caso dunha nena suíza asasinada da que se publica o seu rostro, pese a tratarse dunha menor de idade.

8. ENFOQUE TEMÁTICO, ANÁLISE DE CAUSAS E CONSECUENCIAS


8.1. Perspectiva desde a que se elabora a información



PERSPECTIVA DESDE A QUE SE ELABORA A INFORMACIÓN		
Crónica negra	18	54,55%
Crónica xudicial	2	6,06%
Cultural	0	0%
Económica	0	0%
Humana	0	0%
Política	0	0%
Social	13	39,39%
Legal	0	0%
Científica	0	0%
Outras	0	0%
	33	100%

Non se dá a transversalidade de perspectivas que é necesaria para a consecución dun tratamento en profundidade da realidade complexa da violencia de xénero. Focalizar maioritariamente a problemática social desde unha única perspectiva, como se deduce do 54,55% das informacións analizadas, que empregan a perspectiva da crónica negra, é sometela a un proceso de simplificación e de baleirado de sentido que contravén o apartado 8 da Declaración de Compostela, onde se recomenda a necesidade dun tratamento especializado da violencia contra as mulleres, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que esixe afrontar eses actos de violencia cunha perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).


6.2. Xénero utilizado



XÉNERO		
Artigo de opinión	0	0%
Breve	0	0%
Crónica	3	9,09%
Entrevista directa	0	0%
Entrevista indirecta	0	0%
Información de servizos	0	0%
Noticia	30	90,90%
Publiirreportaxe	0	0%
Reportaxe	0	0%
Outros	0	0%
	33	100%

A tipoloxía xenérica máis empregada polo diario *La Opinión* para o tratamento da violencia de xénero é a da noticia, que estrutura máis dun 90% das informacións. O uso reiterado deste xénero sen a combinación doutras tipoloxías redundan nunha falta de transversalidade, formal e de perspectivas, que provocan un tratamento reduccionista das dimensións reais do problema por parte do xornal.


8.3. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema



ORIENTACIÓN DA INFORMACIÓN		
Orientada ao acontecemento	31	93,94%
Orientada ao tema	2	6,06%
	33	100%

O 93,94% das informacións céntranse no relato dos feitos aillados, e só un 6,06% enmarca os feitos concretos no marco máis amplo da problemática xeral.


8.4. Sinatura



SINATURA		
Axencias	26	78,79%
Redacción ou similar	3	9,09%
Sen asinar	0	0%
Sinatura do/a autor/a	4	12,12%
	33	100%


Un amplo 78,79% das informacións aparecen asinadas por axencias mentres que a sinatura do redactor ou redactora da información só está presente no 12,12% das informacións, normalmente nos casos de maior impacto mediático.

8.5. Análise das causas, antecedentes e consecuencias




ANÁLISE DAS CAUSAS		
SI	3	9,09%
NON	30	90,91%
	33	100%

A análise das causas que provocan a violencia de xénero só está presente en tres das trinta e tres informacións rexistradas. Non aparece reflexión algunha sobre o contexto no que xorden os casos no 90,91% dos textos, porcentaxe excesiva que indica que o xornal *La Opinión* desoe sistematicamente as recomendacións do apartado 8 da Declaración de Compostela, no que se indica que para tratar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, é imprescindible unha abordaxe especializada dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias.



ANÁLISE DOS ANTECEDENTES		
SI	10	30,30%
NON	23	69,70%
	33	100%

A descrición dos antecedentes, presente nun 30,30% das informacións recollidas e analizadas é máis frecuente que a das causas. Sinálase a existencia de ordes de afastamento ou intervencións policiais previas en dez das trinta e tres novas.



ANÁLISE DAS CONSECUCENCIAS		
SI	3	9,09%
NON	30	90,91%
	33	100%

As cifras non melloran moito no tocante á análise das consecuencias, que se produce nun 9,09% das informacións.

8.6. Seguimento dos casos de violencia de xénero

Faise un seguimento efectivo dos casos de violencia de xénero só en tres das informacións recollidas (9,09%), que son as que refiren o caso do violador de Vall d'Hebron.



SEGUIMENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
SI	3	9,09%
NON	30	90,91%
	33	100%

9. RELACIÓN COAS FONTES

9.1. Número total de fontes


Só tres das trinta e tres informacións recollidas e analizadas contan coa combinación de tres fontes de procedencia diversa. As demais novas citan dúas, unha ou ningunha. Conclúese que, en xeral, *La Opinión* contravén o apartado 9 da Declaración de Compostela, que indica que se debe coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais.

9.2. Fontes oficiais


Cítanse fontes oficiais en máis da metade das informacións (54,55%), o que subliña a dependencia que o xornal ten das mesmas. Neste sentido, desoe as recomendacións da Declaración de Compostela que subliñan a esixencia de utilizar

fontes diversas e plurais, sen cinguirse exclusivamente ás oficiais. Esa dependencia reduce as posibilidades de participación de fontes expertas que axuden a contextualizar informativamente non só o acto de violencia en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar a vítima con posterioridade.

E como vén sendo habitual nos medios xornalísticos, predomina o recurso a fontes de procedencia policial, presentes no 77,78% das informacións que citan fontes oficiais, porcentaxe que garda relación directa co tratamentode crónica negra frecuente en *La Opinión*.




PRESENZA DE FONTES OFICIAIS		
SI	18	54,55%
NON	15	45,45%
	33	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES OFICIAIS		
Deputación	1	5,56%
Fontes policiais	14	77,78%
Fontes xudiciais	1	5,56%
Goberno autonómico	0	0%
Goberno estatal	0	0%
Goberno local	2	11,11%
Outras	0	0%
	18	100%

9.3. Fontes expertas




PRESENZA DE FONTES EXPERTAS		
SI	5	15,15%
NON	28	84,85%
	33	100%



PROCEDECENCIA DAS FONTES EXPERTAS		
Ámbito legal	0	0%
Ámbito educativo	0	0%
Ámbito sanitario	4	80%
Ámbito dos medios	1	20%
Ámbito psicológico	0	0%
Ámbito sociolóxico	0	0%
Outros ámbitos	0	0%
	5	100%

Como consecuencia da dependencia de fontes oficiais sinalada no apartado inmediatamente anterior, só aparece o recurso a fontes expertas en cinco das trinta e tres informacións recollidas e analizadas, o que significa que un amplo 84,85% das novas non conta con asesoramento especializado. E o que é máis, que catro das cinco pezas citen fontes do ámbito sanitario (80%) e só unha dun campo distinto (20%) subliña de novo a carencia de puntos de vista plurais e diversificados que deberían rexir a elaboración das informacións.


9.4. Fontes do movemento asociativo




PRESENZA DE FONTES DO MOVEMENTO ASOCIATIVO		
SI	2	6,06%
NON	31	93,94%
	33	100%

O recurso a fontes do movemento asociativo de mulleres está presente en dúas das trinta e tres informacións, isto é, nun baixo 6,06% das pezas. Cítanse nun caso o Instituto Andaluz de la Mujer (IAM) e a Plataforma Andaluza Mujeres y Hombres Contra la Violencia de Género, e no outro a Asociación contra la Violencia Doméstica y en Defensa del Menor. Segue a ser difícil atopar nos medios escritos informacións que busquen asesoramento neste tipo de fontes.

9.5. Fontes testemuñais.




PRESENZA DE FONTES TESTEMUÑAIS		
SI	2	6,06%
NON	31	93,94%
	33	100%



PROCEDENCIA DAS FONTES TESTEMUÑAIS		
Agresores	0	0%
Agredida(s)	0	0%
Familiares e amigos	0	0%
Veciñanza	2	100%
Outras fontes	0	0%
	2	100%

É un dato positivo que non se dea a habitual profusión de fontes testemuñais, o que confirma a vontade non amarelista do xornal. Atopamos só dúas informacións con recurso a este tipo de fontes. Ambas citan o recurso a fontes espontáneas, en concreto á veciñanza, o que nun caso é certamente preocupante: o autor da crónica que ten por titular *El hombre muerto a cuchilladas en Cee y su pareja discutían a menudo*, do 1 de setembro, basea unha afirmación tan rotunda nos testemuños espontáneos dos veciños da vítima, que en definitiva estruturan os contidos dunha información pouco contrastada.

9.6. Outras fontes




PRESENZA DOUTRAS FONTES		
SI	5	15,15%
NON	28	84,85%
	33	100%

A muller dun detido, penitenciarias, familiares e as chamadas “da investigación”, coas que o/a xornalista elude concretar a procedencia exacta dos núcleos informativos. Cinco das trinta e tres informacións recollidas (15,15%) citan fontes de

procedencias diversas que pola calidade dos datos aportados non atopan oco nas clasificacións anteriores.

A conclusión segue a ser a mesma: *La Opinión* desoe as recomendacións recollidas no artigo 9 da Declaración de Compostela no tocante á necesidade de diversificar fontes plurais á fin de producir informacións eficaces que cartografen o problema da violencia de xénero dende o maior número de ángulos posible.

10. INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO



INFORMACIÓN ÚTIL E DE SERVIZO		
SI	2	6,06%
NON	31	93,94%
	33	100%


Só un 6,06% das informacións recollidas e analizadas aportan informacións de servizo para as vítimas.

Se ben é certo que as citas de fontes procedentes do movemento asociativo que se rexistran en dúas das novas recollidas poderían clasificarse como contidos útis e de servizo para as mulleres afectadas polo simple feito de que ambas informacións están a visibilizar a función social de organismos deste tipo, a análise correspondente ao presente apartado non inclúe a mención a estas fontes por considerarse que non se aportan datos completos sobre as mesmas que faciliten o seu uso por parte de outras mulleres agredidas.

Pola contra, si foron consideradas por si mesmas informacións de contidos útiles e de servizo dúas noticias, nomeadamente *Un juez obliga a una maltratada a irse del domicilio familiar*, do 6 de setembro, e *Un hombre rapta a su hijo en un centro para parejas separadas*, do día 7, que explicitan os procedementos legais dos que as vítimas fixeron uso para resolver as súas situacións de conflito, e que polo tanto informan eficazmente sobre como actuar en casos semellantes.

11. ESTEREOTIPOS, PREXUÍZOS, TÓPICOS

11.1. Identificación da violencia como un feito paixonal




IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA COMO UN FEITO PAIXONAL		
SI	0	0%
NON	33	100%
	33	100%

Non se rexistra ningún caso de identificación da violencia de xénero como un feito paixonal, polo que pode dicirse que o xornal *La Opinión* non reproduce o tópico nas informacións relacionadas coa violencia de xénero.


11.2. Culpabilización da vítima

Non se rexistra ningunha información na que se produza a culpabilización implícita ou explícita da vítima.



CULPABILIZACIÓN DA VÍTIMA		
SI	0	0%
NON	33	100%
	33	100%

11.3. Xustificación do agresor




XUSTIFICACIÓN DO AGRESOR		
SI	0	0%
NON	33	100%
	33	100%

Non se rexistra ningunha información na que se produza a xustificación implícita ou mplicita do agresor ou da súa conduta.

11.4. Aparición de circunstancias xustificadoras


Plásmanse circunstancias xustificadoras ou lexitimadoras do acto violento en tres das trinta e tres informacións recollidas e analizadas. A mención dun consumo

excesivo de alcohol, a inclusión das declaracións favorables ao agresor dos seus compañeiros de traballo ou a aclaración de que a vítima traballaba nun local de alterne funcionan como atenuantes nun 9,09% das novas, o que contravén as recomendacións recollidas no apartado 11 da Declaración de Compostela, que subliña que medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuízos e tópicos socialmente ligados á violencia contra as mulleres.



APARICIÓN DE CIRCUNSTANCIAS XUSTIFICADORAS		
Alcohol e outras drogas	1	3,03%
Problemas mentais	0	0%
Influencia do ambiente	0	0%
Ciúmes	0	0%
Outros	2	6,06%
Non aparecen	30	90,91%
	33	100%

11.4. Presenza de axencia feminina.



PRESENZA DE AXENCIA FEMININA		
SI	10	30,30%
NON	23	69,70%
	33	100%

No tocante á relevancia que para o xornal ten visibilizar a axentividade das mulleres como suxeitos activos en contraposición á imaxe pasiva, tónica, que a miúdo se lle asocia, un 30,30% é unha porcentaxe relativamente alta de informacións. Case un tercio das trinta e tres pezas seleccionadas presentan á muller actuando. Nunha ocasión, mesmo se inclúen as declaracións da compañeira dun detido sospeitoso de asasinato, que, aínda que poida dubidarse da súa pertinencia, recollen o valente testemuño dunha muller que non deixa de estar a enfrontarse a unha realidade violenta da que non é responsable – *La guardia civil busca pruebas del crimen de Ourense en casa del detenido*, do 1 de setembro.

11.5. Aparición de linguaxe sexista.

Non se atoparon usos sexistas da linguaxe significativos en ningunha das trinta e tres informacións recollidas e analizadas.

CONCLUSIÓN

Conclusións da análise de contido

As conclusións que seguen tentarán dar conta do grao en que se cumpren nas redaccións dos medios galegos todas e cada unha das once recomendacións recollidas na Declaración de Compostela, partindo da análise de contido que foi aplicada ás informacións e artigos de opinión sobre violencia de xénero publicados e emitidos ao longo do mes de setembro de 2007.

APARTADO 1: A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

As diversas manifestacións da violencia que as mulleres sufren polo feito de selo seguen a ser presentadas, en varios casos, como episodios inconexos de crónica negra, sen atender á problemática estrutural da que forman parte, a violencia de xénero, entendida como brazo armado do patriarcado, é dicir, como manifestación extrema da situación de discriminación que as mulleres padecen nunha sociedade baseada nunha estrutura de dominio que privilexia o masculino ao feminino. Deste xeito, observamos que:

- Non en todos os casos se identifican as manifestacións de violencia de xénero como tal. Aínda se detectan informacións nas que se informa sobre o asesinato ou agresión dunha muller sen conceptualizalo como violencia de xénero – mediante o emprego deste termo ou dalgún equivalente: violencia sexista, violencia machista, violencia contra as mulleres...– nin contextualizalo dentro de tal problemática social. Cando isto acontece, cando a información se presenta como un caso illado, descontextualizado da problemática que lle dá senso, quedan ocultas as raíces estruturais das que bebe e é posto ao nivel de calquera outro episodio da crónica negra.

- Bótase man do concepto violencia de xénero ou doutros afíns para identificar, polo xeral, casos de violencia contra as mulleres no ámbito da parella. Moito menos usual é a utilización deste termo ou dalgún equivalente para nomear as restantes manifestacións da violencia de xénero (violacións e agresións sexuais, violencia contra as nenas, acoso laboral, prostitución e tráfico de mulleres...), o que revela unha falta de comprensión por parte das redaccións dos medios galegos do que significa e implica a violencia de xénero.

Violencia de xénero e violencia doméstica son os dous conceptos máis utilizados polos medios. A abondosa utilización en varios medios deste último termo revela que, aínda que se tome conciencia de que a agresión ás mulleres por parte dos homes forma parte dun problema social de fondo calado, aínda non se comprendeu nas redaccións que as súas dimensións non se cinguen unicamente ao ámbito do fogar. Por outra banda, o emprego do concepto “violencia de xénero”, malia estar amplamente extendido en varios medios de comunicación, ao estar ausente da redacción da información a explicación da problemática que nomea, queda convertido nun concepto baleiro de significado, que pode resultar deste xeito opaco ao público lector.

Canto aos medios audiovisuais, destaca na TVG –nas escasas informacións nas que se usa o concepto– o uso en exclusiva dos termos violencia machista e violencia sexista para nomear a problemática social. Na Radio Galega, en ningún caso se empregan conceptos definitorios, mentres que no informativo analizado de Radio Voz, no que o uso de termos que nomeen esta realidade semella máis extendido –en cinco das sete informacións que foron rexistradas no mes de setembro– se bota man dos termos

violencia de xénero, violencia sexista e violencia doméstica. Á luz dos datos recadados, a radio é o medio que menos informa sobre violencia de xénero (seis noticias na Radio Galega e sete en Radio Voz). A modo de hipótese, apuntamos como posíbel razón o feito de que na radio a ausencia de imaxes reduce considerábelmente o impacto das informacións que, como xa vimos, son “vendidas” nos medios galegos polo seu gancho como suceso. A radio depende, en exclusiva do material sonoro, que non transmite coa mesma eficacia o escenario do suceso. A dependencia de recursos sonoros pode facer, así mesmo, que, de non existiren declaracións non se publique a información ou se lle destine moito menos espazo (na televisión, esa situación pode ser solucionada con imaxes con voz en off da ou do xornalista).

APARTADO 2: Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.

Os medios galegos seguen a visibilizar na maioría dos casos só unha manifestación específica da violencia de xénero, a que ten como resultado o asasinato ou agresión extrema a unha muller. Porén, esta é só a punta do iceberg das verdadeiras dimensións deste problema social. Baixo a superficie, acocha unha realidade de grandes magnitudes sobre a que os medios non son quen de botar luz. Deste xeito, a maioría das informacións fan referencia á violencia no ámbito da parella (naqueles episodios máis extremos), e aos abusos e agresións sexuais. Moito menos frecuente é o tratamento das outras caras da violencia de xénero (o acoso laboral, a violencia contra as nenas, a prostitución e o tráfico de mulleres, a violencia psicolóxica...). Ao contrario do que aconteceu coa violencia no ámbito da parella e cos abusos e agresións sexuais, estas manifestacións da violencia de xénero aínda non pasaron a formar parte da axenda habitual dos medios. É máis, como xa vimos, nin sequera adoitan ser identificadas como tal violencia de xénero dende as redaccións.

APARTADO 3: Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

Tralos datos obtidos podemos afirmar con rotundidade que os medios de comunicación galegos nunca identifican nos seus contidos á violencia de xénero como violación dos dereitos humanos ou como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas. Esta, que foi unha vella reivindicación do movemento feminista, recollida ao fin na Conferencia de Dereitos Humanos de Viena de 1993, está por completo ausente do discurso dos medios galegos, que incumpre reiteradamente esta recomendación presente, non só na Declaración de Compostela, senón en varios dos restantes manuais elaborados en todo o Estado para a mellora do tratamento informativo da violencia de xénero. Tan só se recolle tal identificación cando esta está inserida no discurso dalgunha das fontes citadas no corpo da información.

APARTADO 4: Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.

Na maioría dos medios analizados o enfoque predominante é, precisamente, o neutral. Cómpre destacar, porén, como positivo que en dous dos medios estudados – *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*– a actitude maioritaria nas informacións sexa a condenatoria. Incúmprese, pois, en gran parte dos medios galegos o apartado 4 da Declaración de Compostela, que esixe un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, o que pode poñerse en relación coa falta de consideración explícita da mesma –como viamos no apartado anterior– como violación dos dereitos humanos das mulleres e un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.

O compromiso dos medios debe facerse patente: 1) na visibilización das diferentes manifestacións da violencia de xénero; 2) no seu correcto encadre na problemática da que forma parte, a violencia de xénero; 3) na elaboración da información (unha información que apunte con rotundidade as verdadeiras causas da violencia de xénero, que denuncie con claridade os feitos, que saiba separar sen ambaxes entre agresores e vítimas, que aborde a violencia de xénero como problema social e non como suceso que sirva de gancho para o público, que a aborde dende unha óptica interdisciplinar, que explique as diversas causas que inciden no mesmo, as súas consecuencias e apunte solucións); 4) na redacción da información –mediante

mecanismos lingüísticos ben sutís, tal e como vimos neste estudo, poden colarse no relato construcións que atenúan a gravidade do sucedido, que xustifican o agresor ou culpabilizan á vítima; é imperativo desbotalos—; 5) na condena explícita do medio á violencia de xénero; 6) nunha labor de concienciación social arredor desta problemática social.

Preocupante é a presenza de pezas, na maioría dos medios analizados, nas que latexan elementos xustificadores da violencia de xénero. Non se poñen de maneira explícita en boca da ou do xornalista mais introdúcense mediante outros elementos (declaracións de testemuños, referencias a circunstancias contextuais como dependencias ao alcohol e outras drogas ou problemas mentais por parte do agresor...). Urxe eliminar por completo actitudes xustificadoras da violencia de xénero dos medios galegos.

APARTADO 5: Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.

En varios dos xornais analizados, en concreto, en *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo* e *Atlántico Diario*, a maioría das informacións sobre violencia de xénero son publicadas na sección Sucesos. Naqueles xornais que non contan con tal sección, a información sobre violencia de xénero é abordada maioritariamente en Sociedade ou nalgunha das seccións xeográficas (fundamentalmente Local). No caso dos soportes audiovisuais, que non atenden a unha separación en apartados explícita nin claramente definida, as expresións coas que a ou o xornalista introduce a información (“na crónica de sucesos”...), o modo en que é elaborado o relato e a análise das relacións de contigüidade, fan concluír que, na radio e na televisión públicas galegas, a inserción da información faise tamén e principalmente no bloco de sucesos. En Radio Voz, porén, a información sobre violencia de xénero adoita inserirse no bloco destinado ás novas sobre Galicia.

Mais sempre, en todos os medios analizados, sexan ou non publicadas as informacións na sección ou no bloco dedicado a Sucesos, as perspectivas predominantes dende as que se elabora o relato sobre a violencia de xénero son a crónica negra e a xudicial.

A redución, nos medios, da violencia de xénero ao relato de sucesos, implica que a información sobre esta problemática quede limitada a unha relación de episodios inconexos e descontextualizados, desarraigados informativamente da explicación da problemática na que se contextualiza. O suceso, lembrémolo, é o feito que queda reducido a si mesmo, que acaba e morre en si, descontextualizado, deshistorizado, ao que polo tanto non se tenta encadrar na realidade da que é síntoma. Tratar a violencia de xénero como suceso é desenraizala da problemática na que se encadra e das súas dimensións reais. Unha información así concibida nega as posibilidades de diagnose da realidade, de proposta de solucións unha vez detectado o problema, de valerse, en definitiva, da información como motor de cambio.

APARTADO 6: Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”, dos programas de sucesos ou das series de ficción.

En maior ou menor medida, dependendo do caso, os medios galegos aínda seguen a botar man –como gancho para atrapar o interese do público lector– do sensacionalismo (entendido como aqueles elementos que causan sensación, que producen sorpresa), o morbo (que, tal como define a Real Academia Galega da Lingua no seu dicionario, ha de identificarse coa inclinación obsesiva a deleitarse en escenas ou sentimentos desagradábeis) e o dramatismo (é dicir, a inclusión daqueles elementos que, na información, procuran conmover ou emocionar).

O recurso a estes elementos mediante diversas estratexias –que analizaremos de seguido– está en consonancia co enfoque maioritario dende o que se elabora a información, o do suceso, o que fai que a miúdo se acuda aos recursos acostumados nos relatos da crónica negra. As estratexias das que se fai uso nos medios galegos para adobar o relato de elementos que chamen ao morbo e ao dramatismo son diversas. No relato textual as máis destacadas son:

- A profusión de detalles arredor do como tiveron lugar os feitos: A estratexia máis recorrente é a descrición polo miúdo dos danos sufridos pola vítima, tanto viva (tipo de agresións sufridas e alcance das mesmas), como morta (estado no que se atopou o cadáver). As informacións sobre violencia de xénero –ás que en moitos medios se lles reserva, nunha porcentaxe elevada, unha extensión moi limitada en tempo e espazo, desperdician a miúdo boa parte das liñas ou dos segundos cos que contan no relato pormenorizado dos detalles –sobre os danos sufridos, sobre o como se desenvolveu a agresión, sobre a vida íntima do agresor e da muller agredida– que non achegan nada máis que a satisfacción dunha curiosidade malsana polos elementos máis escabrosos do acontecido.

- O emprego de recursos lingüísticos, narrativos e literarios eco dos relatos de crónica negra, o que vén constituíndo un dobre risco, non só no relacionado coa incidencia en elementos efectictas de cariz dramático e morboso, senón tamén como correa de transmisión de estereotipos.

- O destaque, naqueles elementos máis visíbeis da información, daqueles aspectos que máis chaman ao sensacionalismo, tanto nos titulares, como nos ladiños. Deste xeito se comprende a inclusión de titulares como *Prisión para el descuartizador*. En relación con isto está a selección da información en función do seu carácter sensacionalista. De aí novas como a referida de seguido, acontecida no eido internacional, cuxa inclusión na axenda dos medios probábelmente se entenda só pola súa capacidade de impacto (botando man dos criterios habituais de noticiabilidade xornalística, sabemos que o feito de que unha muller sexa asasinada vítima da violencia de xénero con seguridade será noticia se o crime ten lugar no ámbito local, autonómico

ou estatal, mais dubidosamente se acontece no internacional): *Un homosexual “que quería probar a una mujer” confiesa la muerte de una menor.*

- O recurso ao testemuño das persoas próximas ao entorno da vítima e do agresor para incidir no dramatismo do acontecido.

A incidencia en elementos de cariz morboso e dramático tamén está presente nas fotografías e nas imaxes televisivas, de man de recursos como os que seguen:

- En consonancia coa perspectiva maioritaria nas informacións –a da crónica negra– a profusión de imaxes que inciden na presentación do lugar do crime: o barrio no que aconteceu, o precinto policial, o levantamento do cadáver, a asistencia médica á vítima, os agresores ou presuntos agresores tentando tapar a cara...–. Ademais do seu carácter sensacionalista, a sobrerepresentación das imaxes do lugar dos feitos contribúen a delatar de maneira indirecta ás vítimas.

- A selección das imaxes en función do seu carácter efectista, que semella ser un criterio vixente na totalidade dos medios. Como mostra, a fotografía que varios xornais coincidiron en destacar nas súas páxinas para ilustrar a información referida ao asasinato dunha muller a mans do seu cónxuxe en Zaragoza: unha poza de sangue á beira dun coche. Se o impacto da foto é tal, esta chega a ocupar mesmo máis espazo que o propio relato dos acontecementos.

- O destaque dos elementos dramáticos, da man daqueles planos que – aproveitando a forza intrínseca á imaxe visual– tentan mover a emotividade do público lector (por exemplo, imaxes de persoas próximas á vítima chorando). No audiovisual, o dramatismo é reforzado con recursos propios da ficción que tentan unha reconstrución do feito (imaxe das pernas dunha muller que está a correr, cando se fala de que vítima tentou fuxir). Tamén con imaxes que tentan revestir cun cariz dramático o que a ou o xornalista está a dicir (planos de xoguetes espallados no chan, cando a voz en off indica que a parella tiña un fillo de catro anos).

APARTADO 7: Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respetando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.

Os medios analizados adoitan evitar a identificación directa (con nome e apelidos) das mulleres agredidas, sempre e cando non perderan a vida como resultado da agresión. Porén, observamos que:

- As mulleres asasinadas son a cotío identificadas de maneira directa. Enténdese neste caso por parte da e do xornalista que xa non é preciso respetar o seu dereito á intimidade mais, porén, non se ten en conta que se está a romper co anonimato das persoas próximas á vítima (fillos e fillas, pais e nais, amizades...).

- As mulleres vítimas de violencia de xénero que non resultaron mortas son a miúdo identificadas de maneira indirecta (as porcentaxes varían dependendo do medio). Cómpre ter en conta que coa publicación de datos como as iniciais do nome, a localidade, a nacionalidade, a imaxe da vivenda da muller agredida etc. con frecuencia estase a revelar información abonda para a efectiva identificación da mesma no seu entorno próximo. Na televisión pública galega, na práctica totalidade dos casos, o que é especialmente preocupante, a identidade da vítima queda delatada mediante a inclusión das imaxes da casa, rúa ou barrio no que vive. Nin sequera cando as vítimas son menores a televisión pública é máis coidadosa. Abondo indicativa é a nova *Detido un home en Tui por tocamientos a unha menor*, na que se amosan imaxes dun bar mentres o locutor revela que se trata do negocio que rexentan os pais da vítima, dato máis que suficiente para identificar á familia na vila na que vive, Tui.

É de suma importancia que as e os xornalistas sexan en extremo coidadosos e coidadosas co respecto ao anonimato das mulleres que padeceron violencia de xénero pois deixar ao descuberto a súa identidade redonda nunha segunda vitimización, obstaculiza a normalización da súa vida e mesmo provoca nas mesmas actitudes reacias

á presentación de denuncia contra os seus agresores (tal e como se puxo de manifesto na I edición das xornadas Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, nas que se aprobou a Declaración de Compostela).

- Nalgúns casos mesmo se identifica a menores de idade, práctica que debe ser por completo descartada. Tal acontece na nova arriba mencionada ou na información sobre a nena suíza atopada sen vida meses despois de desaparecer, da que se publica a súa foto nalgún medio ao dar noticia da súa morte.

Canto ao agresor, aínda que a Declaración de Compostela non fai referencia ao mesmo neste apartado, quixemos completar a análise que se ofrece neste traballo afondando no modo en que os diversos medios acometen ou non a identificación do mesmo, para poder contrastar os resultados obtidos coa maneira de proceder das e dos xornalistas ante as mulleres vítimas de agresión.

Os datos sinalan que os medios adoitan identificar aos agresores con certa frecuencia, aínda que en porcentaxe variábel. Mentres que *Atlántico Diario* non identifica ao agresor en ningún caso, ao igual que nunca identifica á vítima de maneira directa, noutros medios o agresor é identificado nunha porcentaxe que adoita rondar o 20 ou o 30 por cento do total das informacións sobre violencia de xénero que publica o medio, e mesmo nun caso, *La Opinión*, chégase ao 66, 67%).

En varias ocasións a identificación, mesmo de maneira directa, realízase en relación a presuntos agresores que aínda non foron xulgados e condenados en firme, o que vulnera as normas deontolóxicas do xornalismo que prescriben o respecto á presunción de inocencia para causas ou procedementos penais en curso. Porén, existen casos, segundo apuntan determinadas voces expertas, nos que si se pode considerar a súa identificación. Tal apunta a profesora Pilar López Díez, especialista en Comunicación e Xénero quen, no estudo *Representación de la violencia de género en los informativos de TVE*, indica que se debe extender nos medios a identificación do agresor cando el mesmo se autoinculpa.

De tódolos xeitos, unha vez condenado o agresor, o medio debe identificalo con contundencia, non ocultar de ningún modo a súa identidade, pois é preciso que sobre el recaia tamén a condena e a reprobación social. Mais para isto é tamén necesario un compromiso do medio co seguimento dos casos de violencia de xénero –tanto das consecuencias para o agresor (condenas, eficacia ou non das medidas punitivas, medidas de rehabilitación...) como para a muller agredida e as súas persoas próximas–.

Nos casos nos que se produce unha identificación do agresor con determinado estamento social –escasos, por outra banda–, este adoita ser adscrito a ambientes marxinais ou empobrecidos, o que deturpa a realidade da violencia de xénero, canto que se trata dunha problemática transversal a todos os estratos sociais. Mesmo nalgunha das informacións analizadas, o relato dos acontecementos aproveita a descrición sórdida do contexto social no que se produce a agresión como ambientación, o que contribúe unha vez máis a incidir de maneira innecesaria no morbo e a reforzar os estereotipos cos que tradicionalmente se desdebuxou a violencia de xénero.

Máis aló de que non se deban achegar datos reveladores da identidade do agresor mentres non haxa unha sentenza en firme, é preciso, porén, que os medios acheguen máis información sobre os agresores que permitan que identifiquemos o seu *modus operandi* e que coñezamos, en definitiva, máis sobre a realidade da violencia de xénero. Tal e como se indica no informe *Mujer, violencia y medios* (IORTV, 2002: 13): “En calquera caso si é importante deixar claro quen é o agresor e quen a vítima. E máis importante aínda é definir claramente como é o agresor, a súa maneira de actuar e o seu comportamento público ou privado, porque iso axudaría sobremaneira a que moitas mulleres poidan tomar conciencia da súa situación de risco”.

APARTADO 8: Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).

É este un dos apartados que máis incumpren os medios galegos. A violencia de xénero non é abordada dende un tratamento especializado. Para iso sería necesaria unha formación en perspectiva de xénero inexistente nas redaccións galegas. Lembremos que a perspectiva de xénero é aquela que nos permite desmontar a ollada androcéntrica, imperante nos medios de comunicación, e que asumimos como natural na nosa sociedade; aquela que permite desvelar as discriminacións que, baixo o aparente velo da igualdade, persisten moitas veces invisíbeis aos nosos ollos.

As perspectivas hexemónicas no tratamento da información son a crónica negra e a crónica xudicial. Como logo veremos, van da man das principais fontes das que se obtén a información, as policiais e as legais. Na maioría dos medios, xuntas supoñen máis do 70 por cento da información que se publica. Está ausente das páxinas dos medios unha abordaxe da problemática da violencia de xénero interdisciplinar, acorde cos múltiples factores que nela interaccionan. Unha análise a fondo da violencia de xénero non pode desbotar enfoques como o económico (a dependencia económica como un dos motivos que máis ten freado a presentación de denuncia por parte das mulleres que sufriron malos tratos, os problemas de recursos cos que se atopan as mulleres unha vez deciden saír desta situación, as medidas económicas adoptadas dende a Administración, os intereses pecuniarios agochados tralos negocios da prostitución e o tráfico de mulleres...); o político (análise das medidas políticas adoptadas, efectividade das mesmas, grao en que atenden ou desatenden as necesidades das mulleres que sufren violencia de xénero, ...); legal (análise do sistema legal, ocos do mesmo, implicacións das leis en vigor, o afondamento nas medidas punitivas, nas estratexias de reinserción e a súa eficacia,...); cultural (factores culturais implicados na violencia de xénero, a actuación da educación e os medios de comunicación como axentes de socialización do patriarcado, a súa importancia como mecanismos de prevención, evolución dos roles, estereotipos e actitudes derivadas da socialización xenérica...), o científico (mediante a divulgación do traballo de expertos e expertas que, dende distintos ámbitos – psicolóxico, sociolóxico, comunicacional... – investigan en violencia de xénero), o humano (dando a coñecer, sempre dende unha perspectiva respectuosa coas vítimas e sen caer en sensacionalismos, as implicacións da violencia de xénero naquelas persoas que a viviron de preto), ou o social (cuestións relacionadas con ámbitos como o educativo, o sanitario, os servizos sociais...).

A presenza doutros enfoques na información adoita ir da man, por unha banda, das esixencias do propio acontecemento que se aborda. Deste xeito, a presenza dunha perspectiva legal en varias das informacións analizadas neste estudo está en relación co impacto producido pola saída do cárcere do violador de la Vall D'Hebrón, e o consecuente debate que o feito provoca arredor da idoneidade do sistema legal en vigor, canto que permite a liberación de agresores sexuais que aínda non poden considerarse rehabilitados. A inclusión doutras perspectivas distintas á do suceso vén motivada tamén en varias ocasións polo carácter das propias iniciativas xurdidas dende as fontes ou dende os espazos que son protagonistas da actualidade informativa (actividades organizadas por diversas institucións; difusión de datos que veñen de ser dados a coñecer por determinados estudos...). Falta unha cobertura da información sobre violencia de xénero dende outras perspectivas diferentes á do suceso e a crónica xudicial realizada a iniciativa da ou do propio xornalista, máis aló das esixencias noticiosas da actualidade informativa.

Mostra da falta de iniciativa que impera a miúdo á hora de abordar informacións relacionadas coa violencia de xénero é o predominio de novas asinadas por axencia nos medios impresos, o que leva a un tratamento repetitivo e similar do mesmo tipo de informacións na maior parte das cabeceiras analizados.

Por outra banda, na gran maioría dos casos, o tratamento xornalístico da violencia de xénero realízase mediante aqueles xéneros que están máis estreitamente vencellados á cobertura da actualidade informativa nos seus elementos informativos básicos –fundamentalmente, noticias e breves, que se cinguen á presentación sintética das 5W's: que, quen, cando, onde e como (sobre o como, exércese a miúdo unha atención máis demorada froito da incidencia nos elementos morbosos e dramáticos da información)–. Falta a abordaxe da violencia de xénero dende formatos que permitan ir máis aló da información entendida no sentido máis estrito, que posibiliten, en definitiva, acometer a violencia de xénero non só naqueles episodios que poidan resultar noticiosos a ollos do xornal, senón tamén dende a súa relevancia como problema social. Están practicamente ausentes da cobertura realizada polos medios analizados os xéneros

explicativos, os interpretativos e os valorativos. Apenas se empregan formatos como a reportaxe, os informes, as entrevistas ou os xéneros de opinión.

O dito é máis grave aínda se temos en conta que son este tipo de xéneros os que permiten unha atención ás causas e ás consecuencias da violencia de xénero. Atención que, polo que desvelan os datos que obtivemos neste estudo, é cáseque inexistente na abordaxe xornalística elaborada dende os medios galegos. Non por casualidade observamos en varios casos como a referencia ás causas viña de man de formatos como os de opinión.

Os datos amosan que na maioría dos medios galegos non é frecuente que se faga seguimento dos casos de violencia de xénero. De levarse a cabo, céntrase naqueles máis impactantes (como a saída do cárcere do violador de la Vall D'Hebron) ou naqueles máis próximos (o contacto cos xulgados da zona por parte dalgúns medios propicia información habitual sobre o curso dos procesos). Mais, como podemos ver, falta un seguimento da información que vaia máis aló do propiamente xurídico (a atención ás medidas adoptadas contra o agresor), e que nos permita saber máis arredor da situación na que quedan as mulleres agredidas ou os seus fillos e fillas unha vez que xa non son noticia.

Máis abundosa é a cobertura dos antecedentes. Existen, porén, grandes diferencias entre medios. Mentres nalgúns apenas chega ao 10 por cento a porcentaxe de informacións sobre violencia de xénero que teñen en conta os antecedentes, noutros arredor da metade das pezas fan referencia a elementos previos que poden ter unha influencia no feito. A explicación dos antecedentes permite acudir a determinada información que axuda a explicar o que se nos presenta como noticia (existencia ou non de denuncias previas, de orde de alonxamento, datos estatísticos referidos a casos de violencia de xénero previos...), mais tamén –e nese sentido cómpre que os medios sexan coidadosos– se aproveita en ocasións para resaltar aspectos como as frecuentes discusións da parella, o carácter asocial do agresor e outras cuestións que poden contribuír a xustificar dunha maneira indirecta o episodio de violencia de xénero, sen ter en conta as súas raíces verdadeiras –a violencia de xénero como brazo armado do patriarcado e das desigualdades a que este dá lugar–. Con referencia á inclusión de

datos estatísticos referentes ao número de casos de violencia de xénero rexistrados con anterioridade, cómpre que a súa inclusión non derive nun tratamento repetitivo da información, que reste importancia ao acontecido como “un caso máis de violencia de xénero” (expresión habitual nas informacións sobre violencia de xénero) e o reduza a un reconto estatístico.

APARTADO 9: Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

Pódese asegurar con rotundidade que esta recomendación da Declaración de Compostela é incumplida por todos os medios analizados. Isto amosa, no fondo e unha vez máis, que a concepción que os medios teñen da cobertura da violencia de xénero e aquela pola que avoga a Declaración de Compostela seguen a ser diametralmente opostas. Fronte ao que se indica na Declaración de Compostela –que as fontes han ser plurais, e non estar cinguidas en exclusiva ás fontes oficiais– na maioría das informacións analizadas só se acode a unha ou, xa en porcentaxes moito máis reducidas, a dúas fontes de información, que adoitan ser de carácter oficial e proceder, fundamentalmente, de ámbitos policiais e xudiciais. O uso das fontes oficiais está presente, en boa parte dos medios analizados, no 80 e mesmo no 90% das pezas nas que o xornal aborda a violencia de xénero. En todo caso, en ningún dos medios estudados, a porcentaxe de informacións nas que se inclúen fontes oficiais é inferior ao 50 por cento. A elevada presenza de fontes oficiais –e máis en concreto, procedentes das forzas de seguridade e dos espazos xudiciais– é causa e consecuencia, como pescada que se morde a cola, da cobertura hexemónica da información como crónica negra e xudicial, e produto (como podemos ver no apartado deste estudo dedicado ao estudo do ámbito de produción informativa) das rutinas establecidas nos medios para a cobertura deste tipo de información. Dende o que se considera noticiábel, o episodio sanguento, que só amosa a punta do iceberg das dimensións da violencia de xénero, até as rutinas que se

activan no medio para a súa cobertura (o acceso aos datos oficiais sobre o sucedido achegados dende as fontes oficiais, e o contraste nalgúns casos coas fontes testemuñais próximas ao agresor e á vítima).

En moi poucas informacións se acode a fontes expertas ou procedentes do movemento asociativo de mulleres (as porcentaxes adoitan ser inferiores, para os dous casos, ao 10 por cento en boa parte dos medios analizados, e mesmo nalgún deles nunca son consultadas ao longo do período observado). A miúdo é o impacto social da información –e a necesidade do medio de darlle, polo tanto, unha cobertura máis ampla– o que explica o acceso a estas fontes. Bo exemplo, neste senso, é a cobertura da saída do cárcere do violador de la Vall d’Hebrón. A polémica á que deu lugar e a dimensión social que acadou explica que os medios tomasen a iniciativa de acudir a fontes expertas –para analizar a idoneidade da lexislación en vigor, para reflexionar acerca de medidas diversas que puideran adoptarse fronte aos violadores ou para determinar o grao no que o agresor se podía considerar ou non rehabilitado– e tamén do movemento asociativo cuxa opinión resultaba especialmente pertinente para o caso (como a Federación de Asociaciones de Asistencia a Mujeres Violadas).

O feito de que varias dos casos nos que se acode a fontes expertas e asociativas estean referidos a novas recollidas de axencia incide aínda máis na falta de iniciativa propia dos medios galegos á hora de acudir a este tipo de fontes. Ademais, se o acceso a fontes do movemento asociativo é escaso de por si, son menos aínda os casos nos que se acode a voces do feminismo galego ou do movemento de mulleres.

Porén, o acceso ás fontes expertas e aquelas procedentes do tecido cívico feminista e do movemento de mulleres debe ir máis aló do efecto arrastre daqueles feitos que, polo seu impacto, irrompen con máis forza na axenda dos medios, ou mesmo do propio calendario de días destacados (queixa habitual dalgunhas asociacións feministas é o feito de que os medios só se lembren delas os 8 de marzo e os 25 de novembro). Deberan inserirse na propia rutina das redaccións, canto que son as fontes que máis saben e que máis capacitadas están para interpretar e valorar o acontecido e as que poden achegar unha abordaxe distinta da violencia de xénero dende diferentes

perspectivas, imprescindíbeis, polo demais, para un tratamento especializado deste problema social.

O recurso a fontes testemuñais porén, é moito máis frecuente na maioría dos medios galegos. O contraste dos datos achegados polas fontes oficiais adoita limitarse, no caso de producirse, á recolla no lugar dos feitos de testemuños de persoas próximas ao entorno da vítima e do agresor. Nalgúns medios, tal é o caso da televisión pública, a inclusión de testemuños acada porcentaxes moi elevadas (na TVG, están presentes até no 54% das informacións), o que é en extremo preocupante canto que, mediante estas declaracións espontáneas, a miúdo se transmiten abondosos estereotipos e prexuízos que asentan nas bases culturais da violencia de xénero e contribúen a xustificala e reforzala.

APARTADO 10: Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen –casas de acollida, asesoramento psicológico, trámites xudiciais, axudas da administración... – para afrontar a súa situación con garantías e así conseguir superala.

Na práctica totalidade das informacións que difunden, os medios galegos non ofrecen información útil e de servizo ás mulleres afectadas. A información publicada polos incumpre por sistema esta recomendación, recollida no punto 10 da Declaración de Compostela, e reiterada pola vicepresidenta primeira do Goberno estatal, María Teresa Fernández de la Vega, trala reunión celebrada en novembro de 2007 con representantes das televisións estatais arredor do tratamento informativo da violencia de xénero (con motivo da polémica suscitada polo asasinato dunha muller a mans da súa exparella, pouco despois de que el lle pedise a ela matrimonio nun *talk show* televisivo).

Os poucos casos nos que se fai referencia a algún servizo dedicado á atención a mulleres que sufriron ou están a sufrir violencia de xénero están relacionados con aquelas informacións nas que o propio servizo protagoniza a nova (por exemplo, a apertura dun novo centro por parte da Administración). Falta, polo tanto, unha inserción transversal de información útil e de servizo en todas aquelas novas que fagan referencia á violencia de xénero.

Debemos aplaudir, porén, como unha práctica que deba extendenderse e consolidarse, dúas informacións publicadas por un dos xornais analizados nas que –en relación cos dous casos sobre os que se está a informar– se explican e explicitan os procedementos legais dos que botaron man as vítimas nesas ocasións para saír de tal situación de conflito. Información deste tipo pode axudar a outras mulleres que estean a pasar polo mesmo a atopar solucións. É, pois, de suma importancia ofrecer os casos daquelas mulleres que lograron afrontar o problema e superalo con éxito. Axuda a ofrecerlles exemplos positivos a outras mulleres en casos semellantes e contribúe a presentalas non só como vítimas senón tamén como axentes activos coa forza suficiente para saír adiante e retomar de novo as rendas da súa vida. De tódolos xeitos, cómpre sempre actuar con cautela na información que se ofrece e non causar expectativas desmesuradas que logo poden verse frustradas ou dar lugar a situacións tráxicas. A información que se lles ofrezca ás mulleres debe sopesar, polo tanto, os pros e os contras, dar conta de que existen saídas, dos servizos aos que acudir, dos procedementos que seguir, mais tamén informar das posíbeis dificultades e riscos.

APARTADO 11: Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuizos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres:

Os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito.- É quizais este un dos estereotipos que os medios galegos, á vista dos datos analizados, superaron en maior medida. Non encontramos pois informacións das que se fale de xeito explícito de “crimes pasionais”, do tan reiterado “matouna por amor” presente naquelas etapas, anos atrás, nas que a violencia de xénero non era presentada como tal problema social senón só como unha relación illada de crimes inconexos, nos que o agresor mesmo podía chegar a ser exculpado ante o público se a súa actuación se relacionaba cunha suposta motivación sentimental. Porén, aínda que xa non forme parte do discurso dos medios analizados –á vista dos datos– o “matouna por amor”, si segue a ser relativamente frecuente a contextualización do acontecido con antecedentes nos que se resalta a existencia dunha relación conflitiva na parella, a frecuencia das discusións e a tensión que rodeaba xa previamente a ligazón entre agresor e agredida. O que pode levar a pensar de xeito erróneo ao público lector no maltrato, no abuso ou no asasinato

como o cumio dunha tensión en alza na relación da que ambos son igualmente culpables, quedando ocultas deste xeito as verdadeiras raíces da violencia de xénero, como manifestación dunha estrutura social que socializa aos homes no poder e no uso da violencia como elemento resolutor de conflitos.

Os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais: Como xa indicamos ao falar da identificación social do agresor, non é frecuente que se produza unha identificación explícita entre violencia de xénero e ambientes marxinais, mais hai determinados casos nos que isto si acontece, o cal debe ser evitado por completo. Xa expuxemos máis arriba como, nas escasas informacións nas que se produce unha identificación do agresor cunha determinada clase social, esta sempre é a máis baixa. É máis, a abondosa información sobre o médico de Caldas acusado por unha paciente de abusos sexuais, amosa que, cando o acusado é unha persoa con certo prestixio, pode contar ademais co respaldo social –no que tamén vai incluído o do propio medio de comunicación–. Os medios de comunicación deben deixar ben claro que a violencia de xénero é transversal a todos os estratos sociais.

A vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice: Debemos destacar como positivo o feito de que sexan excepcionais aquelas informacións nas que se introducen elementos que dalgún xeito culpabilizan á vítima. Porén, aínda que escasas numericamente, seguen a publicarse pezas nas que se colan estereotipos que marcan de xeito negativo ás vítimas e as converten, de xeito máis ou menos directo, máis ou menos explícito, en responsábeis da agresión que sofren, como un mal do que en certo modo fosen merecentes. Comportamentos como o consumo de drogas por parte da vítima ou o exercizo da prostitución son dunha maneira implícita, e mediante diversas estratexias, censuradas na información.

En relación co consumo de drogas, vallan como exemplo dúas novas. Nunha delas débese que a moza consumira drogas co home que a maltratou previamente á agresión. Noutra, a persoa que elabora a información, ademais de converter en noticia o fallo dun xuíz que considera falsa a denuncia dunha muller contra o seu mozo por

maltrato, engade un elemento máis de culpabilización cara á muller a maiores do explicitado na decisión do xuíz: o feito de que fose toxicómana.

No referido ao exercizo da prostitución, o exemplo máis claro é a cobertura mediática do asasinato dunha muller en Sober. No tratamento informativo que fan do caso, os medios galegos adoitan destacar da muller o feito de que fose prostituta cun tratamento que, a veces, incorre na frivolidade e introduce elementos de condena social e culpabilización cara á vítima. Un par de informacións pechan, de feito, co dato de que ela exercía a prostitución, o que condiciona a interpretación dos feitos a favor do agresor (sabido é, na profesión xornalística, a importancia das declaracións ou da frase que pecha unha información, xa que adoita ser clave para a interpretación final da mesma).

Con respecto ao tratamento que se fai da prostitución en xeral, máis aló deste caso específico, o reforzo na culpabilización das mulleres adoita vir da man do tipo de informacións que se seleccionan e do tratamento que se fai das mesmas. As informacións sobre prostitución adoitan ser escasas nos medios e, en boa parte dos casos, están referidas a detencións de mulleres que exercen a prostitución. Isto pode crear no público lector a falsa percepción de que elas son detidas por traballar neste ámbito, cando a realidade é que o feito de que sexan a miúdo as peor paradas nas redadas policiais vén da man da súa absoluta desprotección, pois moitas delas son inmigrantes sen papeis, que é o motivo real que ocasiona a súa detención (no Estado español está penado o proxenetismo, mais non o exercizo da prostitución). A utilización do exercizo da prostitución como elemento de culpabilización confirma unha vez máis que sobre as mulleres que traballan neste ámbito recae unha dobre ou mesmo triple estigmatización (como mulleres, como prostitutas e como traballadoras inmigrantes).

O dito máis arriba deixa unha interrogante aberta sobre a que a ou o xornalista debера reflexionar. Por que determinadas actitudes por parte da vítima son censadas veladamente na información e utilizadas para culpabilizala, cando a existencia de comportamentos socialmente recriminados por parte do agresor (consumo de alcohol, drogas...) son utilizados para xustificalo? A resposta apunta aos modos en que unhas e outros son socializados. A elas esíxeselles a virtude moral e a eles descúlpaselles o

recurso á violencia (e máis se hai circunstancias que se consideren motivadoras), porque, no fondo, os axentes de socialización do patriarcado incentivan o seu uso como estratexia para imporse por parte dos varóns.

Por último cómpre destacar que en certas informacións publicadas no mes de setembro, a culpabilización da vítima forma parte do propio acontecemento que se converte en noticia (por exemplo, *Un juez de Cádiz obliga a una maltratada a ceder la casa conyugal a su agresor*). Nestes casos, a ou o propio xornalista debe contar coa suficiente capacidade de reacción para denunciar a situación e darlle a volta ao feito.

O agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidad:

Aínda que tamén son pouco frecuenes, as pezas nas que se inclúen circunstancias xustificadoras para co agresor seguen a estar presentes na información dos medios galegos e, segundo amosan os datos, en maior medida que aquelas nas que se culpabiliza a vítima. Cómpre saudar como positivo, porén, que xa non se faga referencia aos celos como circunstancia xustificadora da agresión, o que está en relación coa desaparición da atribución destes casos ao consabido “matouna por amor”. A xustificación do agresor adoita, porén, vir da man da inclusión de circunstancias como a súa dependencia do alcohol ou doutras drogas, a referencia a supostos problemas mentais, a culpabilización e censura implícita do comportamento da vítima ou a consideración, dun modo indirecto, da agresión como o cume dunha espiral de violencia crecente na relación que mantiña a parella. A xustificación do agresor, segundo revelan os datos, realízase mediante as seguintes estratexias:

- A inclusión de elementos xustificadores no propio feito noticioso (por exemplo, en noticias como *Absuelto por estar ebrio cuando maltrató a su pareja y a su hija*). Neste caso, o medio, tal e como xa apuntabamos máis arriba en relación coa culpabilización da vítima, debe contar coa suficiente capacidade de reacción para denunciar este tipo de casos.

- A referencia a circunstancias no corpo da noticia como a dependencia do alcohol e doutras drogas, problemas mentais, ambientes marxinais, existencia de conflitos previos na parella... que obscurecen a causa última da violencia de xénero, o feito de ser en definitiva o brazo armado do patriarcado.

- A introdución de testemuños de persoas próximas ao agresor ou, no seu caso, á parella, que xustifican ao home.

- O propio posicionamento do xornal, á hora de darlle máis presenza e relevancia ao testemuño do presunto agresor que ao da muller que o denuncia ou á presunta vítima (tal é o que acontece na cobertura informativa da denuncia por abusos sexuais a un médico de Caldas).

A linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos: Non detectamos na redacción das informacións analizadas unha linguaxe explicitamente denigratoria para coas mulleres, mais a discriminación é implícita canto que é xeralizado nos medios –como reflexo do que acontece na sociedade– o androcentrismo lingüístico que leva a considerar o masculino como universal. O uso do masculino xenérico como a manifestación máis extendida do androcentrismo lingüístico vai en detrimento da claridade e concreción, entendidas como ausencia de ambigüidade, que debe imperar na redacción das informacións. Deste xeito inclúense frases como “Os violadores de nenos condenados pola xustiza colombiana...” , onde *nenos* substitúe o termo real, *nenas*, ou se substitúe sistematicamente a palabra ‘muller’ por ‘persoa’. Mesmo o uso xeralizado do masculino leva a titulares por completo erróneos, tal é o caso de *Detenido por intentar raptar a un menor en el pueblo donde desapareció Yeremy*, onde o menor é en realidade unha rapaza.

Aínda que en ningún momento, como xa dixemos, a linguaxe denigratoria se pon en boca da ou do xornalista, esta fíltrase nalgún caso nas declaracións recollidas das e dos testemuños, nas que se reproducen literalmente expresións como “filla de puta”.

É preciso chamar a atención acerca da necesidade de eliminar a infravaloración e a falta de respecto que os medios amosan na redacción das súas informacións cara ás mulleres que exercen a prostitución. Como xa vimos ao longo deste traballo, están son en varias ocasións culpabilizadas implicitamente de diversos modos, sobre elas recae de forma velada nalgúns casos a censura negativa do xornal e a elas – en casos tan graves como o da muller asasinada en Sober– refírese o medio con expresións frívolas como ‘chicas de alterne’. Titulares como o que segue –nos que se destaca a súa condición de prostituta antes que a de persoa, merecente do mesmo respecto que as e os seus conxéneres– son abondo explícitos desta denigración: *El asesino de Sober empleó una maza para matar a la prostituta*.

Polas fírgoas da linguaxe cóanse a miúdo, de forma velada, os prexuízos e estereotipos de xénero dos xornalistas. A necesaria formación en perspectiva de xénero ausente hoxe en día nos medios debera ser tamén especialmente coidadosa co emprego da linguaxe como ferramenta de cambio, pois, como é sabido, a linguaxe é un dos mellores espellos para a perpetuación das relacións de poder.

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA SOBRE COMUNICACIÓN E XÉNERO

BALLARÍN DOMINGO, Pilar, GALLEGO MÉNDEZ, M^a Teresa, MARTÍNEZ BENLLOCK: *Los estudios de las Mujeres en las Universidades españolas 1975-1991*, Madrid, Instituto de la Mujer, serie Estudios, 1995.

BERGANZA CONDE, R., SÁNCHEZ ARANDA, J., GARCÍA ORTEGA, C.: *Mujer publicada, mujer maltratada. Libro de estilo para informar en los medios de comunicación sobre la mujer*, Pamplona, Instituto Navarro de la Mujer, 2003.

FAGOAGA, Concha, SECANELLA, Petra María: *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española*, Madrid, Instituto de la Mujer, 1983.

GALLAGHER, M.: *Unequal opportunities. The case of women in the media*. Paris, Unesco, 1981

GALLAGHER, M.: *La comunicación al servicio de la mujer. Informe sobre los programas de acción e investigación: 1980-1985*. Londres, City University, 1986

GONZÁLEZ, Norberto: “La IV Conferencia sobre la Mujer de Pekín en “El País”, “ABC” y “The Times”. En *La interpretación y la narración periodísticas. Un estudio y tres casos: Croacia, drogas, mujer*. Navarra, Eunsa, 1997.

GALLEGO, J.: “El estudio sobre la situación de la comunicación en España y otros países”, *Anàlisi* (Barcelona), 15, 16-167, Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, 1993

GALLEGO, J. (dir): *La prensa por dentro: Producción informativa y transmisión de estereotipos de género*, Barcelona, Los libros de la frontera, 2002.

IMBERT, Gerard: *Los discursos del cambio. Imágenes e imaginarios sociales en la España de la Transición (1976-1982)*. Madrid, Akal, 1990

INSTITUTO DE LA MUJER: *Seminario “Balance y perspectivas de los estudios de las mujeres y del género”*, Madrid, Instituto de la Mujer, 2003

KIVIKURU, U. (dir): *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación. Informe final*. Madrid, Instituto de la Mujer, 2000.

LÓPEZ DíEZ, P. (dir): *Representaciones de género en los informativos de radio y televisión*. Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión, 2001

LÓPEZ DíEZ, p. (dir): *Representaciones de género en los informativos de radio y televisión (2º informe)*. Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión, 2006

MARTÍN SERRANO, M.: *L’Ordre du monde à través la TV*. Lille, Presses Universitaires, 1974

MARTÍN SERRANO, M., MARTÍN SERRANO, E., VACA LAGOS, V.: *Las mujeres y la publicidad. Nosotras y vosotros según nos ve la Televisión*. Madrid, Instituto de la Mujer,

MENÉNDEZ MENÉNDEZ, I: *El cuarto poder, ¿un poder de mujeres?*. Oviedo, Instituto Asturiano de la Mujer, 2003.

MENÉNDEZ MENÉNDEZ, I: *El zapato de cenicienta. El cuento de hadas del discurso mediático*. Oviedo, Trabe, 2006

MENÉNDEZ MENÉNDEZ, I: *Entre Penélope y Mesalina. El discurso de las revistas para adolescentes*. Oviedo, Milenta Muyeres, 2005

MORENO, Amparo: *La mirada informativa*, Barcelona, Bosch, 1998.

MUGACOM, *A presenza das mulleres na información dos diarios galegos* (sen publicar), 1999.

OBSERVATORIO DOS MEDIOS. COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA: *Foro Internacional Comunicación e Xénero. Actas* (pendente de publicación), 2006

PUÑAL RAMA, Ana Belén: *A imaxe das mulleres reflectida por La Voz de Galicia e El Correo Gallego. Unha historia de ausencias e de presencias, (1975-1999)* (sen publicar), Santiago de Compostela, 2001.

PUÑAL RAMA, A: “*A imaxe das mulleres reflectiva por La Voz de Galicia e El Correo Gallego. Unha análise lonxitudinal (1975-1999)*”. Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia (pendente de publicación), Barcelona, 2003

PUÑAL RAMA, A: “*As mulleres como fontes informativas en La Voz de Galicia*”. LUSOCOM 2006. *Comunicación local. Da pesquisa á produción científica*, Santiago de Compostela, USC, 2006

PUÑAL RAMA, A, EVANS PIM, J. : “*O Observatorio galego dos medios e o seu compromiso coa igualdade de xénero*”. Actas do Foro Internaonal Comunicación e Xénero, Santiago de Compostela, 2006 (pendente de publicación)

PUÑAL, RAMA, A.: *Los estudios sobre género y comunicación en Galicia*, revista *Comuniación y Género*, Madrid, Ameco, 2005, páx. 121-137

QUINTANAR CABELLO, V. *A muller e os medios de comunicación en Galicia: a súa presenza na organización e nos procesos de produción informativa das redaccións*. (inédito), 2004

RADL PHILIPP, Rita: “*Los medios de Comunicación de Masas y las imágenes en función del género: sobre la influencia socializadora de la Televisión*”. En MUÑOZ, Blanca (coord): *Medios de comunicación, mujeres y cambio cultural*, Madrid, Comunidad de Madrid, Consejería de Servicios Sociales, 2001

RADL PHILIP, R, GÓMEZ VÁZQUEZ, B, GARCÍA MARÍN, J.: “Influencia mediática televisiva, dinámica familiar y roles de género : algunos datos empíricos sobre la situación de los adolescentes” / Rita Radl Philipp, M^a Begoña Gómez Vázquez y Jorge García Marín. *Cuestiones actuales de sociología de género*, Madrid, Centro de investigaciones sociológica / Santiago de Compostela, Instituto de Ciencias da Educación, 2001, páx. 317-343

RADL PHILIP, R: “Meios de comunicación de masas e xénero”, *Terra e Tempo*, nº 16, p.45-47

ROMANO, Vicente (dir.): *Líneas actuales de investigación sobre “Mujer y Medios de Comunicación”*, Madrid, Instituto de la Mujer, 1994

SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE: *Linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2000

SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE: *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade, 2002

BIBLIOGRAFÍA SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

ALBA, Y.: *Guía de buenas prácticas para periodistas y comunicador@s. Prostitución y tráfico de mujeres con fines de explotación sexual en los medios de comunicación*. Barcelona, Red Europea de Mujeres Periodistas Españolas, 2000

BOLINCHES, E.: *Noticias con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica*, Valencia, Unió de Periodistes Valencians y Generalitat Valenciana

BOURDIEU, P.: *La dominación masculina*, Barcelona, Anagrama, 2000

EL CLUB DE LAS 25: “Propuesta de decálogo para el tratamiento de la violencia de género en los medios de comunicación”, *E-leusis.net. La ciudad de las mujeres en la Red*, <<http://www.e-leusis.net>> 8 de octubre de 2004, 2003

FAGOAGA, C.: “Comunicando violencia contra las mujeres”, *Estudios sobre el mensaje periodístico* (Madrid), 1 (1994), p. 67-90

FAGOAGA, C.: *La violencia en medios de comunicación. Maltrato en la pareja y agresión sexual*, Madrid, Dirección General de la Mujer, 1999

FAGOAGA, C.: “Los discursos de la prostitución en la prensa española”. *Congreso internacional Derechos humanos y prostitución*, Madrid, Área de Gobierno de Empleo y Servicios a la Ciudadanía, Dirección General de Igualdad de Oportunidades, Ayuntamiento de Madrid, 2007

FERNÁNDEZ DÍAZ, Natalia: *La violencia sexual y su representación en la prensa*. Barcelona, Anthropos editorial, 2003.

IORTV e INSTITUTO DE LA MUJER: *I Foro nacional. Mujer, violencia y medios de comunicación*, Madrid, Instituto de la Mujer y RTVE, 2002

LLEDÓ CUNILL, E.: *Como tratar bien a los malos tratos*. Instituto Andaluz de la Mujer, 1998

LÓPEZ DÍEZ, P. (Ed.): *Manual de información en género*, Madrid, IORTV e Instituto de la Mujer, 2004

LÓPEZ DÍEZ. P. (Ed.): (ed): *Representación de la violencia de género en los informativos de TVE*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión, 2006

MUÑOZ, M. (coord): *Medios de comunicación, mujeres y cambio cultural*, Madrid, Dirección General de la Mujer de la Comunidad de Madrid, 2001

PUÑAL RAMA, A., PERNAS BELLAS, M: “A imaxe da muller reflectida na prensa galega. O tratamento da violencia de xénero en La Voz de Galicia e El Correo Gallego”, Ciências da Comunicação em Congresso na Covilhã. Actas do III Sopcom, VI Lusocom e II Ibérico. Volume III, Covilhã, Universidade da Beira Interior, 2005

PUÑAL RAMA, A. “Medios de comunicación e violencia de xénero. Declaración de Compostela. Cara un correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres”. *Informe da comunicación 2005-2005*. Santiago de Compostela, Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, 2005

PUÑAL RAMA, A.: “El tratamiento de la prostitución en los medios de comunicación. Algunas recomendaciones”, *revista Comunicación y Género*, Ameco, 2007, nº 7 (próxima publicación)

SÁNCHEZ, J.. *et al.*: *Mujer publicada mujer mal tratada*, Pamplona, Instituto Navarro de la Mujer, 2003

OBSERVATORIO DOS MEDIOS E COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA. (ed): Actas das xornadas “Violencia contra as mulleres e medios de comunicación”, Santiago de Compostela, 2005 (inéxito)

ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE

Transcripción das entrevistas 486

Conclusións 537

Medio de comunicación: *Atlántico Diario*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Vamos a ver, depende. Depende del suceso vamos, quiero decir. A mí gusta 'violencia familiar'. Yo he trabajado en violencia, así que también es cuestión de *deformación* profesional.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

No. No hay ninguna.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Cualquiera que se produzca dentro del ámbito familiar. Y si están fuera ya sería otra cuestión.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Policía; 061 en la calle. Si se puede se va al lugar a hablar con alguna de las personas, o vecinos.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

No más que cualquiera otro tipo de violencias. Es más, a veces hasta menos. Depende. Porque cuando tienes un caso de asesinato es muchísimo más desagradable.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

No.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

No.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Depende del ámbito geográfico. Cuando es de Galicia lo llevo yo. Cuando es fuera de Galicia lo lleva [la sección de] España.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

No. Pero tampoco de otras víctimas.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Si puedo tampoco. Tampoco de otros agresores, a no ser que ya esté condenado.

No hay. Es la norma del sentido común para que no te denuncien.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Igual que en otros agresores, vamos. Sí. Igual que en otros sucesos. Sí.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Si la víctima quiere...

13-Que fontes son as máis usadas?

Generalmente son esas (policía, vecinos) porque yo no trato el tema desde el punto de vista social.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Pues lo mínimo y muy básico: “detenido XJA; 35 años; natural de no sé dónde; que agredió supuestamente a XB en tal sitio”.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Vecinos y familiares si los encuentras sí. Expertos no porque yo soy sucesos. Iría a otra sección.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Siendo más rigurosos, porque se están publicando cosas, ya no sólo en esto sino en sucesos en general, que no están verificados. Eso es un problema de los medios. Falta de medios, falta de periodistas, y falta de recursos humanos que obliga a la gente a trabajar 28.000 horas... y no tienes capacidad humana de hacerlo.

Medio de comunicación: *Diario de Arousa*

Sexo do/a redactor/a: Home

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Pois xeralmente violencia doméstica ou de xénero.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Si. Temos consensuado iso na redacción para usar esas dúas [doméstica/de xénero].

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Aí falamos cos CIMs (Centros de Información da Muller) e eles nos indican. Pois... desde violencia física, psicolóxica, ... No marco da parella.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Temos unhas fontes policiais e contrastamos as informacións con eles, con servizos sanitarios se fora necesario e tamén cos CIMs de cada concello.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Estes temas como son moi delicados e moitas veces hai familias con fillos polo medio... Pois para obter os datos precisos.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

No noso xornal, por comarcas.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Nunca, nunca.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Xeralmente as iniciais. Do da vítima nen sequera as iniciais. Iso é o que está consensuado.

11-Publícanse imaxes do agresor?

Non.

12. Publícanse imaxes da vítima?

Menos aínda.

13-Que fontes son as máis usadas?

As policía e os Centros de Información da Muller.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Son bastante reacios nestes casos, nos detalles singulares. E como moito, se hai detencións, pois dan as iniciais do detido.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Como os CIM (en Vilagarcía, O Grove, Sanxenxo, Cambados... están todos os concellos cubertos) está composto por avogados, psicopedagogos e psicólogas, pois acudimos a eles. E xa nos indican un pouco todo como vai. Se é un caso moi sangrante, pois tamén

acudimos á opinión dos veciños, etc, en caso de... como ocorreu a principios de ano, houbera unha muller morta en Meaño, que fora a primeira deste ano.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Através de formación. Moitos, e inclúome, ao mellor non estamos formados e podemos meter a pata na linguaxe e o que escribimos non se axusta realmente ao que foi. Por iso bebemos das fontes mesmas dos CIM para que eles nos indiquen.

Medio de comunicación: *Diario de Ferrol*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Violencia de xénero non o utilizo casi nunca. Entón pode ser ou malos tratos ou '*violencia contra la mujer*' ou '*lesiones sobre la mujer*' según a calificación que lle den no xuzgado.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Eu son a que cubro xuízos. Entón o tema é que eu o delito que lle imputen é o que utilizo. Cando falan de '*lesiones sobre la mujer*', '*amenazas sobre la mujer*'. Termos xudiciais. Outros termos ás veces si por non repetir. Pero normalmente utilizo os termos que utilizan os xuíces. Poño '*violencia de xénero*' aínda que entendo que non é moi correcto, pero é o que máis se utiliza.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

A violencia exercida sobre unha persoa por cuestión de xénero. Entendido máis que nada na parella.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Ese tipo de información... porque as fontes oficiais de información (a policía e todo iso) cando hai detidos por este tipo de feitos non se soe dar demasiada información. Entón eu a información que teño é a do xuzgado, cando hai os xuízos rápidos, entón esas son as fontes que utilizo.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

As policía non acostuman facilitar información dos detidos por este tipo de violencia ata que chegan ao xuzgado.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Si. Máis ou menos si.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Home, eu penso que si. Seguimos o máis que se pode.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Na sección de tribunais, que é a que levo eu.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Nunca.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Neste medio sempre utilizamos iniciais para todos os acusados, imputados e toda esta historia...

Utilizamos nome e iniciais de apelidos. Da vítima nunca poño nen sequera inicial.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Home, de haber imaxes si.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Non, nunca.

13-Que fontes son as máis usadas?

Eu os tribunais de xustiza son o que máis utilizo.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

A policía... se sei de algún caso que o sei eu, pois pregunto e si me dan a información: “que hai un detido por presuntamente tal”. E nada máis.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Só policía e sobre todo xuzgados.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Pois non se me ocorre nada. Eu procuro facelo o mellor posíbel e preservando sempre a identidade da vítima. E nada máis, non se me ocorre nada máis.

Medio de comunicación: *Diario de Pontevedra*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Normalmente violencia de xénero.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non. Non temos libro de estilo.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Sólo cando é un home contra a súa muller, dunha parella ou ex parella. No resto dos casos utilizamos ou violencia doméstica ou violencia sexista, pero non... [Outros casos xa non entrarían: “estaríamos falando doutro tipo de delitos”].

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Aos distintos corpos de policía, tanto local, nacional como Garda Civil e ao hospital para saber o estado e ao xulgado para saber que pasa co detido se foi detido, vamos.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Normalmente os protocolos que están seguindo as policíaas son de non facilitar practicamente datos. Contar o feito pero sen datos. Por exemplo o lugar onde sucede, pero si o lugar é o domicilio xa non o facilitan normalmente. E da vítima evidentemente ningún tipo de dato

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Eu fago información local polo que vai na sección de local. Non hai dentro de local outra separación.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Nunca. Nin nome nin iniciais. Da vítima nunca se facilitan datos. A idade como moito.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Ata que foi condenado non.

Home, normalmente aos detidos pónselles iniciais, non nome completo. E ás vítimas non se lles pon nada. Son vítimas e entón non facilitamos... como moito a idade ou o lugar de residencia pero nada máis.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Se se vise a cara non. De espaldas según... pois posiblemente.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Nunca!!

13-Que fontes son as máis usadas?

Pois a policía e os xulgados.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Simplemente o feito, normalmente nin o autor nin a vítima, soen facilitar iniciais, pero ningún dato que os poida identificar. Como moito “a zona sur da cidade”, tampouco che din a rúa na que foi nin nada... O que pasou simplemente: “que recibiron unha denuncia porque pasou tal cousa, que tubo que ser atendida e que pasou co detido se foi detido ou non”.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Nun caso diario depende da gravidade. Se é simplemente lesións menores normalmente non. Se xa son máis graves, ou se chegamos a casos de mortes pois si.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Eu creo que xa existiu máis morbo do que existe. Fai un tempo dábaselles máis morbo a estos temas. Agora non solemos, nin nós nin ninguén. Mellorar si pero non sei como. Sempre hai que preservar a identidade da vítima, iso si,... pero igual máis datos dos feitos poderíamos ter, do agresor, antecedentes...

Medio de comunicación: *El Correo Gallego*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Violencia de género o violencia machista.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Pues prácticamente lo hago yo. O sea que la convención la tengo conmigo.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Ahí nos ponemos en serio... Van dentro de la sección de sociedad y en sociedad caben millones de cosas por lo que en función del tema y del sitio que se disponga se le da o no se le da. Y luego se atiende más a los casos de Galicia que a los casos del resto de España. Normalmente en parejas o ex-parejas. Hay casos que hay días que hay un asesinato y no sabemos de que va, y luego se comprueba que es violencia de género y entonces... ¿Sabes? Que hay veces que matan a alguien y no se sabe hasta el día siguiente.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Cuando es en Galicia si, si se ha acostumbrado ir al lugar de los hechos. Cuando han asesinado a mujeres, que gracias a Dios han sido pocas, creo recordar si que se va a los sitios... los compañeros de las delegaciones. Y el resto nos viene por agencias lo que es no es de Galicia.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Yo muchas, personales. Hombre, a veces estás en la duda de si darle cancha a esos temas o si... no sabes hasta que punto... Yo procuro tratarlo lo más alejado de un suceso cualquier. Quitar todo lo que pueda ser así más macabro. Que a veces tengo la sensación

que cuando estás hablando de estos temas estás abriendo la veda para que otros hagan lo mismo.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

No.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Está en sociedade. Antes los de Galicia se cubrían en Galicia, pero desde hace un año y pico se ha decidido que vayan aquí. Por nada muy sesudo, creo, creo.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Normalmente no.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Normalmente tampoco.

Se suelen poner las iniciales.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Cuando las ha habido sí.

12. Públícanse imaxes da vítima?

De las mujeres muertas desde luego yo no.

13-Que fontes son as máis usadas?

Agencias.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

A mi no me ha tocado llevar ningún caso aquí de Galicia porque era en delegaciones, pero mis compañeros si que recurren a la policía. Pero no sé muy bien como es.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Se suele recorrer a vecinos e incluso las agencias, todas las noticias que meto yo, del resto de España, todas las agencias recurren a vecinos, a familiares... Yo creo que a las fuentes expertas se recurre sólo... pues ahora que va a ser pronto, el día contra la violencia de género, pues se recurre a ellos. Soy un poco escéptica.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Tengo mis dudas sobre que es lo que pasa cuando damos la información. Y hombre, mejorarlo... En la teoría todo está genial (formación, evitar morbo,...), pero si asesinan a alguien y yo no lo doy... ya sabes. Al final es todo menos sesudo de lo que parece.

Medio de comunicación: *El Ideal Gallego*

Sexo do/a redactor/a: Home

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Violencia de xénero.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Todos. De violencia de homes contra mulleres e de mulleres contra os homes. Dentro da parella, o resto [acoso laboral, violacións, ...] vai á parte.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Nos tiramos de teletipo.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Pois non encontro ningunha.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Si.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

É de tratar o tema de maneira non... Como era? Eu xa non me acordo.

Como era a pregunta? [...] Eu penso que ningunha.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Sociedade.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Si. Sempre que temos constancia del si. Da vítima e de todos.

Se ven no teletipo... xa che digo. Se no teletipo ven non o borramos.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Tamén.

Non hai norma, non.

11-Publícanse imaxes do agresor?

Se as hai si. Normalmente xa non as hai.

12. Publícanse imaxes da vítima?

Si, pero nunca hai. Se hai fotoretratos ou fotodocumentación e nos ven ben, pois publicamos.

13-Que fontes son as máis usadas?

Xa che digo. Normalmente na redacción son casos de fóra de Galicia. Co cal non temos nós acceso... entón tiramos do teletipo, por axencias.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Pero iso xa sería en local, eu non che podo falar. Se é da zona si, pero vamos, eso xa o fan outros compañeiros. Nós na sección non [“todo o que non é local”]. Nós é todo por axencia.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Non. Só a través de axencias.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

Para que se aplique ningunha. É cousa de comodidade. No noso caso, xa che digo: como veña tratado no teletipo.

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Eu penso que a damos bastante ben. Non facemos ningún... Tratámolo moi seriamente. Non lle damos ningún tipo de... nin cousa así nin de palabras, que poidan ser susceptibles de velo como unha normalidade. Nos non o tratamos desde o principio até o final, entón non sei, aí como se levaría.

Medio de comunicación: *El Progreso*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Violencia machista, violencia de género.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

No. En principio no. De todas formas, normalmente es en juicios donde tratamos esta información. Por ejemplo, lo de las detenciones de hombres o mujeres por violencia doméstica no... Tienen ellos un protocolo por el cual no nos pasan información.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Pues eso, violencia doméstica y violencia de género. Depende. También hay muchos casos en los que el padre pega al hijo o tal, eso ya es violencia doméstica. Si la víctima es una mujer, ya es violencia de género, pero dentro de la pareja.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Normalmente, no sé si es que en Lugo no hay muchos casos, o no hay casos suficientemente graves como para que se produzcan muertes, entonces normalmente cubrimos juicios.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Hermetismo por parte de las fuerzas de seguridad que lo entendemos perfectamente porque se trata de proteger a las víctimas. Por ejemplo nosotros no podemos poner donde se produjeron los maltratos, la calle y tal no lo ponemos; por que es una forma de identificar a las víctimas, a los hijos... Eso lo tratamos de cuidar para que no...

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

No.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

En local y comarcas. Antes teníamos una sección de sucesos e iban ahí, pero ahora ya no existe.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Nunca, de la víctima nunca.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Si, cuando está condenado el nombre completo y cuando es el juicio y todavía no se sabe la sentencia, por ejemplo sin una conformidad, si simplemente es juicio, ponemos iniciales.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Sí.

12. Públícanse imaxes da vítima?

No.

13-Que fontes son as máis usadas?

Policía, Guardia Civil, abogados, fuentes judiciales.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Muy poca información, porque ellos tienen un protocolo según el cual esos casos no deben trascender. Nos mandan todos los días notas de prensa, y los llamo diciendo “mira sabemos que alguien ha pasado a disposición judicial esta mañana”. Pues dices que es un caso de violencia de género, y procuran no dar ningún tipo de información sobre violencia de género. Ellos tienen ese protocolo de proteger a las víctimas.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Fuentes externas, normalmente no recurrimos a hablar con los vecinos: policía, juzgados...

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Pues no sé. No creo mucho en el efecto llamada que dijeron hace poco... Que dar informaciones sobre esto llama a otras personas a cometerlo. Nosotros procuramos... De hecho muchas veces hay casos y no los damos. Según un poco la trascendencia. Por ejemplo mañana hay un juicio en la audiencia provincial de un intento de asesinato de un hombre a una mujer, y claro que lo vamos a cubrir. Pero hay muchísimos juicios a diario, tanto de maltrato de hombres hacia mujeres como de mujeres hacia hombres. Pero hay que ser cautos a la hora de decir el domicilio, las iniciales de la víctima, o de los hijos menores... normalmente eso sí que se cuida. Muchas veces hay juicios y sí hay fotos de las víctimas pero eso nunca se pone.

Medio de comunicación: *Faro de Vigo*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Hombre, se habla de violencia... malos tratos. Generalmente malos tratos. Se habla también de violencia de género, o violencia sobre la mujer, pero bueno, a la hora de redactar, se habla también de “un nuevo caso de violencia de género”.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

No, o sea, lo utilizas... utilizas varios conceptos. Generalmente se usa más maltrato, malos tratos.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Por malos tratos, lo más habitual, es la violencia sobre la mujer. Pero bueno, también se engloba violencia sobre menores, a hijos, Se habla también de violencia doméstica, y se incluye todo lo que ocurre en el ambiente familiar. Lo más habitual es lo que se ve en los medios, no es que nosotros lo solucionemos. Lo más habitual es violencia sobre la mujer, pero también hay violencia sobre menores, hijos, de hijos sobre los padres o a la familia extensa, por ejemplo a los abuelos. En el caso de la mujer, pues violencia sobre la mujer o malos tratos.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Generalmente, depende del caso, depende de la gravedad del caso. Si, imagínate, estamos en un caso de asesinato (aquí hubo uno hace poco, un chico que mato a su novia) pues primero se va al lugar de los hechos, se intenta conseguir información de la policía nacional o de la Guardia Civil, quien dé la información en un primer momento, y el juzgado. Una vez que pasa al juzgado... Lo primordial es conseguir la información policial... los testimonios, las circunstancias... Al final, la información oficial, la

información fidedigna te la va a dar la policía o la guardia civil, depende de quien lleve el caso. Después también se recurre a los testimonios de los testigos, se va a hablar con los vecinos, se intenta hablar con familiares, intentas conocer la situación en la que vivía la víctima y que te cuenten pues si había habido ocasiones anteriores en las que hubo agresiones, discusiones. Ahí es muy importante lo que te diga la policía... ¿sabes? Por mucho que te cuente un vecino, al final... Quiero decir, si al final la policía no te confirma que ha habido denuncias anteriores... con todo eso hay que tener mucho cuidado con la información. Depende quien te la dé... no es lo mismo si te habla un vecino, que al final siempre salen diciendo, pero no te puedes fiar. Si es un familiar directo que lo ha vivido ya es otra cosa.

5-Que dificultades se encuentran no tratamento da violencia de xénero?

Pues un poco lo que te encuentras en todo tipo de información de este tipo, de información en general. Un poco acceder a la información siempre es difícil ¿no? Porque la información oficial pues generalmente es muy limitada y después depende... O sea, sobre todo eso. Al final siempre tienes tus fuentes y siempre se consigue la información, pero bueno, que es difícil. Intentar confirmarte los extremos... es información muy sensible y lo que hay que hacer sobre todo es conseguir que las fuentes oficiales (la policía, la guardia civil o el juzgado) te den información y te la confirmen. Es lo más importante. Porque no te puedes basar en testimonios. A veces te dicen que es muy habitual, que ya ha presentado denuncias y vas a la guardia civil y te dicen que no hay ninguna.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Depende. Si es un hecho puntual, un suceso puntual, de una agresión, de una muerte violenta, puede ir en la sección de sucesos, generalmente, o en la sección de local. Y después también en otras ocasiones cuando hablamos de estadísticas a nivel más general (un estudio, por ejemplo) también puede ir en la sección de sociedad. Pero bueno, lo que es el hecho puntual, que hay un crimen, que hay una agresión, eso va generalmente en la sección de sucesos.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

De la víctima nunca. En todo caso iniciales.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Y del agresor siempre iniciales hasta que haya una condena.

Sí, eso sí. De la víctima, si es menor de edad, no se da nada. Y si es mayor de edad, la mayoría de veces cuando es violencia en la pareja, se dan iniciales, a no ser, por ejemplo, que haya un fallecido. Ahí sí se suelen dar nombres completos.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Si las hay, sí. Por ejemplo en el juzgado o cuando va a declarar a la policía, sí.

12. Públícanse imaxes da vítima?

De la víctima si quiere. Es muy raro. Pero imagínate. Si hay una fallecida y nos dan la fotografía, pues sale la foto. O si es una agresión, que van a declarar al juzgado tanto el agresor como la víctima. Si el agresor queda en libertad con cargos, ya no se da la foto. Si va a prisión si se da la foto. De la víctima, si vas a hablar con ella y ella accede a salir en la foto sí. Si no nunca, nunca se sacan las fotos de las víctimas. A no ser que sea una entrevista, que quiera dar su testimonio. Si no quiere salir se hacen fotografías de recurso, bien con la cara tapada, de las manos... es lo más habitual. Aunque

generalmente no quieren, es inhabitual. E incluso el nombre, si no quiere no se sacan ni iniciales ni nada... se preserva su intimidad.

13-Que fontes son as máis usadas?

Las fuentes generalmente son fuentes oficiales: policía nacional, guardia civil. Muchas veces también policía local. Depende quien lleve el caso. Y después el juzgado.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Te dan iniciales, generalmente del agresor. De la víctima yo creo que no, no suelen dar nunca. Te dan edad y te dan los hechos, el delito que se imputa (concretan si son agresiones físicas, o psicológicas,...) y antecedentes (denuncias anteriores, si ha orden de alejamiento,...). No te dan una información... es muy concreta la información que te dan, sin muchos detalles. Y en el juzgado pues si ingresa o no en prisión, que delitos son los que se le van a imputar, y si no ingresa en prisión pues la orden de alejamiento o la medida cautelar que se aplica.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Generalmente recurre a todo, pero más fuentes expertas: policía, juzgado, el fiscal, los abogados. A parte aquí en Vigo hay un juzgado de violencia sobre la mujer, que sólo es de violencia sobre la mujer. Aquí hay una fiscal especializada.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

¿Mejorar? Hombre, yo creo que la violencia... no es mejorar. La formación siempre es muy importante, sobre todo a la hora de escribir. Tener información sobre ese tipo de delitos. Pero lo importante, y es lo que debemos hacer todos, es preservar la intimidad de la víctima y no dejar caer en el amarillismo. Esa información hay que darla, es así.

Pero siempre de la forma más cierta, sin herir la sensibilidad a nadie. Eso es lo que intentamos. Siempre se intenta hablar con todo el mundo, pues si ella quiera contar su testimonio, es importante que me lo cuente; yo soy periodista y voy a hablar con ella; pero si no me lo quiere contar no se puede ir más allá.

Medio de comunicación: *Galicia Hoxe*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Claro, depende, eu nese caso teño o pequeno hándicap de ser filóloga, non, entón, teño un pequeno conflito co de xénero. Doméstica e familiar tampouco. Xa non é porque se limita ao domicilio e creo que non debemos ese termo. Aínda así, habitualmente se utiliza de xénero.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Somente a que se dá no ámbito da parella, digamos. Por exemplo, acoso laboral e demais non entraría... Eu si que o metería nese campo, pero penso que non.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Depende da magnitude do caso e da cercanía. Se é daqui, se é galego, pois pode que se vaia ata alí e tal, pero o máis frecuente é recurrir ás axencias e recompilar datos anteriores.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

No medio penso que ningunha. E persoalmente... non estou excesivamente conforme con como se trata;coa rutina coa que se trata. Tamén que non creo que sexa absolutamente exclusivo da violencia contra a muller. Creo que tamén hai violencia contra os homes, que nunca se di. No ámbito da parella nunca, xamais, se fala diso. Tampouco se fala dos agresores, de como é o agresor, ou sexa, recae todo na muller,

vitimizándoa en exceso. Quitándolle a súa capacidade como ser humano, ou sexa, como persoa que pasou por unha historia pero que non é nin imbécil...

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non se usa.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Sociedade.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Creo que non.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Non.

Si... Iniciais... creo que nese sentido ven un pouco dado polo caso en si. Igual do agresor si. E da agredida o nome, seguramente, si.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Si. Se hai imaxe, si.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Non, a non ser que ela especificamente quixera saír.

13-Que fontes son as máis usadas?

Sobre todo axencias. A policía escasa.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Moi escasa.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Úsanse máis fontes testimoñais. Expertos non tanto. Creo que non se trata o tema tan en profundidade.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Pois o que che dicía antes... contar a realidade máis completa, quizais recurrir a fontes máis expertas, recurrir a testemuños máis directos, a que a persoa conte a súa historia, recurrir tamén a que o agresor poida falar, poida... Claro, é que nós non temos sucesos, nós temos sociedade. E dentro de sociedade, pois si, trátase habitualmente como suceso. Creo que hai que contar cada vítima que hai, hai que contala, pero como todas as cousas, nos medios téndese a dicir: “El infierno de no sé qué”... non creo que así se axude excesivamente. Si que se axudou, porque de feito antes non había concienciación sobre iso e agora si que hai, co cal pois os medios tamén contribuíron a esa concienciación social, claro está. Pero xa chegados a este punto estamos nun punto que agora hai que evolucionar hacia outra cousa distinta e creo que seguir vitimizándolos tan en exceso, que dicía antes, quitándolles ás mulleres a súa capacidade, ou sexa, a súa entidade como ser humano, como muller non é o mellor... e á parte a figura do maltratador que o final sae case impune, non, sae como... non ten que sufrir o acoso mediático o maltratador. E outra cousa pois o que che digo que tamén existe violencia contra os homes, e nunca xamais se conta iso.

Medio de comunicación: *La Opinión A Coruña*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Normalmente? É que claro, nos non temos así un libro de estilo. Depende. Violencia doméstica ou violencia de xénero. Non hai unha convención.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

[ver resposta anterior]

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Normalmente relacións sentimentais entre un home e unha muller, independentemente de que sexan noivos ou marido e muller.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Os casos de violencia de xénero, é que é moi curioso. Nós aquí en Coruña non temos coñecemento de moitos deles, de feito, nos últimos anos, así en Coruña cidade, se os houbo, a nos apenas nos chegaron. O protocolo da Policía é de non informar.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Por exemplo, eu pedín á Policía información para facer unha reportaxe sobre violencia de xénero, doméstica, chámese como se chame, polo día internacional contra a violencia de xénero, e me dixeron que non, que non se dan datos do que pasa, de cantas denuncias, cantos casos, nada. Non conseguín. Na Guardia Civil é diferente. Eles si que son máis proclives a darche datos, e estou en trato con eles porque na policía nacional imposíbel.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Local.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Non. Eu polo menos nunca.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Se o sabemos si.

11-Publícanse imaxes do agresor?

Si, se as hai claro.

12. Publícanse imaxes da vítima?

Da vítima non, eu entendo que non se debería.

13-Que fontes son as máis usadas?

Eu estou agora acordándome dun caso que houbo nos últimos meses, que nos enteramos por veciños de que houbera un asasinato e fomos ata alí e despois de recabar información no lugar con veciños e tal, contrastámolas coa policía, pero así en principio dan moi pouca información.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Información de confirmar cando aconteceu, como e se sabe porque.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Si. Claro que depende moito dos caos, por que normalmente andamos con tantas presas no lugar do suceso tes información dabondo ou por outras vías, e a opinión dos expertos pois queda para o día seguinte. Dependendo do volume de información que se consiga, sempre se intenta.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

É importantísimo que haxa unha posta en común entre as partes que estean implicadas nesto. Tanto no que é as policía, os xulgados, as institucións... Creo que cada un vai un pouco polo seu camiño. Supoño que entre as forzas de seguridade haberá algunha comunicación, non? pero paréceme que falta eso, unha posta en común. A verdade é que moitas veces non eres consciente e coa túa mellor intención sacas unha información que ti pensas que podes estar apoiando que outras persoas denunciem e ao final resulta que non é así. Pois claro, si que estaría ben que houberse cursos de formación e que se implicase tanto ás empresas como as institucións.

Medio de comunicación: *La Voz de Galicia*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Vale... espera un segundo porque es una pregunta que tendremos que hacer, espera. [de fondo: “¿a la violencia de género como la denominamos: doméstica, de género... ah? La del hombre contra su señora...]. Espera, porque me lo van explicar el editor... porque son las cosas que tenemos que preguntar. Me parece que es violencia machista [de fondo: ¿si es de un hombre contra cualquier mujer? sexista?]. Espera, a ver como es. Mi madre, mira, jopé! Tenemos todos los nombres: violencia familiar, doméstica, conyugal, sexista, machista, de pareja, contra la mujer, por razón de sexo y ya no hay más.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Hombre, no lo especificamos en nuestro libro de estilo, pero otra cosa es que si es de un hijo a una madre es doméstica; no es de pareja ni conyugal, ni por razón de sexo. En principio se usa mucho el término ‘sexista’ o ‘de género’. ‘De género’ no, no lo usamos ‘de género’, ¿no?. A ver. Nosotros sexista si lo usamos.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Lo normal que nosotros incluimos, no es por ejemplo el acoso en el trabajo, que no lo englobamos ahí. Es decir, podría ser la típica mujer que denuncia a su jefe y tal, pero se considera más la violencia doméstica, en el ámbito familiar, en el entorno cercano.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Depende. Si es una noticia de información nacional, si ocurre fuera de Galicia, se recurre a las agencias de información que tenemos contratadas: Colpisa, Reuters y EFE. Si es una cosa que ocurra en Galicia, automáticamente es una información que generamos nosotros, entonces, se recurre al entorno de la víctima o el suceso donde

ocurre y a la policía o a las autoridades pertinentes y al hospital donde vaya la víctima, si es que va a alguno.

5-Que dificultades se encuentran no tratamento da violencia de xénero?

Por exemplo que haya gente que salga en la foto si es en Galicia. Que salga alguien que diga que es un sin vergüenza. A no ser que muera y la familia... es muy combativa y se muestra muy dura, si no es reacia a salir en el periódico.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

No.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Los sucesos irían en Galicia si son gallegos y en nacional si son de fuera de Galicia, claro. Nosotros estamos preparando un reportaje para el fin de semana [25N] por el cuento de esto de la violencia doméstica y vamos a hacer un balance, o hablaremos con un psicólogo y tal y eso irá en sociedad.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Depende. Si el nombre sale porque ya es... normalmente porque está muerta, pues sí. Si la víctima está viva o lo que sea pues sólo se pone el nombre y la inicial del apellido o las iniciales. Ahí dependemos mucho de la información que facilite la policía.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Se intenta poner completo casi siempre, en el caso de que lo reconozca.

No. Lo normal es a los menores nunca; y a la gente mayor depende de lo que mande la policía.

11-Publícanse imaxes do agresor?

Si está detenido sí.

12. Publícanse imaxes da vítima?

Hombre, de la víctima... Normalmente cuando salen las víctimas en el 99% de los casos no sale su cara. Salvo que ella exprese ‘quiero salir yo’. Normalmente en las víctimas de violencia nunca salen las caras.

13-Que fontes son as máis usadas?

En Galicia el entorno familiar y las fuentes oficiales de la policía.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Depende mucho de la comisaría que le afecte, de los contactos que uno tenga, de como sea el departamento de prensa en cuestión. Normalmente son partes de lesiones. Resumen las lesiones y la información horaria: “a las ocho de la tarde se presentó tal con unas heridas de carácter tumba”.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Normalmente es a partir de una denuncia, de una nota de la poli, de la policía, y siempre se intenta completar con información del entorno, de la víctima o del agresor.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Yo creo que somos un poco todos en general, todos, no sólo nosotros, tiramos al morbo. Se hace mucho hincapié en el caso en si y después se olvida la historia. No se hace un seguimiento.

Medio de comunicación: *La Región*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Pois violencia de xénero, violencia machista ás veces. Basicamente esas.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non. Que eu saiba non.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Normalmente á violencia exercida sobre unha muller, sobre todo no caso das relacións sentimentais.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

É moi complicado porque son temas que tanto a policía nacional como a Garda Civil normalmente protexen moito. É moi complicado para nós enterarnos dunha noticia sobre malos tratos. Entón, normalmente cando nos chega esa información, pois o que procuramos é sobre todo protexer a identidade da vítima, eso sempre. É moi raro que se dea ningún tipo de dato. Non se dá a non ser que sexa unha vítima mortal. O protocolo é intentando averiguar por diferentes fontes.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Basicamente a dificultade principal é a de que policía nacional (a local é un pouco diferente) e da garda civil, simplemente non se dan datos.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non sabe.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Claro. Eu estouche falando do que vexo como un suceso, como algo moi puntual e que está ocorrendo como suceso ou ben a nivel xudicial. Nós o que pasa é que todo o que facemos aí vai para a sección 'Ourense'. O que pasa é que logo, sobre ese tema fanse outras veces outro tipo de reportaxes ou de tratamentos que non levo eu máis na área de sociedade.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Nunca.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Completo non. Normalmente o nome de pila e as iniciais dos apelidos, como case todos os detidos ou implicados. É diferente cando hai unha vítima mortal que, desde que levo nesta sección só se deu unha vez.

A identidade das vítimas non se dá e a dos agresores pois depende do caso. Cando hai unha detención, que se queda niso, nome e apelidos en iniciais.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Se as hai si.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Non, nunca.

13-Que fontes son as máis usadas?

Eu che falo desde o punto de vista do que eu fago. Supoño que se fas unha reportaxe sobre este tema tentarás recurrir a outras fontes. Eu teño feito cousas a nivel xudicial e normalmente recórrese a avogadas, que son normalmente as mulleres encargadas destes casos, ou a fiscal de violencia de xénero, ou xuíz de violencia de xénero. Pero limitada ao que é a miña sección.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

A policía local, normalmente cando é algo diferente, ou cando hai algún detido si que da información, pois temos noticia de que hai unha discusión, fulano agrediu a tal. Agora mesmo non caigo se eles dan iniciais das vítimas, ao mellor só dan a idade, pero non estou moi segura. E a policía nacional e a Garda Civil, como che dixen, non dan ningún tipo de información, polo menos oficialmente. Logo, ao mellor, encontras a algún... Pero oficialmente os gabinetes de prensa non dan información.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Depende do tema non? Expertos si que se levan, ás veces con vítimas... con persoas que traballan con vítimas, directamente con elas. Ao mellor das o testimonio da casa de acollida... sempre co anonimato.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

A verdade é que non sei. Eu tampouco son moi partidaria de recurrir a testimonios de veciños, aínda que ás veces os medios o facemos, porque non aportan demasiado ao caso e ás veces dan unha versión distorsionada do agresor. Porque claro, o agresor non é igual cos veciños do que coa muller.

Medio de comunicación: *Radio Galega*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Non é que exista un término absoluto, pero ‘violencia contra as mulleres’ ou ‘violencia machista’.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non. Vai máis a criterio persoal.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Maioritariamente malos tratos, incluso con resultado de morte, cara unha muller. Adoitan ser os casos máis frecuentes. Estamos falando de parellas ou ex-parellas.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Depende, no noso caso do ámbito que teña. Se é algo que acontece fóra de Galicia recórrese a teletipos ou outro tipo de información e se elabora a noticia. Se fora algo máis próximo a nós, trátase de afondar no asunto, estar pendentes da situación xudicial, facer un seguimento dese caso, días despois, tentar incluso se é unha cousa especialmente grave falar co contorno. Non sei, dependería de cada caso.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Como xornalistas, un pouco temos sempre a dúbida de como chamarlle ás cousas. Sabemos que ha termos que se deberan evitar, non é igual chamarlle dunha forma que doutra ao mesmo. Entón ás veces estamos con esa dúbida: se violencia contra as mulleres, violencia machista... decir violencia de xénero que quere decir exactamente, se ten algunha outra connotación... Despois desde o punto de vista informativo, da

elaboración da información, é difícil conseguir outro tipo de datos que non sexan os simples feitos: que houbo un maltrato, unha morte, ou demais.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Non.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Si, bueno. Fora difundido daquela (fai un ano). Botarámoslle unha ollada pero non é algo que teñamos aquí fisicamente para consultar.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Así de boas a primeiras diría que sucesos. Pertence á crónica dos sucesos. Dependería moi moito de onde é, que tipo que tipo de agresión ou de acto estamos informando. Dependendo das circunstancias pode chegar incluso a abrir un informativo, ou non. Dependería moito.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Non.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Non, tampouco.

Os datos que se dan nese sentido é a orixe, de onde son e a idade.

11-Públícanse imaxes do agresor?

[non se aplica]

12. Publícanse imaxes da vítima?

[non se aplica]

13-Que fontes son as máis usadas?

Pois xa che digo. Se acontece fóra de Galicia sería a través de teletipo. E sendo que ocorre aquí en Galicia pois a través das chamadas puntuais que lle damos ás policía locais, forzas de seguridade, ou mesmo a información que nos remiten eles cada día tamén.

14-Acódesse á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Algo parecido ao que damos nós despois. Siglas con idades, refiren o feito e aclaran a situación xudicial: se a persoa foi detida, se non, se a vítima está ingresada no hospital, se non, ... Datos escuetos, case sempre.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Algo de todo. Para falar dun caso puntual o normal é acudir ao contorno, se se pode, e referirse ao caso concreto. Se xa estiveramos falando de... en ocasións se usa un caso destes para facer balance, entón, por exemplo, a finais de ano, está a piques de acabar o ano e xa van non sei cantas mulleres mortas a mans das súas parellas. Entón aquí cabería a voz dun experto, dalguén que reflexione sobre o tema, aclare os datos ou demais. Por desgracia é tan frecuente o tema que non te podes parar en cada caso en concreto a analizar a situación. Estamos metidos nunhas rutinas que simplemente se dan feito e só en determinados momentos nos paramos a reflexionar ou a profundizar no tema.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

[Non se aplica]

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Eu penso que a xente que está traballando sobre o tema... Claro, nos estamos tocamos temas moi distintos e non somos especialistas en ningún. Pero en casos como este si que, á hora de escribir unha noticia, que nos xurden esas dúbidas, de como chamarlle ás cousas, ou que tratamento dar. Hai cousas que temos claras, como o non dar o nome dos implicados, nin de datos que os poidan identificar. Pero si se bota en falta xente que esté en contacto con ese mundo, que saiba realmente das carencias, dos efectos que poidan ter unha noticia deste tipo, que nos aclarara que é o que se pode estar facendo mal e que se podería mellorar.

Medio de comunicación: *Radio Voz*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Doméstica ou de xénero.

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Non.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Todos aqueles que inclúan calquera tipo de agresión. Dende... que inclúan física, que xeralmente é o que nos chega a nós, xeralmente por axencias. Xeralmente máis ben no que é a parella. Se é unha agresión sexual falamos de agresión sexual ou de violación, pero nese caso non, máis ben no ámbito doméstico, entre parellas.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

Non. Este medio é un medio moi precario, en persoal. Entón chegan xeralmente por axencias. Xeralmente chegan por axencias. Os que son temas propios, como houbo hai algúns meses aquí en Coruña si, se manda a xente. É dicir, casos moi chamativos, pois de eso, que hai revuelo na rúa, ou pois cando foi aquel caso de Vigo, que xa levaba moitas denuncias feitas, non me acordo agora como fora o tema, aí si se pode mandar un redactor, máis que nada ao que é... a recoller impresións dos veciños e ese tipo de cousas. Pero xeralmente non podemos mandar a unha persoa, salvo que sea unha cousa moi destacada sabes? O sabemos a touro pasado ou porque as policía mandan a nota, decindo o parte de actuación.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Unicamente que sexa polo tema de... É como se hai un accidente de tráfico. Ten que ser unha cousa espectacularcísima... tampouco mandamos se... Se chama por teléfono non? Nos informa a Garda Civil. E neste caso igual. Salvo que haxa digamos unha manifestación, de condena. Matan a unha muller e tal... e aí si pode haber un redactor e entón se fai unha crónica, cunhas declaracións. Hai días destacados do ano nos que tamén pois facemos entrevistas pois a agrupacións destacadas, pois como pode ser Alecrín en Vigo e algunhas máis. Pois se hai casos concretos, nunha cidade, pois si se chama a esas asociacións para darlle unha maior cobertura, aínda que o que non podemos facer é estar en cada portal no que hai un tal igual que non estamos en cada estrada na que hai un accidente.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Si, me soa.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Eu creo que seguimos máis ou menos un protocolo así xeral do que é as... do sentido común. Do que é a diferenciación entre o que pode ser violación, como caso de agresión sexual e violencia de xénero o deixamos máis no ámbito doméstico. Aí estamos un pouco no mesmo baremo que os demais medios, me imaxino. Non é que o teñamos aquí diante posto, sinceramente.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Nos informativos. É dicir, a ver... xeralmente se é tema local evidentemente cada quen na emisora, nos seus espazos de informativos. No que son informativos rexionais temos informativos específicos e boletíns xeralmente ese tipo de cousas (unha morte, unha agresión, un detido por tal...) adoita ir ao principio, no bloque de sucesos, se o queres poñer así. Tráfico e este tipo de cousas: un accidente laboral, unha agresión deste tipo, ... Salvo que sexa que saques unha estatística ou un día destacado que si adicamos,

dependendo do día, pois vai máis ao principio do informativo ou máis cara o final en sociedade. É que depende moito do calado da noticia, do motivo.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Non, en ningún caso.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

En principio iniciais. Aínda que na radio non ten moito sentido, antiradiofónico total. Outra cousa é, por exemplo, este agresor que foi detido hai pouco na Coruña. Ai si transcende o nome por que é unha ola de... tal. Pero se é detido por presuntamente agredir á súa esposa nun portal de Vigo, denunciaron os veciños, non nos parece relevante dar as iniciais del, nin moitísimo menos as dela, salvo que en determinado caso houbera unha sentenza non?: “Menganito de tal condenado a tanto por esto”.

11-Publícanse imaxes do agresor?

[non se aplica]

12. Publícanse imaxes da vítima?

[non se aplica]

13-Que fontes son as máis usadas?

Xeralmente chega por axencias, cando son casos así menores... menores, quero decir: todos os días están saíndo denuncias de veciños porque oíron gritos. Se é unha cousa moi... con consecuencia de morte, ou un tío que se saltou a orde de alexamento, é que depende do caso... Aí si hai un redactor local que dependendo da carga de traballo que teña, pode ir a cubrir. Entendes o que che quero decir? Depende moitísimo do caso. É moi complicado... se é un caso moi destacado pois se fala directamente aquí con policía, veciños, agrupacións, co xulgado... e se manda a unha persoa se é que pode acudir. Pero estes casos que está constantemente saído todos os días chegan normalmente por axencias, porque están todos os días recabando parte de actuación de todas as policía de Galicia.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Uff! Depende moitísimo. Os hai desde que te contan “nos llamaron a las 10:30; se quejaron los vecinos porque oían gritos; y el detenido es un ucraniano de no se cuantos años; y ya fue trasladada a no se que hospital” ata os que te dicen que xa está cunha denuncia e que non che poden decir nada. Iso xa é como lles dea a gana a eles.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

Depende, depende moitísimo. Se é un suceso ou se en clave, en primeiro termo... Imaxínate: morre agora unha muller. Se é en clave de suceso, primeiro... ir á rúa, buscar testemuños dos veciños (se se oían gritos, se nos se oían gritos, se tal e cual); o segundo, acudir a fontes familiares é moi complicado, porque xeralmente non queren, non está o forno para moito tal. Logo xa entramos na xente, se queda ingresada, ou ingresado, tratamos de preguntar no SERGAS, no servizo de prensa da cada centro hospitalario, onde xeralmente non terán información; evidentemente se acode á policía e a Garda Civil para que te dean os datos e despois, dependendo do calado (porque cada vez que hai unha agresión non podes chamar ni a expertos avogados deste tipo de casos nin ás asociacións)... pero en días destacados, o unha agresión especialmente destacada... como se hai unha ola de siniestralidade altísima nas estradas, pois entón chamas a tráfico, fas unha entrevista, buscas unhas declaracións. Depende do calado... non é que non teña calado calquera agresión pero depende do engorde que vaia collendo o tema.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

As dificultades coas que xogamos en calquera outra noticia. Partindo da base dun código de respecto e responsabilidade evidentemente pois o que é a rutina da rapidez, da celeridade... Cando tes unha cousa máis ou menos mecanizada, xa sabes que non vas a dar o nome da vítima, a min non se me ocorre. Aínda que saia o teletipo volando e entre eu no estudio directamente. Pero, o único que pode pasar é a celeridade e a falta de persoal.

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Non penso que esteamos por detrás doutros medios á hora de tratar o tema con responsabilidade ou darlle a relevancia que merece e de abordalo no seu calado. Ter unha persoa en cada punto non a ten ninguén, pero nós por ser un medio con menos persoal non podemos estar en todos os lugares onde se debera. Hai recomendacións no libro de estilo da casa, da corporación, como pasou con islamista/islámico, a diferenciación entre os dous termos. Cando vai xurdindo a necesidade os propios colectivos van pedindo rectificacións para que non se terxiversen as palabras. Outras veces... non sei se te refires a charlas ou actividades formativas... Ao nivel que nos estamos tocando, nunca está de máis... non só dese tema en concreto, senón tamén de calquera outro, como unha conferencia de economía. Pero non creo que esteamos pouco capacitados para dar unha nova, ou abordar unha nova... se vas ás fontes adecuadas.

Medio de comunicación: *Televisión de Galicia*

Sexo do/a redactor/a: Muller

1-Que conceptos se empregan no medio para referirse á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo?

Violencia de xénero é a máis habitual

2-Hai algunha convención ou regra de estilo no medio que determine que termos han de usarse?

Eu o outro día falei co Director Xeral da Compañía e díxome que eu fixera unha proposta ao Consello de Administración para que se empregase o termo ‘violencia machista’. Pero claro, eso é algo que na práctica non chegou á redacción. Eu ao mellor persoalmente sí que o emprego pero non é moi xeneralizado. Foi aceptado pero non se utiliza.

3- Que tipo de casos engloba o seu medio baixo o concepto violencia de xénero ou outros conceptos de similar significado?

Exclusivamente a violencia exercida polo home contra a parella ou ex-parella.

4-Cando teñen coñecemento dun caso de violencia de xénero, que rutinas aplican?

As fontes habituais son veciños, familiares que igual se encontran na área ou entorno no que se produxo o feito e, como moito fontes policiais. Raramente fontes expertas.

5-Que dificultades se encontran no tratamento da violencia de xénero?

Quizás a falla de recursos. Explícome. Eu sei que o que deberíamos facer é falar con psicólogos, expertos, asistentes sociais, sen embargo, non encontras esas fontes rapidamente. Nos temos que cubrir esas informacións con moita rapidez. O problema é a inmediatez. Nese tempo nós non temos acceso a ese tipo de fontes. E despois tamén as rutinas e o enfoque co que se valora a violencia de xénero. Habitualmente valorase como suceso... o que non dá cabida a outro tipo de tratamentos.

6-Ten vostede coñecemento da Declaración de Compostela?

Si.

7-O seu medio fai uso da Declaración de Compostela e das recomendacións nela recollidas?

Non, non se usan as recomendacións.

8- En que sección (no caso dos xornais) ou bloque temático (no caso das radios e televisións) se inclúen os casos de violencia de xénero? Por que se inclúen nesa sección?

Habitualmente en sucesos. Por pura sistemática e porque non hai capacidade de reflexión sobre o tema... e por sistema inclúese aí aínda que se podería incluír noutro bloque.

9-Indícase nalgún caso o nome completo da vítima?

Si, nalgún caso tense feito.

10-Indícase nalgún caso o nome completo do agresor? Hai algunha convención ou norma de estilo no seu medio ao respecto?

Si, nalgún caso.

Non, propia do medio. O medio está en trámites de elaborar un libro de estilo no que se analizarían este tipo de procedementos.

11-Públícanse imaxes do agresor?

Si.

12. Públícanse imaxes da vítima?

Se as hai, si

13-Que fontes son as máis usadas?

Veciñanza, e se non fontes policiais.

14-Acódesese á policía e forzas de seguridade como fonte? Que tipo de información facilitan?

Eu creo que son pois ao mellor datos de idade, estado civil, e quizá a descrición dos feitos, como sucederon. Quenes chamaron, se se escoitaron berros, lesións que presentaba a vítima.

15. Botan man de: fontes testimoniais; fontes expertas.

As fontes expertas son bastante nulas. Eu creo que, de habelas, pero xa che digo que máis en ocasións especiais, pois ao mellor asistentes sociais.

16-Que posibilidades ou dificultades observa para a aplicación da Declaración de Compostela na súa redacción?

Falta de coñecemento da parte dos redactores. Os xornalistas, os profesionais debería recibir información para poder aplicala. Tamén un pouco o problema da sistemática imperante. Hai unha maneira de tratar o tema e é moi difícil saír daí, por sistema.

17- Como considera que se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio? Que alternativas propón?

Eu creo que o principal é formación do persoal, tanto a nivel dos directivos como a nivel de traballadores. Incluso formación para saber o que é a violencia de xénero. Despois o que son libros de estilo... o decálogo da declaración de Compostela están ben, pero mentres a xente non estea formada non está motivada, entón dálles igual que haxa ou non protocolos.


Entrevistas en profundidade: conclusións

En relación aos conceptos empregados para designar á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo, cabe destacar a dúbida dos e das xornalistas á hora de entender o valor e significado de cada opción, deixándose levar maioritariamente pelas prácticas habituais nos restantes medios (“Lo más habitual es lo que se ve en los medios”). A maior parte dos e das xornalistas entrevistados/as opta polo termo ‘violencia de xénero’ (46%), seguido de violéncia ‘doméstica’ e ‘machista’ (con 15% cada un) e violencia ‘familiar’, ‘contra a muller’ e ‘malos tratos’ (con un 8% cada un)⁸. Adicionalmente, encóntranse varias tendencias a este respecto na hora de xustificar este uso. Algunhas entrevistadas escúdanse nunha suposta linguaxe xurídica para evitar compromiso e, así, “o delito que lle imputen é o que utilizo: cando falan de ‘lesiones sobre la mujer’, ‘amenazas contra la mujer’, ...”; “*tienen ellos un protocolo*”. Nesta lóxica, apenas se usan outros termos “por non repetir”, e a confusión é pauta dominante de modo que violencia de xénero, doméstica, familiar e outras acepcións converxen, confúndense e se sobrepoñen: “*también hay muchos casos en los que el*

⁸ Tanto nesta cuestión como nas sucesivas, contabilizouse como unha (1 punto) ocorrencia por termo cando os/as entrevistados/as optaron por unha única escolla, valorando como 0,5 cada opción cando a resposta é múltiple. Cabe mencionar tamén que o feito de utilizarse da nosa parte o termo ‘violencia de xénero’ á hora de mencionar o obxecto do estudo poida ter influido nas respostas proporcionadas pola mostra.

padre pega al hijo”; “también hay violencia sobre menores, hijos, de hijos sobre los padres o la familia extensa, por ejemplo los abuelos...”; até o extremo de non establecer ningún tipo de distinción ou varianza en absoluto:

“Vale... espera un segundo porque es una pregunta que tendremos que hacer, espera. [de fondo: “¿a la violencia de género como la denominamos: doméstica, de género... ahh? La del hombre contra su señora...]. Espera, porque me lo van explicar el editor... porque son las cosas que tenemos que preguntar. Me parece que es violencia machista [de fondo: ¿si es de un hombre contra cualquier mujer? sexista?]. Espera, a ver como es. Mi madre, mira, jopé! Tenemos todos los nombres: violencia familiar, doméstica, conyugal, sexista, machista, de pareja, contra la mujer, por razón de sexo y ya no hay más”.



Ante este caos terminolóxico, tampouco existen convencións ou regras de estilo no medio que determinen que termos deben usarse e cando ‘existen’, como no caso anterior, non aportan ningún tipo de aclaración. Os resultados expoñen que o 87% dos medios galegos (14 entrevistados/as) non dispoñen deste tipo de instrumentos mentres só 2 sí os contemplan. Como resultado, o 100% da mostra entende que, sexa cal fose o termo a usar, este circunscríbese de forma case exclusiva ás formas de violencia enmarcadas no relacionamento sentimental entre un home e unha muller ou no marco familiar máis amplo, sen considerarse en ningún caso outras formas de violencia contra a muller como o acoso laboral, violencia contra as nenas, violacións, tráfico de mulleres, etc., aínda que parte dos e das entrevistados/as si entende que a violencia pode ser tanto psíquica como física.

A problemática de como denominar este tipo de feitos tamén atrae parte da atención na hora de valorar que medidas que poderían mellorar o tratamento da violencia de xénero nos medios, que en boa medida pasaría por incluír de forma máis clara e aplicar de maneira efectiva normas claras de actuación: “Hai recomendacións no libro de estilo da casa, da corporación, como pasou con islamista/islámico, a diferenciación entre os dous termos. Cando vai xurdindo a necesidade os propios colectivos van pedindo rectificacións para que non se terxiversen as palabras”. En boa medida, calquera medida neste sentido debe pasar por unha necesaria aclaración:

“Como xornalistas, un pouco temos sempre a dúbida de como chamarlle ás cousas. Sabemos que ha termos que se deberan evitar, non é igual chamarlle dunha forma que doutra ao mesmo. Entón ás veces estamos con esa dúbida: se violencia contra as mulleres, violencia machista... decir violencia de xénero que quere decir exactamente, se ten algunha outra connotación...”.

En relación á Declaración de Compostela, queda claro que a inmensa maioría dos e das entrevistados/a (75%) descoñece o texto. Dos/as catro que dan unha resposta afirmativa, dúas teñen dúbidas sobre os seus contidos, e a totalidade cree que non se aplica no seu medio, aínda que “seguimos máis ou menos un protocolo así xeral do que é as... do sentido común: do que é a diferenciación entre o que pode ser violación, como caso de agresión sexual e violencia de xénero o deixamos máis no ámbito doméstico”. A maioría culpa ás rutinas e á falta de tempo o feito de non darlle maior seguimento, pois “para que se aplique [non hai] ningunha” dificultade, ou, en todo caso,

“as dificultades coas que xogamos en calquera outra noticia. Partindo da base dun código de respecto e responsabilidade evidentemente pois o que é a rutina da rapidez, da celeridade... Cando tes unha cousa máis ou menos mecanizada, xa sabes que non vas a dar o nome da vítima, a min non se me ocorre. Aínda que saia o teletipo volando e entre eu no estudio directamente. Pero, o único que pode pasar é a celeridade e a falta de persoal”.


Entrando xa nas rutinas dos xornalistas ante casos de violencia de xénero, a maior parte dos xornalistas alegan que o factor xeográfico condiciona enormemente a posibilidade de abordaren directamente os feitos noticiosos, partindo para as axencias en

todos os casos se se saen do seu marco de actuación. En todo caso, as forzas e corpos de seguranza do Estado (policia nacional, local ou Guardia Civil) é o medio máis consultado e ao que se acode en primeira instancia, apesar do seu hermetismo e das limitacións informativas que impón. En segunda instancia, e no caso de que se presenten danos, os centros médicos e servizos sanitarios tamén resultan unha fonte recorrente. Cando se estima que a situación ten a ‘relevancia suficiente’ pode optarse por entrevistar a veciños, familiares ou outras fontes testimoniais, aínda que os propios xornalistas non dan excesivo crédito ás mesmas. Finalmente, os xuzgados son a fonte final para a confirmación de datos, aínda que xa nun estadio posterior. Fontes expertas, alén das do ámbito da seguranza, saúde e xustiza, apenas se encontran nun caso no marco das rutinas:

Como os CIM [Centro de Información da Muller] (en Vilagarcía, O Grove, Sanxenxo, Cambados... están todos os concellos cubertos) está composto por avogados, psicopedagogos e psicólogas, pois acudimos a eles. E xa nos indican un pouco todo como vai. Se é un caso moi sangrante, pois tamén acudimos á opinión dos veciños, etc, en caso de... como ocorreu a principios de ano, houbera unha muller morta en Meaño, que fora a primeira deste ano.

Precisamente, cuestionados polas dificultades á hora do tratamento da violencia de xénero, a maioría coloca a falta de transparencia e opacidade dos corpos e forzas de seguranza públicos á hora de proporcionar información a este respecto como o obstáculo máis grave. Unha parte significativa da mostra tamén indica os seus recelos por “non saber como tratar un tema tan delicado”, estando esta cuestión ligada aos resultados da última cuestión, referente ao melloramento do tratamento. Finalmente, grande parte dos e das xornalistas alegan en diversos momentos da entrevista as dificultades inherentes á propia natureza da estrutura dos medios de comunicación galegos (falta de persoal, tempo, recursos, ...).

En relación á disposición dos contidos no medio destaca que o 37% dos e das entrevistados/as inclúen habitualmente os casos de violencia de xénero na sección de ‘sucesos’, seguida de ‘local’ ou ‘comarcas’ co 31% (debido á particular estrutura dos medios galegos), ‘sociedade’ co 19% e ‘Galiza’ co 13%.



Cuestionados sobre a posibilidade de introducir ou non o nome completo da vítima, o 81% responde de forma rotunda que non, mentres tres casos (que supoñen o 19%) respostan ‘depende’, un en función de como aparece reflexado no teletipo (“Se ven no teletipo... xa che digo. Se no teletipo ven non o borramos”) e outro segundo a policía divulgue ou non este dato. No caso do agresor, o 69% incluíría de forma habitual as iniciais (e unha parte o nome completo unha vez que exista sentenza firme) mentres 31% non o incluíría en ningún caso.

En relación ás imaxes (das que obviamente se exclúen os dous medios radiofónicos incluídos na mostra), o 86% incluíría fotografías ou imaxes fílmicas do agresor (frente ao 14% que non as incluíría) aínda que nun dos casos especificábase que só se introducirían de non verse a cara e noutro só se está detido. No caso das imaxes da vítima, o 57% recusa a posibilidade, mentres o 29% só incluírían a fotografía se a vítima accedese e o 14% (2 casos) afirman que si se publicaría/transmitiría a fotografía se existise.

Cando cuestionados sobre as fontes que soen consultar para publicar a noticia, os/as xornalistas coinciden en 10 fontes principais, aínda que dúas delas (agresor e SERGAS) son bastante minoritarias (con o 1,25% cada unha). Tamén pouco consultados son os Centros de Información da Muller, aos que só o 3,43% dos/as profesionais admiten consultar. Este índice non está moi afastado dos 5,93% das fontes expertas utilizadas polas/as profesionais da comunicación, entre as que se destacan axentes sociais. Por outra banda, o 11,25% dos/as entrevistados/as admite utilizar “fontes testemuñais”, nalgúns casos xa descritas como veciños, co 15,62%, seguidos dos familiares, co 6,25%.

Non obstante, as 3 fontes máis consultadas son os tribunais ou xulgados (co 11,25%), as axencias (co 15%), bastante presentes nos casos ocorridos fóra da Galiza e, finalmente, os corpos e forzas de seguranza (policías, garda civil, etc.), co 28,75%. Esta última, indicada por todos/as aqueles/as entrevistados/as, xeralmente é recoñecida pola pouca información, bastante sometida a uns padróns que normalmente se reducen a iniciais, datos do feito e pouco máis. Así, relacionando cuantitativamente o tipo de información ofrecida pola fonte policial, os/as xornalistas recoñecen que o 35% da información son as iniciais do agresor, o 35% relacionada ao propio feito en si, o 22,5% sobre local ou hora do feito, o 5% sobre orixe ou outros datos do agresor (estado civil, profesión, etc.) e, finalmente, co 2,5% os posíbeis antecedentes deste.

Finalmente, cando son cuestionadas/os de que forma poderíase mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio, as/os xornalistas teñen respostas bastante diversas e distintas aínda que o 25% inician a súa resposta coa idea de que non saben o que facer. De feito, hai casos nos que a resposta é bastante optimista, chegándose a dicir que se cre que, polo menos na teoría, estase “xenial”, e que se trata ben e seriamente os casos de violencia de xénero, ademais de xulgar que, actualmente, especialmente debido a que se publican con frecuencia estes casos, xa non hai tanto morbo por parte tanto dos/das profesionais da comunicación como dos/das lectores/as. Resposta que se contradí coa do 12% dos/as profesionais que, no mesmo sentido, cren que fai falta, antes de todo, evitar tratar os feitos con morbo.

Noutro sentido, cuestiónase os obxectivos de se publicar este tipo de noticias. Por unha banda, os/as profesionais levantan a problemática –na quen on cren– do “efecto chamada”, que presupón que a publicación destes feitos provoca un maior número deles. Por outra, estase de acordo con que se debe publicar estas noticias para que actúen como un dispositivo inhibitor da violencia de xénero, debéndose especialmente dar seguimento – algo que, conforme algún/ha profesional, non se soe facer – sobre todo cando se chega a condenar o agresor.

Noutro sentido complementar, cuestiónase a rigorosidade do que se publica e a falta de confirmación de certas fontes, datos ou acontecementos. De feito, esta cuestión é algo que preocupa os/as xornalistas: o 12,5% cre que hai problemas coa fiabilidade das fontes dispoñíbeis, mentres que o 6,25% cre que fai falta ter máis datos,

especialmente sobre o agresor, como antecedentes, por exemplo. Ademais, o 25% cre que protexer a identidade das vítimas sería unha maneira de mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio.

Non obstante, e para finalizar, hai unha concienciación de que a problemática merece máis atención – xuntamente con outras áreas que consideran máis especializadas –, chegando ao punto de que o 37,5% reclaman que haxa máis formación, tanto para directivos/as como para profesionais da comunicación, levada a cabo por expertas/os na temática, para que poidan perfeccionar a forma de tratar estes casos, afirmando, ademais, que dispositivos, como a Declaración de Compostela, ou os libros de estilo, só teñen validez cando a xente está concienciada e adestrada en referencia ao problema. Para iso, afirman, é necesaria, antes de todo, unha posta en común da parte de profesionais da comunicación, policía, xulgados, institucións, estudosos, partes implicadas para sacar a luz as dificultades e, en coordinación e axuste coas necesidades, criterios e particularidades que cada unha das partes poida levantar.

